GRIAL

146

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXXVIII / 2000

VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA
Documento para a biografía de Rosalía de Castro: testamento de José Martínez Viojo, presbítero

DARÍO VILLANUEVA
A carta socrática de Ramón Piñeiro

MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
A soidade de Ramón Piñeiro

MANUEL F. VIEITES
¿Teatro de arte, teatro de vangarda ou teatro popular? Algunhas reflexións en torno ó ideario teatral de Castelao

MICHAEL KEATING
Reconsideración da rexión. Cultura, institucións e desenvolvemento económico en Cataluña e Galicia

MARTA G. CABRERA / MARTA NÚÑEZ-CORBALÁN / XULIO RÍOS
O internacional na prensa galega

FERNANDO PÉREZ-BARREIRO NOLLA
Irlanda e as novas formas da vida internacional

JORGE SACIDO ROMERO
Ideoloxía e literatura en Terry Eagleton

SANTIAGO FERNÁNDEZ ROCHA
O significado da casa para a sociedade rural galega

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

146

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXXVIII / 2000

Director:
CARLOS CASARES

Subdirector:
XAVIER CASTRO

Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO

Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, CARLOS X. FERNÁNDEZ,
GUSTAVO ADOLFO GARRIDO, MODESTO LÓPEZ BOUZAS,
HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN

Deseño:
M. JANEIRO

Ilustracións:
Estelas dos cemiterios de Moaña e Bouzas da *Etnografía* de Vicente Risco

EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, subscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
E-mail: galaxia@editorialgalaxia.es

Páxina web: http://www.editorialgalaxia.es/grial/index.htm

Imprime: OBRADOIRO GRÁFICO, S. L., Avda. Rebullón, 49 - MOS

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963.

Esta revista é membro de ARCE (Asociación de Revistas Culturales de España).

169 VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA: Documento para a biografía de Rosalía de Castro: testamento de José Martínez Viojo, presbítero

179 DARÍO VILLANUEVA: A carta socrática de Ramón Piñeiro

183 MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ: A soidade de Ramón Piñeiro

189 MANUEL F. VIEITES: ¿Teatro de arte, teatro de vangarda ou teatro popular? Algunhas reflexións en torno ó ideario teatral de Castelao

231 MICHAEL KEATING: Reconsideración da rexión. Cultura, institucións e desenvolvemento económico en Cataluña e Galicia

261 MARTA G. CABRERA / MARTA NÚÑEZ-CORBALÁN / XULIO RÍOS: O internacional na prensa galega

291 FERNANDO PÉREZ-BARREIRO NOLLA: Irlanda e as novas formas da vida internacional

305 JORGE SACIDO ROMERO: Ideoloxía e literatura en Terry Eagleton

317 SANTIAGO FERNÁNDEZ ROCHA: O significado da casa para a sociedade rural galega

329 DOCUMENTOS

XAVIER QUEIPO: Dous textos sobre canibalismo

335 LIBROS

XAVIER CAMPOS VILLAR: Pensa nao

MARÍA FRANCISCA LLANTADA DÍAZ: Unha comedia de Oscar Wilde

SABELA LABRAÑA BARRERO: Alonso Montero, mestre subversivo, ou por qué calou o Suso

IGNACIO M. PALACIOS MARTÍNEZ: Diccionario elemental inglés--galego/galego-inglés

XOSÉ L. JANEIRO ESPIÑEIRA: A fe notarial nunha linguaxe xurídica propia

X. G. G.: Diccionario Pla de Literatura

XOSÉ LÓPEZ: O novo papel dos medios públicos na sociedade do coñecemento e a comunicación

357 IMAXE

XOSÉ NOGUEIRA: Arde amor

363 O REGO DA CULTURA

JUAN L. BLANCO VALDÉS: Sobre a nova alquimia. Unha reflexión acerca das novas tecnoloxías da cultura

FLORIAN GLÄSER: Cara a Santiago

371 ÍNDICE DE COLABORADORES

Documento para a biografía de Rosalía de Castro: testamento de José Martínez Viojo, presbítero

Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda

Unha das máis difíciles pescudas que teñen abordado os especialistas na biografía de Rosalía de Castro é a relativa ó pai da escritora, o presbítero José Martínez Viojo (Ortoño, 1798-Iria Flavia, 1871). Un fito nesta investigación foi a publicación, en 1977 e nesta mesma revista, das partidas de defunción e enterramento de José Martínez, atopadas por Ricardo Carballo Calero. Segundo despois soubemos, Fermín Bouza-Brey localizáraas varios anos antes, pero este investigador faleceu sen dalas a coñecer, de maneira que o seu descubridor, para todos os efectos, é Carballo Calero, que as procurou pola súa conta e as fixo públicas[1].

A inscrición de defunción no Rexistro Civil de Padrón e a acta de enterramento da parroquia de Santa María de Iria informan, obvio é dicilo, das datas de nacemento e morte de José Martínez, ata entón ignoradas, e fornecen claves para coñecer a súa carreira eclesiástica e datos para formar a súa xenealoxía. Ademais, o primeiro dos textos proporcionaba unha noticia que se había de converter nun desafío para os rosalianistas. Esta: "Que [José Martínez] otorgó testamento en esta villa, en veinte de Julio de mil ochocientos sesenta y nueve ante el Notario de la misma Dn. José María Batalla de San Miguel" [2].

Fermín Bouza-Brey, excepcional esculcador de arquivos, buscou o testamento no fondo notarial de Padrón, pero sen éxito. Nun informe privado, dado a lume postumamente, escribiu: "Sabemos así bien de la fecha de su testamento; mas hasta el presente han sido inútiles las catas en el Ar-

1. Carballo Calero, R. "Bibliografía rosaliana", en *Grial* 58, 1977, pp. 389-400. Este artigo foi recolleito polo autor na colectánea *Estudos rosalianos*, Galaxia, Vigo, 1979, pp. 29-42, co título de "Problemas biográficos".

2. Rexistro Civil de Padrón, Sección 3ª, t. 2, p. 75 v.

chivo Notarial de Padrón para encontrarlo"[3]. Pola súa parte, Ricardo Carballo Calero animou a outras persoas a buscaren o citado documento. Conta Maria Pilar Garcia Negro: "Por indicación de Carballo, busquei no Colexio de Notários da Coruña o tal testamento, coa idea, suxerida por el próprio, de le-lo e ver de encontrar se por persoa intermediária deixaba calquer ben para a sua filla; non o dei atopado". Ante o resultado negativo, Garcia Negro pregúntase: "¿Erro de data, figura noutro lugar ou tamén está secuestrado, como outros documentos rosalianos?"[4].

É grato, pois, publicar hoxe o testamento de José Martínez Viojo, documento que non está nin estivo nunca secuestrado, senón a disposición dos investigadores no Arquivo Histórico Universitario de Santiago, onde eu o atopei, despois de interrogar exhaustivamente o fondo notarial de Padrón, que alí se conserva. Foi mester consultar os índices anuais dos documentos protocolados polos notarios padroneses durante un período amplo; cando non había índices, pois non sempre os notarios tomaban a precaución de confeccionalos, fíxose preciso rexistrar páxina por páxina protocolos íntegros, infolios descomunais que poñen medo ó investigador máis paciente[5].

Comprobamos así que, en efecto, José Martínez Viojo testou en Padrón perante o notario José María Batalla de San Miguel, mais non o fixo o 20 de xullo de 1869, senón igual día e mes do ano 1859. Velaquí cómo un simple erro de pluma dun funcionario puido demorar tanto tempo este achado.

TESTAMENTO DE JOSÉ MARTÍNEZ VIOJO

Julio 20. Numero trescientos veinte y siete
Testamento de Dn. José Martinez Presvitero

En la villa de Padron á veinte de Julio de mil ochocientos cincuenta y nuebe. Ante mi Escribano y testigos Dn. José Martinez presvitero vecino del lugar y parroquia de Santa Maria de Yria Economo de Beneficio de su Yglesia Catedral hallandose en su cabal juicio dijo: que cree en el misterio de la Santisima trinidad y en los demas qe. enseña la Yglesia Catolica religion que profesa. Encomienda su alma á dios nues-

3. Bouza-Brey, F. "Documentación temática varia", en Castro, Rosalía de, *En las orillas del Sar*, ed. de Mauro Armiño, Plaza & Janés, Barcelona, 1985, p. 300.

4. Garcia Negro, Maria Pilar. "Unha negra sombra 'tanxíbel'?", en *A Nosa Terra*, A nosa cultura 1, 1990, p. 72, n. 17.

5. Quizais sexa pertinente aclarar que no presente caso non procedía a consulta ó Rexistro Xeral de Actos de Última Vontade (Madrid), onde quedan inscritos os actos desta índole, pois este organismo, dependente do Ministerio de Xustiza, foi creado por R. D. de 14 de novembro de 1885 e iniciou o seu funcionamento o 1 de xaneiro de 1886.

tro Señor y le suplica la llebe á gozar de su divina presencia. Quiere que su cadaver se amortaje segun lo requiere su estado sacerdotal y encierre en caja de madera: que asistan a su entierro y honrras el Sr. Cura y once Señores sacerdotes que se le sepulte en el cementerio del parage en que acaeciera su muerte y que al vencimiento del año á contar desde el dia en que acaeciera se haga un acto de animas con aplicacion a la suya por el Señor Cura y siete Señores Sacerdotes. El cumplidor que elijirá hará lo demas que considere oportuno sin que nadie pueda proponerle ninguna reclamacion.

Lega lo de costumbre para los lugares santos y mandas pías forzosas una sola vez.

Es hijo legitimo de Miguel Martinez y Manuela Viojo difuntos natural de la Parroquia de San Juan de Ortoño partido de Negreira y no tiene ningun heredero forzoso.

Prohibe toda interbencion judicial en su herencia combencido como se halla de que por ningun motibo procede, pero si otra fuese distinta inteligencia y se hiciese preciso saber en que consiste aquella otorga poder amplio al cumplidor que nombrará para que siendo de absoluta necesidad por sí practique el Ymbentario de la fincabilidad del constituyente con la posible brevedad y lo presente ante quien deba para la aprovacion y efectos que combengan sin que se requieran ningunas actuaciones periciales respecto tambien las prohibe. Declara que es Socio de la del Clero con cinco acciones, nada adeuda de atrasos conforme a las constituciones que la rigen y a su fallecimiento los herederos del otorgante tienen derecho á percibir por cada una de ellas la cantidad de ciento veinte rrs.

Asegura vajo su responsabilidad que el valor de su herencia no escede de ocho mil reales.

Nombra por cumplidora testamentaria a su sobrina Maria Mariño y Martinez hija de Jose ausente en Montevideo pasa de diez y siete años, y de Teresa, natural de la referida parroquia de San Juan de Ortoño autorizandola sin limitacion de tiempo para que a costa de la herencia del otorgante haga lo que tenga por combeniente a fin de que se egecute su disposicion.

Ynstituye por unica y universal heredera de todos los bienes derechos y acciones que por cualquiera concepto puedan pertenecerle a la referida su sobrina Maria Mariño y Martinez para que a la muerte del otorgante en todo subceda y lo llebe perpetuamente sin que nadie pueda hacerle ninguna reclamacion.

Reboca y deja sin valor ni efecto otra cualquiera disposicion anterior y facultades que para otorgarlas hubiese concedido porque solo quiere valga este testamento. Asi lo dijo y firma siendo testigos Dn. Manuel

Vazquez Barros, Dn. José Maria Vidal y Dn. Manuel Vazquez Castro vecinos de esta Villa; de lo cual conocimiento del Dn. José Martinez, y que mientras dispues y otorgó su testamento se halló en sano juicio y cabal entendimiento asegurandolo tambien asi los testigos y Escribano doy fe= Entre lins= cada una de= V.ª

Josef Martinez [rúbrica]
Manuel Vazquez [rúbrica]
José M. Vidal [rúbrica]
Manuel Vazq.ez Castro [rúbrica]

Ante mi
José Maria Batalla [rúbrica]

Seguidamente y en un pliego de papel sello segundo libré copia al otorgante=

Batalla [rúbrica][6]

COMENTARIO

Os que agardaban un recoñecemento de paternidade ou unha confesión xeral de José Martínez Viojo sufrirían, sen dúbida, unha decepción: o buscadísimo documento non contén revelacións sensacionais, nin, case, revelacións de ningún tipo. É o testamento dun cura de aldea, que amosa toda a sensatez e prudencia que esperamos nunha persoa destas características, un sacerdote de non moita preparación intelectual, máis pobre que rico, que vive cunha sobriña que ten recollida e que lle serve de criada, e que outorga testamento en favor dela no momento en que, cumpridos os 61 anos, comeza a sentirse fraco de saúde.

Analizaremos brevemente o testamento, circunstancias nas que se outorgou e persoas nel mencionadas. Empezaremos por facer unha aclaración sobre o testador, o cal, como acabamos de ver, se identifica só co seu nome e primeiro apelido. José Martínez Viojo nunca usaba o apelido materno; o seu nome de pía escribíao sempre con -f final —Josef—, latinismo gráfico moi en voga no século XVIII, pero francamente anticuado xa naquela altura. A ausencia do segundo apelido non supón ningunha dificultade de identificación, xa que o documento ofrece a filiación do outorgante e demais datos particulares. Así mesmo, a firma

6. Arquivo Histórico Universitario de Santiago (AHUS), Protocolos notariais, Distrito de Padrón, Notaría de José María Batalla de San Miguel, ano 1859, f. 624-625. (A marxe superior, con couza que non afecta).

de José Martínez coincide coa que estampou en escrituras obrantes no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago e coa que figura nos libros sacramentais da parroquia de Santa María de Iria.

En canto á súa forma, o testamento de José Martínez é aberto (ás veces tamén chamado nuncupativo), e na súa variante máis común: ante escribán público e coa presencia de tres testemuñas, veciños do lugar. Isto quere dicir que o testador manifesta a súa vontade en presencia das persoas que deben autorizar o acto, quedando estas informadas do que nel se dispón. Aínda que o testador se exprese coas súas propias palabras e nos termos que considere oportunos, é o notario quen debe redactar o documento.

En canto ó seu contido, o testamento de José Martínez segue o modelo habitual nas persoas do seu tempo e condición socioeconómica. As cláusulas máis importante son: profesión de fe (esta era universal, para eclesiásticos e non); mortalla, forma do enterramento, exequias e cabodano; mandas pías; filiación; nomeamento de albacea; prohibición de inventario xudicial; institución de herdeiro no familiar co que habitualmente conviven e revogación de mandatos anteriores, se os houber. Só unha disposición singulariza o testamento de Martínez, e é que o testador non sinala lugar para a súa tumba, como é costume; ó contrario, "quiere [...] que se le sepulte en el cementerio del parage en que acaeciera su muerte". Esta falta de lazos cun lugar distingue a Martínez da maioría, incluíndo, nesta maioría, ós homes de relixión, e revela un talante particular, unha aceptación do azar, ou no seu caso —hai que supoñer— unha conformidade gozosa coa Providencia.

Pero José Martínez non quixo personalizar de ningún modo o seu testamento; deu carta branca ó notario e este redactou un texto breve, conciso e de gran obxectividade. A comparación deste testamento con outros estendidos por Batalla no mesmo ano, permite afirmar que todas as frases que contén proveñen do formulario do escribán e ningunha delas é expresión propia do testador. O cal resulta moi evidente nas cláusulas confesionais que se recollen ó principio, nas que un sacerdote podería expoñer o seu sentimento relixioso, realizar unha invocación persoal, encomendarse a algún santo como avogado... Non é así. As formulacións aquí recollidas repítense exactamente coas mesmas palabras noutros varios testamentos de segrares dados en 1859[7].

Índomos ó cerne do testamento, vemos que José Martínez Viojo non testa *ad pias causas*, é dicir, non lega bens á Igrexa ou a outro establecemento de caridade, e isto nada ten de estraño, suposto que a súa economía é insignificante. O sacerdote designa herdeira universal e

7. Cito, concretamente, dous: o dunha señora viúva, dado o 5 de febreiro (f. 104-105) e o dun agrónomo, dado o 19 de xullo (f. 621-623).

cumpridora testamentaria á súa sobriña María Mariño Martínez, filla de José Mariño Cabo e de Teresa Martínez Viojo. Diremos algunhas palabras acerca desta.

Nada en 1808, na casa familiar do Castro de Ortoño, Teresa Martínez Viojo foi a menor dos irmáns. Tamén foi a máis desfavorecida economicamente, ata o punto de obter habilitación de pobre nos tribunais de xustiza. A causa da súa pobreza coñécea xa o lector: Teresa Martínez Viojo era unha "viúva de vivo". Contra 1842, o seu marido emigrara a América —a Montevideo, destino doutros homes da familia Martínez Viojo— e nunca máis dera razón de vida. Nun documento público subscrito en 1865, Teresa, que se declara labradora e veciña do lugar de Maguxe (parroquia de Ortoño), expón o seguinte: "Que se halla casada con José Mariño y Cabo, el que se ausentó para Montevideo pasa de veinte y tres años, sin que durante período haya tenido noticia de él, ni se sepa de su fijo paradero, y de si es vivo o muerto, por cuyo motivo acudió la compareciente [...] en solicitud de que se le habilitase para parecer en juicio...". O documento acrecenta que Teresa Martínez Viojo non sabe ler nin escribir, nin aínda debuxar a súa firma: "No firma que asienta no saber"[8].

A filla de Teresa, María Mariño, tiña a mesma idade de Rosalía, pois nacera o 18 de abril de 1837, en San Xoán de Ortoño. Cremos pasou a vivir co seu tío en 1853, o cal non parece mala razón, atendido que este se coñece en Galicia como o Ano da Fame. José Martínez deixa Padrón, onde vivía, en cas do comerciante Felipe Eiriz, e instálase coa súa sobriña nunha das casas do suprimido Cabido de Iria. A nova residencia, fronte á igrexa de Santa María de Adina, evítalle o camiño entre Padrón e Iria, onde se celebraba o coro diario, mañá e tarde. Este que hoxe parece agradable paseo, poñía espanto, daquela, nos capeláns. Laiábanse estes amargamente porque o vento, a chuvia ou as inundacións, alí tan frecuentes, facíanlles moi penoso o percorrido ou impedíanllelo en absoluto. Por iso, o arcebispo Francisco Alejandro Bocanegra, compadecido, deixara un legado para a construcción das casas do Cabido iriense. Como se sabe, na actualidade radica nelas a sede da Fundación Camilo José Cela.

Volvéndomos ó testamento, apreciamos nel certa natureza contractual: diríase unha sorte de convenio entre José Martínez e María Mariño, mediante o cal o sacerdote ofrece esa futura compensación a cambio de coidados na súa vellez. Sentíase o sacerdote decaído, segundo queda de manifesto nunha carta datada o 21 de xullo de 1859 —un día despois de facer testamento— na que un colega de José Martínez informa ós seus superiores do seguinte: "Dn. José Martínez está cansado, y no es de es-

8. AHUS, Protocolos notariais, Distrito de Negreira, Notaría de José Ramón Araujo.

trañar después de tanto tiempo de tan variados trabajos. No ostante, asiste siempre a todo, escepto que no puede cargarse con misas de hora en el Padrón porque su estado de edad y salud no le permiten estar hasta las once o doce sin desayunarse"[9].

Recuperou José Martínez ánimo e saúde, e polo San Xoán volveu a Ortoño coa súa sobriña —que era costume dos capeláns acudiren á festa do patrón de cadansúa aldea—, e aínda houbo ano que prolongaron a viaxe ata enlazar coa festa de San Pedro de Bugallido. Como acordaran, María Mariño viviu co seu tío ata a morte deste, o 13 de decembro de 1871. O derradeiro padrón veciñal no que ambos figuran, do mesmo ano 71, confirma que María Mariño permanece solteira e traballa na casa como criada; engade ademais o dato de que sabe ler e escribir. A última noticia que temos dela pertence a 1880: neste ano vive en Santiago de Compostela, casada e cun fillo de tres anos[10].

Referirémonos agora brevemente ó escribán autorizante. José María Batalla de San Miguel (San Xulián de Requeixo, 1804-Padrón, 1878) é notario de reinos e escribán de número, o máis afamado do distrito de Padrón. A súa actividade escrituraria abrangue desde 1831 a xaneiro de 1878, período durante o cal ten como clientes a padroneses de todas as clases sociais: os Castro, os Hermida, os Baltar, os Dieste, os Eiriz, os Artime, os Agrasar... e cantos apelidos comarcanos queiramos engadir neses puntos suspensivos. José Martínez coñecíao desde sempre como fregués —en 1839 bautizara unha filla súa, Engracia Batalla[11]—, polo que resulta perfectamente natural acudise a el para dictar as súas últimas vontades.

Será interesante acrecentar, por outra parte, que as relacións de José María Batalla con Rosalía de Castro eran máis estreitas que as de simples veciños. Batalla emparentara, polo seu matrimonio, cos Hermida, os familiares de Rosalía que posuían o pazo de Lestrove. Como sabemos, a escritora pasou temporadas neste lugar, do cal nos deixou unha fermosa descrición no artigo "Padrón y las inundaciones" (1881). Pois ben, a relación establécese así: unha tía de Rosalía, María Josefa de Castro Abadía, casa co dono do pazo, Gregorio Antonio Hermida Jove de la Vega, e unha irmá deste, Juana Isabel Hermida Jove de la Vega, casa co notario José María Batalla de San Miguel. Juana Hermida e José María Batalla son, pois, tíos de Ramón, Joaquín e José Hermida Castro, curmáns de Rosalía; deste, de José Hermida Castro, son, ademais, padriños de bautismo (repárese en que o afillado recibe na pía o nome do seu tío notario: José

9. Arquivo Histórico Diocesano de Santiago (AHDS), Fondo xeral, Colexiatas.

10. Padrón, Arquivo Histórico Municipal, Padrón veciñal, 1871, p. 108. AHUS, Padrón veciñal de Santiago, 1880.

11. Padrón, Arquivo da igrexa do Apóstolo Santiago, auxiliar á parroquial de Santa María de Iria, Libro 11 de Bautizados (1837-1848), f. 25 v.

María Jesús Antonio[12]). Moitos anos despois, José Hermida Castro, herdeiro de Lestrove, venderá o pazo a José Vázquez Batalla, neto de Juana Hermida e José María Batalla de San Miguel.

Rosalía trataba, por tanto, a José María Batalla, e así foi que, na primavera de 1866, o notario comproulle á escritora parte dunha finca denominada Balada, no lugar de Luáns, termos da parroquia de Iria Flavia, que Rosalía herdara da súa nai, segundo escritura pública atopada por nós e que publicaremos proximamente.

Polo que atinxe ás testemuñas que autorizan o testamento, pertencen a unha coñecida familia de Padrón, e por certo que os dous primeiros residen a unha distancia dunhas dez ou doce casas do domicilio que tivera José Martínez. Son José María Vidal, a quen identificamos con José María Vidal Cepeda, profesor de instrucción primaria; Manuel Vázquez Barros, cuñado do anterior, e Manuel Vázquez Castro.

Chamamos a atención sobre este último. Trátase, cremos, do escritor máis coñecido polo pseudónimo de Manuel Barros (Padrón, 1844-Sevilla, 1885). O nome deste padronés, emigrado a América, está vinculado ó de Rosalía, pois dáse a circunstancia de que Barros era o propietario de *La Nación Española*, periódico de Bos Aires que publicou a primeira versión dalgúns poemas que logo formarían *En las orillas del Sar* (1884). Amigo e admirador de Rosalía e de Murguía, este correspondíalle con tanto fervor que proxectaba dedicarlle un capítulo en *Los precursores* (1885), o máis persoal dos seus libros de madurez[13].

Pero en 1859 Manuel Barros tiña quince anos, e, aínda que a lei permitía testemuñar ós maiores de catorce, estraña, en principio, que o sacerdote confiase nun rapaz para un acto desta natureza. A nosa estrañeza disipouse cando lemos, na obra de Alberto Vilanova Rodríguez *Los gallegos en la Argentina* (1966), as seguintes palabras: "Manuel Barros hizo una buena enseñanza primaria en la escuela del también destacado padronés José María Vidal Cepeda. Seguidamente cursó algunos estudios en el Instituto de Santiago de Compostela y se empleó en la oficina del conocido escribano D. José María Batalla San Miguel" (p. 811). En efecto, no protocolo dos instrumentos autorizados por Batalla en 1859 comprobamos que Manuel Barros firma como testemuña en infinidade

12. Copia da partida de bautismo inserida no seu expediente persoal de estudiante, AHUS, Expedientes persoais, leg. 611.

13. A noticia procede do propio Murguía, en carta a Manuel Castro López (Santiago, 17-VIII-1892): "Faltó Barros, y fue una gran pérdida. [...] Yo no he podido escribir nada acerca de él. Le tenía preparado un lugar en mis *Precursores*, pero la muerte de mi pobre esposa puso fin a mis trabajos por aquel entonces, y mi libro salió sin las páginas que le tenía reservado. Quiera Dios que pueda algún día cumplir con él esta deuda de gratitud, y para con mi país esta deuda de reparación". Publica este fragmento da carta Alberto Vilanova Rodríguez, en *Los gallegos en la Argentina*, Ediciones Galicia, Buenos Aires, 1966, t. 2, p. 819-20.

deles, do cal se deduce que o notario requiría ó escribente para esa función, como puidera a calquera outro que á man estivese; de feito, os fillos de Batalla son chamados a prestar testemuño nalgunhas ocasións. Posteriormente, a Lei do Notariado do 28 de maio de 1862 veu inhabilitar como testemuñas ós parentes do notario autorizante, dentro do cuarto grao civil, e mais ós dependentes, amanuenses e criados daquel.

CONCLUSIÓN

No seu testamento, José Martínez declara non ter herdeiros forzosos e designa herdeira universal á súa sobriña María Mariño Martínez. Nin a letra do sentido literal nin as reviravoltas das apreciacións persoais nos autorizan a entender que a instituída herdeira sexa encargada de ningunha mediación entre a escritora e o seu pai.

¿Acaso era posible outra cousa? Creo que non, pois, salvo mellor opinión dos especialistas en Dereito Canónico, José Martínez non podía recoñecer a súa filla, nin deixarlle ningún tipo de bens. ¿Obtería Rosalía algún beneficio de ser mencionada neste documento? Rotundamente non. A economía de José Martínez é insignificante, pero se non fose así, ¿podería aceptar Rosalía —e o seu marido Manuel Murguía— diñeiro ou terras deste proxenitor? En canto a valores doutra índole, creo que o presbítero nada podía ofrecer á súa filla senón problemas. Así é a historia e así a aceptou José Martínez; e, ó parecer, pois os documentos falan coa súa propia voz, aceptouna con bastante bo humor.

Se algo se desprende da documentación sobre José Martínez é que este non veu ó mundo para subverter a orde social establecida, nin para reformar os costumes da Igrexa católica, senón para pasar boamente a vida no seu recuncho aldeán, cantando preces a Deus no coro de Iria e gozando modestamente das bendicións da natureza. Foi Martínez un home humilde, de ningunha ambición intelectual, cumpridor das súas obrigas cotiás, de carácter alegre e nada amigo de atender rumores e murmuracións, aínda que o acusasen de ter ou de consentir amoríos.

Coñecidas por moitos padroneses, as relacións de José Martínez con Teresa de Castro Abadía non deron lugar, que saibamos, a medidas disciplinarias por parte da xerarquía eclesiástica. Hai varias razóns que explican este proceder, a máis importante das cales é, na nosa opinión, o segredo con que os protagonistas protexeron o nacemento da súa filla. Parte moi importante tivo nisto a posición social de Teresa de Castro, membro dunha antiga familia da fidalguía rural —practicamente intocable naquel ámbito—, da que se esperaba e obtivo a máxima discreción e reserva. Contou esta coa axuda incondicional dos seus irmáns e coa

cooperación eficacísima dunha institución tan poderosa como o Grande e Real Hospital de Santiago[14].

Por outra parte, o clero atravesaba unha situación moi difícil en España, e Iria non escapaba á crise xeral. Considerada como unha parroquia moi traballosa e de pouco proveito económico, Santa María de Iria era un destino que non cobizaba ningún sacerdote de valía. Pero había máis. O Cabido iriense arrastraba problemas de moito tempo atrás, e sobre o Pazo Arcebispal de Santiago chovían as queixas pola desunión dos capitulares, os conflictos de autoridade entre eles e as discordias dos prebendados. Ítem máis. Nos informes sobre a conducta do clero do arcebispado de Santiago hai datos relativos a Iria sobre cóengos alcohólicos, incontinentes e amancebados —algún, con varios fillos— e incluso hai un infamado en toda a comarca por malversación de diñeiro da Colexiata e imputación dun homicidio. Tendo como fondo este cadro digno de Rabelais, José Martínez Viojo era, para os seus superiores, practicamente invisible. Miraron, pois, para outro lado.

Deixaremos para máis adiante a xustificación demorada desta e outras afirmacións que aquí facemos de maneira sucinta, pero rigorosamente apoiadas na documentación que coñecemos e obra no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Hoxe unicamente cumpría publicar —e explicar, na medida das nosas posibilidades— o testamento de José Martínez Viojo. *Quod erat faciendum.*

V.A.R. de O.



14. Remito ó meu estudio "Sobre as orixes de Rosalía de Castro: a Inclusa de Santiago de Compostela e o caso de Josefa Laureana de Castro", en *A Trabe de Ouro* 39, 1999, pp. 325-51.

A carta socrática de Ramón Piñeiro

Darío Villanueva

Unha das alegrías que a lectura do número 111 de *Grial* dedicado á lembranza de Ramón Piñeiro me deparou foi a de que o "seu inmenso epistolario, acumulado día a día durante moitos anos" ía ser publicado pola editorial Galaxia. Entretanto, abondoume coas nove cartas que a revista entón reproducía, co interese engadido de que o propio Piñeiro tiña seleccionado algunha delas "como material para as súas memorias". Aínda máis, as seguintes páxinas baséanse fundamentalmente en só unha desas cartas, na que atopo elementos significativos para os meus obxectivos que as demais, por certo, non desautorizan.

O obxecto de investigación da Lingüística é hoxe en día a conducta verbal dos humanos e non soamente a estructura e funcionamento interno das linguas. Outro tanto cómpre dicir da Teoría da Literatura, pois cada vez seméllame máis certo que a obra de arte literaria non é máis que a estilización e sublimación de certas formas de comportamentos lingüísticos comúns.

Neste sentido, atreveríame a propoñer que o acto de fala, no sentido máis estricto do término, dotado da meirande nobreza é o diálogo, pois na conversa directa fica a chave dese milagre da intercomunicación, da comprensión mutua e do entendemento sen os que non é posible a civilización nin tan sequera a vida social.

Polo mesmo, o acto de escrita máis digno sería a carta, sorte de conversa indirecta tal e como foi considerada desde Erasmo de Rotterdam —"Est enim... epistola absentium amicorum quasi mutuus sermo"— a John Donne: "More than kisses, letters mingle souls. For, thus friend absent speak".

Repárese no doado que é dar o salto desde estes dous actos primarios de fala e de escrita ó eido eminente da Literatura. No diálogo está o cerne non só do teatro e dun aspecto básico da narración, senón tamén desa forma de ensaio dialéctico que desde Platón non deixou nunca de ser cultivado. E esa conversa por escrito que é a carta atopa xa nas *Epistulae ad familiares* de Cicerón unha primeira consagración que non esmorecerá en diante, pois nas literaturas modernas a carta termará de xéneros tan importantes como o ensaio ou, xa que logo, a novela epistolar. Mais non é ó meu propósito salientar o valor literario das cartas de Piñeiro, que fica ben claro por exemplo no comezo da que escribira a José Luís Allué Andrade en decembro de 1953: "Recibín a túa carta do día 7, portadora, para min, dunha delicadísima sorpresa: os 'dous poemas' adicados. Mesmo foi o abrir a túa carta coma se desfollara unha rosa da que sairon voando dúas bolboretas, unha azul e melancólica a voar e voar cara o alto, cara o azul do ceo, á percura da infinitude, e outra branca, leda e lizgaira a revoar e revoar ritmicamente, sempre avivecida por unha crecente borracheira de luz".

Unha característica inherente á carta é a da súa versatilidade. O seu marco permite o tratamento de todos os temas, a presencia de todos os rexistros, o cumprimento de moitas e variadas funcións. Tzvetan Todorov reduce estas últimas a dúas: a carta como relación dun feito ou descrición dunha realidade ou a carta como testemuño íntimo do seu autor. E non vai desencamiñada a súa clasificación, pois a maioría das cartas ou ben son noticieiras o ben íntimas.

Semellante enfoque salienta dúas funcións da linguaxe, a referencial e a función expresiva do *eu*, respectivamente. Mais esquece a que coido amosa mellor a identidade das cartas de Piñeiro, alomenos as que temos polo momento ó noso dispor no número 111 de *Grial*. Porque don Ramón fai un uso predominante da carta na súa funcionalidade impresiva, perlocutiva dirían os lingüistas pragmáticos, que tan ben se compadece coa súa natureza de conversa a distancia da que temos falado xa.

Sen dúbida hai que vencellar este feito coa concepción do ser humano que Piñeiro tiña, e que xustamente fica exposta, alomenos en parte, nas súas cartas a Juan Rof Carballo. Na do 20 de maio de 1961, diante da publicación do libro do doutor *Urdimbre afectiva y enfermedad*, Piñeiro engade a importancia do factor xenético, ambiental, cultural na constitución da identidade, mais non rexeita a tese de Rof do humano como "ser *dialóxico*".

Mais aló das súas reservas parciais, coido que o epistolario de Piñeiro responde a esta afirmación que el mesmo fai na citada carta a Rof: "É certa a natureza dialóxica do home e é certa a participación do próximo na súa constitución". Probablemente existen outro tipo de cartas

no arquivo de don Ramón, quizais cartas íntimas ou relatorias, mais nas que temos á vista non predominan estas dúas posibilidades. Nótese, por exemplo, cómo Rodolfo Prada lle agradece en 1976 o envío duns "retallos de xornais" cos que Piñeiro liberara a súa carta da minuciosidade noticieira. As súas cartas son esencialmente socráticas.

O diálogo socrático representa un dos cumios da nosa civilización. O mestre de Platón dignificou o interese dos sofistas polo poder de convicción da palabra engadíndolle aquilo do que estes carecían: a ética intelectual. O seu miolo fica na virtude, na *areté* que nace do coñecemento, do saber. Sabio é quen afronta o rigor da existencia coa serena aceptación estoica do seu destino, e quen tenta levar ó convencemento da verdade ós seus semellantes non pola imposición, a autoridade ou a violencia, senón pola maiéutica do diálogo: trátase de que o interlocutor chegue por el mesmo ó descubrimento da verdade na que o mestre cre e que desexa compartir. Da vixencia de todo isto na personalidade de Piñeiro dá proba o seguinte parágrafo do limiar ás súas encetadas memorias titulado "Da miña acordanza": "O tempo, o tempo vivido, vai collendo figura de seu. Externamente, a través das marcas que deixa na nosa fisonomía; internamente, a través da serenidade, do senso dos límites e da dimensión comprensiva que lle vai dando ao noso pensamento. E sen dúbida que os meus xóvenes amigos percibiron, no decorrer dos nosos diálogos, esa marca interior, invisible pero presente, que o tempo vivido vai deixando no noso espírito. Por eso xurdiu neles a idea de que podía escribir as memorias. Por eso me animaron a escribilas".

A carta, esa sorte de diálogo escrito, adiado e distanciado, convértese na pluma de Piñeiro nun eficaz aparello socrático, aínda máis agarimoso coa conciencia e liberdade do interlocutor ó que se quere convencer do que sería o diálogo directo, *vis à vis*. A carta permite dialogar sen a presión pragmática do contacto entre os falantes. Quizais favorece a sinceridade, a valentía na expresión, sen as cautelas que adoito constrixen o diálogo. Ben o di Piñeiro ó final da súa misiva a Rof Carballo de marzo do 1954: "Perdoa a extensión e mais a libertade expresiva". A escrita esixe reflexividade; pódense peneirar mellor as palabras, e substituílas se é necesario no proceso que vai do borrador ó texto definitivamente remesado. A carta chega, xa que logo, e non é forzoso contestala axiña. O destinatario pode meditar a súa resposta, modificar se é o caso a súa primeira reacción. E mentres tanto, o emisor agarda pensando no outro, na súa lectura do que se lle enviara, e incluso adiantando o que poida ser a contestación.

O socratismo epistolar de Piñeiro pódese xustificar abondo con aspectos varios destas poucas cartas que *Grial* publicara, e supoño que o conxunto do seu epistolario o ratificará. Do tránsito desexable do diálogo epistolar ó diálogo directo fala Rof Carballo: "Lo ideal sería discutir jun-

tos, amigablemente, por los soportales de la Rúa o por la Herradura, largo y tendido". E de que o socratismo de don Ramón era percibido polos seus correspondentes infórmanos o comezo da carta de Rodolfo Prada asinada en Bos Aires o 12 de febreiro de 1976: "Epístola tan razoada, é moi propia de quen, como vostede, adoita manexar, con rigurosidade, os argumentos nos eidos da filosofía". E cando nesta mesma relación epistolar a discrepancia política é patente, Piñeiro defende a súa posición deste xeito verdadeiramente maiéutico: "En todo caso, a min abóndame con llo explicar coa maior claridade que poida. O demáis é cousa súa". É dicir, a comprensión e o convencemento é cousa do *outro.*

Mais se tivese que concretar nun só exemplo a miña modesta teoría da carta en Ramón Piñeiro, eu escollería sen dubidalo a que escribira a Celestino Fernández de la Vega o 27 de abril de 1960.

Alí don Ramón trata de que o seu amigo remonte o estado depresivo no que vive, por mor da anguria que a mediocridade do ambiente lle produce. E para iso vai levando ó deprimido, como en conversa, dun razoamento a outro para producir nel a reacción positiva da verdade. Comeza cunha afirmación do meirande interese para nós: "Ti sabes moi ben que a necedade ambiental andivo sempre inseparablemente unida á vida cultural máis pura e valiosa. ¡Ou, se Sócrates, ou Cervantes, ou Kant nos contaran as súas íntimas experiencias co ambiente! Mais eu coido que unha das máis radicáis esixencias éticas da cultura é mesmamente a loita eficaz contra a necedade ambiental". Axiña, Piñeiro chega a formular nidiamente a súa mensaxe: "O solipsismo espiritual é un grave pecado contra a cultura", non é de recibo illarse e non loitar creativamente contra as facticidades limitadoras dos demais. O carácter socrático da súa misiva brilla xa no momento da despedida epistolar: "Confío en que non tomarás a mal a claridade con que che falo, que está dictada, e tí ben o sabes, pola sinceiridade amistosa. Todo o que che digo sae do máis íntimo da miña conciencia. Creo honradamente que responde á verdade".

Piñeiro chamaba a Celestino Fernández de la Vega "querido Cilistro", con un deses hipocorísticos cultos de que tanto facían uso os ilustrados do século XVIII. Don Ramón tiña moito, ó meu ver, daquel modelo que de ser maioritario entre nós houbera cambiado o curso da nosa historia. Eu véxoo, se se me permite a frase, como figura, entre nós, dese Socratismo ilustrado.

D. V.

A soidade de Ramón Piñeiro

Manuel Rodríguez Álvarez

Este artigo reproduce basicamente a presentación, feita na facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, do número 111 da revista *Grial*. Algunhas das referencias ó momento e á situación concreta mantéñense, outras actualízanse e ademais engádeselle algún matiz que entón non fora incluído.

Sabendo, como sabía daquela, que eran outros os aspectos mais polémicos e de maior interese periodístico ou político da súa obra, referinme, a pesar de que a miña intervención podía ser tildada por algúns de anxelismo, a un documento no que don Ramón falaba soamente de si mesmo, un breve comezo dunhas memorias nunca concluídas que deron título ó número da revista: "Da miña acordanza". Foi el mesmo, a súa singular personalidade, quen sempre tiña espertado en min o meirande interese. Por iso aquela breve intervención, que estou a recordar neste artigo, xirou tamén en torno á súa figura humana.

Teño dito noutras ocasións que a miña amizade coñ Piñeiro, sendo ben intensa e ben sincera, non foi nin demasiado dilatada no tempo nin demasiado frecuente. Ó non coñecelo sendo eu mozo, como lle ocorreu á maior parte da xente da miña xeración que viviu no seu entorno, non acadou en min esa relación a emoción, ou o carácter épico, que para outros tivo. Pero por iso tamén, para ben e para mal, foi quizais máis obxectiva. Desde esa obxectividade non rifada co recoñecemento, e a admiración que sempre lle profesei, intentei salientar da súa figura certo trazo singular que está nidiamente incluído no perfil psicolóxico e intelectual de Piñeiro.

Na presentación da revista dicía que cando tralos acordos das conversas con el mantidas e tralas lecturas feitas na súa precisa prosa, ten-

taba aproximarme ó cerne da personalidade de don Ramón sempre tropezaba, sempre me atopaba cun trazo, que dun xeito especial aparece e o mesmo tempo se oculta na súa conducta; algo presente e ben definitorio da súa vida e do seu pensamento e non obstante case nunca exhibido de maneira notoria. Ese trazo non é outro que o da *súa radical soidade.*

A algúns pareceralle case unha inoportuna *boutade*, referirse a Ramón Piñeiro, mestre de tantos e amigo sempre dialogante ofrecendo ou recibindo compañía, como a un solitario radical. Pero é ese o recordo que, co paso do tempo, máis se decanta e máis se agranda, e tamén máis intimamente explicativo resulta ser da súa personalidade. Foi sen dúbida un gran solitario. Un falador de enormes silencios, de palabras nunca superfluas, que eran como o agromar da súa gran soidade.

Hai nas páxinas do número da revista mencionada uns recordos reinterpretados, reelaborados como todos os recordos, da súa nenez, desa patria última e íntima de cada home, que me chamaron grandemente a atención. Fala don Ramón do seu primeiro recordo e di: "A primeira raiola que alumou a miña memoria quedou fixada na seguinte escena: nun recanto da cociña miña nai fixo un recinto pechado de forma triangular con dous asentos longos apoiados por un extremo na parede e por outro unidos en ángulo, e dentro dese recinto meteume a min. Non lembro a operación de colocar os bancos nin de me encerrar. O que lembro con viveza é do feito de estar dentro do recinto triangular e de recorrelo moitas veces o longo dos dous bancos apoiando as mans neles; e teño a lembranza de que ese recorrido, que fixen moitas veces, faríao bastante a presa".

É, xa que logo, o seu primeiro recordo un recordo de soidade, de encerro activo. Quizais poida parecer unha anécdota intranscendente que estou sacando de contexto, para convertela nun forzado apoio da miña opinión; pero é que pouco máis adiante el mesmo volve a insistir: "A nosa casa estaba relativamente isolada do lugar [...] con todo para un neno o isolamento resultaba maior porque non tiña ocasión de convivir con outros nenos a non ser os da casa. Eso fai que nos primeiros anos os meus xogos foran solitarios". E segue "A miña natural timidez, co conseguinte retraemento da xente non familiar, facía que me sentira cómodo nese illamento. Pasaba horas xogando eu só". E tamén: "Tiña facilidade e propensión mesmamente, para me ensimesmar e fantasiar xogos. Tamén para vivir animadas conversas interiores, de xeito que a escasa comunicación con outros nenos estaba sempre compensada por unha especie de comunicación interior comigo mesmo".

Neste breve artigo non vou continuar facendo referencia a esa experiencia infantil de soidade tan amplamente manifestada nas memorias que Piñeiro escribiu case sesenta anos despois de teren ocorrido os fei-

tos. Foi un neno solitario ou máis ben un home maior que se recorda neno solitario.

A súa vida de adulto estará chea tamén de experiencias semellantes, e os que o coñeceron de cerca saben ben do seu retraemento e da súa intensa intimidade, malia a permanente presencia pública e malia o seu papel social cada vez máis relevante.

Pero si quixesemos cambiar de plano, e rastrexar na súa obra teórica ese trazo presente ó longo da súa vida, sería fácil decatarnos de que o cerne do seu pensamento, o baseamento primeiro da súa interpretación da existencia non é outro que o da saudade, ou sexa un sentimento de soidade de "singularidade ontolóxica", como el o define, na que o home se descobre a si mesmo. Descubrirse a si mesmo é descubrirse só, pero non con relación a alguén ou por referencia a algo perdido, non accidentalmente só, senón na soidade como identidade última, como experiencia primixenia e fontanal. Nós somos existencialmente soidade non outra cousa. Sentida ou esquecida, aberta ou pechada, fecunda ou estéril, angustiada ou esperanzada, pero soidade.

Esa rica e fonda experiencia, vivida desde a orixe mesma da conciencia, constitúe a descuberta sen a que non é posible saberse home. Para Ramón Piñeiro iso foi unha precoz experiencia, un privilexio vital que houbo de soportar desde moi cedo.

Soportar a vivencia radical da soidade é, penso eu, a experiencia crucial nesta estraña aventura da existencia. Poucos son os que ousan enfrontarse con ela. Nalgún tempo chamóuselle autenticidade a ese xeito de lucidez extrema de atoparse co cerne da existencia. Pero se poucos son os que a atopan, menos son os que a chegan a habitar, os que fan dela a súa morada habitual. Eses son os escollidos. Aínda que é ben certo que esa situación non comporta privilexios, nin derrama bendicións, máis ben sitúa a quen a asume na estricta desnudez da condición humana.

Psicoloxicamente Piñeiro é un solitario, e a súa lucidez intelectual comprende e asume a dimensión ontolóxica desa experiencia. Con categorías que el utiliza a cotío, a soiade *psicobiolóxica* devén Saudade no *espírito*. Este proceso de transformación de soidade en Saudade nada introduce que non estivese xa de antemán. Simplemente ilumina aquela experiencia e a transcende. Unha *emoción* devén *sentimento* e *por tanto* sabedoría "xa que a raíz ontolóxica do coñecer transcendente está no sentimento".

Do sentimento de soidade existencial nace sempre o asombro contradictorio. Coa súa luz todo se nos aparece gratuíto e estraño. A Saudade é a posibilidade pura de plenitude ou de aniquilación, por iso se constitúe como horizonte ontolóxico do mundo, e nela aparecen as outras soida-

des, os outros existentes, e nesa presencia pura dos outros existentes resulta ser onde o diálogo brota. O diálogo é como a ponte tendida entre soidades. É a certeza compartida da transcendencia. A expresión, e á vez a construcción, da individualidade. Por iso o solitario é quen de veras dialoga; unha comunicación auténtica soamente ten sentido desde ese núcleo illado e omnipresente. Dúas existencias se descobren coa emoción creadora do encontro só cando as dúas se saben radicalmente solitarias.

Todo o diálogo de Piñeiro foi sempre iso: encontro de espidas existencias. Comunicación auténtica. Construcción do cerne da personalidade. É por isto que non hai contradicción senón máis ben harmónica complementariedade entre a súa omnipresente soidade e o seu continuo e fecundo encontro.

É certo que ese sentimento de soidade radical pode resultar a fonte de grandes individualismos que deriven en illamento, en posicións arredadas do compromiso ou da loita social ou colectiva no eido político, cousa que a don Ramón non lle ocorreu. Pero probablemente ese acentuado individualismo levouno a ficar lonxe de posicións colectivistas ou de ideas comunitaristas. Pode ser a base do seu "liberalismo" —se se nos acepta esta expresión—, que foi o trasfondo do seu devir político, e que lle fixo, ademais doutras razóns de índole conxuntural, ficar moi lonxe dunha das ideoloxías máis influentes do presente século: estoume a referir ó marxismo e ás posicións máis ou menos afíns. A súa sensibilidade social, que a tiña ben acusada, non pasaba polo proxecto inequivocamente colectivista de Marx. A súa sobriedade ou a súa austeridade case monacal é a dun moralista persuasor de minorías e non a dun líder de masas. Nunca foi home de masas senón de elites ou de minorías, como o foron a maioría dos grandes reformadores e ideólogos influentes de todos os tempos.

Pero existe aínda outra clave intelectual e vivencial na personalidade de Piñeiro que, como o diálogo, emerxe tamén da soidade. Estoume a referir á *liberdade*. A poucos lle oín falar tanto, e con tanta devoción da liberdade como a don Ramón. E quizais poucos espíritos foron tan libres, é dicir, tan comprometidos e tan arriscados no seu compromiso consigo mesmos como el o foi. Ese compromiso supuxo un alto prezo: o esforzo moral de seguir sendo el mesmo malia a disidencia, a crítica ou a aldraxe. Era o prezo que un home de saudade non podía deixar de pagar. Un solitario auténtico non pode renunciar ó compromiso de ser irremediablemente libre pois a liberdade nace e se fai presente, e nos reclama de forma inexorable, tamén desde ese sentimento de saudade no que don Ramón habitou. El deixouno dito: "No sentimento orixinal desa singularidade é onde podemos percibir a liberdade en toda a súa pureza ontolóxica".

Comezaba este breve artigo, e remátao falando do mesmo: dun home só, dunha "singularidade ontolóxica" que se asumiu no silencio,

que se expresou e se construíu no diálogo, e que se comprometeu na liberdade. O froito moral desa experiencia e dese compromiso foi a persoa singular, irrepetible, que no décimo aniversario do seu pasamento, e aínda que sexa de xeito tan conciso, queremos recordar.

M. R. A.

¿Teatro de arte, teatro de vangarda ou teatro popular?
Algunhas reflexións para o estudio do ideario teatral de Castelao

Manuel F. Vieites

A tradición que nós andamos a descobrir está gardada no instinto popular e por iso chamamos xenio ô que moitas veces se chamou inocencia, porque queremos recriar unha cultura e deixamos que a terra nos dea o seu zume creador de lirismo[1].

O estudio, a análise e a interpretación da traxectoria política, literaria, teatral e artística de Castelao aínda está fortemente mediatizada pola transcendencia que a súa figura tivo no proceso de construcción nacional de Galicia, ata o punto de que en moi poucas ocasións se analiza a súa figura na súa dimensión estrictamente humana pois existe unha tendencia case xeneralizada a considerar o mito antes que o home. Esa é a causa de que houbese persoas que lamentasen a publicación do *Diario 1921*, debido ós xuízos sumamente críticos que alí se realizan en torno ós máis xenuínos representantes das vangardas europeas[2], ou que haxa críticos e investigadores que sitúen a súa traxectoria teatral cabo das achegas substancias de Antonin Artaud[3] ou que subliñen cómo os seus deseños escenográficos seguen a pauta marcada por artistas tan salientables e anovadores como Oskar Schlemmer[4], valora-

1. Castelao, A. D. R. *De viva voz. Castelao: Conferencias e discursos.* Edición de Henrique Monteagudo. Fundación Castelao, Santiago de Compostela, 1996.

2. Álvarez Martínez, Laureano. "Estudio crítico sobre o Diario 1921 de Castelao", en Justo G. Beramendi e Ramón Villares, (eds.), *Actas Congreso Castelao* (tomo I). Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Xunta de Galicia e Fundación Castelao, 1989.

3. Paz Gago, Chema. "De par do teatro europeo de vangarda", en *Castelao*, Suplemento especial, *La Voz de Galicia*, 9-I-00.

4. Ruibal, Euloxio R. "Sobre a plasticidade en *Os vellos*", en *Castelao*, Suplemento especial, *La Voz de Galicia*, 9-I-00.

cións que nestes casos nacen do respecto e da admiración que suscita a súa peripecia vital e, sobre todo, o seu pensamento político.

Nalgunha ocasión temos falado dunha especie de "complexo de Midas"[5], de certo moi estendido e que consiste en dar por bo, ou como moi bo, todo canto Castelao ten dito, feito ou cismado, como se na súa obra e no seu pensamento non houbese lugar para o erro ou a dúbida, esquecendo que é o propio Castelao, alomenos o Castelao artista, o que desde as páxinas do *Diario 1921*[6] nos traslada moitas das súas dúbidas e inquietudes, mostrando dese xeito a verdadeira natureza dun ser humano que xamais manifestou tal desexo de ser convertido en deus, "guieiro" ou "estandarte supremo". Resulta igualmente difícil afirmar que Castelao fose un home de teatro, pois máis aló dun pequeno número de comentarios contidos no seu diario de traballo mentres viaxa por Europa, das conversas mantidas cos seus contertulios de Pontevedra[7], das propostas de traballo que comparte con Vicente Risco ou Otero Pedrayo[8], do seu traballo, sempre circunstancial, como escenógrafo[9] e do longo proceso de escrita[10] da peza *Os vellos non deben de namorarse* e da posterior posta en escena do espectáculo homónimo, pouco hai na súa traxectoria pública que mostre que o teatro constituíse unha das súas preocupacións existenciais, tal e como ocorre con algúns outros galeguistas que malia teren desenvolvido unha intensa actividade a prol da dramaturxia ou do teatro galego, seguen aínda ocupando un lugar secundario no olimpo teatral galego.

Un deles, como ten mostrado Arturo Casas[11] nun estudio pouco menos que extraordinario pola diversidade e riqueza dos seus prismas (en tanto que a realidade é poliédrica), sería Rafael Dieste, que amais de ser un home de teatro, deixou escritos un número cualitativamente importante de páxinas arredor da teoría e da estética teatral, páxinas que malia estaren escritas en castelán non deixaron de ter a súa influencia en todàs aquelas persoas, mesmo galegas, que naquela altura se podían considerar teatralmente cultas. Velaí unha das máis permanentes chatas

5. Vieites, Manuel F. *Castelao e a creación dramático-teatral.* Fundación Castelao, Cadernos Castelao, número 7, Santiago de Compostela, 1996.

6. Castelao, A. D. R. *Diario 1921.* Galaxia, Vigo, 1977.

7. Filgueira Valverde, Xosé. *Cuarto adral.* Ediciós do Castro, Sada, 1987.

8. *Grial* 52. Galaxia, Vigo, 1976, pp. 271-2.

9. Braxe, Lino e Seoane, Xavier. *Luís Seoane e o teatro.* Ediciós do Castro, Sada, 1996, p. 97.

10. Hai novas que apuntan a que Castelao tería escrito un monólogo a partir do relato sobre o "ollo de vidro", se ben aínda non foi recuperado (ou presentado) ese suposto manuscrito. Tamén resultaría probable, segundo algunha información de que dispoño, que Castelao tivese escrito algunha pequena peza en Nova York. Hipóteses que o tempo desmentirá ou confirmará.

11. Casas, Arturo. *La teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste.* Deputación Provincial de A Coruña e Universidade de Santiago de Compostela, A Coruña, 1997.

da nosa historiografía, que pretende analizar a realidade cultural galega sen atender nin entender a permanente interferencia que a creación cultural castelá vai ter na nosa propia creación literaria ou artística, como se os nosos creadores, nunha suposta pureza identitaria, non mantivesen contacto coas culturas veciñas.

Castelao non era, de certo, un home de teatro, por moito que como bo galeguista sentise a necesidade e a urxencia de contribuír a promover todas aquelas causas que precisasen dun esforzo complementario. Mesmo nalgún momento negou a súa condición de dramaturgo, como cando comezaba aquela "cousa" cunha condicional ben significativa: "Si eu fose autor..."[12]. Non queremos con iso dicir que o teatro ou a creación dramática fosen para el actividades alleas ou descoñecidas, mais non constituían o eixe central das súas iniciativas creativas e artísticas e unha boa mostra desa condición case que periférica vén dada polo feito de ter empregado case dez anos en rematar a única peza que, de momento, semella ter deixado escrita. Tampouco queremos restar importancia ás súas achegas, que consideramos sumamente importantes nun sistema literario en proceso de normalización e nun sistema teatral en proceso de construcción. Tan só pretendemos situalas no seu verdadeiro contexto, analizando polo miúdo unha serie de conceptos que de tan utilizados poden chegar a perder, por veces, a súa verdadeira significación. Falamos de conceptos como teatro de arte, teatro de vangarda, tendencias escénicas, antropoloxía teatral ou "espectáculo total", que resultan certamente fundamentais no decorrer do teatro europeo contemporáneo, na súa evolución e renovación. Un conxunto de conceptos que en ocasións semellan ter sido utilizados a modo de simple referencia, mesmo ó chou, sen reparar nas connotacións históricas, artísticas e mesmo ideolóxicas que o seu uso implica.

Vista a xénese e desenvolvemento das sucesivas e moi dispares tentativas de crear teatros de arte que se suceden en Europa (tamén en España, desde finais do século XX ata os anos vinte, as primeiras promovidas por Jacinto Benavente e Ramón María del Valle-Inclán)[13], habería que analizar polo miúdo a xenealoxía do sintagma e as súas diferentes conceptualizacións, para determinar se aquilo que Castelao se propuña poñer en marcha (e xamais rematou por callar), ou se a súa peza sobre os tres vellos namorados, constitúen exemplificacións do que naquela altura se entendía como teatro de arte. Malia termos aceptado en diversas ocasións esa filiación para as contribucións de Castelao, levados pola forza de xuízos que xamais analizamos polo miúdo, estamos agora

12. Castelao, A. D. R. *Cousas*. Galaxia, Vigo, 1995, pp. 50-51.

13. Rubio Jiménez, Jesús. *El teatro poético en España. Del modernismo a las Vanguardias*. Cuadernos de Teatro, Universidad de Murcia, Murcia, 1993.

en condicións de afirmar que aquilo que Castelao procuraba era un teatro popular, moito máis fundamentado na tradición que na revolución, pois non queremos esquecer que o adxectivo popular tamén se utiliza para facer referencia ó teatro producido e promovido desde agrupacións artísticas e políticas da esquerda radical ou desde as células e colectivos anarquistas. Entendemos que Castelao aposta por un teatro que, como os "panos rameados"que tanto gorentaba Pimpinela, mostrase a riqueza e a vizosidade dunha dramaturxia popular e tradicional coa que devolver ó pobo a súa capacidade expresiva e creativa, ben lonxe dos espectáculos que naquela altura transitaban pola escena galega, aboiando nas augas do hiperenxebrismo, do costumismo e do "xambolismo", como acertadamente denunciara Rafael Dieste desde as páxinas de *El Pueblo Gallego*[14].

Castelao propón desde as follas do seu *Diario 1921* volver á Idade Media pois durante esa época aínda se mantiñan intactas as forzas creativas e, sobre todo, a autoestima do pobo, dun pobo que aínda non tiña deprendido "unha chea de cousas contrarias ó seu propio gosto", nin estaba "pervertido polo contauto coa xente da cibdade"[15]. Unha Idade Media chea de tradicións, na que mostra a súa forza a expresión dramática e teatral e que autores tan salientables como Julio Caro Baroja[16] ou Mijail Batjin[17] teñen analizado polo miúdo, sen esquecer as propostas do director polaco Włodzimierz Staniewski que segue camiños trazados polo poeta e dramaturgo romántico Adam Mickiewicz, promotor da recuperación da rica tradición folclórica eslava, tan importante na reconstrucción da identidade nacional[18].

Vista desde esta perspectiva, a proposta de Castelao non tería que levar, de partida, o cualificativo "de arte" pois o teatro popular non deixa de ser artístico por ter tal condición, senón que esa condición é o que lle confire semellante característica, mais na Galicia da época quizais fose unha precisión necesaria para diferenciar unha proposta esencialmente popular daquelas nas que tal cualificativo non semellaba oportuno, considerando o seu ton marcadamente populista. Claro que se nos situamos na perspectiva dos promotores da maioría das iniciativas de teatro de arte das que temos noticia, esa orientación popular estaría de máis xa que o que procuraban era un teatro de investigación, experimentación e provocación que rachase coas tendencias presentes nas

14. Dieste, Rafael. *Antre a terra e o ceo. Prosas de mocedade: 1925-1927.* Edicións do Castro, Sada, 1981.

15. Castelao, A. D. R. *Diario 1921.* Galaxia, Vigo, 1977, pp. 308-11.

16. Caro Baroja, J. *La estación del amor.* Taurus, Madrid, 1979; *El Carnaval,* Taurus, Madrid,1983; *El estío festivo.* Taurus, Madrid, 1984.

17. Bajtin, Mijail. *La cultura popular en la Edad Media y en el Renacimiento. El contexto de François Rabelais.* Alianza Editorial, Madrid, Alianza, 1995.

18. Hodge, Alison (ed.). *Twentieth Century Actor Training.* Routledge, Londres, 2000.

carteleiras das grandes cidades, onde o público "popular" e o "público burgués" impoñía unha dictadura escénica baseada na repetición de modelos caducos. Con todo, quizais houbese un punto de encontro pois tanto o teatro popular como o teatro de arte procuraban, seguindo vieiros diferentes e mesmo diverxentes, unha necesaria "reteatralización" do teatro, concepto e proceso que tamén esixiría unha necesaria conceptualización histórica e artística que non imos abordar agora por razóns evidentes.

Velaí algunhas das cuestións que desde hai tempo veñen alentando este feixe de reflexións, quizais tan cativo como pouco afincado, que agora queremos partillar cos lectores e lectoras, sen outros obxectivos que presentar algunhas propostas para analizar a traxectoria artística e creativa de Afonso Daniel Rodríguez Castelao, mostrar a riqueza e a complexidade da historia do teatro, sinalar, sequera nos seus trazos máis superficiais, as moitas posibilidades para o seu estudio e investigación (desde unha perspectiva transnacional) e apuntar problemáticas e hipóteses que outras persoas, con mellor fundamento e moitos máis coñecementos, haberán negar, validar ou modificar.

FACENDO UN POUCO DE HISTORIA

A historiografía teatral europea vén admitindo que o sintagma "teatro de arte", referido en exclusiva á producción escénica, aparece por primeira vez no horizonte teatral cando Paul Fort crea en París, en 1890, o seu Théâtre d'Art, supostamente a necesaria reacción simbolista diante do naturalismo do Théâtre Libre de André Antoine, fundado tres anos antes. Sen embargo, a pouco que afondemos nese proceso é doado descubrir cómo os acontecementos manifestan unha maior complexidade pois as dúas agrupacións supoñían, por igual, un cuestionamento das prácticas teatrais que dominaban a escena francesa da época e, por extensión, toda a escena europea. Tampouco hai que esquecer que o uso da propia designación, "teatro de arte", mesmo nun período de tempo tan curto, vai obedecer a moi diferentes circunstancias históricas e serve a modo de posicionamento ou contestación fronte a moi diversas realidades escénicas, polo que semella aconsellable realizar unha breve aproximación ós que foron os focos máis importantes no desenvolvemento deste movemento renovador que, de partida, presenta unha certa heteroxeneidade.

A finais do século XIX teñen lugar unha serie de transformacións sumamente significativas no eido da producción, a realización e a exhibición teatral, pois é nesa altura cando se deixa sentir a necesidade de potenciar un cambio de paradigma, que implica a posta en marcha de no-

vas metodoloxías para adecuar a creación teatral ós novos tempos ou a uns ciclos cada vez máis curtos no que fai á vixencia de canons e modelos. Ese cambio de paradigma (do literario ó escénico, da autoría á dirección), ten a súa xénese no feito de que durante o século XIX e o primeiro tercio do século XX os profesionais das artes escénicas van ter que facer fronte a unha serie de retos sumamente transcendentais, algúns directamente relacionados coa mellora e con novos desenvolvementos no eido da realización, a distribución, a exhibición ou a recepción teatral, retos que van afectar sensiblemente a todos os ámbitos relacionados coa posta en escena, desde os que teñen que ver coa interpretación e coa dirección, ata os relacionados coa tecnoloxía teatral, que vive unha radical transformación[19].

No período que vai de 1800 a 1900, Londres pasa de 959.310 habitantes a 4.536.267, e a finais do século XIX a cidade contaba con máis de 60 teatros, logo de que en 1843 se decretase a liberdade de teatros, unha medida que en Francia se tiña tomado en 1791 e que en Rusia data de 1882, ano no que desaparece o monopolio do Teatro Imperial. Isto permite que en toda Europa se abran novas salas de teatro ou que aquelas que viñan funcionando sen a necesaria licencia poidan mellorar substancialmente os seus servicios e diversificar a súa producción, en función dunha demanda que cada vez se torna máis diversa. Esta febre teatral tamén se deixa sentir en países como Bulgaria, Checoslovaquia, Croacia, Polonia ou Hungría, onde a creación teatral vai particularmente unida ós procesos de construcción nacional[20] e á aparición e consolidación dunha sociedade civil renovada que conforma outros públicos[21].

A implantación da iluminación a gas, que se comeza a xeneralizar a partir de 1815, e a posterior electrificación dos teatros, que ten lugar desde 1880, impoñen novas maneiras de entender e practicar a posta en escena, na medida en que o espacio escénico se convertía nun mundo aínda por explorar e descubrir, e os efectos desas novas condicións para a creación escénica se deixaron sentir, sobre todo, na interpretación, na actuación e na mesma representación pois xa non se facían necesarios os xestos ampulosos, a expresión esaxerada ou a maquillaxe marcada, co que os exercicios declamatorios que acompañaban esas pautas interpretativas tamén comezaron a estar de máis. Igual transcendencia vai ter a tendencia a escurecer os espacios do espectador durante a representación, co que a súa

19. Moynet, M. J. *El teatro del siglo XIX por dentro.* Asociación de Directores de Escena de España, Madrid, 1999. Trátase dunha edición facsimilar dun libro sumamente interesante editado en 1873 por Hachette en París e na súa versión en castelán en 1883 en Barcelona. Resulta particularmente interesante a sección dedicada ó "alumbrado".

20. Watchel, Andrew B. *Making a Nation, Breaking a Nation. Literature and Cultural Politics in Yugoslavia.* Stanford University Press, Stanford, CA, 1998.

21. Cohen, J. L. e Arato, A. *Civil Society and Political Theory.* The Mit Press, Cambridge, Massachusetts, 1994.

atención se dirixía dunha forma moito máis precisa cara ó seu verdadeiro centro de interese, pois a escena deixaba de ser unha prolongación da sala para se converter no lugar onde se presentaba un mundo dramático que día a día vai gañar unha considerable independencia. A importancia da iluminación, nun momento no que diversas liñas creativas tenden a establecer o que a partir de André Antoine se vai coñecer como "cuarta parede", efecto que se potencia aínda máis a medida que se elimina a tradicional penumbra coa que se iluminaba o espacio do espectador, foi salientada por Jean Duvignaud, quen afirma:

> Multiplicidade de lugares, de duracións, de direccións, aumento dos planos, paso dos tempos e dos espacios, a escena creada pola electricidade parece tan complexa como a sociedade na que aparece. Mais non podía ser unicamente o seu reflexo[22].

A remates do século XIX o repertorio dos teatros das grandes cidades estaba integrado por un conxunto heteroxéneo de espectáculos creados a partir de textos clásicos de cada unha das dramaturxias nacionais, de melodramas, de comedias sentimentais, de operetas e dunha considerable variedade de pezas de moito menor calado artístico que, sen embargo, gozaban do favor do público, como no caso do chamado "teatro por horas"[23]. Con todo, non faltaban voces que reclamaban un novo rumbo, como sinala Martin Esslin:

> Para as clases medias do século XIX o teatro fora unha fonte de entretemento, unha fontenla de risos, de ouropeis e dun sentimentalismo lacrimóxeno; perdera aquelas nobres funcións que cumprira en épocas anteriores: poética, relixiosa, política. Pero comezaron a deixarse oír algunhas voces que afirmaban que chegara o tempo de devolver o teatro —e o texto dramático— ó lugar de privilexio que lle correspondía no mundo da cultura, como un lugar para a reflexión seria sobre o estado da sociedade e, por suposto, como fonte de sublimes emocións e de sostén relixioso[24].

As voces que reclamaban a renovación proviñan dos máis diversos sectores e entre elas hai que considerar desde as propostas case inauguráis de Richard Wagner que xa falaba do espectáculo teatral como a obra de arte integral, especie de *summa artis*, ata as propostas dos grupos da esquerda (anarquistas, socialistas e comunistas) que reclaman un teatro popular[25] e, noutros casos, xa no período de entre séculos, un teatro revo-

22. Duvignaud, J. *Sociología del teatro.* Fondo de Cultura Económica, México, 1980, p. 412.

23. Pérez-Rasilla, Eduardo. *Antología del teatro breve español: (1898-1940).* Biblioteca Nueva, Madrid, 1997.

24. Esslin, Martin. "Modern theatre, 1890-1920), en John Russell Brown (ed.). *The Oxford Illustrated History of Theatre.* Oxford University Press, Oxford, 1997.

lucionario, como o que tentan desenvolver en Cataluña, e en lingua catalana, os militantes anarquistas Ignasi Iglesias e Felip Cortiella[26]. En torno ás causas que xustificaban esa renovación sinalaba Jean-François Dusigne:

> En toda Europa se deixa sentir unha necesidade de renovación. O teatro semellaba afundido nunha práctica rutineira. Os vellos procedementos da ilusión xa non convencían máis. Coa invención da electricidade e co prometedor desenvolvemento de novas técnicas, o teatro parecía ter caído en desuso e vivía sobre as súas cinzas. Unha nova xeración sente o afogamento da inercia e aspira a liberar a escena da dominación dos seus maiores. Paralelamente un entusiasmo polo café-concerto, polo circo, polo teatro de sombras, xunto coa aparición do "music-hall" constitúen unha competencia real para o teatro[27].

Ese afogamento e os perigos a que podía conducir xa tiñan sido considerados por Denis Diderot nunha obra que en boa medida inaugura a reflexión arredor dos feitos centrais da arte teatral, como son a interpretación e a actuación. Como dixemos nalgunha ocasión[28], en *O paradoxo sobre o actor*[29] atopamos moito máis que unha defensa das cualidades básicas que todo actor ou actriz debe posuír (estudio, coñecemento, memoria, traballo ou experiencia) ou de actitudes tan sumamente importantes como a observación (exterior e interior) e a reflexión sobre a propia práctica; supón unha defensa da técnica actoral fronte á inspiración e ó furor creativo. Diderot xa tiña mostrado en dous dos capítulos da obra *Les bijoux indiscrets* (1748) o seu radical desacordo fronte ás "esaxeracións dos actores", á "extravagancia dos xestos", ou ás "múltiples disonancias" que ateigaban os espectáculos franceses e europeos da época, reivindicando os principios de rigor e coherencia estética que tantos anos despois van facer seus as diferentes escolas realistas.

A obra de Diderot contén pois o xermolo de toda unha teoría teatral na que amais de destacar a función instrumental do teatro e a súa dimensión educativa, xa se intúe (e aí radica a novidade da súa proposta) a necesidade de distinguir entre comunicación dramática e comunicación teatral, de analizar e diferenciar, a pesar da manifesta interrelación, entre o que é interpretación (actor/personaxe), o que é actuación (actor/perso-

25. Morteo, Gian Renzo. *El teatro popular en Francia.* Editorial Universitaria de Buenos Aires, Bos Aires, 1968.

26. Castellón, Antonio. *El teatro como instrumento político en España (1895- 1914).* Madrid, Ediciones Edymion, 1994.

27. Dusigne, Jean-François. *Le Théâtre d'Art, aventure européenne du XXe. siècle.* Éditions théâtrales, París, 1997.

28. Vieites, Manuel F. "Cara a unha teoría da interpretación", en *Guía dos libros novos* 4, 1999.

29. Diderot, Denis. *O paradoxo sobre o actor.* Introducción, edición, traducción e notas de X. C. Carrete Díaz e F. Sucarrat Boutet. Biblioteca-Arquivo teatral Francisco Pillado Mayor, Universidade da Coruña, A Coruña, 1998.

naxe vs. personaxe/actor) e o que é representación, estadio onde hai que considerar o rol do público e do espacio onde ten lugar o acto teatral, en canto variables que inflúen nos tres procesos citados. Por outra parte, Diderot presta especial relevo á convención teatral[30], na medida en que determina aquilo que chamamos "verdade escénica", concedéndolle á escena a posibilidade de crear a súa propia realidade, formulando, en certa medida, a importancia do que hoxe, desde o marco teórico e conceptual das Ciencias do Teatro, se coñece como "teatralidade".

As consideracións críticas que Diderot realiza no seu traballo, que inaugura a reflexión científica sobre a teoría e a práctica da interpretación, seguen a ter considerable actualidade a finais do século XIX pois as compañías de teatro funcionaban en base ó traballo dos primeiros actores e das primeiras actrices, co que o traballo xeral do elenco sempre se realizaba en función do seu lucimento persoal, a interpretación constituía un exercicio no que a declamación se combinaba cunha xesticulación esaxerada e a posta en escena non deixaba de ser un simple exercicio de ornamentación co que en moitas ocasións non se pretendía outra cousa que converter a escena nunha caixa de sorpresas coa que asombrar e sorprender ós espectadores. Estamos xa que logo diante dun sistema de realización teatral asentado no culto ás primeiras figuras, nas permanentes concesións ás demandas do público e na crecente importancia dos efectos especiais, debido ós avances da tecnoloxía teatral. A transformación, substancial e radical, que reclamaba Denis Diderot[31] cando defendía que o actor fose "máis dono da súa representación", sería asumida bastantes anos despois por un dos directores máis importantes na historia do teatro, un creador que domina e ilumina, co seu maxisterio e co seu exemplo, a escena contemporánea e a reflexión sobre as artes escénicas[32]. Lembrando os fundamentos teóricos e metodolóxicos que impulsaron aquela singular e transcendental aventura que foi o Teatro de Arte de Moscova, Konstantin Stanislavski[33] sinala:

> O programa da obra que comezaba tiña carácter revolucionario. Protestabamos contra as vellas modalidades, contra a "teatralidade", contra o falso *pathos*, contra a declamación, contra a rutina histriónica, contra as malas postas en escena, contra os decorados, contra o sistema do "primeiro actor" que botaba a perder o resto do conxun-

30. Pode ser interesante a lectura do traballo "El teatro de convención consciente", en Meyerhold, Vsevolod. *Teoría teatral.* Fundamentos, Madrid, 1971.

31. Diderot, Denis. *Op. cit.*, 1998, p. 171.

32. Stanislavski, Konstantin. *El arte escénico.* Introducción (pp. 1-97) de David Magarshack. Siglo XXI Editores, México, 1980.

33. Stanislavski, Konstantin. *El trabajo del actor sobre su papel.* Editorial Quetzal, Bos Aires, 1977; *La preparación del actor.* La Avispa, Madrid, 1992; *La construcción del personaje.* Alianza, Madrid, 1995.

> to, contra o réxime de espectáculos e, sobre todo, contra a nulidade dos repertorios dos teatros da época.
>
> Na nosa marcha destructora e imparable, clara e abertamente revolucionaria, que iniciamos en prol da renovación da arte teatral, tiñamos declarado a guerra sen cuartel a todo o convencional no teatro, onde fose que aparecese: na interpretación dos personaxes, na *mise en scène*, nos decorados, no vestiario, no modo de enfrontar as pezas, etc.[34]

O programa de Konstantin Stanislavski[35] e de Vladimir I Nemirovich-Danchenko supoñía unha forma radicalmente nova de enfrontar a posta en escena que deixaba de ser unha ilustración, traducción ou escenificación do texto literario para se converter nunha arte en si mesma pois é nese momento cando nace a dirección de escena e cando o director reclama para si o rol de creador do espectáculo teatral, un proceso lento e progresivo pero que se debe ás achegas dun conxunto de directores certamente salientables[36], algúns dos cales imos presentar de seguido para tentar analizar a xénese histórica dese sintagma que nos ocupa: o teatro de arte.

A renovación que se produce no período de entre séculos non se debe ó traballo dun artista único ou dun grupo de espectáculos concretos, senón que obedece a todo un proceso de busca de novas formas de enfrontar a realización teatral; á experimentación e á investigación dun importante grupo de creadores entres os que habería que situar, como un dos pioneiros a Richard Wagner que, como dixemos, propón como ideal da creación artística a *Gesamtkunstwerk*, síntese de diversas artes que conforman un producto artístico no que a música e a iluminación son elementos determinantes. A súa procura do espectáculo total tamén o levou a investigar novas formas para construír e estructurar o edificio teatral, chegando a ver cumprido o seu soño de traballar nun teatro feito segundo as súas indicacións, proxecto asumido, desenvolvido e patrocinado polo rei Luís II de Baviera en Bayreuth[37]. Entre as súas achegas habería que sinalar a consideración da posta en escena como unha suma harmónica de linguaxes artísticas e de elementos diversos que hai que integrar nun todo unificado, unha teima que caracteriza as experiencias desenvolvidas pola compañía creada por Georg II cando asume o trono do ducado de Saxe-Meiningen en 1866, un ducado onde xa había unha sólida tradición de patrocinio das artes escénicas, pois había un teatro no palacio ducal e outro na mesma cidade de Meiningen, nas terras de Turinxia.

34. Stanislavski, Konstantin. *Mi vida en el arte.* Editorial Quetzal, Bos Aires, 1981, p. 196.
35. *Ibidem.*
36. Ceballos Edgar (ed.) *Principios de dirección escénica.* Escenología, México, 1992.
37. Hardinson Londré, Felicia. *The History of World Theatre. From the English Restoration to the Present.* Continuum Publishing Company, Nova York, 1999.

En 1873 o Duque casa con Ellen Franz, unha muller que traballara como actriz durante seis anos e que vai desenvolver un rol importante no proxecto teatral do seu home, e que se vai ocupar da formación da compañía nas áreas da expresión e a interpretación. Tamén contan coa colaboración de Ludwig Chronegk, unha especie de director artístico que tiña unha longa experiencia como actor e que estableceu unha serie de pautas que resultaron fundamentais no desenvolvemento do proxecto: rexeitou as vellas normas tipolóxicas no reparto dos papeis, o que permitía que calquera persoa do elenco puidese facer calquera papel, organizou os ensaios como un traballo organizado e sistemático e procurou que o proceso da posta en escena se entendese e realizase como unha tarefa grupal. En canto á posta en escena, este equipo de dirección da compañía, no que participaba activamente o Duque, potenciou a consideración da acción dramática como o motor do espectáculo, estableceu principios de verosimilitude e realismo na construcción escenográfica, que pasa a ser realizada atendendo a criterios de calidade artística e de fidelidade histórica, e considerou a posta en escena como a suma de moi diversos elementos entre os que había que establecer un equilibrio preciso, buscando sempre a correcta composición visual de cada cadro, ata o punto de que os movementos de grupos numerosos no espacio foron analizados e valorados de forma moi positiva por diversos directores que apreciaban a maneira en que tiñan solucionado un dos problemas fundamentais do movemento e do xogo escénicos[38].

Nos seus traballos prácticos, os integrantes do equipo de dirección estableceron a importancia da dirección de actores, a necesidade de entender a posta en escena como un acto creador no que é necesario potenciar unha relación dinámica entre diversas linguaxes (vestiario, movemento, espacio, escenografía, luz...), e a necesidade de que nada se deixe ó azar ou á improvisación, planificando adecuadamente os ensaios. En torno a este último aspecto, cómpre destacar unha testemuña recollida por Marvin Carlson[39] e reproducida por Edward Braun[40] e na que un membro honorario da compañía (así se denominaban os actores célebres contratados especialmente para algún espectáculo), Ludwig Barnay[41], mostra a súa perplexidade diante dos métodos empregados:

38. Saxe-Meiningen, Georg II. "Composición visual en movimiento", en Edgar Ceballos, *Principios de Dirección Escénica*. Escenología, México, 1992.

39. Carlson, Marvin. *The German Stage in the Nineteenth Century*. Metuchen, Nova York, 1972.

40. Braun, Edward. *El director y la escena. Del naturalismo a Grotwoski*. Editorial Galerna, Bos Aires, 1992, p. 18.

41. Foi un dos fundadores do Deutsches Theater, en 1883, e do Berliner Theater, en 1887. Tamén promoveu a creación da Asociación de Actores de Alemaña en 1871.

> Estaba tan asombrado como alporizado cos ensaios pois sentía que perdían moito tempo en cousas que non tiñan ningunha importancia: a proxección en voz alta ou baixa dun parlamento, a postura que tiña que adoptar algún actor que non interviña no diálogo, colocar unha árbore ou un arbusto no lugar indicado, ou cómo iluminalo con eficacia. Os actores recibían longas disertacións, verdadeiros tratados sobre o estado de ánimo nunha escena, sobre o significado dun incidente específico no texto, ou mesmo sobre da énfase con que se dicía unha palabra. Iso facía que o ensaio se estendese sen límite de tempo e dunha forma totalmente descoñecida para min, pois outros directores que tiñan montado *Don Carlos*, estaban satisfeitos con indicarlle ó actor se debía entrar ou saír pola dereita ou pola esquerda e ó lado de quen se había que deter. O resto facíase como saíse, fiando no xenio de Schiller[42].

Máis alá das excelencias interpretativas dun elenco numeroso formado por actores e actrices non profesionais, ou da significación que esta compañía tivo no desenvolvemento do naturalismo, esas que vimos de salientar serían algunhas das achegas máis importantes da compañía e do seu equipo de dirección. Konstantin Stanislavski valoraba as funcións realizadas en Moscova da seguinte maneira:

> Os seus espectáculos mostraron por primeira vez en Moscova unha nova especie de posta en escena, na que había fidelidade histórica á época, escenas de masas, unha magnífica forma exterior, unha disciplina asombrosa e toda a orde dunha grandiosa festa da arte.
>
> Eu non deixei pasar unha soa das súas representacións, pois non só as miraba, senón que as estudiaba[43].

Outro dos aspectos que habería que salientar e que chamaban poderosamente a atención, neste caso a de André Antoine, foi a capacidade dos actores e das actrices para establecer a necesaria interacción entre os personaxes (a comunicación dramática), nun momento no que a interpretación acostumaba ter lugar na parte frontal da escena e cando o diálogo se convertía nunha simple alternancia de intervencións[44].

André Antoine non puido entrar no Conservatorio de París, polo que durante un tempo colaborou como figurante e como parte da claque na Comedia Francesa, ata que en 1886 se une a unha compañía de afeccionados, o Cercle Gaulois, onde un compañeiro lle pre-

42. Referencia explícita á ausencia dunha verdadeira dirección de escena na medida en que os responsables da montaxe actuaban como simples ilustradores do texto e sempre dependentes dos primeiros actores e actrices. De todo isto xa falaba Leandro Fernández de Moratín nunha carta ben interesante na que se queixa do sistema de realización dos teatros en Madrid. Fernández de Moratín, Leandro. *Epistolario.* Editorial Castalia, Madrid, 1973, pp: 231-32.

43. Stanislavski, K. *Op. cit.*, 1981, p. 130.

44. Antoine, André. "Detrás de la cuarta pared", en Edgar Ceballos (ed.), *Principios de dirección escénica.* Escenología, México, 1992.

sentará un listado de pezas nun acto, entre as que se atopaba unha dramatización dun relato de Zola, *Jacques Damour*, que fora realizada por Léon Hennique. A compañía rexeita realizar unha función con algúns daqueles textos e Antoine asume o compromiso de preparar unha velada, establecendo dese xeito, e na súa forma definitiva, un modelo de agrupación escénica que apostaba pola liberdade e a independencia artística fronte ós teatros comerciais onde reinaban os textos de autores tan celebrados como Sardou, Dumas, e os espectáculos baseados nas pezas ben feitas, ou como alternativa ás asociacións de afeccionados que copiaban este mesmo modelo o mellor que sabían e podían. Por outra parte, optar por un modelo semellante, fóra do circuíto comercial e ó que se tiña acceso mediante un sistema de abonos, permitía unha considerable independencia a hora de elaborar o repertorio e de non someterse ós dictados da censura. Entre 1887, ano en que se presenta o seu Théâtre Libre, e 1894, André Antoine pon en escena un conxunto de espectáculos ben significativos contando cunha serie de pretextos literarios sumamente notables, entre os que habería que salientar *O poder das tebras* de Tolstoi, *Espectros* de Ibsen, *A señorita Xulia* de Strindberg ou *Os tecedores* de Hauptman, un conxunto de propostas que tamén mostraban, desde unha perspectiva ideolóxica, novas problemáticas relacionadas coa vida cotiá ou coas duras condicións de existencia en que vivían as clases máis desfavorecidas do espectro social[45].

André Antoine non só desenvolveu o programa naturalista defendido por Zola, senón que estableceu unha serie de principios que permitiron que a realización teatral comezase a ser considerada unha arte en si mesma. Á liberdade na escolla do repertorio hai que sumar a importancia concedida á dirección de escena, que en palabras de Antoine "é unha arte"[46], se ben aínda non gozaba do necesario recoñecemento:

> En resumo, dirixir é en si mesmo unha carreira, un tipo de diplomacia divertida pero sutil. Entón, cando se dean conta de que o director debe entender ó autor, sentir o seu traballo, transcribilo, transferilo e interpretar a cada actor a súa parte, vostedes entenderán por qué sinto tantos desexos de ver que esta carreira tan especial se desenvolva no noso país e de contar con ese tipo de persoas que de momento non temos. Os grandes directores non son aqueles que fixeron grandes fortunas, senón os que acabo de mencionar. Prefiro chamalos directores talentosos, pois formaron artistas, desenvolvendo talentos e crearon novos modos de expresión[47].

45. Hemmings, F. W. J. *Theatre and State in France. 1760-1905.* Cambridge, Cambridge University Press, 1994.
46. Antoine, André. *Op. cit.*, 1992, p. 43.
47. *Ibidem*, p. 44.

Velaí dúas das máis importantes e transcendentais achegas da experiencia desenvolvida por André Antoine naqueles tempos de entre séculos, e que tanta incidencia vai ter noutros proxectos similares que se desenvolven en toda Europa: a liberdade creativa, que tamén permitía descubrir e dar a coñecer novos valores no eido da dramaturxia, e a importancia da dirección de escena como motor fundamental da creación teatral. Neste sentido, como logo veremos, a proposta de Antoine é tan lexítima, desde un punto de vista artístico, como a proposta de Paul Fort e dificilmente podemos explicar que o colectivo que este último promove, baixo a denominación de Théâtre d'Art, se teña que explicar como unha reivindicación da arte teatral fronte á suposta falta de altura artística da renovación promovida por Antoine. Cousa ben diferente é a maneira en que os simbolistas entenderon e explicaron as súas propias propostas.

Esta lectura das relacións dinámicas (e non necesariamente antagónicas) entre os movementos naturalista e simbolista, xa foi proposta por Jesús Rubio Jiménez[48], que sinala como os dous tentaron camiños de renovación teatral que "se ben diverxentes nos seus resultados, arrancaban dunha insatisfacción común" pois supoñen unha reacción fronte a un teatro morto. Sobre este mesmo asunto tamén se manifestaba Paolo Bosisio na súa interesante historia do teatro occidental, nun parágrafo sumamente esclarecedor:

> O nacemento do teatro contemporáneo pode ser situado con razón no período comprendido entre finais do século pasado e os primeiros anos do noso: de feito, nese lapso de tempo é cando vai aparecer en Europa un desexo de renovación que fai referencia a todos os aspectos do teatro, da dramaturxia ó espectáculo, da arquitectura á iluminación, da escenografía á interpretación. O fermento do cambio está directamente relacionado coa crise dos valores positivistas que caracterizaran os decenios precedentes. O debilitamento da crenza dunha análise científica da realidade e na súa aplicación posible ó teatro, mediante a imitación da realidade mesma, dá lugar a unha reacción dupla e diversa: dun lado verifícase un profundamento da concepción naturalista que vai levar a posicións extremas; do outro, búscanse sistemas alternativos na análise da realidade que implican un distanciamento progresivo do naturalismo, en dirección á conquista de novos valores simbólicos e que tende a evocar, máis que a reproducir fotograficamente, a vida nos seus múltiples e non sempre tanxibles elementos constitutivos[49].

48. Rubio Jiménez, Jesús. *Ideología y teatro en España, 1890-1900.* Libros Pórtico, Universidade de Zaragoza, Zaragoza, 1982, p. 41.

49. Bosisio, Paolo. *Teatro dell'Occidente. Elementi di storia della drammaturgia e dello spettacolo teatrale.* Edizione Universitarie di Lettere Economia Diritto, Milán, 1995, p. 623.

Os Teatros de Arte (entre os que hai que situar as experiencias desenvolvidas en Madrid, e as catalanas, nomeadamente a de Adrià Gual) son o froito natural dunha época marcada pola loita por converter a práctica teatral nunha manifestación artística, unha loita que comeza coas realizacións escénicas do movemento naturalista que centra os seus esforzos en desenvolver novos vieiros nos eidos da interpretación (fuxindo da declamación e da aparatosidade xestual), da escenografía (na súa descuberta do espacio escénico, na fidelidade histórica, sen esquecer a pulsión fotográfica) e, finalmente, da dirección de escena, en tanto que o director vai conquistar un lugar central no proceso de creación teatral.

Cando Paul Fort, desde o Théâtre Mixte, e Louis Germain, desde o Théâtre Idéaliste, deciden iniciar en 1890 unha nova aventura teatral, non poden esquecer a necesidade de crear un marco para a posta en marcha de propostas simbolistas, pois se Émile Zola tiña reclamado a necesidade de potenciar unha escena naturalista, tamén Stéphane Mallarmé, como crítico teatral que era, reclamaba a necesidade de artellar unha escénica simbolista[50] alternativa. Fort e Germain crean así o Théâtre d'Art, ó que se incorpora Aurélien-Marie Lugné-Poë, actor formado no Conservatorio de París que tamén tiña participado durante un tempo, como actor e director, do Théâtre Libre de André Antoine. Despois da presentación de máis de corenta propostas escénicas, espectáculos para unha única función, Paul Fort abandona en 1892 a compañía e o teatro; o seu lugar, como director de escena, vai ser ocupado por Lugné-Poë que será un dos principais promotores da aventura anti-ilusionista que se inicia case ó mesmo tempo que se consolida a aventura naturalista. Unha das súas propostas máis salientables vai ser o espectáculo *Pelléas et Mélisande*, a partir do texto homónimo de Maurice Maeterlinck, presentado en 1892 un ano antes de converter o Théâtre d'Art en Théâtre de l'Œuvre. Un espectáculo no que en boa medida se anunciaba e perfilaba o ideario estético do simbolismo, tal e como salientan Oscar G. Brockett e Franklin J. Hildy:

> Utilizaron moi pouca utilería e mobles; o escenario estaba iluminado desde enriba e boa parte da acción transcorría en penumbra; un pano de gasa, colocado entre os actores e a audiencia, daba a impresión de que a escena estaba cuberta de brétema; os panos de fondo, pintados con tons grises, potenciaban a atmosfera de misterio; o vestiario tiña un aire medieval, se ben a intención non era crear vestiduras dunha época particular. Os actores falaban con voces entrecortadas, coma nun canto relixioso, e segundo algúns críticos, camiñaban coma somnámbulos; os seus xestos estaban totalmente estilizados[51].

50. Brockett, Oscar G. e Hildy, Franklin J. *History of the Theatre*. Allyn and Bacon, Londres, 1999.

51. *Ibidem*, pp. 438-9.

Algúns anos despois, concretamente en 1906, Vsevelod Meyerhold vai utilizar as mesmas estratexias na posta en escena do espectáculo *Hedda Gabler*, a partir do texto de Ibsen, realizado pola compañía de Vera Komissarzhevskaya, en San Petersburgo.

Se o movemento naturalista principiado por Antoine vai potenciar, como diciamos, unha considerable transformación das condicións de realización e de producción teatral, o movemento simbolista tamén promove modificacións sumamente significativas, entre as que habería que salientar a progresiva independencia da posta en escena en relación ós pretextos literarios[52], en tanto que recuperan a arela de R. Wagner de crear a obra de arte total (debedora só de si mesma), ou establecen a importancia que na posta en escena poden ter elementos como a luz, o son, a música ou unha nova concepción do deseño escenográfico.

Nesta liña hai que situar, igualmente, a traxectoria de dous creadores tan importantes como Adolphe Appia ou E. Gordon Craig, que realizaron importantes achegas no eido da teoría da posta en escena, a maioría delas en relación coa renovación proposta desde as filas do movemento simbolista e que, en certa medida, inicia esa tendencia case permanente a prol da "reteatralización do teatro"[53]. A obra de Adolphe Appia[54], que durante un tempo traballou con Émile Jaques-Dalcroze (creador do célebre Instituto de Expresión Rítmica de Hellerau), supón unha ruptura radical cos presupostos do naturalismo, eliminando os elementos descritivos e figurativos, e sinala eses novos camiños na procura anti-ilusionista, que se irán concretando na asunción de valores como o sintetismo, a abstracción e o sincretismo entre a palabra, a música, o corpo, a luz e o espacio, considerando este como un volume con multitude de planos, como se pon de manifesto na escenografía que en 1899 realiza para o espectáculo *Parsifal*, creado a partir da obra homónima de R. Wagner.

Similar importancia tería E. Gordon Craig[55], sobre todo no plano das reflexións teóricas que quedaron recollidas en diversas publicacións, entre as que hai que salientar a revista *The Mask*, que comeza a súa andaina en 1908. Un conxunto de reflexións sobre a posta en escena e a interpretación que semellan estar pensadas máis para o futuro que para o momento en que foron realizadas, e a obra de Tadeusz Kantor ou Robert Wilson[56] pode ser un exemplo do carácter visionario das pro-

52. Salvat, Ricard. *Historia del teatro moderno. Los inicios de la nueva objetividad.* Ediciones Península, Barcelona, 1981.

53. Fuchs, Georg. "La revolución del teatro", en Edgar Ceballos (ed.). *Principios de dirección escénica.* Escenología, México, 1992.

54. Appia, Adolphe. *La música y la puesta en escena e La obra de arte viviente.* Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España, Madrid, 1999.

55. Craig, Edward Gordon. *El Arte del Teatro.* Escenología, México, 1987.

56. Huxley, Michael e Witts, Noel. *The Twentieth Century Performance Reader.* Routledge, Londres, 1996.

postas do autor de *On the Art of the Theatre.* O seu ideario espectacular, como sinala Ricard Salvat[57] pode ser analizado a partir do estudio dos seus proxectos de espectáculos nos que destacaban os elementos ritualistas (influencia debida ó seu coñecemento do Teatro Nō), a eliminación dos elementos literarios e a interacción permanente entre "danza, música, luz, cor e movemento", trazos tamén determinantes de formas teatrais de raizame popular como a *commedia dell'arte* ou presentes nalgunhas das manifestacións de teatro popular británico como os "pageant-carts"[58].

En certa medida podemos dicir que a proposta de renovación emprendida polos simbolistas é unha maneira de dar continuidade á promovida polos primeiros naturalistas pois tanto uns coma outros tiñan como obxectivo poder liberar o teatro dos múltiples condicionantes que impedían desenvolver a súa dimensión artística, quer no plano da realización escénica (a importancia do director como creador) quer no da dimensión puramente estética (a posta en escena como unha arte en si mesma). Neste sentido, Jean-François Dusigne salienta:

> Coa distancia que dá o tempo, sentimos a tentación de establecer unha analoxía entre a evolución dos termos Théâtre Libre e Théâtre d'Art, de facelos derivar o un do outro pois, ¿as condicións dunha escena "libre" non eran requirimentos previos para calquera preocupación pola arte?
>
> En verdade convén precisar por qué o teatro tiña necesidade de "liberarse". Amais da necesidade de manter o teatro independente co fin de evitar a asfixia debida ás presións exercidas polo poder do diñeiro, tamén se manifestara a preocupación de liberarse do poder dos autores e de prácticas consideradas anticuadas. ¿Non tiñan pois estas preocupacións provocado que o teatro volvese definir a súa identidade ó explicitar as esixencias da arte? Esta hipótese permítenos introducir unha similitude entre as dúas nocións introducidas e vehiculadas respectivamente polas denominacións Théâtre Libre e Théâtre d'Art. Por outro lado, se o Théâtre d'Art de Paul Fort se presenta como unha alternativa ó Théâtre Libre, non ocorre o mesmo co Teatro da Arte de Némirovich-Danchenko e Konstantin Stanislavski, que se senten continuadores de André Antoine[59].

A liberdade creativa que reclamaba Antoine e as consideracións artísticas que formulaban Fort e Lugné-Poë, ás que non era alleo o primeiro, tiveron unha considerable repercusión en Europa pois se en Londres se poñía en marcha en 1891, a compañía The Independent Theatre, con J.

57. Salvat, Ricard. 1981, pp. 221 e ss.

58. Wesley Harris, John. *Medieval Theatre in Context. An Introduction.* Routledge, Londres, 1992.

59. Dusigne, Jean-François. *Op. cit.*, 1997, p. 30.

T. Grein como director e cun programa similar de promoción da dimensión artística da posta en escena, en Alemaña Otto Brahm creaba en 1889 o Freie Bühne con actores e actrices procedentes do Deutsches Theater, do Berliner Theater e do Lessing Theater. Dúas iniciativas que a pesar da súa breve existencia tiveron unha grande importancia na promoción de novas perspectivas desde as que enfrontar a realización teatral e na creación de equipos de traballo que asumirían, en anos sucesivos, novas propostas de renovación. Tamén en España se deixaron sentir con forza eses aires de renovación, mais o país onde callaron con singular forza estas propostas foi Rusia, sobre todo a partir da experiencia desenvolvida desde 1898 polo Teatro de Arte de Moscova, que xa tiña un precedente na Sociedade de Arte e Literatura, creada por Stanislavski en 1888. Unha experiencia que vai supoñer unha fonda transformación da posta en escena, da dirección de escena ou da interpretación (na súa dimensión teórica, tecnolóxica e práctica), sobre todo a partir das achegas de directores como o propio Stanislavski, e dos seus discípulos Meyerhold, Tairov ou Vajtángov[60], que desenvolven a súa aprendizaxe e toda, ou parte, da súa carreira ó abeiro de tan destacada institución. Pois o Teatro de Arte de Moscova, como lembra Stanislavski nese libro de memorias curiosamente titulado *Mi vida en el arte*, non só se pode considerar un referente necesario na historia do teatro naturalista, senón que non podemos deixar de ter en conta e valorar as súas propostas simbolistas e as súas propostas de experimentación e investigación desenvolvidas nos diversos "estudios" creados con tal propósito. Nesa mesma dirección tampouco hai que esquecer as significativas achegas de Stanislavski na súa formulación dunha nova metodoloxía interpretativa, o chamado método "das accións físicas"[61], co que pon de manifesto non só unha actitude de indagación e busca permanente en tanto que xamais deu por finalizados os seus traballos de investigación, senón a vontade de potenciar, por moi diversos medios e vías, a dimensión artística do feito teatral. Unha actitude, en certo modo científica, fronte ó seu traballo como director e ós seus problemas que esa actividade suscitaba, e que posibilitou a posta en marcha daquela "renovación sistemática dos métodos de observación" de que falaba Jerzy Grotowski[62].

O movemento do teatro libre, do teatro independente e do teatro da arte, visto desde unha perspectiva histórica, constitúe a primeira tentativa de converter o teatro nunha manifestación artística autónoma (liberdade, independencia e arte), transformando radicalmente as pautas de realización, producción e exhibición teatral, renovando os repertorios,

60. Vajtángov, E. *Teoría y técnica teatral.* Edición de Jorge Saura. Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España, Madrid, 1997.

61. Toporkov, Vasily Osipovich. *Stanislavski in Rehearsal.* Routledge, Londres, 1979.

62. Grotowski, Jerzy. *Hacia un teatro pobre.* Siglo XXI Editores, México, 1974.

promovendo a importancia do director de escena e salientando a consideración da posta en escena e da dirección de escena como un proceso de construcción de mundos dramáticos, proceso no que interveñen as máis diversas linguaxes. As súas fontes, como vimos de ver, son moi diversas e hai que procuralas entre esas diversas propostas de renovación e transformación que se producen en Europa a finais do século XIX pero que teñen precedentes nalgunhas significativas achegas que se producen con anterioridade, desde as inaugurais teorías da interpretación de Diderot á proposta de *Gesamtkunstwerk* de Richard Wagner.

Como vimos de dicir, o movemento do "teatro de arte" foi presentado baixo diversas denominacións, pois todas elas fan referencia a un desexo compartido por moi diversos axentes culturais de potenciar a dimensión artística da arte teatral. Nese sentido, a expresión non era un pleonasmo pois o teatro tiña renunciado á súa dimensión artística para derivar nunha serie de manifestacións que non tiñan outro obxectivo que satisfacer as demandas dun mercado caracterizado pola simpleza e o mal gusto. Fronte a esa situación, particularmente estendida polos teatros do Estado español, xa se deixan oír as voces de Jacinto Benavente quen desde 1897 comeza a difundir as ideas e propostas de André Antoine en España, reclamando a necesidade de impulsar un "teatro libre", proxecto que se fará realidade na curta andaina do Teatro Artístico, agrupación independente na que traballará Ramón María del Valle-Inclán. Nesa mesma liña hai que considerar as iniciativas desenvolvidas por Felip Cortiella e Ignasi Iglesias que en 1896 promoven unha Compañía Libre de Declamación en Barcelona ou as sucesivas experiencias do Teatre Intim de Adrià Gual, que se inician en 1898 e que gardan unha singular similitude coas propostas simbolistas de Stanislavski.

Na mesma liña hai que considerar a singular experiencia que vai promover en Madrid o crítico de teatro Alejandro Miquis[63] desde 1908 a 1911, que consegue crear un grupo de traballo que promoverá a realización de diversos programas que aínda a pesar dos seus pobres resultados, constituíron importantes iniciativas, alomenos no plano teórico, para propoñer alternativas para a renovación teatral como ten subliñado Jesús Rubio Jiménez[64]. Nun estudio posterior, o profesor da Universidade de Zaragoza aporta abundante documentación respecto da acollida que o movemento do "teatro de arte" tivo no Estado español durante o primeiro decenio do século XX[65], estudio que se pode completar con outras significativas achegas, como os traballos pioneiros de

63. En realidade o seu nome era Anselmo González.

64. Rubio Jiménez, Jesús. *Op. cit.*, 1982, 1983.

65. Rubio Jiménez, Jesús. *La renovación teatral española de 1900.* Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España, Madrid, 1999.

Enrique Díez-Canedo[66] ou outras máis recentes como as contidas no estudio coordinado por Dru Dougherty e María Francisca de Vilches[67] nas que se analizan as tendencias escénicas entre 1918 e 1939, na recente investigación que Juan Aguilera Sastre e Manuel Aznar Soler[68] veñen de publicar en torno á figura transcendental de Cipriano de Rivas Cherif ou no conxunto de traballos que a Revista *ADE/Teatro* dedica ó teatro español do primeiro tercio do século XX[69].

En todo ese amplo conxunto de excelentes e documentados traballos se pon de manifesto cómo o debate en torno á importancia e á necesidade dos "teatros de arte", en tanto que estratexias de renovación escénica, constituían un dos eixes recorrentes das múltiples iniciativas que tentan incidir na situación teatral e cómo esa necesidade vai constituír unha das máis significativas liñas de traballo de Cipriano de Rivas Cherif, o director co que Castelao traballaría na posta en escena de *Divinas palabras* en 1933[70]. Unha liña de traballo que será compartida, como dixemos, por Adrià Gual en Cataluña, e en Madrid por un reducido número de persoas que desde principios dos anos vinte botan a andar experiencias como "El Mirlo Blanco", "El Caracol" ou "El Cántaro Roto", denominacións que en certa medida viñan parodiar as dalgunhas agrupacións europeas como "Murciélagos", "Pájaros azules" ou "Gallos de Oro"[71]. Non debemos esquecer, xa que logo, que eses desexos de renovación, de transformación e de reteatralización tamén agromaron en España; no seu estudio e interpretación, no que tanto queda aínda por facer, tampouco podemos esquecer a importancia e a transcendencia que nese singular período de desenvolvemento cultural e artístico que vive toda a Península Ibérica, no seu conxunto, tiveron os movementos das primeiras vangardas, como se deixa translucir nas páxinas do excelente estudio de Juan Manuel Bonet[72].

66. Díez-Canedo, Enrique. *Artículos de crítica teatral. El teatro español de 1914 a 1936.* Editorial Joaquín Mortiz, México, tomo IV, 1968.

67. Dougherty, Dru e Vilches de Frutos, María Francisca. *El teatro en España, entre la tradición y la vanguardia (1918-1936).* CSIC-Tabacalera-Fundación Federico García Lorca, Madrid, 1992.

68. Aguilera Sastre, J. e Aznar Soler, Manuel. *Cipriano Rivas de Cherif y el teatro español de su época (1891-1967).* Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España, Madrid, 1999.

69. Revista *ADE/Teatro*, número 77, outubro de 1999: "Teatro de la España del Siglo XX, I: 1900-1936".

70. Aznar Soler, Manuel. *Valle-Inclán, Rivas Cherif y la renovación teatral española (1907-1936).* Cop d'Idees e T. I. V., Barcelona, 1992.

71. Aguilera Sastre, J. e Aznar Soler, M. *Op. cit.*, 1999, p. 110.

72. Bonet, Juan Manuel. *Diccionario de las vanguardias en España (1907- 1936).* Alianza Editorial, Madrid, 1995.

A PROPÓSITO DA VANGARDA

Se nos situamos agora no eido das vangardas, haberá que comezar por sinalar cómo na historia teatral europea podemos distinguir tres correntes claramente diferenciadas, aínda que se poidan establecer diversos elos e numerosas pontes entre as mesmas: dunha banda estaría o teatro comercial, na súa considerable diversidade de manifestacións, da outra teriamos os movementos de vangarda e a medio camiño das dúas habería que situar as propostas de renovación que, sen renunciar a algunhas das achegas realizadas polas vangardas, promoveron e desenvolveron un teatro verdadeiramente novo, un teatro que antes que calquera outra cousa, foi unha manifestación decididamente artística. Nesta última corrente, tan transcendental e significativa na historia do teatro contemporáneo, situamos as aportacións dun importante número de directores e creadores escénicos entre os que estarían A. Antoine, K. Stanislavski, E. G. Craig, V. Meyerhold, A. Tairov, M. Reinhardt, J. Coupeu..., e ós que, nunha liña de continuidade, teriamos que sumar, a modo se exemplo, a J. L. Barrault, Giorgio Strehler, Peter Brook, Arianne Mnouchkine ou Robert Lepage[73].

Os movementos vangardistas practican desde os seus inicios unha especie de estética da confrontación ou da negación e toman prestado parte do seu ideario e das súas estratexias daquela publicación, *L'Avant-Garde*, que se converte en bandeira do movemento anarquista. A negación das convencións artísticas establecidas, a ruptura con calquera manifestación artística anterior e a provocación permanente constitúen algúns dos eixes arredor dos que se artellan os movementos das chamadas vangardas históricas, particularmente os movementos teatrais que fixeron das accións escénicas (as primeiras "performances") unha das súas principais manifestacións. Ese espírito de provocación xa se deixaba sentir naquela singular velada celebrada en París o once de decembro de 1896, no momento en que Alfred Jarry presentaba a súa peza, *Ubu roi*, dicindo que "a acción que vai empezar ten lugar en Polonia, é dicir, en ningures" para despois deixar que o actor Firmin Gémier pronunciase unha palabra considerada tabú: "merdre".

Así empezaba a festa, e vai ser o italiano Tomasso Marinetti, que xa en 1905 editara a súa peza *Roi Bombace*, a imaxe e semellanza do "Père Ubu", o continuador da impostura e así, o 20 de febreiro de 1909 publica no xornal *Le Figaro* de París o seu "Manifeste du Futurisme"; a partir dese momento Marinetti empeza, con moi diversos colaboradores, unha atolada carreira de golpes de efecto e provocacións que tiñan como obxectivo subverter a orde artística establecida, ben que ó remate o seu movemento

73. Carlson, Marvin. *Theories of the Theatre*. Cornell University Press, Nova York, 1993.

destacase esencialmente polas actitudes e non polas realizacións, mais ese novo posicionamento actitudinal vai ter unha gran transcendencia no desenvolvemento dos movementos vangardistas, pois viña provocar unha ruptura dos patróns clásicos na valoración dos feitos artísticos para promover unha actitude radicalmente nova que facilitou que a consigna do "todo vale" se espallase como un regueiro de pólvora. Unha máxima recuperada e amplificada polos posmodernos, anos despois.

Marinetti promoveu a impostura, actitude que define con precisión o espírito vangardista e así, nunha das primeiras veladas futuristas, a que se celebra no teatro Rosetti de Trieste, o 12 de xaneiro de 1910, a provocación pasa a ser un dos elementos fundamentais da praxe futurista. As patacas, laranxas, e outros obxectos que tiraban os espectadores á escena eran unha mostra clara de que a vida retornara ó patio de butacas. Provocar a ira do espectador converteuse nunha das propostas básicas das veladas futuristas e para iso non dubidaban en vender entradas dobres ou en botar pegamento nos asentos. Estas actitudes lúdicas, van acompañadas das primeiras experimentacións no ámbito das artes escénicas e así, o 20 de decembro de 1913, Valentine de Saint-Point presenta na Comédie des Champs Elysées, un espectáculo no que a danza se mestura co recitado de poemas e coa proxección de ecuacións matemáticas nun pano. A remates de 1914, Marinetti presenta na Galería Doré de Londres fragmentos do seu manifesto *Zang, tumb, tumb,* inspirado nas investigacións de Luigi Russolo, que partía do feito de que os sons mecánicos tamén constituían unha forma de expresión musical. A chegada do ruído e da música mecánica incidiu na maneira de entender, mostrar e practicar o xesto, a postura, o movemento ou a declamación[74]. En 1918 Golbert Clavel e Fortunato Depero presentaron no Teatro dei Piccoli de Roma cinco pequenas pezas tituladas *Danzas plásticas* nas que aparecían marionetas de tamaño natural que realizaban movementos mecánicos, similares ós do espectáculo *O mercader de corazóns* que estrea Enrico Prampolini en 1927. Mentres tanto Giacomo Balla presentaba no Teatro Constanzi de Roma un espectáculo de cinco minutos no que se presentaba un xogo de luz sobre unha escenografía creada por el mesmo e co acompañamento de música de Igor Stravinsky. En 1915 Marinetti dá a coñecer o seu manifesto a prol dun *Teatro Sintético Futurista,* no que reclama a brevidade e a simultaneidade como elementos do novo teatro. Non interesaba contar unha historia, sinala, senón propoñer imaxes, sensacións, movementos, liñas, sons, cor. Neste sentido hai que lembrar aquela peza titulada *Acto negativo,* imaxinada por Bruno Corra e Emilio Settimelli, na que un home entra en escena, mira ó público e proclama "Non teño nada que dicirlles", para logo saír mentres baixa o pano. A brevidade é o lema; abonda cun instante, cunha frase, como ben sinala Guillermo de Torre:

74. Goldberg, RoseLee. *Performance Art.* Thames and Hudson, Londres, 1988.

> ¡As máis longas ocupan un par de páxinas e a súa representación —pois efectivamente, moitas delas foron representadas en varias cidades italianas— non pasarían dos dez minutos. Son apuntes de escenas, bosquexos máis que síntese de situacións, máis mímicas que faladas, sen que falte a ocorrencia enxeñosa, como nunha escena imaxinada por Marinetti, onde o pano só se ergue uns centímetros e o público unicamente mira as pernas das personaxes; ou ben outra obra onde aparece o escaparate dunha tenda no que se ven mans masculinas e femininas efectuando diversos signos e acenos como única acción[75].

Ese mesmo espírito de provocación e radical transformación dos métodos de expresión, comunicación e recepción foi asumido por diversos movementos como o Dadá, o futurismo ruso ou o surrealismo. As propostas teatrais e escénicas destas agrupacións de artistas pouco ou nada tiñan que ver coa convención teatral, mesmo coa que defendían artistas anovadores como Meyerhold, se ben este colaboraría con Vladimir Mayakovski nalgúns proxectos[76] e sería un dos principais promotores do constructivismo, movemento artístico que no eido teatral recolle un significativo conxunto de achegas e influencias que van desde as propostas escenográficas de Kasimir Malevich ata as investigacións de Nikolai Foregger, sen esquecer a influencia dos traballos de Émile Jacques-Dalcroze ou Rudolf von Laban[77].

O Dadá ten moi diversos precedentes, como as propostas de Frank Wedekind no Café Simplicissimus de Múnic ou as de Oskar Kokoschka en Viena[78], que xa prefiguran o teatro expresionista, se ben unha das súas manifestacións máis singulares vai ser a curta pero significativa experiencia do Cabaret Voltaire en Zúric, un espacio para actividades artísticas aberto por iniciativa de Hugo Ball e Emmy Hennings, que se presenta o día 5 de febreiro de 1916 cunha velada na que se leron poemas, e á que sucederían novos encontros de artistas nos que se realizaban as máis diversas accións, normalmente coordinadas por Tristan Tzara, Marcel Janco, Hugo Ball, Jean Arp, Richard Huelsenbeck; unha sala pola que pasarían políticos do relevo de V. I. Lenin ou coreógrafos famosos como Rudolf von Laban. Despois do peche do Cabaret Voltaire, o movemento Dadá converte París nun dos seus focos fundamentais de actuación, onde vai ter lugar a presentación de espectáculos como *Parade* (1917), un traballo elaborado entre Erik Satie, Pablo Picasso, Jean Cocteau e Léonide Massine; *Les Mamelles de Tirésias* (1917), de G. Apollinaire, ou *Les Mariés de la*

75. De Torre, Guillermo. *Historia de las literaturas de vanguardia.* Guadarrama, Madrid, 1965.
76. Meyerhold, Vsevolod. *Textos teóricos,* I e II. Alberto Corazón Editor, Madrid, 1972.
77. Carlson, Marvin. *Performance. A critical introduction.* Routledge, Londres, 1996.
78. Innes, Christopher. *Avant Garde Theatre.* Routledge, Londres, 1993.

Tour Eiffel, de Cocteau, no que colaboraron algúns integrantes dos Ballets Suecos, naquela altura tan famosos como os Ballets Rusos. Todas estas propostas escénicas eran o resultado dunha permanente interacción, por veces certamente aleatoria, entre o movemento, a palabra, a música e a expresión plástica, pois en moitas delas atopamos algúns dos pintores máis significativos do momento, como Pablo Picasso. Alemaña, Italia, Francia, Suíza, Austria, Polonia ou Rusia van ser os países onde estes movementos desenvolvan os seus programas artísticos e París será o lugar onde se produza a transición entre o dadaísmo e o surrealismo, proceso estudiado recentemente por Xesús González Gómez[79].

Entre as achegas máis substanciais dos movementos de vangarda, hai que situar as que se producen ó abeiro da *Bauhaus*, denominación dunha escola de deseño e investigación artística fundada polo arquitecto Walter Gropius en abril de 1919 e que logo do seu periplo en Weimar e Dessau, sería clausurada polos nazis. Entre os diversos obradoiros de aprendizaxe artesanal que se estableceron desde un principio, cómpre sinalar o dedicado ás artes do espectáculo, "a escena Bauhaus", que nun primeiro momento dirixiu o pintor e dramaturgo Lothar Schreyer. A mediados de 1923 Oskar Schlemmer[80] faise cargo do obradoiro e inicia un longo e fecundo período de experimentación e investigación, centrado fundamentalmente nas relacións entre arte e tecnoloxía (o home e a máquina), unha das teimas recorrentes do movemento, cunha actitude sempre fronteiriza que o levaba a rexeitar os límites formais dos medios de expresión artística. A súa filiación constructivista é certamente evidente. Schlemmer, que xa no seu cadro *Komposition auf Rosa* (1916) deixa ver o seu interese polo estudio do movemento e da súa representación, desenvolveu toda unha "teoría da representación" no que estudiou a forma de relacionar teoría, tecnoloxía e práctica teatral. O seu traballo orientouse a analizar as relacións estre pintura, espacio e teatro, ó tempo que mostraba un grande interese polo teatro de variedades e polo circo, interese que compartía cos constructivistas rusos. Particular transcendencia teñen os estudios e deseños respecto da escenografía e o vestiario que buscaban reflectir un mundo mecánico e dinámico, en constante movemento. O corpo do actor convértese, como reclamara Gordon Craig, nun obxecto mecánico para explorar os mundos do espacio, do movemento, da música. Procúrase un teatro total no que o home, o actor, sexa un elemento máis, non o elemento dominante entre os outros medios de expresión (cor, luz, son, tecnoloxía); de aí o seu interese polas propostas de Gordon Craig respecto da "su-

79. González Gómez, Xesús. *Teatro e surrealismo*. Edicións Laiovento, Santiago de Compostela, 1999.

80. Schlemmer, Oskar. *Escritos sobre arte, pintura, teatro, ballet. Cartas y diarios*. Paidós, Barcelona, 1987.

permarioneta". Entre os espectáculos de Schlemmer cómpre citar *O Ballet Triádico* (1922), *Gabinete das Figuras I* (1923), *Meta* (1924), *Danza xestual* (1926) *Treppenwitz* (1926/7), *Coro de máscaras* (1928). O seu, como se pode deducir, era o mundo do futuro, a penas intuído e tantas veces imaxinado, non o legado da tradición.

Pero non é Schlemmer o único creador naquela factoría experimental pois se Ludwig Hirschfeld-Mack e Kurt Schwerdtfeger realizan proxeccións luminosas, Manda von Kreibig e Carla Grosch participan en diferentes espectáculos de danza baseados na exploración do movemento mecánico, mentres Wassily Kandinsky utiliza cadros como personaxes para unha acción espectacular baseada na música de Modest Mussorgsky, *Cadros para unha exhibición*, e Xanti Schawinsky traballa con marionetas mecánicas no seu espectáculo *Circus* (1924). Como salienta RoseLee Goldberg:

> Arredor de 1923 os monecos e as figuras manipuladas mecanicamente, as máscaras e as vestiduras xeométricas constituían elementos centrais en moitas das representacións da Bauhaus. Kurt Schmidt deseñara un *Ballet mecânico* no que figuras abstractas e móbiles, identificadas coas letras A, B, C, D, E, eran trasladadas por "bailaríns invisibles", creando a ilusión dunha danza de autómatas. De igual xeito, a producción de Schmidt de *Home + Máquina* (1924) subliñaba os aspectos xeométricos e mecánicos do movemento, e o seu *As aventuras do pequeno corcovado* (1924), baseado tamén nas ideas de von Kleist, conduciu a unha escena de marionetas flexibles, baixo a dirección de Ilse Fehling[81].

A vangarda teatral europea de principios de século destacaba, xa que logo, por un conxunto moi heteroxéneo de propostas que ían da simple provocación ata a máis concienzuda e sistemática investigación, destacando neste último ámbito as achegas dos futuristas rusos, as orientacións temáticas dos expresionistas ou as indagacións dos integrantes da Bauhaus[82], sen esquecer algunhas propostas plásticas dos dadaístas, e a actitude iconoclasta e aberta a todo tipo de cambios e transformacións que semella unha característica común a todos os movementos, correntes e tendencias. Toda unha manchea de provocadoras propostas que, na súa dimensión plástica, aparecen citadas ou reflectidas nas páxinas do *Diario 1921*, de Castelao e sobre as que habemos volver a curto prazo en relación con algunhas salientables achegas de Luís Seoane, particularmente co seu *Esquema de farsa*[83].

81. Goldberg, RoseLee. *Op. cit.*, 1988, pp. 108-9.

82. Tampouco podemos esquecer a influencia dalgúns integrantes da Bauhaus como Xanti Schawinsky, nalgunhas experiencias que teñen lugar nos Estados Unidos de América, nomeadamente do Black Mountain College de Carolina do Norte, onde traballarán artistas tan transcendentais na segunda metade do século XX como John Cage ou Merce Cunningham. De Marinis, Marco. *El nuevo teatro, 1947-1970*. Paidós, Barcelona, 1988.

83. Seoane, Luís. "Esquema de farsa" en *Galicia Emigrante* 31, Bos Aires, 1957.

OUTROS DIVERTIMENTOS E PROPOSTAS ESCÉNICAS

O panorama do teatro europeo de entre séculos quedaría incompleto sen facermos referencia a un conxunto de experiencias que poden ter certo relevo no estudio do caso que agora nos ocupa pois cabo das experiencias de carácter elitista que organizaban os integrantes das vangardas ou do proceso e do proxecto de dignificación e reteatralización do teatro que promoven algúns dos directores de escena citados, tamén hai que considerar outras salientables achegas.

Unha delas está configurada por un conxunto de iniciativas que tiñan como obxectivo promover un teatro popular, un teatro que unhas veces se imaxinaba en función dun ideal educativo cultural e liberador (facer un teatro para o pobo) e noutras aparecía como un teatro do pobo e para o pobo. As dúas tendencias toman corpo durante o período en que se xesta e desenvolve a Revolución Francesa, pois se os movementos ilustrados van asumir a importancia do espectáculo teatral como instrumento de instrucción, tampouco faltan voces que insisten na necesidade de recuperar ou potenciar as celebracións de carácter popular, ben diferentes do modelo de teatro burgués que se vai impoñer durante o século XIX[84]. Cómpre salientar que a proposta dunha educación popular dirixida a todas aquelas persoas que tradicionalmente viñan sendo excluídas, ou non participaban, dos beneficios da educación, vai ser formulada dunha forma clara e precisa no famoso informe do marqués de Concordet (*Organización xeral da instrucción pública*, abril de 1792), ó tempo que se promoven as primeiras iniciativas tendentes a garantir a obrigatoriedade e a gratuidade da ensinanza[85], se ben con anterioridade se producisen propostas[86] que xa prefiguraban ese camiño, como algunhas das realizadas por Frei Martín Sarmiento[87].

Un dos primeiros autores en sinalar a necesidade de promover iniciativas orientadas á creación dun teatro verdadeiramente popular, en tanto que nacido do pobo, foi Jean-Jacques Rousseau, que xa en 1750 publicaba un traballo, co título xenérico de *Sobre as ciencias e as artes*[88], no que lamentaba cómo as artes escénicas en nada contribuían "a depu-

84. Salvat, Ricard. *Op. cit.*, 1981.

85. Dufraisse, Roger. "L'éducation durant la période révolutionnaire", en Gaston Mialaret e Jean Vial, *Histoire Mondiale de l'Éducation, II.* Presses Universitaires de France, París, 1981.

86. Santos Puerto, José. "Martín Sarmiento, una propuesta de educación popular postergada", en VV. AA., *VIII Coloquio Nacional de Historia de la Educación, I.* Servicio de Publicaciones de la Universidad de la Laguna, La Laguna, 1998.

87. Costa Rico, Antón. "A dimensión pedagóxica do Padre Sarmiento", en *O Padre Sarmiento e o seu tempo.* Consello da Cultura Galega e Universidade de Santiago, Santiago de Compostela, tomo II, 1997.

88. Rousseau, J-J. *Sobre las ciencias y las artes,* e outros discursos. Alianza Editorial, Madrid, 1996.

rar os costumes". Moitos dos seus argumentos, a penas bosquexados naquel primeiro traballo, serán plenamente desenvolvidos, e non sen contradicións, nun traballo posterior no que Rousseau criticaba a iniciativa de D'Alembert de solicitar a creación dun teatro na cidade de Xenebra. En efecto, a súa célebre e polémica *Carta a D'Alembert sobre os espectáculos*[89], constitúe unha dura crítica ó teatro burgués, pero antes que nada, contén unha dura condena dos espectáculos da época que, para Rousseau, constituían unha escola onde se potenciaban todos aqueles vicios que unha sociedade ilustrada debera combater. Rousseau condena os espectáculos "exclusivos", que "encerran" o público nun "antro escuro", para manter a xente "temerosa, inmóbil, en silencio e inactiva", ofrecendo imaxes de "servidume e desigualdade". Fronte a iso Rousseau propón outro tipo de espectáculos e xogos, que teñen lugar noutros espacios públicos e que promoven a relación de toda a comunidade:

> Mellor aínda, convertede os espectadores en espectáculo, facédeos actores, facede que cada quen se vexa e se guste nos demais para que dese xeito todos se atopen máis unidos[90].

En certa medida, as ideas sobre as que se sustentan as propostas de Rousseau van ser recollidas por Robespierre que non só potencia a posta en marcha dun teatro instrumental ó servicio da causa republicana, senón que quere instaurar as festas populares como unha das manifestacións máis xenuínas e anovadoras da revolución. Intelectuais como Louis-Sébastien Mercier e Marie-Joseph Chénier ou activistas radicais como Jacques-Louis David defenderon tanto a necesidade de programar espectáculos en defensa da revolución como a importancia de organizar festas populares, impregnadas dunha forte dimensión dramática e teatral, que contribuísen a potenciar a participación, a cohesión e a educación de toda a comunidade.

Trazar a xenealoxía do teatro popular, nesa dobre dimensión de que falabamos, non é un dos obxectivos deste traballo, polo que nos limitamos a sinalar algunhas das fontenlas en que se orixina[91] para, de seguida, volver ó período histórico polo que transitabamos hai pouco e sinalar cómo entre finais do século XIX e principios do XX, a cuestión do teatro popular volve coller un novo pulo, se ben agora son outros os movementos que o promoven e potencian, desde os movementos nacionalistas ata as agrupacións anarquistas.

89. Rousseau, J-J. *Carta a D'Alembert sobre los espectáculos.* Tecnos, Madrid, 1994.
90. *Ibidem*, p. 156.
91. Tampouco podemos deixar de sinalar a influencia dos movementos nacionalistas que durante todo o século XIX formulan proxectos de construcción nacional no que o teatro ten un rol central, procesos que teñen lugar en países como Hungría, Bulgaria, Romanía, Cataluña, Irlanda ou Galicia.

Cando en 1893 Auguste Linert e André Veldoux promoven a creación dun Théâtre d'Art Social, como oposición ó movemento da "arte pola arte" e como reivindicación dunha "arte para o home", están provocando un novo debate que será particularmente rico en Europa ó longo do primeiro tercio de século se ben xamais deixará de estar presente nos debates teatrais posteriores. O teatro de cuestión social ou cunha dimensión social, que tiña en H. Ibsen ou en G. Hauptmann dous xenuínos representantes, vai tomar novos rumbos a medida que se establecen novas agrupacións, moitas delas afeccionadas que promoven unha arte teatral de carácter popular e/ou revolucionaria (anarquista e socialista), segundo os casos. Se en Cataluña hai que salientar as experiencias desenvolvidas por Ignasi Iglesias e Felip Cortiella, en Francia resultan certamente salientables as propostas do grupo que en 1899 se constitúe arredor da *Revue d'Art Dramatique*, as iniciativas, os traballos teóricos e as pezas de Romain Rolland[92] ou as múltiples experiencias desenvolvidas por Fermin Gémier, un dos promotores do Théâtre Ambulant e, posteriormente, do Théâtre National Populaire, dúas experiencias sumamente importantes da xénese e desenvolvemento do concepto e das experiencias da "descentralización" teatral. Nesta mesma liña tampouco podemos esquecer as experiencias de teatro de axitación e propaganda[93] ou as diversas propostas de teatro político[94] que se suceden en diversos países europeos durante as tres primeiras décadas do século[95], un "teatro de tese" que terá especial significación na Guerra Civil española, se ben xa durante a Segunda República alimenta diversas polémicas[96].

Cabo destas primeiras e significativas experiencias de teatro popular cunha orientación educativa, mobilizadora ou claramente revolucionaria[97], segundo as experiencias, tamén hai que salientar algunhas outras iniciativas que, sen ter esa orientación popular ou ideolóxica (ou non sempre), si gozaban do favor do público. Un conxunto sumamente disperso de propostas escénicas que ían do espectáculo musical ós números circenses e do melodrama á pantomima, propostas que atopaban agocho en novos espacios escénicos que abren as súas portas a finais do século XIX. Esta xeira de "frivolidade escénica", por utilizar as palabras de Felicia Hardison

92. Unha das súas obras fundamentais é *Le Théâtre du Peuple (Essai d'Esthétique d'un théâtre nouveau)*, publicada en 1903, onde recolle traballos publicados na *Revue d'Art Dramatique*.

93. Bablet, Denis (dir.). *Le théâtre d'agit-prop de 1917 à 1932. L'URSS*. La Cité-L'Âge d'Homme, Losana, 1977.

94. Piscator, E. *Teatro político*. Editorial Ayuso, Madrid, 1976.

95. Gallo, Blas Raúl. *El teatro y la política*. Centro Editor de América Latina, Bos Aires, 1968.

96. Bilbatúa, Miguel. "Intentos de renovación teatral durante la II República y la Guerra Civil", en VV. AA. *Teatro de agitación política 1933-1939*. Edicusa, Madrid, 1976.

97. VV. AA. *Le Théâtre de contestation sociale autour de 1900*. Publisud, París, 1991.

Londré (1991), é propia de espacios como os cafés concertos e os cabarets artísticos, se ben en Alemaña, particularmente en Berlín e en Múnic, o movemento estivo, en ocasións, promovido e sostido por artistas tan salientables como Frank Wedekind, Max Reinhardt ou G. Grosz. Con todo, o movemento nace en París, ben que recuperando moitos dos divertimentos escénicos que foran populares en Inglaterra anos atrás[98]. Espacios como Les Folies Bergère, que data de 1869, Le Chat Noir, creado en 1881, Le Mirliton, aberto en 1885 ou Le Moulin Rouge, inaugurado en 1899, poñen de moda, para a burguesía e a bohemia, espectáculos baseados na rápida sucesión de diferentes números construídos a partir das máis diversas linguaxes. Ben cedo, Europa asiste á apertura de diversas salas, como Die Elf Scharfrichter (Os once executores) en Múnic, onde Frank Wedekind presentará algunhas das súas propostas máis provocadoras, ou Zielony Balonik (O balón verde), que funciona en Cracovia entre 1905 e 1912, como salienta Hardison Londré:

> Algúns artistas do Scharfrichter foron a Viena e abriron o Nachtlicht (Luz Nocturna, en 1906), que pronto trocou o nome por Fledermaus (Morcego). Este, á súa vez, inspirou o nome do primeiro cabaret ruso, Letuchaya Mysh (O Morcego), fundado por Nikita Baliev en 1908. O bulideio Baliev era o mestre de cerimonias das veladas que o Teatro de Arte de Moscova organizaba pola Coresma, cando os teatros pechaban, e gradualmente converteuno nunha empresa independente. Logo de comezar con veladas a base de números cómicos e musicais, O Morcego finalmente chegou a producir parodias de pezas clásicas rusas, moi ben deseñadas e realizadas e mesmo operas cómicas e ballets[99].

Algunhas das propostas de Nikita Baliev foron lembradas por Konstantin Stanislavski na súa obra *Mi vida en el arte*, un libro de memorias nó que o director ruso tamén fai referencia a algunhas outras salientables propostas que se desenvolven en Moscova naquela altura, promovidas desde o propio Teatro de Arte (os célebres estudios), se ben tampouco podemos esquecer moitas outras iniciativas que converten Moscova e San Petersburgo en dúas cidades fundamentais na hora de analizar algunhas das achegas e derivacións do teatro naquela altura. Nese sentido hai que salientar os traballos presentados no Teatro do Espello Curvo de San Petersburgo, onde atopamos como director de escena a Nikolai Evreinov, que potencia unha liña de traballo baseada na procura de novas fontes de teatralidade, que proveñen da *commedia dell'arte* (arlequinadas), dos espectáculos medievais, do circo, das bufonadas e dos espectáculos de feira (a barraca de feira, onde o grotesco,

98. Styan, J. L. *The English Stage*. Cambridge University Press, Cambridge, 1996.
99. Hardison Londré, Felicia. *Op. cit.*, 1991, p. 377.

o satírico e o burlesco se manifestaban con toda a súa crueza e espontaneidade), liña na que tamén afondaba Vsevolod Meyerhold. Por outra banda, hai que subliñar que este director de escena fixo célebre un subxénero espectacular baseado nos "monodramas", un espectáculo breve no que un único actor realizaba unha especie de síntese dos horizontes vitais dun personaxe nun momento determinado na súa vida. Nikolai Evreinov terá ademais unha influencia considerable, aceptada e valorada, na poética teatral de Cipriano de Rivas Cherif, como el mesmo recoñece naquela fermosa obra sobre dirección de escena que escribiu na cadea, durante a dictadura franquista:

> En presentación e representación, de forma antagónica, dividía un tratadista ruso de teatro anterior á revolución soviética, Evreinof, os estilos do teatro moderno a que poden reducirse todas as maneiras escénicas. O realismo presenta, segundo el, a escena da vida como unha reproducción fotográfica; *a estilización escénica representa a vida como o pintor, copiándoa na súa imaxinación, sintetizando e escollendo o que copia*[100], resumindo e fixando o incesante cambio de luz no concepto que o seu cadro forma da realidade visible[101].

Estas manifestacións teatrais, que terán unha singular influencia nas agrupacións escénicas que conforman o Théâtre de la Satire Révolutionnaire (os famosos "terevsat"), destacaban polo seu alto nivel profesional, por ter creado un espacio para a sátira literaria e artística e por partir dunha permanente síntese das máis variadas linguaxes ou por promover a recuperación de técnicas e recursos de diversas tradicións espectaculares.

Nesa mesma liña que promove o sincretismo e a renovación das linguaxes escénicas hai que situar a Sergei Diaghilev, un singular artista que tivo o acerto de crear, con Michel Fokine, unha das compañías de danza máis transcendentais do século, os famosos Ballets Rusos, nos que atopamos a figuras como Anna Pavlova ou Vaslav Nijinsky e que supoñen a culminación daquel proceso iniciado por Richard Wagner a prol da síntese entre todas as artes; a compañía contou entre os seus colaboradores a artistas plásticos tan salientables como Georges Braque, Pablo Picasso ou Giorgio de Chirico. Similar importancia teñen os Ballets Suecos, compañía de danza creada en Estocolmo en 1920 e que despois de se instalar en París, produce unha serie de espectáculos sumamente salientables como *Les Mariés de la tour Eiffel*, estreado en 1921, a partir dun texto de Jean Cocteau, unha proposta de interacción entre a palabra, a música, a danza, o movemento e as artes plásticas que se presentaba na altura en que Castelao vivía en París. Unha liña

100. A cursiva é nosa.

101. Rivas Cherif, Cipriano. *Cómo hacer teatro: Apuntes de orientación profesional en las artes y oficios del teatro español.* Edición de Enrique de Rivas, Pre-textos, Valencia, 1991.

de pescuda que tería continuidade noutros espectáculos igualmente importantes como *Relâche* (1924), a proposta na que se integraría o non menos famoso filme de René Clair *Entr'acte*.

A finalidade de moitas destas propostas obedecía certamente a un desexo de provocación, mentres que noutras ocasións non pasaba de ser unha oportunidade para escandalizar ou "abraiar" ós burgueses. Con todo, serviron para abrir novos camiños e para incidir nunha das teimas permanentes do teatro do século XX: a (re)teatralización das artes escénicas, un concepto que ten a súa raíz nas diferentes sendas abertas como reacción fronte ó naturalismo e ó realismo e que fai referencia á necesidade de buscar novas formas de espectacularidade[102].

Nesa liña de busca de novas formas de teatralidade, tamén habería que salientar a recuperación dalgunhas manifestacións da dramaturxia popular, tendencia que está presente no interese que moi diversos directores senten polo xénero da *commedia dell'arte*, polos espectáculos e festas medievais ou polo uso da máscara, con todas as implicacións que a nivel interpretativo supón ese elemento. Nun traballo recente, Fernando Domenech salientaba a importancia dos títeres nas diferentes tentativas de renovación teatral que teñen lugar en España durante o primeiro tercio do século vinte[103], coincidindo con outras propostas de análise que estudian a recuperación de xéneros menores[104] en tanto que supuñan a busca desas novas formas de dramaticidade e teatralidade de que falabamos. Mais necesariamente teremos que diferenciar a maneira en que esas formas "menores" van ser utilizadas polos impulsores da renovación teatral, do uso que delas fan outras persoas e colectivos máis interesados no teatro comercial, populista ou con outras orientacións[105]. As finalidades e obxectivos podían chegar a ser, nuns e noutros casos, radicalmente diferentes pois se nalgunhas poéticas o uso desas manifestacións da dramaturxia popular deriva nun marcado hiperenxebrismo, noutras sinalan camiños moito máis próximos ás novas correntes e tendencias, en ocasións servindo de fundamento e referente. Unha parte da obra de Ramón María del Valle-Inclán ou da de Federico García Lorca podería ser un bo exemplo disto último, perspectiva que contribúe a explicala e que axuda a interpretala.

102. De todo isto falamos máis polo miúdo nun traballo titulado "Daniel R. Castelao, o teatro galego e o movemento dramático nacional" e que vai ser incluído no volume VII das *Obras* de Castelao, que edita Galaxia.

103. Domenech, Fernando. "A tropa do compadre Fidel. Os Títeres e a renovación do teatro español a comezos do século XX", en *Revista Galega de Teatro* 17, 1997.

104. Huerta Calvo, Javier. "La recuperación del entremés y los géneros teatrales menores en el primer tercio del siglo XX", en Dru Dougherty e María Francisca Vilches de Frutos. *Op. cit.*, 1992.

105. Dougherty, Dru e Vilches de Frutos, María Francisca. *La escena madrileña entre 1921 y 1931*. Fundamentos, Madrid, 1997.

Igualmente salientables son as diversas propostas de presentación e introducción doutras tradicións teatrais, nomeadamente aquelas que proveñen de Oriente (teatro de sombras, No ou Kathakali), África ou América, destacando nestas últimas o carácter ritual e cerimonioso da comunicación teatral. Ese será un dos puntos de partida do proceso de teatralización que promove Antonin Artaud, no que tampouco podemos esquecer a súa visita ós Taraumara e as significativas experiencias que vive nesa comunidade situada no actual México, experiencias que teñen a súa raíz en rituais de iniciación psicotrópica similares ós descritos por Carlos Castaneda nos seus libros sobre Don Xoán[106]. Algunhas das propostas de Antonin Artaud, que xa prefigura o que hoxe coñecemos como Antropoloxía Teatral[107], serán revisadas e desenvolvidas por Eugenio Barba, Els Comediants ou La Fura dels Baus, en tres liñas creativas ben diferentes. Sinalaba Artaud en relación ó "teatro da crueldade":

> O teatro só poderá ser de novo el mesmo, ser un medio de auténtica ilusión, cando proporcione ó espectador verdadeiros remuíños de soños, onde o seu gusto polo crime, as súas obsesións eróticas, o seu salvaxismo, as súas quimeras, o seu sentido utópico da vida e das cousas e ata o seu canibalismo reborden nun plano nin finxido nin ilusorio, senón interior[108].

As ideas, dalgún xeito visionarias, de Antonin Artaud pouco tiñan que ver con aquela proposta orientada a recuperar a dramaturxia popular, sobre a que grupos como La Cuadra de Sevilla desenvolveron o seu ideario artístico e a súa poética. Estaban máis próximos dalgunhas das ideas que Gaspar Melchor de Jovellanos presenta no seu informe de 1796 sobre as diversións públicas e os espectáculos, e no que amais de salientar a importancia da formación teatral, destaca entre outras cousas a importancia desa tradición dramatúrxica popular:

> Tales son as nosas ideas verbo das diversións populares. Non hai provincia, non hai distrito, non hai vila nin lugar que non teña certas troulas e diversións, ora habituais, ora periódicas, establecidas polo costume. Exercicios de forza, destreza, axilidade ou lixeireza, bailes públicos, lumaradas ou merendas, paseos, carreiras, choqueiradas e foliadas; sexan as que fosen, todas serán boas e inocentes, con tal que sexan públicas. O bo xuíz ten a obriga de protexer o pobo neses pasatempos, dispoñer e adornar os lugares destinados para eles, afastar de alí canto poida turbalos, e deixar que se entregue libremente ó lecer e á alegría[109].

106. Falamos de *Las enseñanzas de Don Juan, Una realidad aparte, Viaje a Ixtlán* e *Relatos de poder*. Unha das fontes da "iluminación" é o "mescalito", fungo alucinóxeno (ou "peyote") con efectos similares ós que produce o LSD e co que se realiza un ritual de iniciación.

107. Barba, Eugenio. *La canoa de papel. Tratado de Antropología Teatral*. Escenología, México, 1992.

108. Artaud, Antonin. *El teatro y su doble*. Edhasa, Barcelona, 1990, p. 104.

109. Jovellanos. *Espectáculos y diversiones públicas*. Edición de José Lage. Cátedra, Madrid, 1992.

Jovellanos propón unha serie de festas e tradicións a recuperar e potenciar, entre as que destacan as mascaradas de Nadal e Entroido e outros divertimentos e xogos escénicos que analiza, na súa dimensión histórica, na primeira parte do informe; o seu discurso, salvando as diferencias, está certamente moi próximo das festas que propoñía J-J. Rousseau e que vai tentar potenciar o sector máis radical dos xacobinos durante a Revolución. Unhas festas que, como dixemos, constituíran unha das fontenlas do teatro popular, particularmente en Francia. Un teatro popular que, por certo, non era alleo a directores de escena que tamén se significaron no eido da renovación escénica. Nun artigo publicado en *La Libertad* o día 2 de xullo de 1920, Cipriano de Rivas Cherif sinala:

> Non temos novas de que ata agora se teñan tentado en España a creación dun Teatro popular. As funcións que normalmente detentan esa denominación ofrecen a un público eventual as mesmas obras representadas os días chamados de moda, a prezos reducidos. Nada teñen que ver co Teatro do Pobo. O Teatro do Pobo aínda non existe. Aínda máis, os autores dramáticos consideran desde fóra o espectáculo que o pobo ofrece e mesmo chegan, sinceramente, por agradar a paixón colectiva, a compadecelo nos seus padecementos e a excitar a súa vinganza. Son moi poucas, sen embargo, as obras escénicas que denotan esa colaboración entre o poeta tráxico e o pobo —inspirador e non só suxeito paciente— indispensable para plasmar en forma dramática os novos mitos creadores do porvir[110].

Un teatro popular que, naquela altura, tiña unha indubidable connotación social e reivindicativa e que vai vivir en España momentos sumamente importantes coas experiencias de Alejandro Casona, co seu Teatro del Pueblo[111], Rafael Dieste co seu Teatro de Fantoches[112] e Federico García Lorca con La Barraca[113].

UN TEATRO POPULAR PARA UN PÚBLICO NOVO. A PROPÓSITO DE A. D. RODRÍGUEZ CASTELAO

Un dos trazos que máis caracterizan o *Diario 1921* é o forte desacougo moral ("se o progreso pode traer tanta inmoralidade eu prefiro que

110. Aguilera Sastre, J. e Aznar Soler, M. *Op. cit.*, 1999, p. 93.

111. Cervera, Juan. *Historia crítica del teatro infantil español.* Editora Nacional, Madrid, 1980.

112. Fernández Soria, Juan Manuel. "Teatro para el pueblo y educación popular en la Segunda República: ¿un dirigismo para la libertad?", en VV. AA., *VIII Coloquio Nacional de Historia de la Educación, III.* La Laguna, Servicio de Publicaciones de la Universidad de la Laguna, 1998 a.

113. Saénz de la Calzada, L. *Federico García Lorca y su teatro universitario.* Revista de Occidente, Madrid, 1976.

non chegue endexamais á nosa Terra"[114]), e a fonda inquietude artística en que vive o seu autor, raiceira dos sentimentos encontrados que lle provoca o panorama das novas tendencias europeas. Unha situación que se deixa sentir naquela pregunta tantas veces citada:

> ¿Porque acepto as intencións intelectuales dos novos e logo as obras firen desagradablemente os meus ollos? Cheo estóu de preocupacións e coido que istas manifestaranse no meu arte[115].

Castelao era, de certo, consciente da urxente necesidade de renovar a arte e de abrir novos camiños, mais dubidaba que aqueles que tiñan abertos os cubistas, os futuristas, os expresionistas ou os orfistas fosen os seus, pois como sinalaba "serei outra cousa que aínda non sei o que será"[116], ou que fosen, en definitiva, os máis axeitados para a súa terra, obxectivo último de todas as súas indagacións, preocupacións e procuras artísticas e estéticas. Por iso as preocupacións provocadas pola súa viaxe a penas se manifestan na súa arte ("teño que confesar que saliréi de eiquí tal como vin e sen deprender nada"[117]), e tan só na escrita da peza *Os vellos non deben de namorarse* se poden albiscar algúns trazos tirados tanto daquelas dúas funcións ás que asiste no Teatro Fémina como do forte impacto que lle causan os coros populares de Ucraína.

Non hai dúbida de que certas claves para a composición desta peza podemos atopalas nos parágrafos que Castelao escribe logo de ter visto a función do Teatro do Morcego no Teatro Fémina de París, mais somos da opinión de que o que Castelao atopa en París non é senón unha confirmación do seu propio ideario artístico que el mesmo formula cando sinala como características salientables do Teatro do Morcego o uso da "côr i espresión concentrada para eispresar dun xeito sintético unha parodia, unha bufonada, unha sátira, unha ironía...". Mais é o propio Castelao quen salienta ese extremo cando afirma:

> Eiquí, en Europa, canto vin, canto observéi, canto paséi trocóume nun home máis forte de pensamento, máis seguro nas miñas *afirmacións* e as miñas *negacións* de artista enraizado na Terra e no seu esprito[118].

Moitos dos trazos que tanto valora en Baliev xa aparecen propostos nalgúns dos seus textos estéticos fundamentais como nas conferencias "Algo acerca de la caricatura"[119], onde atopamos unha interesante referencia ó ideario simbolista e anti-naturalista de Maeterlinck[120], "Arte e ga-

114. Castelao, A. D. R. *Op. cit.*, 1977, p. 110.
115. *Ibidem*, p. 304.
116. *Ibidem*, p. 305.
117. *Ibidem*, p. 314.
118. *Ibidem*, p. 311.
119. Conferencia lida no Ateneo de Madrid en 1915.
120. Castelao, A. D. R. *Op. cit.*, 1996, p. 14.

leguismo"[121] ou "Humorismo. Debuxo humorístico. Caricatura"[122], un conxunto de textos que conteñen algunhas das ideas fundamentais sobre as que vai construír a súa poética: sintetismo, ironía, crítica social, respecto pola tradición e polo propio e compromiso coa terra e cos seus naturais, labregos e mariñeiros, pois o proletariado non existe no seu modelo identitario. Na segunda das conferencias citadas, Castelao mostra unha absoluta seguridade respecto das orientacións, funcións e finalidades da súa creación artística:

> Ise medo que teñen moitos galegos de que facendo cousas galegas non poidamos chegar a Madrid é a mostra máis baruda d'a súa falla de sentimento artístico, de cultura estética e de sociabilidade. Eu coido, en troques, que faguendo obras galegas, en canto sexan de certo boas obras de arte; irán pol-o mundo adiante. Eu non me teño en tan pouca cousa, como galego namorado d'a miña raza, que con chegar a Madrid a nosa arte xa poidera morrer satisfeita. Non; eu cobizo moito máis; eu quixera que o nome d'a nosa Galicia ben amada fose moito máis alá d'as terras de fala castelán[123].

Castelao escolle, xa que logo, asuntos tirados da tradición propia de Galicia e da súa realidade social e tan só no seu tratamento, e non sempre, vai botar man dalgunhas das achegas que realizaran algunhas das novas correntes como o expresionismo, tan presente en Valle-Inclán por outra parte, ou o simbolismo, pois non quixera eu deixar de sinalar que aquela célebre frase a respecto do valor sémico dun cabazo baleiro vai precedida dunha cita de Maeterlinck na que o dramaturgo belga sinala:

> Un sombreiro e un salvavidas nadando sobre as maruxías do mar deserto, din máis, ó espírito e ó sentimento, da traxedia, que unha prolixa narracción do naufraxio[124].

Unha parte considerable da materia dramática de *Os vellos non deben de namorarse* provén da tradición popular[125], e a propia estructura da peza reproduce na súa esencia un modo moi popular de discutir e pensar, "o caso", do que falaba Rafael Dieste[126] e que nos remite ós exemplos e moralidades medievais. As claves para o estudio e a análise da súa peza hai que buscalas, antes que en calquera outro sitio, na tradición dramatúrxica galega (parrafeos, paliques, xogos de entroido, a Santa Compaña), na tradición burlesca española, na que teriamos que considerar algunhas

121. Conferencia pronunciada na Coruña o 25 de agosto de 1919.
122. Conferencia dictada na Coruña en marzo de 1920.
123. Castelao, A. D. R. *Op. cit.*, 1996, p. 27.
124. *Ibidem*, p. 14.
125. Ruibal, Euloxio R. "A tradición popular en *Os vellos non deben de namorarse*", en *Grial* 132, Galaxia, Vigo, 1996, pp. 453-72.
126. Dieste, Rafael. *Op. cit.*, 1981, p. 143.

obras de Francisco de Quevedo[127] ou nas comedias burlescas do Século de Ouro[128], e noutras celebracións dramáticas de indubidable raizame popular como as danzas da morte[129], festas dos tolos (o "obispillo)[130] e outras manifestacións de mortos e aparecidos[131], particularmente presentes no teatro medieval e que perviviron en moitas áreas de Europa[132].

É certo que o uso da máscara, como elemento cun marcado carácter simbolista ou expresionista (segundo as tradicións e as poéticas), foi potenciado por dramaturgos como Eugene O'Neill ou William Butler Yeats mais resulta ben rechamante ir buscar xusto aí as influencias, sabendo como sabemos que a recepción da obra destes autores foi escasa en Galicia e no caso do autor de *Cathleen ni Houlihan*, as pezas nas que introduce o uso de máscaras eran a penas coñecidas en Galicia, pois son aquelas que pertencen ó ciclo mítico, no que Yeats recupera e recrea lendas, mitos e personaxes lendarios da rica tradición gaélica[133]. As máscaras que Castelao introduce na súa obra proveñen da propia tradición galega pois o uso de caretas, feitas de madeira, trapo ou cartón, era un costume presente en diversas festas do ciclo agrícola:

> Tampoco es dable pensar en la preciosa careta del teatro asiático o en las tan expresivas del arte negro, pues nos basta la careta del carnaval, que los pueblos occidentales adaptaron a su gusto y para su diversión. No bastan los débiles experimentos del teatro selecto en Europa y Norteamérica y se impone la necesidad de ofrecer al pueblo un teatro nuevo cargado de sabor. Y a este respecto la careta es un artificio magnífico[134].

Descoñecemos a qué se refire Castelao cando fala deses "débiles experimentos" pois na altura de 1941, data en que publica ese artigo, "La careta"[135], en *Pensamiento Español*, en Europa xa se tiñan producido significa-

127. Quevedo, Francisco de. *Los sueños*. Edición de Ignacio Arellano y M. Carmen Pinillos. Colección Austral, Madrid, 1998.

128. VV. AA. *Comedias burlescas del Siglo de Oro*. Edición de Ignacio Arellano, Celsa García Valdés, Carlos Mata, e María del Carmen Pinillos. Austral, Madrid, 1999.

129. VV. AA. *El teatro medieval*. Recompilación e notas de Nilda Guglielmi. Editorial Universitaria de Buenos Aires, Bos Aires, 1980.

130. Cox, Harvey. *Las fiestas de los locos*. Taurus, Madrid, 1972.

131. Paz Gago, Chema. "Tradición e folclore no teatro galego contemporáneo (A lenda da morte)", en *Boletín Galego de Literatura* 11, Galaxia, Vigo, 1994.

132. Eliade, Mircea. *Tratado de historia de las religiones* (I e II). Ediciones Cristiandad, Madrid, 1974.

133. Yeats, W. B. *Collected plays*. Papermac, Londres, 1992.

134. Castelao, A. D. R. *Obras*, I. Edición de Manuel Rosales. Editorial Galaxia, Vigo, 1999.

135. Sobre a careta e os seus efectos na interpretación xa se tiñan publicado artigos interesantes como o asinado por Ramón Pérez de Ayala e titulado "Las máscaras. La reteatralización", publicado en *España*, número 44, 1915, reeditado en VV. AA. *La renovación teatral española de 1900*. Edición de Jesús Rubio Jiménez. Asociación de Directores de Escena de España, Madrid, pp. 201-3. Tampouco se poden esquecer as experiencias respecto da expresión corporal recollidas en Dalcroze, Emile. *Rhythm, Music and Education*. Arno Press, Nova York, 1976.

tivas e substanciais achegas en moi diversos eidos e realizadas por directores de escena ben transcendentais, ó tempo que en Estados Unidos de América Xanti Schawinsky, antigo colaborador de Oskar Schlemmer na Staatliches Bauhaus Weimar, presentaba en 1938 o interesante espectáculo *Danza macabra* no Black Mountain College, polo que entendemos que o anterior xuízo de valor non é senón unha mostra manifesta do seu descoñecemento do acontecer teatral, perfectamente xustificable por outra parte.

Semella importante a referencia a un "teatro novo" e "cargado de sabor", na que adiviñamos unha aposta por un teatro popular que recollese as esencias da tradición galega, como naquel argumento para unha farsa de teatro de caretas que aparece recollido no primeiro volume das súas *Obras*[136] e no que introduce elementos como os romances de cegos, os maios ou a Santa Compaña. E nese sentido, nesa distancia respecto das "manifestacións novas"[137], atopamos unhas similitudes certas coas teses defendidas por Miguel de Unamuno cando anunciaba: "Esvaecerán os modernismos todos diante do eternismo trunfador"[138]. Nesa reivindicación da tradición, das esencias case eternas, que Castelao como dixemos quería procurar na Idade Media, hai que buscar as fontenlas dun teatro novo e popular, como salienta o propio Unamuno:

> Do pobo, masa relativamente homoxénea, orixe e fonte de onde xorde toda a diferenciación e a onde volve para resucitar en incesante palinxénese, plasma xerminativo das nacións e raíz da súa inmortalidade, principio da continuidade no espacio e no tempo das nacións todas, do pobo agromou o drama, do coro[139].

Velaí os coros de mulleres que aparecen en *Os vellos non deben de namorarse*, as verdadeiras fontes do drama pois actúan como un espello onde os personaxes se ven reflectidos, uns personaxes que levan careta non só polas posibles pautas interpretativas que o uso da careta poida propiciar (e digo posibles porque esa ruptura interpretativa que Castelao propuña precisaba naquela altura de actores e actrices novos, alleos á declamación patriótica), senón porque constitúen, como nos exemplos medievais, unha galería de tipos cos que mostrar un determinado espectro social. A careta non só lle permite a Castelao converter os personaxes en caricaturas, en tipos, fixando o seu carácter con precisión nuns poucos trazos singulares, senón que é, nas súas propias palabras, "el artificio más adecuado para un teatro del pueblo"[140].

136. Castelao, A. D. R. *Op. cit.*, 1999, pp. 575-6.
137. *Ibidem*, 1996, p. 80.
138. Unamuno, Miguel de. "La regeneración del teatro español", en VV. AA. *La renovación teatral española de 1900*. Edición de Jesús Rubio Jiménez. Asociación de Directores de Escena de España, Madrid, 1998, p. 174.
139. *Ibidem*, 1998, p. 169.
140. Castelao, A. D. R. *Op. cit.*, 1999, I, p. 568.

Un teatro do pobo que, en consecuencia, non podía asumir, pola súa propia natureza, a dimensión crítica, a pulsión social, que tiñan outras manifestacións dramáticas e teatrais da época e que tamén está presente na súa obra gráfica, particularmente nos álbums *Galicia mártir, Atila en Galicia* ou *Milicianos*[141]. Por iso se sinala no prólogo que non se trata dunha obra de tese: "Non é de tesis, non"[142]. É, a penas, unha farsa que participa da dimensión sarcástica, moralizante, exemplificadora e didáctica de moitas manifestacións da dramaturxia popular (os sermóns de Entroido, xa que logo, que teñen o precedente dos sermóns satíricos medievais) [143]. Nese sentido, a proposta de Castelao está moito máis próxima daquela literatura popular e para a xente que Eduardo Blanco Amor imaxinou en obras tan salientables como *Estoraque o indiano, O cantar dos cantares* ou *Juan el pantera*, unha literatura que como dicía o propio Castelao[144] nunha mensaxe gravada con ocasión da estrea de *Os vellos non deben de namorarse* en Montevideo, "jamás dejaría de ser una obra de arte gallego, porque está hecho con zumo de tierra y miel de tradición gallega". Unha literatura nacida da tradición e escrita para promover un teatro popular, como aquelas manifestacións dos "coros ukranianos" que tan fonda pegada van deixar nel sobre todo cando cisma na posibilidade de poñer en marcha en Galicia experiencias similares. Como sinalaba o propio Castelao cando case remataba o seu diario:

> Pois ben; compre que o arte sexa popular, quérese decir conforme ó *gosto* do pobo e non ó parecer do pobo (o *parecer* que teñen hoxe). O que se precisa é cambear o *gosto* da xente de *buen gusto* pra que o pobo troque o seu *parecer* i entón o arte novo será popular, quero dicir o arte de mañán, o que eu coido que vira por voltar os ollos á Edade Media[145].

E chegados aquí non hai máis que ler o capítulo introductorio do libro de Bajtin sobre Rabelais para nos decatar de cómo os referentes dramáticos teatrais de Castelao non estaban nin en Moscova nin en París, senón na súa vella e querida Galicia. Por iso *Os vellos non deben de namorarse* está cheo de elementos da tradición e da dramaturxia popular: parrafeos, prantos, xogos de entroido, danzas macabras e outros elementos inseridos na trama e tratados desde unha perspectiva totalmente nova en Galicia, pois o autor sabe fuxir do costumismo na fala e do hiperenxebrismo no tratamento da materia dramática. A depuración á que somete eses ele-

141. Castelao, A. D. R. *Galicia mártir, Atila en Galicia, Milicianos.* A Nosa Terra, Vigo, 1995.
142. Castelao, A. D. R. *Op. cit.*, 1999, I, p. 457.
143. Cocho, Federico. *O carnaval en Galicia.* Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1990.
144. Castelao, A. D. R. *Op. cit.*, 1999, I, pp. 573-4.
145. Castelao, A. D. R. *Op. cit.*, 1977, p. 308.

mentos, propios dos ritos de paso e transición, é o que lle confire á peza ese carácter especial, esa condición de ser un punto intermedio entre a tradición e a renovación, entre o tribal e a modernidade.

CONCLUSIÓNS

As dúbidas respecto da posibilidade de considerar *Os vellos non deben de namorarse* como unha proposta textual para un "teatro de arte" aumentan considerablemente despois de todo canto levamos dito. Non hai dúbidas certamente respecto do interese que Castelao tiña por promover unha síntese artística entre diversas linguaxes escénicas mais esa é unha teima vella en todo o teatro español, pois son moitos os autores que reclaman a necesidade de potenciar un teatro de arte e quizais fose Adrià Gual un dos primeiros directores en contar coas condicións necesarias para promover esa síntese. A filiación que Castelao quere para as súas propostas dramatúrxicas, en tanto que fala dun "teatro de arte galego" non abonda para que esa filiación se poida conceder á peza que finalmente escribiu, alomenos se partimos dunha análise rigorosa do que o movemento do teatro de arte supuxo, desde unha perspectiva escénica, en París, en Moscova ou mesmo en España, espacios onde triunfaban autores como Ibsen e as temáticas que presentaban, radicalmente opostas á visión tradicional e conservadora que latexa no texto de Castelao[146]. A posibilidade de relacionar a obra de Castelao coas vangardas[147], por moito que haxa algúns trazos estilísticos nesa única peza con que contamos polo de agora, é pouco menos que inaudita, sobre todo se consideramos as razóns que aduce Xosé Ramón Pena no seu coñecido estudio[148]. A hipótese de que os apuntamentos que Castelao[149] deixa recollidos no seu diario de traballo teñan algunha relación cos teatros de arte ou coas propostas vangardistas é pouco menos que fantástica, por moito que nelas devale unha estraña mestura entre tradición e modernidade, entre folclore popular e transgresión inocente.

Castelao imaxina no Teatro Fémina un "teatro de arte" a partir dun espectáculo que estaba máis relacionado co teatro de cabaret e cos espectáculos de variedades que cos teatros de arte, pois as propostas de Baliev estaban a medio camiño entre o musical e os espectáculos inconformistas que se realizaban nos cafés literarios e salas alternativas

146. Blanco, Carmen. "Pimpinela, o amor e o poder", en *Castelao*, Suplemento especial. *La Voz de Galicia*, 9-I-00.

147. Vieites, Manuel F. *Unha lectura de Os vellos non deben de namorarse*. Xerais, Vigo, 1996.

148. Pena, Xosé Ramón. *Manuel Antonio e a vangarda*. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1996.

149. Castelao, A. D. R. *Op. cit.*, 1977, pp. 106-7.

de San Petersburgo ou Moscova, propostas recollidas en diversos filmes que os mesmos futuristas realizaron, como no titulado *O drama no cabaret. Número 13.* Un "teatro de arte" co que tamén soñaban, por outras razóns ben diferentes, en España e Cataluña e que reclamaban Alejandro Miquis, Jacinto Benavente, Carmen de Burgos, Manuel Linares Rivas, Ramón del Valle Inclán, Jacinto Grau, Enrique Díez-Canedo ou Salvador Bartolozzi, persoas que figuran entre os máis de setenta asinantes dun "Manifiesto del Teatro de Arte" que se fai público en Madrid no ano 1908[150]. Un teatro de arte, todo hai que dicilo, elitista e esteticista, máis interesado na promoción de dramaturgos estranxeiros ou de autores novos, esquecidos ou marxinais, que na relación co gran público e que, polo tanto, pouco tiña que ver con aquel devezo de promover unha arte popular que latexa nas páxinas do *Diario 1921.*

As claves, serían ó noso entender outras e tiñan moito que ver coa situación da cultura galega naquel momento e coa necesidade de dignificación (renovación sen ruptura, transición sen espasmos) [151] a que se facía referencia en moi diversos espacios, particularmente desde *A Nosa Terra.* Unha boa parte do teatro que se realiza en Galicia desde 1912 a 1936, posúe unha tonalidade marcadamente rexionalista o que equivale a dicir que a nivel escénico dominaba o costumismo, o enxebrismo e un hipernaturalismo que aínda non descubrira o cartón pedra; a interpretación non ía máis alá da declamación e do expresionismo histriónico e a dirección de escena a penas consistía en comprobar e acompañar a memorización do texto, coordinar as réplicas e ordenar o tráfico escénico[152]. O seu valor artístico, no marco da teoría teatral ou desde a perspectiva da historia do teatro, é certamente pouco, se ben o seu estudio e investigación ten un enorme interese se nos situamos no eido de disciplinas como a socioloxía da cultura, en tanto que poderemos analizar o seu rol nos procesos de construcción dun espacio público nacional[153].

A creación dun teatro nacional era unha das maiores preocupacións e un lugar recorrente nos artigos que durante anos publican algúns intelectuais galeguistas. Henrique Rabunhal[154] ou Laura Tato Fontaíña[155] teñen

150. Rubio Jiménez, *Op. cit.*, 1993, pp. 138-40.

151. Foster, George M. *Las culturas tradicionales y los cambios técnicos.* Fondo de Cultura Económica, México, 1980.

152. Neste sentido poden ter interese unha serie de artigos aparecidos en *A Nosa Terra* a partir do número 157 (15-II-1922) nos que Ramón Alvariño (probablemente Leandro Carré Alvarellos) ofrece uns apuntes de teoría teatral aplicada á posta en escena, apuntes sobre os que andamos a preparar un traballo.

153. González-Millán, Xoán. "O discurso literario galego e a configuración dun espacio público nacional no primeiro tercio do século XX: un marco de reflexión", en Arturo Casas. *Tentativa sobre Dieste.* Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1995.

154. Rabunhal, Henrique. *Textos e contextos do teatro galego. 1671-1937.* Edicións Laiovento, Santiago de Compostela, 1994.

155. Tato Fontaíña, Laura. *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936.* A Nosa Terra, Vigo, 1999.

analizado e explicado todo o proceso en diversos traballos moi documentados, onde ademais se dá noticia das diferentes liñas, algunhas contrapostas, que tentaban incidir nesa dinámica e das polémicas que suscitan. Vicente Risco, Víctor Casas, Plácido Castro, Antón Villar Ponte ou Rafael Dieste son algunhas das voces que participaron na polémica, se ben Dieste é quen máis insistiría na precariedade artística do teatro galego nun artigo publicado en *El Pueblo Gallego*. Como mostrou e demostrou Arturo Casas[156], Rafael Dieste é un autor a quen ocupaban e preocupaban cuestións relativas á teoría e á estética teatral, sen renunciar a unha escrita que ora opta por unha orientación popular, como en *A fiestra valdeira*, ora explora novas posibilidades, como en *O drama do cabalo de axedrez*. Dieste reclamaba dignidade artística fronte a populismo, calidade antes que cantidade, mais a dignificación do teatro galego resultou unha tarefa imposible debido a tantas carencias, sobre todo á falta do poder político necesario para poñer en marcha programas cos que mellorar a calidade artística dos elencos e das producións, alén de iniciativas desde as que incidir na necesaria formación dos públicos, queixa permanente de directores como Fernando Osorio[157]. Non debemos esquecer que o plan de acción cultural que imaxinan nas Irmandades da Fala non puido ser desenvolvido debido á falta dos recursos necesarios para impulsalo; recursos cos que si contarían outras iniciativas posteriores, algunhas tan interesantes e salientables xa citadas como o Teatro del Pueblo de Alejandro Casona, o Teatro de Fantoches de Rafael Dieste ou a compañía La Barraca de Federico García Lorca.

Nesa vontade de dignificación habería que situar as poucas reflexións teóricas de Castelao e o único texto dramático que nos deixou. Sen embargo, non podemos afirmar que Castelao fose un home de teatro; cando menos na mesma medida en que o foron, salvando as moitas diferencias existentes entre eles, Leandro Carré, Fernando Osorio, Antón Villar Ponte ou Rafael Dieste. Castelao, como os seus compañeiros de xeración e de causa política, sentía unha fonda preocupación polos diversos problemas que padecía a cultura galega e non podía manterse alleo á necesidade de promover un teatro galego novo e de calidade, desde o que imaxinar un teatro nacional e que estivese en consonancia con algunhas tendencias que se manifestaban en España e Europa; non coas máis vangardistas certamente, pero si con aquelas que máis posibilidades tiñan de ser adaptadas ás características da sociedade galega da época: a Galicia rural e mariñeira. E aí era onde el situaba un teatro popular que, polo mesmo feito de selo, non podía re-

156. Casas, Arturo. *Op. cit.*, 1997.

157. Vieites, Manuel F. "De J. M. Synge a A. Villar Ponte. Teatro, literatura dramática e construcción nacional na periferia atlántica. Anotacións para un estudio preliminar", en VV. AA. *Como en Irlanda*. Colección Centro Dramático Galego, I.G.A.E.M., Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.

nunciar ó seu carácter artístico (como os panos rameados ó xeito popular) nin a esa permanente interrelación entre a cor, a palabra, a música e o movemento que presentaban aquelas manifestacións populares que aínda mantiñan vivas as raíces da súa esencia.

Como salientabamos recentemente[158], Castelao é unha das figuras transcendentais na recente historia de Galicia, un home que fixo da construcción nacional o motor central da súa existencia e que orientou toda a súa actividade, fose no terreo que fose, a ver cumprido ese soño, sempre cun esforzo xeneroso e solidario. Nada do que tivese que ver con Galicia lle foi alleo e por iso foi quen de sumar esforzos en moi diversos ámbitos da creación e da acción cultural. A súa aportación á literatura dramática e ó teatro foi escasa, mais mesmo así foi quen de intuír a posibilidade de imaxinar teatro nacional asentado na tradición e con vocación de modernidade, un proxecto de teatro popular que fose quen de crear e formar o seu propio público. Un teatro popular que recollese e potenciase a enorme riqueza dramatúrxica das diversas formas e elementos dramáticos presentes dunha sociedade agraria que aínda mantiña a súa pulsión telúrica en múltiples festas e celebracións. Un camiño que aínda hoxe permanece case inexplorado e pechado.

M. F. V.

158. Falamos dun traballo breve escrito a pedido da Fundación Castelao para ser incluído no catálogo dunha exposición que a Fundación e Caixa Galicia van presentar en diversas cidades do país durante este verán.

Reconsideración da rexión. Cultura, institucións e desenvolvemento económico en Cataluña e Galicia

Michael Keating

I. O NOVO REXIONALISMO

Desde os anos 80 tense producido un gran cambio no xeito de pensar sobre o desenvolvemento rexional en Europa[1], desprazando o centro de atención do nivel estatal ós niveis globais, continentais e europeos. As políticas na época da posguerra estiveran, polo xeral, baseadas na dirección e planificación estatal e na capacidade de desviar o investimento público e privado das rexións máis florecentes ás menos desenvolvidas ou en declive. Os instrumentos principais foron investimentos en infraestructuras, subvencións e recortes nos impostos, e controis de planificación materiais. Na década dos 70 este enfoque foi bastante controvertido e nos 90 foi substituído por outro máis competitivo no que as rexións se ven na obriga de buscar o seu propio lugar na división europea e global do traballo. Os novos enfoques conteñen cambios nas circunstancias e na comprensión académica do problema rexional. O cambio máis importante é o contacto das rexións cos mercados globais e europeos. A "globalización" é un termo simbólico para referirse a unha serie de efectos, incluíndo un mercado internacional máis libre, mobilidade de capital e a aparición da corporación transna-

1. Batchler, John. "Regional Policy in the 1990s. The European Perspective", en R. T. Harrison e M. Hart (eds.). *Spatial Policy in a Divides Nation.* Jessica Kingsley, Londres, 1993; "New Dimensions in Regional Policy in Western Europe", en Michael Keating e John Loughling (eds.). *The Political Economy of Regionalism.* Frank Cass, Londres, 1997. Keating, Michael. *Nations against the State. The New Politics of Nationalism in Qebec, Catalonia and Scotland.* Macmillan, Londres, 1996; *The New Regionalism in Western Europe. Territorial Restructuring and Political Change.* Edward Elgar, Aldershot, 1998a; "New Directions in Regional Policy in Europe. Economic issues and political responses", en Regional Studies Assoiciation Conference, Bilbao, 1999.

cional. Estes efectos diminuíron a capacidade dos gobernos para dirixir as súas economías espaciais nun mundo onde os investidores, ó negárselles a oportunidade de investir na rexión da súa preferencia, poden trasladarse fóra dos seus países.

O mercado único europeo reforza estes resultados ó tempo que fomenta a competencia por investimentos, tecnoloxía e mercados entre as rexións. A política competitiva da UE limita e controla estrictamente as subvencións para investimentos e, xunto coa liberalización das empresas de servicio público e das comunicacións, fai do financiamento cruzado destas un instrumento moi dificultoso para as políticas rexionais. Baixo o réxime dos Fondos Estructurais a partir de 1988, a propia política rexional foise europeizando considerablemente[2], con estados que seguen frecuentemente o exemplo da UE na designación de áreas, de programas e de plans rexionais. Coa *segregación* parcial dos estados, as propias rexións fixéronse máis activas. A competencia por investimentos entre as rexións deu ós líderes políticos un *leitmotiv*, producindo unha forma política neomercantilista na que as rexións aparecen inmersas nun xogo pola vantaxe. Nun mundo no que as ideoloxías, os vínculos entre clases e os partidos están debilitados, a vantaxe territorial resulta un tema tentador para os políticos, co fin de ampliar as súas bases electorais.

O novo pensamento académico céntrase na importancia do lugar. Os antigos enfoques da política de desenvolvemento rexional tiñan isto en conta unicamente como localización, é dicir, a distancia dos mercados, do traballo ou das materias primas. Os novos enfoques consideran o lugar[3] como un complexo de relacións sociais, normas, institucións e comprensións, baseándose na literatura sobre socioloxía económica[4] e na *construcción social do mercado*[5] para demostrar que o desenvolvemento económico consiste en algo máis que a simple reunión de factores de producción nun espacio físico. O mesmo lugar convértese nun factor de producción, de xeito que é pouco probable que un investimento colocado nun escenario inadecuado acade bos resultados. Outro termo fundamental é *capital social*[6], co que se alude a modelos de rela-

2. Hooghe, Liesbet e Keating, Michael. "The Politics of EU Regional Policy", en *Journal of European Public Policy* 1.3, 1994, pp. 368-93. Hooghe, Liesbet (ed.). *Cohesion Policy and European Integration. Building Multi-Level Governance.* Clarendon, Oxford, 1996.

3. Agnew, John. *Place and Politics. The Geographical Mediation os State and Society.* Allen and Unwin, Londres, 1987.

4. Swedberg, R. "Introduction", en R. Swedberg (ed.). *Explorations in Economic Geography.* Guildford. Nova York e Londres, 1993.

5. Bagnasco, Arnaldo e Triglia, Carlo. *La construction sociale du marché. Le défi de la troisième Italie.* Éditions de l'École Normale Supérieur de Cachan, Cachan, 1993.

6. Coleman, J. "Social Capital in the Creation of Human Capital", en *American Journal of Sociology* 94, Suplemento 1998, pp. S95-S120. Putnam, Robert. *Making Democracy Work. Civic Traditions in Modern Italy.* Princeton University Press, Princeton, 1993.

cións e confianza sociais que permiten un equilibrio de cooperación e competencia, admitindo a producción de bens públicos e o investimento colectivo a longo prazo[7], e superando a división entre racionalidade individual a curto prazo e interese colectivo a longo prazo, que é un dos eternos problemas do capitalismo de mercado.

Os enfoques tradicionais sobre o desenvolvemento rexional tiñan en conta a existencia de dependencias comercializadas, nas que as industrias complementarias podían reducir os seus custos situándose xuntas; as políticas de crecemento dos 60 e dos 70 tentaban fomentalas para promover o desenvolvemento autosuficiente. O que é novidoso nos últimos anos é o recoñecemento de *interdependencias non comercializadas*[8] que xorden da proximidade de fabricantes e provedores innovadores dentro dunha rexión ou localidade e do complicado modelo de intercambios informais que isto induce. Estas teñen en conta a producción de bens públicos rexionais, un enfoque a máis longo prazo para o desenvolvemento e para formas de reciprocidade non inmediatas. Outra forma de expresar isto é que existe unha confianza xeneralizada. A *economía asociacional*[9] preséntase como unha forma de empresa/iniciativa distinta do capitalismo individualista, mesturando a cooperación e a competencia de xeito complexo. Outra idea clave é a da *rexión aprendiz*[10], na que a innovación é autosuficiente e o éxito, mediante o fomento da confianza e da cooperación, pon as bases para os logros futuros. Moitos observadores apreciaron tamén tal cambio nas tecnoloxías de producción e sistemas de innovación que a vella idea de vantaxe comparativa, segundo a que cada rexión tiña un lugar na división do traballo nacional e internacional e que subxace na política rexional tradicional, deixou paso á *vantaxe absoluta ou competitiva*[11].

Como consecuencia destes cambios económicos, tecnolóxicos, políticos e intelectuais, a política de desenvolvemento rexional experimentou unha redefinición. Agora tende a ser máis *descentralizada*, ben no nivel rexional ou local, onde a capacidade de integración horizontal e

7. Sabel, Charles F. "Studied Trust: Building New Forms of Cooperation in a Volatil Economy", en R. Swedberg (ed.). *Explorations in Economic Geography*. Russel Sage Foundation, Nova York, 1993.

8. Couchene, Thomas. *Celebrating Flexibility: An Interpretative Essay on the Evolution of Canadian Federalism*. C. D. Howe Institut, Benefactors Lecture, Montreal, 1995 (1994). Storper, Michael. "The Resurgence of Regional Economies, 10 Years Later", en *European Urban and Regional Studies* 2.3, 1995. Morgan, Kevin. "The Learning Region. Institutions, Innovation and Regional Renewal", en *Papers in Planning Research* 157, Department of City and Regional Planning, University of Wales College of Cardiff, Cardiff, 1995.

9. Kooke, Philip e Morgan, Kevin. *The Associational Economy. Firms, Regions and Innovation*. Oxford University Press, Oxford, 1998.

10. Morgan, Kevin. *Op. cit.*, 1995.

11. Scott, Allen. *Regions and the World Economy. The Coming Shape of Global Production, Competition and Political Order*. Oxford University Press, Oxford, 1998.

de coñecemento de problemas é meirande[12]. Dáselle moita importancia á *construcción de institucións*, cunha nova énfase na planificación estratéxica[13]. É unha crenza xeneralizada que as institucións a nivel rexional son necesarias para axudar a construír redes de cooperación e asociación, aínda que a súa natureza é discutida. Os negocios e os seus grupos de interese tenden a preferir un tipo de institución máis despolitizada, funcionalmente específica e non responsable das consecuencias sociais do desenvolvemento. A man de obra tende a preferir o goberno rexional electo aberto a influencias non comerciais.

A política pon menos énfase na infraestructura física e máis no desenvolvemento dos *recursos humanos*. As políticas de formación foron amplamente descentralizadas para complementar outros instrumentos de intervención, e a educación púxose frecuentemente en relación coa política económica dunha forma máis directa que antes. Tamén se dá moita importancia á *investigación, desenvolvemento e traslado de tecnoloxías*. Os parques tecnolóxicos e as relacións entre as universidades e as empresas están moi estendidos, aínda que adoptan formas distintas. Estase a facer un grande esforzo por formar redes e unións entre as compañías, e entre estas e as universidades, os centros de investigación e os gobernos, para fomentar as interdependencias non comercializadas típicas das rexións prósperas. A planificación sinóptica ou intervención a grande escala recibe menos atención, e máis a intervención "de dirección" e selectiva para remediar fallos no mercado. Mentres os gobernos tenden a evitar intentar escoller ganadores, préstase atención á necesidade de determinar o oco da rexión na economía global e fomentar agrupamentos de empresas que poidan explotar isto mellor e sosterse unhas a outras. A propia industria é definida de xeito máis amplo, para incluír servicios comercializados así como manufacturas. As compañías pequenas e o *desenvolvemento endóxeno* son os obxectivos principais, aínda que a promoción do investimento interior aínda é importante.

Mentres que a opinión xeral é que houbo grandes cambios, hai menos consenso en canto a cáles son, cómo ocorreron, ou qué determina qué rexións teñen as calidades necesarias para competir na nova orde. O valor que máis se destaca é "trust" (confianza), unha forma difusa de fiabilidade que permite que a xente supere o problema da reciprocidade non simultánea. Algúns estudiosos intentaron perfeccionar o concepto e

12. Cappellin, R. "Una politica regionale nazionale 'orientata al mercato' tra i nuovi modelli organizativi e federalismo", en G. Gorla e O. V. Colonna (eds.). *Regioni e Sviluppo: Modelli, politiche e riforme*. Franco Angeli, Milán, 1995; "Regional Development, Federalism and Interregional Cooperation", en H. Eskelinen e F. Snickers (eds.). *Competitive European Peripheries*. Springers, Berlín, 1995.

13. Wannop, U. *The Regional Imperative. Regional Planning and Governance in Britain, Europe and the United States*. Jessica Kingsley, Londres, 1995.

chamáronlle "capital social"[14]. Isto alude á estructura ou relacións entre os que promoven a confianza e a cooperación sabendo que estas serán correspondidas. Estes conceptos son extremadamente difíciles de analizar. Fukuyama[15] utilízao dun xeito globalizador que desafía a operatividade, estendéndoo por exemplo para incluír as corporacións de EE UU, unha forma de organización que é máis frecuentemente considerada como un mecanismo altamente institucionalizado para resolver o problema da falta de confianza, situado no extremo oposto das redes de pequenas firmas que conforman distritos industriais beneficiosos. Tamén consegue, con dubidosa precisión científica, cuantificar a proporción do éxito económico dunha nación atribuíble a factores culturais como dun 20 por cento, unha cifra posteriormente citada en varios lugares como se representase un descubrimento empírico concluínte.

De xeito semellante, Putnam[16] (1993) intenta construír unha única medida do ingrediente crítico, chamándolle *civicness* (civilidade), un composto de elementos que se expresa como unha única variable e experimenta un retroceso contra varias medidas de rendemento económico e institucional. Hai, sen embargo, unha circularidade no xeito en que Putnam retrotrae a variable de *civicness* contra unha medida de "clientelismo", cando o clientelismo (ou máis exactamente a súa ausencia) é un dos elementos na variable composta da propia *civicness*[17]. Aparece outra tautoloxía cando se define o capital social como eses factores que favorecen a cooperación, e máis adiante afírmase que a cooperación é facilitada polo capital social. Coleman, de xeito similar, definiu o capital social a través das funcións que realiza, pero posteriormente observou que isto deixa o capital social como un concepto sen analizar, de forma que é necesaria "unha segunda fase na análise para revelar o concepto, para descubrir qué compoñentes da organización social contribúen ó valor producido"[18]. Ohmae[19] opta por un determinismo económico, deducindo polo aumento da economía rexional e da competencia interrexional que a era do estado-nación chegou á súa fin, ignorando a importancia da política, das institucións e da cultura. Putnam[20] escolle outro tipo de reduccionismo, atribuíndo as virtudes sociais das rexións a acontecementos dun pasado tan distante que, sen dúbida, é malinterpretado.

14. Coleman, J. *Op. cit.*, 1998. Putnam, R. *Op. cit.*, 1993.

15. Fukuyama, Francis. *Trust: The Social Virtues and the Creation of Prosperity.* Hamish Hamilton, Londres, 1995.

16. Putnam, R. *Op. cit.*, 1993.

17. Jackman, R. W. e Miller, R. A. "A Renaissance of Political Culture?", en *American Journal of Political Science* 40.3, 1996, pp. 632-59.

18. Coleman, J. *Op. cit.*, 1998, p. S101.

19. Ohmae, Kenichi. *The End of the Nation State: The Rise of the Regional Economies.* The Free Press, Nova York, 1995.

20. Putnam, R. *Op. cit.*, 1993.

O que demostra todo isto é que a construcción da rexión ou a elaboración dun modelo de desenvolvemento rexional é un proceso complexo e multifacético. A competencia económica deu forma ás políticas e ás institucións rexionais, pero non as determina. A evolución histórica influencia as opcións abertas ós que constrúen a política rexional, pero non os ata. Precísase, polo tanto, un enfoque multidimensional para a construcción da rexión, que a considere como un proxecto para idear un novo sistema de regulación social e de acción colectiva, facendo uso de elementos existentes na estructura social, mobilizando os símbolos culturais e políticos con obxectivos concretos, e erixindo institucións no goberno e na sociedade civil.

A autonomía rexional non so é considerada como un asunto de liberdade xurisdiccional dentro do estado, senón como a capacidade de gobernar no contexto dos mercados globais[21]. Esta concepción da rexión está próxima á idea dos réximes urbanos desenvolvida por Stone, ou á dunha coaligación para o desenvolvemento urbano[22]. O éxito aquí depende en parte da dificultade da tarefa e, en parte, da construcción social e política desta coaligación. A dificultade depende do contido do proxecto e do contexto. O desenvolvemento rexional non ten en conta unicamente os aumentos do PNB por cabeza, senón que pode ter tamén un contido cultural, social e medioambiental. O contexto pode proporcionar unha localización favorable con respecto a mercados e recursos, ou pode ser periférico.

Este artigo é parte dun proxecto máis amplo sobre as rexións europeas que examina a construcción dun modelo de desenvolvemento en seis rexións. En primeiro lugar, analiza a cultura e a identidade como factores nos que se apoian o comportamento e as relacións. Algúns enfoques atribuíron o fracaso ou o éxito a características e prácticas culturais moi arraigadas. Ó analizalas en máis profundidade, moitas destas características resultan ser meros estereotipos, en ocasións citados para racionalizar o fracaso, e poden ser frecuentemente obxecto de dúas lecturas. Daquela, o estereotipo individualista pode ser invocado para explicar o dinamismo capitalista ou o fracaso da cooperación social. O estereotipo colectivista pode citarse para explicar a falta de espírito competitivo, ou descrito de xeito positivo como "capital social". Os autoestereotipos, ou as historias que as persoas contan sobre elas mesmas, convértense en parte da realidade social[23], influenciando a acción e as expectativas, e despois poden ser estimulados ou rexeitados mediante o liderato. A cultura non é tan importante en si mesma como no xeito en

21. Keating, Michael. *Op. cit.*, 1998 a.

22. Keating, Michael. *Comparative Urban Politics: Power and the City in the United States, Canada, Britain and France.* Edward Elgar, Aldershot, 1993.

23. Sabel, Charles F. *Op. cit.*, 1993.

que é utilizada. Daquela unha lingua rexional podería ser considerada nun contexto como un obstáculo para a modernización ou como unha barreira para a penetración do mercado, e noutro como un medio de manter a cohesión social ó tempo que proxecta a rexión ó mercado global[24]. En moitas rexións existe unha diglosia na que a lingua local é empregada nas situacións familiares e sociais, mentres que a lingua estatal se usa para fins de alto status e todo aquilo que teña que ver cos negocios. Isto pode fomentar un complexo de inferioridade e privar á rexión da lingua e da cultura como un factor mobilizador no desenvolvemento competitivo. As rexións tamén poden estar máis ou menos integradas socialmente nunha cultura común, ou experimentar unha gran disparidade entre os tradicionalistas con tendencias rexionalistas e os progresistas cosmopolitas. O rexionalismo aínda está asociado en moitas partes de Europa con atraso e oposición ó progreso; noutros lugares foi adoptado como un símbolo de modernidade. De xeito similar, o rexionalismo pode ser pechado e encerrado en si mesmo, ou pode ser, especialmente no contexto da nova Europa, internacionalista.

É preciso, en segundo lugar, examinar os medios e o marco para a cooperación racional. Neste punto atopamos un problema familiar. Se imos máis alá das institucións formais do goberno e aceptamos as leccións do "novo institucionalismo"[25], as institucións fúndense nas prácticas sociais e o límite entre cultura e institucións queda pouco delimitado, de xeito que precisamos recoñecer a relación dinámica entre elas. Algúns plans institucionais están destinados a proporcionar incentivos ó desenvolvemento, á cooperación e á producción de bens públicos. Outros favorecen a producción de bens divisibles para a distribución clientelista, ou militan contra a planificación a longo prazo. Por outra banda, as redes sociais das sociedades "tradicionais" e mesmo o clientelismo poden proporcionar a base para a mobilización social arredor do desenvolvemento, cos incentivos e o liderato apropiados[26].

O terceiro elemento son as relacións sociais, a existencia dunha clase empresarial local e a incorporación do traballo e do capital á coalición para o desenvolvemento. Algunhas rexións, especialmente as antigas rexións industriais, poden ter unha historia de conflicto de clases arraigado en experiencias pasadas e unha conseguinte polarización social que milita contra a cooperación. Algunhas rexións poden ter unha

24. Keating, Michael. "Nationalism, Nation-Building and Language Policy in Quebec and Catalonia", en H.-G. Haupt, M. G. Müller e S. Woolf (eds.). *Regional and National Identities in Europe in the XIXth and XXth centuries.* Kluwer, Ámsterdan, 1998.

25. March, J. G. e Olsen, J. P. "The New Institutionalism: Organization Factors in Political Life", en *American Political Science Review* 78, 1984, pp. 734-48.

26. Piattoni, Simona. "Local Political Classes and Economic Development. The Cases of Abruzzo and Puglia in the 1970s and 1980s", en M. Keating e J. Loughlin (eds.). *The Political Economy of Regionalism.* Frank Cass, Londres, 1997.

clase empresarial dinámica e arraigada localmente; noutras a antiga burguesía puido desaparecer no pasado, ou nunca ter existido.

En cuarto lugar, analizaremos os modelos da política e da competencia política e os incentivos dos políticos para adoptar medidas a prol do desenvolvemento, mirar ó futuro e xerar bens públicos. Un factor crítico é o liderato, e un proxecto para usar materiais históricos, culturais e institucionais para fins de desenvolvemento e de construcción rexional. A tarefa aquí non é sinxela e moitas veces implica controlar unha serie de aparentes contradicións. Os líderes rexionais resaltarán os símbolos tradicionais de mobilización pero con obxectivos modernizadores. Buscarán reconciliar a apertura global co arraigo local, como unha forma de "cosmopolitismo arraigado"[27]. Poden buscar mobilizar intereses sociais, pero sen crear puntos "veto". Isto ten unha dimensión discursiva e ideolóxica, na que a rexión é creada como unha comunidade imaxinaria, e despois organizada como un espacio social[28]. Finalmente, examinaremos as medidas políticas adoptadas en cada rexión, relacionándoas coas institucións, os protagonistas e as actitudes que se combinaron para producilas.

Este é o centro de atención do resto do traballo, que analiza a construcción dun modelo de desenvolvemento en dúas rexións históricas de España: Cataluña e Galicia. Ambas as dúas son recoñecidas como "nacionalidades históricas", coas súas propias linguas, historias, culturas, e tradicións. As dúas teñen institucións gobernamentais semellantes como comunidades autónomas españolas. Sen embargo as súas experiencias co desenvolvemento e co cambio foron moi diferentes. Algunhas destas diferencias teñen que ver con factores obxectivos, como a localización e a estructura industrial. Outras están relacionadas coa cultura e o seu uso. Sobre todo, son diferencias claves no xeito en que a rexión foi creada e recreada de forma imaxinativa polas elites políticas e sociais. Ningunha das dúas ten unha cultura invariable, estancada no tempo, senón que ambas as dúas se están adaptando, cada unha ó seu xeito, ás novas presións externas e internas.

II. CATALUÑA

Cataluña é desde hai tempo unha das rexións máis avanzadas de España. Foi unha potencia comercial mediterránea na Idade Media, e experimentou un segundo despegue económico a partir do século XVIII

27. Friedman, J. "The Industrial Transition: A Comprehensive Approach to Regional Development", en E. Bergman, G. Maier e F. Tödtling (eds.). *Regions Reconsidered. Economic Networks, Innovation and Local Development in Industrialized Countries.* Mansell, Londres, 1991.

28. Cabrera, Julio. *La nación como discurso. El caso gallego.* Centro de Investigaciones Sociológicas, Colección Monográfico 126, Madrid, 1992.

cando se converteu na primeira zona de España en industrializarse. Na Idade Media era un lugar central pero foi dalgún xeito marxinado coa expansión do imperio e o cambio do comercio cara ó Atlántico. Dentro da Unión Europea é relativamente importante, pola súa situación no Mediterráneo e a súa posición como porta de entrada desde Europa á Península Ibérica. Este factor de emprazamento non só marcou as relacións comerciais de Cataluña, senón que modelou a súa cultura, como unha rexión de paso, desde a época carolinxia, cando era coñecida como a Marca Española, ata o Mercado Único Europeo, que permite ós cataláns presentarse a si mesmos como europeos por antonomasia. Na primeira etapa da dictadura de Franco, Cataluña sufriu as consecuencias do seu apoio á República vencida, pero a partir dos anos 50 foi o emprazamento elixido para moitas das iniciativas de desenvolvemento do réxime, coa conseguinte afluencia de ondas de inmigrantes do sur de España. Nos anos 80 produciuse un duro proceso de reestructuración nas antigas rexións industriais de España, xa que as industrias pesadas tradicionais, con frecuencia estatais ou subvencionadas, foron eliminadas e reorganizadas. Agora que este proceso está en gran parte rematado, a atención da política desprázase ós sectores en crecemento e ás pequenas e medianas empresas. Actualmente, o PNB de Cataluña e o 94 por cento da media para a UE[29], pero seguen existindo algúns problemas estructurais nas antigas industrias, unha falta de dinamismo en moitas empresas e unha forte dependencia no investimento interior para a tecnoloxía, a innovación e o crecemento.

Cataluña desde a transición estivo marcada por un proceso de construcción de nación ou rexión, co imperativo, como dixo Jordi Pujol, de *fer país*. Existe unha forte dimensión ideolóxica nisto, xa que as forzas dominantes tentaron impoñer a súa propia visión e facer de Cataluña o marco de referencia para o cambio político e económico. Este baséase en elementos da estructura social xa presentes, e abrangue as institucións, a cultura e o desenvolvemento económico nun amplo proxecto de cambio. Algúns elementos deste proxecto son compartidos en liñas xerais dentro da sociedade, mentres que outros son contestados.

1. *Cultura e identidade*

Cataluña ten un forte sentimento de identidade como nación minoritaria dentro de España, pero o separatismo é relativamente débil comparado, por exemplo, co País Vasco, dado que existe certo apoio interno ó centralismo español.

29. Segundo o nivel do poder adquisitivo.

A identidade catalana está fortemente relacionada coa lingua, que é entendida polo 94 por cento da poboación e falada polo 68 por cento[30]. O dominio do catalán é moito máis baixo entre a poboación inmigrante, pero os grandes incentivos sociais por aprendelo fan del un vehículo para a asimilación dos nenos inmigrantes. A lingua ten un alto status social, posto que nunca chegou a ser abandonada polas clases medias e experimentou importantes renovacións a finais do século XIX e no XX. Como lingua baseada no latín, está o suficientemente próxima ó castelán como para ser accesible a calquera que queira aprendela, e practicamente todos os cataláns de nacemento son bilingües, e cambian con facilidade dunha lingua a outra. Deste xeito, serve como un importante factor na identidade do grupo e na cohesión social, sen levantar barreiras infranqueables entre grupos da poboación dentro de Cataluña[31]. Ó mesmo tempo, unha enérxica política de normalización tenta facer do catalán o principal vehículo de comunicación social. O seu uso estendeuse nos centros de ensino, onde case toda a educación primaria e gran parte da secundaria e terciaria se imparten en catalán. A idea final é que todos os nenos deberían dominar o catalán, o castelán e unha terceira lingua (normalmente o inglés ou o francés), sendo capaces deste xeito de funcionar na terra na súa propia lingua, ó tempo que poden tamén desenvolverse nos contextos español e europeo. Existe unha ampla política de fomento e subvención do catalán nos medios de comunicación, na publicidade e nas artes. En certos aspectos, a política cultural foi un éxito, xa que os niveis de dominio do catalán aumentaron considerablemente.

Os seus límites, non obstante, están aínda marcados polo mundo económico e empresarial. O catalán non é moi empregado nas empresas e no comercio, e os empresarios son remisos a cooperar na estensión do seu uso na economía, considerándoo unha carga. Dado o importante apoio social e político á lingua, estes coidáronse de críticas abertas á normalización lingüística, pero resistíronse ós requisitos de poñer nomes cataláns ós seus productos ou de proxectar o catalán no estranxeiro. Isto pode deberse a unha percepción de que o catalán é considerado de xeito negativo no resto de España e que podería danar as súas perspectivas de mercado, e que representa un custo adicional innecesario dado que calquera que lea catalán tamén pode ler e comprender o castelán. De modo que, mentres que a primeira lei lingüística de 1983 non causou moita controversia, excepto entre algúns nacionalistas españois acérrimos, a segunda lei, de 1998, provocou unha forte

30. Generalitat de Catalunya. *El coneixement del català. Anàlisi de les cens lingüístic de 1991*. Generalitat de Catalunya, Barcelona, 1997.

31. Keating, Michael. *Op. cit*, 1998 b.

oposición. Isto non implicou unha confrontación social, senón que máis ben tomou a forma de mobilización de grupos de intelectuais castelan-falantes e de funcionarios por unha banda, e de xente de negocios pola outra. De xeito irónico, un partido fortemente nacionalista, Esquerra Republicana de Catalunya, tamén rexeitou apoiar a lei porque non ía o suficientemente lonxe no mundo empresarial e comercial, e queixábase de que o catalán corría o risco de converterse no equivalente moderno do latín medieval, empregado nas escolas e no goberno, pero cada vez menos no comercio. Ó mesmo tempo, o catalán enfróntase a un desafío na metropolitana Barcelona, a porta de Cataluña a Europa e ó mundo.

A identidade nacional catalana é o suficientemente aberta como para acomodar estranxeiros e proporcionar unha forza para a integración sen illar a sociedade do exterior. Os enquisados en Cataluña case invariablemente responden con outros dous autoestereotipos. O primeiro é o da visión para os negocios e o espírito empresarial dos cataláns. O outro é a tendencia ó "pactismo" e ó compromiso e á tradición de *seny*[32], sendo este último aproximadamente o análogo das míticas virtudes anglosaxonas do sentido común, o sentido práctico e a moderación. Hai probas de que os cataláns son lixeiramente máis inclinados ós valores comerciais que a xente de calquera outro sitio de España e de que están máis secularizados[33]. Os cataláns sen dúbida cren isto deles mesmos. As enquisas de 1976 e 1992 demostraron que os cataláns atribúen o seu éxito económico non a vantaxes naturais, ó investimento ou ó estado, senón ó carácter da xente[34]. Os cataláns vense a si mesmos como máis emprendedores e traballadores que outros pobos españois, unha actitude reflectida, aínda que de xeito máis débil, na opinión destes últimos respecto ós cataláns[35].

A construcción do autoestereotipo é de maior interese dado que os cataláns inclínanse moito menos a caracterizarse a si mesmos individualmente segundo o estereotipo austero, orientado cara ó traballo e inspirado nos negocios, do que o son a aplicar isto ós seus paisanos cataláns como un todo. Isto suxire con forza a idea de que esta é unha imaxe colectiva imaxinaria ou creada, utilizada de xeito instrumental. As persoas de fóra tenden a darlles ás características dos cataláns unha

32. Giner, Salvador; Flaquer, Lluís; Busquet, Jordi e Bultà, Núria. *La cultura catalana: el sagrat i el profà.* Edicions 62, Barcelona, 1996.

33. Orizo, Francisco e Sánchez Fernández, Alejandro. *El sistema de valors dels catalans. Catalunya dins l'enquesta europea de valors dels anys 90.* Institut d'Estudis Mediterranis, Barcelona, 1991.

34. García Ferrando, M.; López Aranguren, E. e Beltrán, M. *La conciencia nacional y regional en la España de las autonomías.* Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid, 1994.

35. Sangador García, José Luis. *Identidades, actitudes y estereotipos en la España de las autonomías.* Centro de Investigaciones Sociológicas, Colección Opiniones y Actitudes 10, Madrid, 1996.

interpretación máis negativa, considerándoos pechados, aforróns e egoístas[36]. Os defensores da interpretación pactista de Cataluña apuntan á tradición de soberanía limitada na Idade Media e ós complexos acordos para acomodar os intereses sociais e políticos. Despois observan a tendencia desde a transición ó pactismo e á orde negociada. Os seus críticos sinalan a polarización e a violencia da sociedade catalana nas catro primeiras décadas do século XX, e observan que o pactismo foi un trazo da práctica política española en xeral desde a transición. Hai incluso un contraestereotipo, de novo practicamente intraducible, o de *rauxa*, que denota emoción e rebeldía[37]. Una vez máis, enfrontámonos coa cuestión dun pasado utilizable. Cataluña ten tradicións pactistas pero tamén ten unha historia de extremismo, e a elección de revalorizar a tradición pactista como unha lexitimación da práctica presente e como un medio de afrontar os conflictos inherentes á condición de Cataluña, é política, feita por líderes políticos e sociais que a fixeron aceptable para os seus seguidores. Non é un producto automático dunha historia dependente da súa traxectoria. En realidade, esta práctica do pactismo e da acomodación e a busca do consenso son mecanismos efectivos, non só para controlar o conflicto da nacionalidade, senón tamén para controlar o cambio rexional e a modernización nas condicións que apuntamos anteriormente. Unha vez máis, isto non é unha conexión automática (que neste caso sería teleolóxica), senón unha elección social e política, levada a cabo baixo condicións favorables, e as novas condicións económicas.

2. *Institucións*

O goberno autónomo de Cataluña, a Generalitat, está fortemente afianzado segundo os estándares do sur de Europa e é un punto de referencia vital para os cidadáns. Debe coexistir con servicios do Estado español, e neste punto hai unha considerable competencia. A Generalitat intentou separarse o máis posible da rede administrativa do Estado, en particular establecendo o seu propio sistema de administración intermedia, as *comarcas*, co fin de ignorar as catro provincias recoñecidas polo Estado. De feito, unicamente a constitución lle prohibiu abolir as provincias. Tamén hai competencia política e administrativa coa cidade de Barcelona, un feudo dos socialistas, aínda que a Generalitat conseguiu abolir a corporación da Barcelona Metropolitana, un bastión do antigo réxime e dos seus funcionarios. Deste xeito, a Generalitat foi

36. *Ibidem.*

37. Lobo, Ricard. "La cultura y la lengua. Origen y substrato del catalanismo político", en Xavier de Bru, Anna Grau, Ricardo Lobo, Magda Oranich, Martí Parrellada, Gemma García, Agustí Pons e Josep Maria Puigjaner. *El modelo catalán.* Flor del Viento, Barcelona, 1997.

capaz de aumentar a súa propia capacidade de tomar decisións e estratéxica, e de promover unha visión unicamente catalana. O cambio político e xeracional transformou a burocracia desde as épocas franquista e prefranquista e os niveis de efectividade son en xeral bastante altos[38]. Isto non quere dicir que o clientelismo estea ausente; os seus detractores quéixanse constantemente de que a Generalitat emprega os seus programas culturais e sociais para favorecer a aqueles que comparten a súa visión. As principais iniciativas para infraestructuras e para o desenvolvemento económico non están, sen embargo, suxeitas a unha lóxica puramente clientelista. A Generalitat ten establecida unha forte imaxe a nivel local, e os cataláns vena como máis eficiente e menos corrupta que o goberno central, e favorecen a expansión dos seus poderes[39]. Isto ocorre especialmente entre aqueles que falan catalán con máis fluidez e entre os sectores máis novos da poboación.

Cataluña ten a súa propia sociedade civil, cunha densa rede de asociacións e grupos, aínda que a autopercepción non sempre se axusta coa realidade. O Estudio de Valores Europeos suxire que os cataláns non son partidarios do asociacionismo, xa que teñen niveis de afiliación a organizacións máis baixos que no resto de España[40], e que moitas organizacións son estructuras baleiras. Na época da transición houbo fortes movementos sociais, en especial nas grandes áreas urbanas, xa que este era un espacio no que era posible a mobilización a finais do réxime franquista. Nos anos seguintes, non obstante, esta enerxía foi absorbida e canalizada polos partidos políticos, que medraron ata chegar a dominar a sociedade civil e a vida das organizacións.

A súa economía é bastante diversificada e atópase dominada por unha densa rede de empresas moi pequenas por unha banda, e de grandes multinacionais por outra, sen un tipo medio de empresas que é tan importante en Alemaña. As empresas pequenas parecen ser máis dinámicas e flexibles que as súas homólogas no resto de España, dando algo de fundamento ó estereotipo catalán do espírito para os negocios[41]. Existe unha organización patronal catalana, o Foment de Treball Nacional, pero pese ó seu título e ás súas orixes no século XVIII, está perfectamente integrada na organización española de patronais CEOE, para a fundación da cal xogou un papel fundamental. As organizacións patronais desconfiaban do movemento cara á autonomía política nos primeiros

38. Unha demostración disto moi anecdótica e pouco científica é a miña facilidade para conseguir citas cos cargos oficiais cataláns, en resposta ás mensaxes vía fax, cando estaba a investigar este proxecto. Nas outras partes do sur de Europa, os contactos e as recomendacións persoais son esenciais.

39. García Ferrando, M. *et al.*, *Op. cit.*, 1994.

40. Orizo, F. e Sánchez Fernández, A. *Op. cit.*, 1991.

41. Parellada, Martí e García, Gemma. "La doble convergencia de la economía catalana con España y Europa", en Xavier de Bru *et al. Op. cit.*, 1997.

anos, pero agora aprenderon a vivir con el e, dado que a Generalitat se converteu no seu principal interlocutor, a apoialo máis. Do lado dos sindicatos, a Comisió Obrera Nacional de Catalunya (CONC) é o equivalente da tradicional comunista española Comisiones Obreras (CCOO), aínda que ten unha certa autonomía e fai campaña por temas cataláns. A tradicionalmente socialista Unión General de Trabajadores (UGT) está máis intimamente integrada no seu tronco común español. Mentres que isto debilita un sindicalismo independente catalán, sen embargo axuda a integrar ós traballadores inmigrantes, que poderían evitar un sindicato claramente nacionalista, na comunidade catalana[42]. Os sindicatos, aquí como no resto de España, están moi integrados no sistema administrativo, con amplos dereitos nos procesos consultivos e unha rede de convenios colectivos sectoriais e locais, pero o grao de afiliación a estes é moi pequeno, por debaixo do 8 por cento da poboación traballadora.

3. *Relacións sociais*

As relacións entre clases en Cataluña tamén presentan paradoxos. Por unha banda, dado o predominio de empresas pequenas e familiares, hai menos distancia social entre os traballadores e os patróns, un trazo tamén observado nos estudios italianos sobre a industrialización difusa[43] e unha disposición á negociación e ó compromiso. Por outra banda, Cataluña a comezos do século XX posuía unha das clases traballadoras máis revolucionarias de Europa, e a violencia era endémica, como testemuñan a *Setmana Tràgica* de 1909 ou as confrontacións da Segunda República e da Guerra Civil. Unha vez máis, isto demostra o perigo que entrañan as xeneralizacións e os estereotipos. Na historia catalana hai tradicións tanto de conflicto como de compromiso. Desde a transición, promovéronse e predominaron os elementos de compromiso.

Outro trazo destacado da estructura de clases catalana foi o predominio dunha burguesía rexional e a relativa falta de importancia social de elites ligadas ó servicio militar ou estatal que foron tan cruciais noutras partes de España. A existencia desta burguesía rexional foi vital na industrialización de Cataluña no século XIX e na reinvención de Cataluña como nación. Moitos dos membros da alta burguesía, incluídos os líderes da antiga Lliga Regionalista, pasáronse ó franquismo durante ou despois da Guerra Civil[44], e máis tarde o xurdimento de empresas estatais e os conglomerados de Madrid debilitaron aínda máis a clase industrial autóctona. Desde a década dos 80, as grandes industrias caeron cada vez máis baixo

42. Jordana, Jacint e Nagel, Klaus-Jürgen. "Trade Unionism in Catalonia: Have Unions Joines Catalanism?", en Patrik Pasture e Johan Verberckmoes (eds.). *Working-Class Internationalism and the Appeal of National Identity.* Berg, Oxford, 1998.

43. Bagnasco, A. e Triglia, C. *Op. cit.*, 1993.

44. Riera, Ignasi. *Los catalanes de Franco.* Plaza & Janés, Barcelona, 1998.

o dominio das multinacionais. Na transición, as actitudes das grandes empresas cara ó autogoberno oscilaban entre as hostís e as indiferentes, e só nos últimos anos se fixeron máis positivas[45]. Queda, sen embargo, unha burguesía claramente catalana, arraigada no sector da pequena empresa, e isto proporciona unha importante base para os partidos que compoñen CiU. Un elemento final da estructura de clases é a poboación inmigrante, que ascendía a un 40 por cento da poboación na época da transición nos 70. Esta é na maioría clase obreira, producindo un certo solapamento de identidade nacional e de clase. Por outra banda, hai tamén unha importante clase obreira catalana e, mentres que hai certa segregación residencial, hai moi pouca fricción nos lugares de traballo ou confrontación social entre inmigrantes e nativos, e un alto grao de asimilación de inmigrantes na segunda xeración.

4. *Políticas (politics)*

As orientacións políticas dominantes son un nacionalismo moderado representado polo partido do goberno *Convergència i Unió*, e un socialismo moderado que avoga por unha España federal. A *Esquerra Republicana de Catalunya* está oficialmente a favor da independencia, pero só a longo prazo e dentro dunha "Europa dos Pobos" integrada. Nas pasadas eleccións catalanas de 1999, o nacionalista moderado Jordi Pujol terá como rival ó socialista Pasquall Maragall, que está intentando formar unha coalición non nacionalista pero que reteña ó mesmo tempo trazos recoñecibles de "catalanismo". Isto significa que, mentres que hai constantes discusións sobre asuntos constitucionais, existe aínda un amplo consenso sobre os seus límites e un nacionalismo difuso o suficientemente moderado como para incorporar amplos sectores mesmo da poboación inmigrante, especialmente das segundas xeracións. Os cataláns, por regra xeral, recoñecen múltiples identidades como a catalana, a española e a local, sen demasiado esforzo[46].

O nacionalismo catalán ten unha historia utilizable como nación de comerciantes na memoria da autonomía catalana anterior a 1714, e no legado medieval. Isto foi reforzado e renovado polo nacionalismo catalán, un producto de finais do século XIX e principios do XX, que foi orixinariamente encabezado pola burguesía comercial e industrial, e que definía Cataluña pola combinación de dinamismo empresarial e tradicionalismo, e que soñaba con modernizar España "catalanizándoa". O nacionalismo catalán nesta fase era fondamente proteccionista, dado que os productos cataláns non eran competitivos no resto de Eu-

45. Brú de Sala, Xavier. "Universalidad y capitalidad", en Xavier de Brú *et al. Op. cit.*, 1997.

46. Keating, Michael. *Op. cit.*, 1996.

ropa e esta combinación de reivindicacións de autogoberno coa necesidade que había dun mercado español proteccionista, deu unha profunda ambivalencia ó movemento. O nacionalismo catalán é agora fortemente proeuropeo e estivo á fronte do movemento da Europa das Rexións, buscando unha nova orde política na que nacións sen estado teñan un lugar definido, pero sen substituír completamente o antigo sistema estatal. O nacionalismo moderado é deste xeito unha ideoloxía case hexemónica, ó tempo que contén variantes dabondo para englobar a meirande parte da poboación activa. A acusación máis seria que se fai contra Pujol dentro de Cataluña non é que sexa un nacionalista, senón que tenta monopolizar o catalanismo, dando a súa propia interpretación e definíndoo de xeito demasiado limitado.

5. *Política (Policy)*

A estratexia de desenvolvemento económico de Cataluña correspóndese co que noutra ocasión[47] chamei "rexionalismo burgués": a promoción dun interese económico e territorial en asociación coa elite empresarial local. As políticas económicas da Generalitat están oficialmente baseadas na non-intervención, de acordo coa postura ideolóxica da coalición dominante. As subvencións industriais non se empregan demasiado, aínda que isto poida deberse á racionalización da necesidade dado que, baixo as regulacións da UE, Cataluña non é unha rexión na que se deba permitir a subvención a grande escala. No seu canto, faise énfase en fomentar a innovación e a aparición de grupos industriais, aínda que non se tenta determinar o que estes deberían ser. O goberno promove os centros de deseño de traslado de tecnoloxías, pero dirixidos por compañías que non reciben subvencións. De xeito similar, espérase que as compañías paguen polos servicios recibidos do goberno. A política faise máis a través dunha serie de axencias con participación privada que directamente a través do goberno. Faise moita énfase na internacionalización da economía catalana, especialmente a través de COPCA, unha axencia con oficinas en 33 cidades arredor do mundo. Esta é tamén unha estructura non moi forte, dependente de axentes locais nos países interesados e que responden á súa demanda.

Existe unha ideoloxía dominante de cooperación social, dentro dos límites dunha economía de mercado competitiva, pero non hai nada que se poida considerar como corporativismo rexional. Os patróns e as organizacións traballadoras son demasiado débiles e están demasiado integrados nos seus homólogos estatais como para permitilo, e non hai ningún interese por parte do goberno. Houbo importantes iniciativas tripartitas nas relacións laborais, co establecemento dun tribunal laboral para me-

47. Keating, Micahel. *Op. cit.*, 1998 a.

diar en disputas laborais. En 1998 a política do mercado laboral foi transferida á Generalitat e nesta época formouse un Consell de Treball de Catalunya con representación tripartita para dar asesoramento sobre relacións laborais. Todos estes representan pasos cara a un concreto modelo catalán de relacións industriais, construído sobre a idea de que as relacións laborais son por regra xeral mellores alí, que os patróns son máis responsables, os traballadores máis preocupados polo traballo e as relacións laborais menos politizadas. Por outra banda, tanto os sindicatos como as patronais están moi controlados polos seus troncos comúns, e o Estado ten aínda importantes funcións nesta área. De xeito significativo, as negociacións e os acordos tripartitos tampouco se levan a cabo en catalán. A meirande parte son rexistrados en castelán e posteriormente traducidos ó catalán.

A planificación territorial está bastante ben desenvolvida en Cataluña, axudada pola estructura monocefálica da rexión, centrada en Barcelona e as principais rutas de transporte a Europa e ó resto de España. A planificación franquista estaba baseada na expansión da industria pesada, con megaproxectos patrocinados polo Estado e pouca atención a un urbanismo coherente, acompañada dunha incontrolada especulación sobre os terreos e de corrupción. Desde a transición fíxose un esforzo por desenvolver mellores políticas territoriais, por controlar a expansión urbana, por proporcionar mellores servicios e por mellorar a integración social. A cidade de Barcelona foi transformada baixo o liderato do seu goberno local, utilizando os Xogos Olímpicos de 1992 como unha oportunidade para atraer un novo desenvolvemento e para rehabilitar zonas enteiras da parte antiga. A propias obras olímpicas retrasáronse e todo o programa estivo inzado de conflictos entre a Generalitat e a corporación da cidade sobre o control e sobre quén había levar os méritos, pero todo estivo listo para o día e a organización xeral é a miúdo favorablemente comparada cóa Feira Internacional de Sevilla. Unha axencia da propiedade, o Institut Català del Sol, está a traballar para reunir parcelas de terreo para o desenvolvemento residencial e industrial, con poder para a expropiación. Posteriormente ten planeado o desenvolvemento de novas zonas para asegurar un uso racional do espacio e a provisión de vivendas para grupos con distintos niveis de ingresos. De novo, a estratexia evita a propiedade pública directa, empregando cooperativas para promocionar vivendas sociais. É certo que ten habido escándalos de corrupción e acusacións de subvencións nas políticas de urbanismo e territoriais, pero en xeral a planificación urbana e rexional funcionou ben en Cataluña. Dada a complexidade da cuestión e a multitude de persoas e intereses implicados, isto suxire un desexo de cooperar co propósito de chegar a fins pactados e cumprir as empresas planeadas.

III. GALICIA

As perspectivas económicas de Galicia están determinadas pola súa localización periférica, tanto dentro de España como de Europa. Está fora das principais rutas comerciais terrestres e as expectativas do comercio marítimo na época do imperio español foron frustradas polo monopolio do comercio con América mantido desde Cádiz, mentres que Lisboa captou o comercio imperial portugués. A economía de Galicia desenvolveuse de xeito dependente, con énfase nas materias primas, principalmente madeira e granito, para seren transformadas noutras partes. Os plans "de desarrollo" de Franco reforzaron este modelo, engadindo masivos plans hidroeléctricos co fin de fornecer enerxía para a industrialización doutras rexións españolas. Existe unha clara división entre a beiramar, onde opera a maior flota pesqueira de Europa, e o interior non desenvolvido, dominado por miles de pequenas explotacións agrícolas de carácter familiar. Unha segmentación similar existe entre as grandes cidades, cunha gran presencia de funcionarios e militares, e as zonas do rural. Como engadido ás desvantaxes naturais da rexión na época da transición foi unha zona na que non se desenvolveron as infraestructuras, incluídas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos e telecomunicacións. A súa pertenza á UE incrementou a condición periférica de Galicia, e presentou un desafío ás súas industrias tradicionais. Os pescadores entraron en conflicto coa sobreexplotación dos outros Estados e enfróntanse ós problemas de diminución das reservas pesqueiras. A industria tradicional e a agricultura fan fronte á competencia con Europa e a imposición de cotas, principalmente no leite e no aceiro, mentres que os agricultores non conseguen os mesmos beneficios da Política Agraria común que os grandes productores do Norte de Europa. O PIB por persoa é xusto o 60 por cento da media da UE, ó redor de dous tercios do de Cataluña, aínda que o nivel de vida está máis cerca do promedio español.

1. *Cultura e identidade*

Aínda é común atribuílas a características fondamente arraigadas da cultura galega, e estas reflíctense nos autoestereotipos dos enquisados. O paisano galego é descrito como individualista ou centrado na familia, sen espírito emprendedor e non moi dado a cooperar no ben común —características que recordan o "familismo amoral" de Banfield en Italia—. Isto foi atribuído ó patrón fragmentado de posesión da terra (minifundismo) e de herdanza, á dominación histórica da Igrexa, e ó fracaso do estado á hora de penetrar de xeito efectivo no rural. Dos homes de negocios de Galicia dise que carecen de capacidade innovadora, están pouco preparados para a administración dos seus negocios e non dis-

postos a especializarse. Os clientes aínda esperan que as empresas fornezan unha gama completa de productos, e hai pouca disposición por parte das empresas a cooperar na investigación, na exportación e en mercadotecnia. Os propios galegos son dados a repetir estas opinións. Nunha investigación do CIS de 1992 (pero non na anterior de 1976) as desigualdades económicas eran atribuídas máis ó carácter rexional que ás vantaxes naturais, aínda que en contraste cos cataláns, recoñecían a importancia do investimento, das políticas estatais e do capitalismo[48]. Os galegos non se ven a si mesmos, nin son vistos polos demais, como tan emprendedores coma os cataláns, tendo unha imaxe de conservadores e de estaren atados á terra[49]. Mentres que sen dúbida non comparten a imaxe de homes de negocios dos cataláns, son vistos como máis emprendedores cá xente doutras partes de España, e isto dáse máis entre os foráneos do que entre eles mesmos, quizais reflectindo o éxito dos homes de negocios galegos no estranxeiro, e a ausencia de éxito na súa terra.

Unha vez máis, temos aquí unha proba do poder dos autoestereotipos como un mecanismo para racionalizar a condición da xente. A lingua é indicativa do problema. O galego é a única das linguas minoritarias de España falada practicamente por toda a poboación. Isto, non embargantes, é un reflexo da falta de inmigración antes que da saúde da lingua, xa que hai unha gran diglosia no seu uso. O galego é moito máis falado no rural que nas cidades, moito máis entre a clase baixa que nas clases media e alta, e moito máis falado na familia que noutras situacións máis formais[50]. Dada esta concentración nos sectores menos formados da poboación, o seu uso na comunicación escrita é moi reducido. Ó contrario que o catalán, sufriu un rexeitamento social, e a xente que mellora de clase social tende tradicionalmente a evitar usalo. O progreso social é asimilado con falar castelán e hai unha tendencia por parte das clases altas e urbanas a non inclinarse favorablemente polo galego e pola súa extensión na educación e na vida pública[51]. No traballo, téndese a usar o galego entre os traballadores, pero o castelán cos superiores. Por iso, ó contrario que o catalán, o galego non se pode empregar para construír unha comunidade imaxinaria vista como dinámica, integrada, moderna e europea.

2. *Estructura social*

Ó contrario que Cataluña, Galicia nunca produciu unha burguesía comercial e industrial activa. As clases medias encontraron emprego na

48. García Ferrando, M. *et al. Op. cit.* 1994.
49. Sangador García, José Luis. *Op. cit.*, 1996.
50. Real Academia Galega. *Usos lingüísticos en Galicia.* A Coruña, 1995.
51. *Ibidem.*

burocracia do Estado, no Exército ou no sector privado, na banca, mentres que os elementos dinámicos encontraron unha vía de escape na emigración interna ou ó estranxeiro. O fracaso en desenvolver unha clase empresarial non foi debido á falta de capital xa que, como moitas sociedades tradicionais, Galicia tivo unha alta taxa de aforro, estimulada a partir do século XVIII polo diñeiro dos emigrantes, pero este capital foi colocado, por regra xeral, noutras partes[52]. A posesión da terra ata 1926 estivo organizada en condicións precapitalistas, contribuíndo á proliferación de pequenas propiedades (minifundismo) e a unha agricultura de subsistencia[53]. As relacións sociais dentro de Galicia están polarizadas, cunha estructura de clases moi fragmentada, e cunha gran distancia social entre as clases urbanas medias, os pequenos agricultores e o pequeno proletariado industrial. Galicia está caracterizada por altos niveis históricos de emigración. Entre 1964 e 1991, abandonaron Galicia 312.000 persoas[54]. Ata mediados dos 60, o principal destino migratorio foi América do Sur; despois a maioría tivo como destino Europa[55]. Os niveis de actividade están entre os máis altos de España, e o desemprego, entre 1964 e 1991, foi só a metade do promedio español. Polo 1995 xa aumentara ó 17,2 por cento, aínda menor que a taxa de España (22,7 por cento) ou de Cataluña (19,9 por cento), pero isto ocultaba unha productividade e uns niveis de capitalización baixos, se exceptuamos as industrias extractivas. O factor total de productividade no período de 1964-1991 foi un pouco máis da metade do de Cataluña[56]. Sobre este punto hai moitos elementos que concordan coa teoría de dependencia ou "colonialismo interior"[57], pero a explicación do atraso económico e da falta de dinamismo aínda segue sendo obxecto de disputa.

Galicia ten a súa propia asociación de empresarios, a Confederación de Empresarios de Galicia, que busca desenvolver unha visión rexional. Galicia, a diferencia de Cataluña, ten os seus propios sindicatos. Hai un certo grao de colaboración, a través do Consello Económico e Social e dos seus propios grupos de traballo. A meirande parte dos contactos e do traballo, por exemplo en plans de formación, non embargantes, son levados a cabo a nivel provincial. Houbo unha imitación da expe-

52. Beiras, Xosé Manuel. *O atraso económico de Galicia.* Laiovento, Santiago de Compostela, 3ª ed., 1995.

53. Máiz, Ramón. "*Nación de Breogán*: Oportunidades políticas y estrategias enmarcadoras en el movimiento nacionalista gallego (1886-1996)", en *Revista de Estudios Políticos* 92, 1996, pp. 33-75.

54. Pérez, Francisco; Goerlich, Francisco José e Mas, Matilde. *Capitalización y crecimiento en España y sus regiones 1955-1995.* Fundación BBV, Bilbao, 1996.

55. Costa Clavell, Xavier. *Perfil conflictivo de Galicia.* Galba, Barcelona, 1976.

56. Pérez, F. *et al. Op. cit.*, 1996.

57. Lafont, Robert. *La révolution régionaliste.* Gallimard, París, 1967.

riencia catalana ó establecer un Consello Galego de Relacións Laborais e un tribunal de mediación para conflictos laborais, pero esta experiencia é bastante recente.

Hai probas que apuntan a unha escaseza de capacidade para a mobilización social a grande escala en Galicia. Álvarez Corbacho[58] ten demostrado que, mentres as taxas e gastos per capita nas grandes cidades son equivalentes ós que existen en calquera parte de España, os pequenos municipios galegos rexeitan establecer impostos a ese mesmo nivel. Isto non só reduce as súas fontes de ingresos, senón que, posto que as subvencións centrais van unidas ó esforzo fiscal, tamén reduce as transferencias do goberno central. Esta práctica atribúese a unha falta de inclinación á realización de proxectos para o ben colectivo e a unha confianza, no seu lugar, no clientelismo e en bens divisibles. No canto de levar a cabo políticas rigorosas de planificación urbanística, os municipios permiten a expansión urbana descontrolada, esperando estender a base de impostos sobre a propiedade como unha alternativa ó aumento de impostos. A poboación rural está moi espallada e os sistemas de estradas locais rara vez conectan entre si[59]. As redes sociais están pechadas e hai un alto grao de dependencia dos contactos persoais e dos vencellos familiares[60]. Por outra banda, estas redes en si mesmas representan máis que un mero individualismo e existen numerosas asociacións voluntarias, sobre todo ó nivel da parroquia rural e unha tradición de cooperativismo desde comezos do século XX[61]. A moitas destas calidades estereotípicas do campesiño galego pódeselles dar a volta e consideralas como virtudes[62]. A reflexión, antes un eufemismo por inseguridade, é agora considerada como un trazo positivo. A falta de dogmatismo, anteriormente un sinal de dependencia nas opinións alleas, pode describirse como apertura. O equilibrio social, antes sinónimo de estancamento, pode permitir agora un cambio moderado. O que falta é un sistema de mobilización social no nivel rexional que se corresponda coas necesidades do desenvolvemento moderno, e para explicar isto precisamos examinar a integración e o liderato simbólicos, as institucións e a política.

58. Álvarez Corbacho, Xaquín. *La agonía del municipalismo gallego.* Fundación Caixa Galicia, Santiago de Compostela, 1995.

59. Camiñar polo campo galego pode ser unha experiencia frustrante, xa que un continuamente volve ó punto de partida.

60. Isto resulta evidente para o sociólogo que busca entrevistas en Galicia.

61. Beiras, Xosé Manuel. *Op. cit.*, 1995.

62. Mella, Carlos. *A Galicia posible.* Xerais, Vigo, 1992.

3. *Políticas (politics)*

As tradicións e prácticas políticas serviron para perpetuar estas características. Hai un claro sentido de identidade galega característica[63], pero non está tan fortemente politizada como en Cataluña nin ligada a un proxecto compartido de autonomía en España e Europa. A enquisa do CIS de 1992 demostrou que os galegos eran lixeiramente menos propensos que a rexión media a demandar máis poderes para a comunidade autónoma[64]. A política é localista e territorialmente fragmentada[65] e os niveis de participación nas eleccións a todos os niveis teñen sido tradicionalmente baixos. A participación no referendo do Estatuto de Autonomía foi só do 29 por cento e a das eleccións rexionais foi a máis baixa de España. A votación tende a considerarse en termos unicamente instrumentais, alcanzando o máximo nivel nas eleccións locais nos lugares en que a influencia do cacique é máis forte, e pode presentarse como parte dunha transacción individualizada, e o mínimo onde as eleccións debaten sobre temas máis abstractos[66]. Sen embargo, sobre este punto hai sinais de cambio. A participación electoral aumentou do 47 por cento en 1981 ó 64 por cento en 1997 e acurtouse a distancia coas outras rexións.

O clientelismo ten unha longa historia e estaba ben establecido no século XIX, axudado pola fragmentación territorial e política da sociedade e a centralización do poder. Os personaxes importantes ou *caciques* sobreviviron á confusión de comezos do século XX e persistiron baixo o franquismo, xa que Galicia, a diferencia de Cataluña, foi un bastión da dictadura. Este clientelismo dominante é outro indicio de que sería un erro describir Galicia como "individualista", xa que implica un grao de autosuficiencia e independencia que non existe. Máis ben, o sistema de clientes reprime a capacidade para a autoexpresión individual e colectiva, ó tempo que favorece a producción de bens divisibles. A diferencia do clientelismo italiano, a variedade galega opera máis no nivel colectivo que no individual. Os patróns non teñen autoridade, por regra xeral, nos servicios a nivel individual, como as pensións, ou na habilidade para manipular os cálculos dos ingresos impoñibles, senón que dependen de beneficios colectivos como estradas, pontes e proxectos de obras públicas, realizados a través de colaboradores locais. Isto creou un modelo de dependencia política que reflicte a dependencia económica da rexión e que milita contra a mobilización política autonómica.

63. García Ferrando, M. *et al. Op. cit.*, 1994.
64. *Ibidem.*
65. Máiz, R. *Op. cit.*, 1996.
66. López Mira, Álvaro X. *Territorio e Democracia. Un modelo de participación democrática para Galicia, nacionalidade histórica.* Edicións do Castro, A Coruña, 1996.

O sistema sobreviviu por mor da fragmentación da vida política galega e o fracaso en organizar unha oposición efectiva ou un proxecto alternativo. O goberno autónomo estivo dominado desde que foi establecido polo partido conservador español Alianza/Partido Popular (PP) baixo o liderato, desde 1989 de Manuel Fraga, anterior ministro de Franco e líder falido da oposición española. O PP galego é unha combinación de dous elementos bastante característicos. Un elemento *españolista* e centralista, dominado polo liderato de Madrid, ten pouco tempo para o particularismo galego e está cada vez máis inclinado a unha forma de neoliberalismo económico e social cara ó que o PP nacional vén evolucionando gradualmente; este é máis forte nas cidades e na provincia da Coruña. O outro elemento está máis arraigado no mundo rural da Galicia tradicional e defende un tipo de rexionalismo tradicionalista e algo antimoderno, asociado co folclore e baseado en redes de clientelismo e influencias. Ningún dos elementos ten un proxecto para un modelo autónomo de desenvolvemento e modernización rexional galego.

O Partido Socialista, anteriormente a principal oposición, deturpouse entre o faccionalismo e os conflictos entre os seus líderes urbanos e xa non é un serio rival como alternativa de goberno. Isto deixou ó Bloque Nacionalista Galego como a oposición oficial no parlamento rexional. O nacionalismo ten unha longa historia en Galicia, remontándose a finais do século XIX, pero nunca acadou algo parecido á hexemonía ideolóxica que tivo en Cataluña. Foi bastante conflictivo, sen que ningún partido fose capaz de establecer o seu dominio sobre o eido nacionalista. En contraste con Cataluña, non hai un gran partido "rexionalista burgués" dedicado á modernización e integración en Europa. Non é que Galicia careza de tales tradicións. Remontándonos ó século pasado, houbo un nacionalismo liberal e modernizador, asociado nos anos anteriores e posteriores á Guerra Civil co lendario Castelao. Na década dos 80, Coalición Galega tentou ocupar este espacio, pero non conseguiu prosperar e foi marxinada cando o PP galego adoptou unha retórica rexionalista, incorporando membros da clase media defensores do rexionalismo[67]. O mesmo Bloque é unha coaligación de partidos, incluíndo os marxistas tradicionais, poscomunistas, social demócratas, centristas e unha variedade de opcións nacionalistas e rexionalistas. A súa liña política tende a ser bastante demagóxica e oportunista e carece dunha clara visión do lugar de Galicia en España e na nova Europa. Mentres que nas outras nacionalidades históricas hai unha forte relación entre ter un dominio da lingua local e a defensa de máis autonomía,

67. Máiz, R. *Op. cit.*, 1996.

esta relación non existe en Galicia[68], o que suxire que o nacionalismo/rexionalismo non conseguiu tender unha ponte entre as esferas cultural, lingüística, política e de mobilización social. A lingua segue asociada máis cun rexionalismo conservador e tradicionalista que cunha mensaxe modernizadora e europeísta.

Sobre o tema de Europa, Galicia está máis dividida que Cataluña. Os partidos nacionalistas difiren sobre o asunto[69] dos partidos esquerdistas do BNG, que tenden a tomar a liña antieuropea que era común en moitas rexións periféricas ata a década dos 80, cando o tema da Europa das Rexións levou a unha revisión da cuestión. Na década dos 90 o BNG mostrouse menos hostil respecto a Europa pero oponse ás propias estructuras e ás políticas da UE. Manuel Fraga, por outra banda, adoptou o tema da Europa das Rexións pouco despois de chegar ó poder, e ten sido moi activo no circuíto da Europa rexional. O seu rexionalismo distínguese profundamente do nacionalismo, estando firmemente asentado dentro do contexto do Estado español, imaxinando as rexións como algo establecido solidamente nun terceiro nivel de goberno[70]. Como se observa máis adiante, Europa pode converterse nunha importante forza para abrir o sistema político galego e destruír os vellos lazos, pero ata agora o seu impacto dentro da política doméstica de Galicia vén sendo moi limitado. Os efectos adversos das políticas europeas en sectores como a pesca, o leite e a construcción naval funcionaron en contra da promoción do tipo de vocación europea que Cataluña ten forxado.

4. *Institucións*

As institucións serven tamén para manter a vella hexemonía en Galicia e reprimen os movementos a favor do cambio. O dominio do PP no goberno rexional non significou un gran cambio na clase política desde a era franquista, e soamente agora está chegando á Administración unha nova xeración de dirixentes, máis formados e máis inclinados ó cambio e ó avance. A propia Xunta (o goberno rexional) está organizada para reflectir os intereses fácticos dentro do partido gobernante, con numerosas duplicacións, fragmentacións e feudos persoais. A Administración é extremadamente complexa, cun exceso de programas para propósitos semellantes, servindo ás necesidades do clientelismo e da política distributiva. En 1997, por exemplo, a oposición criticou a fundación dunha nova axencia pública de investimento, deseñada para su-

68. García Ferrando, M. *et al. Op. cit.*, 1994.
69. Pérez, F. *et al. Op. cit.*, 1996. López Mira, Á. *Op. cit.*, 1996.
70. Fraga Iribarne, Manuel. *De Galicia a Europa. España y su urgente regionalización frente a los restos del nuevo milenio*. Planeta, Barcelona, 1991.

perar as restricciónS do gasto público mediante unha calculada contabilidade que permitiría aumentar a débeda, a cal sería pagada pola Xunta despois do ano 2000. Isto colocaba ó goberno fóra do control parlamentario, mentres provía doutro fondo para repartir nas pequenas operacións de clientelismo político por toda a rexión.

As provincias galegas, en contraste con Cataluña, son un nivel clave na intermediación e na distribución. Cada unha é rexida por un "barón" do PP, quen por tanto canaliza o patrocinio do goberno tanto estatal como rexional e mantén ós alcaldes á expectativa. Os baróns, coa base do poder territorial, son tamén actores clave na política da Xunta, con dereitos de designación en postos oficiais e ministeriais. Estas institucións non se corresponden coa organización da sociedade civil e a percepción popular, centrada na parroquia ou en áreas un pouco maiores que se corresponden coa *comarca* catalana (ou co coñecido en castelán como *país* ou en francés como o *pays*). Isto, xuntó co control do patrocinio e dos enlaces na administración estatal e rexional, permítelles ós baróns manter o control e diminuír os niveis de participación e mobilización popular. Existe unha proposta para dividir a rexión en comarcas, pero respectando as fronteiras provinciais, sen embargo non acadou avances notorios.

Como consecuencia, a administración autónoma da Xunta ten unha imaxe máis pobre cá súa homóloga catalana (ou de Euskadi ou Navarra). Unha sondaxe de 1992 mostrou que o 39 por cento dos cataláns, en contraste con só o 26 en Galicia, consideraba que a administración autónoma era o nivel máis eficiente. O 33 por cento en Galicia, contra só o 19 por cento en Cataluña, xulgaba que a administración autónoma malgastaba o diñeiro, as cifras para o goberno central eran do 43 e 32 por cento, respectivamente. O 19 por cento en Galicia coidaba que a administración central era menos corrupta, unhas tres veces máis que nas outras nacionalidades históricas e máis que en ningunha outra parte se exceptuamos Madrid[71].

5. *Política (Policy)*

O desenvolvemento industrial en Galicia tende ó tradicional. O gasto en infraestructura foi moi alto, como en calquera outra parte de España nos 80, levando as estradas, as telecomunicacións e os aeroportos ata niveis europeos. Hai un masivo e indiscriminado programa de axudas para o desenvolvemento, ata os límites máis altos establecidos pola UE para as rexións máis necesitadas (60 por cento do investimento na maior parte de Galicia e 50 por cento no resto da rexión). Estas son principalmen-

71. García Ferrando, M. *et al. Op. cit.*, 1994.

te financiadas polo estado e pola UE, aínda que teñen algo de custo para a propia rexión. Mentres estas axudas son xeralmente automáticas e se orientan pola demanda, o investimento en infraestructuras segue unha lóxica política e clientelista[72], controlado polos poderosos baróns provinciais e os seus subordinados. Todo isto fai difícil impoñer prioridades estratéxicas, sexan territoriais ou sectoriais. Hai tres aeroportos que aspiran a ter status internacional, e existe competencia entre os principais portos marítimos. A planificación territorial e os proxectos de infraestructura vense constantemente frustrados pola dispersión da propiedade de terra e pola negativa a vender propiedade familiar. Certo planeamento estratéxico ofréceo a necesidade de elaborar un Marco de Axudas Comunitario da UE, pero este planeamento está pouco integrado nos outros instrumentos políticos. Hai pouca innovación política, pero unha tendencia constante a mirar a Cataluña e tentar seguir os logros que se producen alá. Así, os acordos cataláns sobre a política de mercado laboral foron seguidos por unha iniciativa semellante en Galicia. A concertación tripartita está debilitada, non obstante, pola relativa forza das organizacións políticas provinciais, empresariais e sindicais e a debilidade das organizacións representativas no nivel rexional.

Todo isto suxire que os factores que causaron o atraso no pasado están a ser perpetuados, coa rexión atrapada nun ciclo de dependencia. Non obstante, en tanto en canto estes factores son o producto non de trazos culturais primordiais, senón de factores institucionais e de liderato político, xunto coas circunstancias externas, hai posibilidades de cambio. Ese cambio non significaría a imposición dun modelo externo de desenvolvemento en Galicia, senón un programa para tirar partido das forzas propias da rexión e remediar as súas debilidades. Hai certos sinais de cambio: a integración europea é defendida por case todo o mundo, aínda que os seus efectos reais son amplamente deplorados. Isto reforzou a ala neoliberal do PP, co seu discurso de competitividade e recortes fiscais, en contra dos rexionalistas tradicionais. Europa, a través dos programas de fondos estructurais, tamén favoreceu o asociacionismo público-privado e cambiou a énfase política das infraestructuras e subvencións para o investimento, por outra de aproveitar os recursos humanos e fomento da formación. Tamén propiciou a avaliación da política e a análise de impacto. Así mesmo suscitou un debate sobre a posición da rexión dentro de Europa, malia non haber aínda unha visión como a que existe en Cataluña.

O despoboamento do rural está a minar gradualmente a base de poder dos tradicionalistas. A apertura da fronteira portuguesa tivo efectos moi importantes. A competencia por seren os salarios máis baixos en

72. Álvarez Corbacho, X. *Op. cit.*, 1995.

Portugal debilitou a industria galega, ó tempo que o capital portugués entrou en cantidades considerables. Portugal, que tivo unha das máis altas taxas de crecemento na UE nos últimos anos, tamén ofrece un exemplo de modernización e cambio, aínda que poucos opinan que o modelo portugués, baseado en salarios baixos, poida ser transferido directamente ou mesmo sobrevivir inalterado a longo prazo. Outro exemplo externo é Irlanda, unha rexión aínda máis periférica da UE que experimentou un crecemento considerable.

Doutro lado, deuse un proceso de maduración institucional da Xunta, cunha mellora na calidade dos dirixentes e unha mellor capacidade política. A participación electoral foi aumentando de forma continuada e as eleccións son cada vez máis competitivas. Está a xurdir unha alternativa nacionalista ó bloque político do PP, aínda que está polo de agora pouco estructurada e non ten unha visión ou un programa claros. Existe unha política de normalización lingüística, menos ambiciosa que en Cataluña, que tenta elevar o status da lingua ó tempo que estende o seu uso social. Isto tivo certo éxito, pero aínda existe resistencia, cos elementos máis modernizadores da sociedade, incluíndo a mocidade, que aínda a ve como un atranco e insiste en que é máis útil dominar o inglés[73]. Estanse a facer grandes esforzos por incrementar as conexións internacionais da rexión, tanto en Europa como en América Latina. Igual que Irlanda, Galicia ten unha enorme diáspora en América, e o éxito económico desta está en contradicción co estereotipo étnico simplista, e tamén se están a facer esforzos por mobilizala para gañar oportunidades comerciais e investimento tanto interior como exterior[74]. A organización patronal galega representa a algúns dos sectores económicos máis dinámicos e está a traballar na promoción dunha visión rexional, mentres que tanto esta como a Xunta xa empezan a prestar máis atención ó fomento de boas prácticas empresariais, do espírito emprendedor e da cooperación entre as empresas.

IV. CONCLUSIÓN

A comparación das dúas rexións demostra que a localización e os recursos son aínda factores importantes para o desenvolvemento, pero que os legados históricos, os trazos culturais e as prácticas sociais son

73. Unha enquisa de 1997 revelou que a maioría dos rapaces entre 13 e 14 anos preferirían estudiar inglés que galego, en especial nas escolas privadas e urbanas. *El Correo Gallego*, 12-III, 1997.

74. Os emigrantes galegos son tamén unha fonte de votos para o partido gobernante xa que aínda teñen dereito a voto. Este voto valeulle ó PP un escano nas eleccións autonómicas de 1997.

importantes para construír un modelo de desenvolvemento. Sen embargo, os estereotipos culturais e as teorías primordialistas simplifican demasiado as cuestións. Ambas as dúas rexións teñen recursos culturais e económicos e un "pasado dispoñible" que pode ser usado. Cataluña ten as súas tradicións de autoridade difusa, soberanía compartida e pactismo, pero Galicia ten a súa relativa cohesión social, un *ethos* igualitario no agro e unha propiedade dispersa, que se poderían empregar como factores nun modelo de desenvolvemento virtuoso na nova orde económica[75]. Existe un contraste moito máis agudo nos estereotipos atribuídos a cada rexión[76] que nas actitudes reais.

As circunstancias tamén demostran que os acordos institucionais son importantes. Ambas as dúas rexións teñen estructuras formais de goberno similares, como comunidades autónomas no "camiño rápido", non obstante, a institucionalización adoptou formas diferentes. O clientelismo en Galicia está apoiado polo sistema de partidos, pola estructura administrativa e o modelo deformado de competencia política. A construcción das institucións en Cataluña tomou unha forma distinta, representando máis unha ruptura co antigo réxime e coas prácticas estatais españolas, aínda que non totalmente libre de elementos clientelistas. A idea de que Cataluña é intrinsecamente "asociacional", pero que Galicia non o é, non resistiría realmente unha análise exhaustiva. Os cataláns non son uns grandes asociacionistas, moitas das súas asociacións son de dubidosa representatividade e a rede de asociacións empresariais é moi diversa e está pobremente integrada. Galicia non está mellor pero ten unha rede de grupos e cooperativas. Tampouco axuda moito o estereotipo "individualista" do galego. Os cataláns son bastante individualistas, mentres que os galegos miran ás institucións e ás elites gobernantes para o a solución de problemas. O que importa máis é o enlace entre o goberno e a sociedade civil e as oportunidades dos grupos e asociacións para influír na política, e os incentivos para que adopten unha suma positiva de actitudes.

O institucionalismo pode ser aquí unha guía mellor que o reduccionismo cultural. O liderato é criticamente importante neste asunto, como o é na construcción da "comunidade imaxinada" no nivel espacial apropiado. Un emprego selectivo da historia é parte disto como o é o uso da lingua e da política cultural para presentar unha autoimaxe e unha identidade. En ambos os dous casos, como en moitas rexións, os símbolos de identidade, principalmente a lingua, son máis fortes no rural que nas cidades, as cales están á fronte da modernización e da globalización, pero isto está moito máis pronunciado en Galicia. Cataluña asociou as súas tradicións, a súa lingua e a súa cultura cunha modernidade que respecta

75. Mella, C. *Op. cit.*, 1992.

76. Sangador García, José Luis. *Estereotipos de las nacionalidades y regiones de España.* Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid, 1981; *Op. cit.*, 1996.

a tradición. O galego e a cultura galega aínda son vistos dalgunha maneira como un obstáculo para a modernidade. Outro aspecto é a proxección do éxito. Cataluña ten algúns serios problemas estructurais na súa economía e dificultades sociais; a súa pertenza ó grupo dos "Catro Motores" de rexións avanzadas tecnoloxicamente aproxímase a ser unha farsa[77]. A súa economía é cada vez máis dependente de capital multinacional a medida que as elites industriais autóctonas van en declive. Non obstante, logrou proxectarse a si mesma como un líder dunha crecente Europa, mentres Galicia continúa traballando baixo un estereotipo negativo.

No desenvolvemento económico, Cataluña ten a tarefa máis doada, dada a súa favorable localización e o alto nivel de vida, e algunhas das diferencias políticas reflicten regras da UE e españolas, como por exemplo no total de subvencións que poden ser dadas ó investimento. Sen embargo, aínda tendo estas en conta, Cataluña ten un enfoque máis selectivo e menos asistencialista respecto ó desenvolvemento. Concédeselle máis importancia ó liderato no sector privado, reflectindo a existencia dunha elite empresarial local. Mentres que a política galega a penas se pode describir como "dirixista", préstase moita máis atención ás iniciativas do goberno e ó financiamento público. Cataluña está tamén máis na liña do pensamento sobre o desenvolvemento contemporáneo coa súa énfase nos recursos humanos, a tecnoloxía e a innovación, mentres que Galicia retén a énfase tradicional no equipamento físico. Como consecuencia, o desenvolvemento continúa dependendo das subvencións, con pouca capacidade para o autocrecemento.

En ambos os dous casos, o desafío é pasar a un rexionalismo modernizador, en contraposición co rexionalismo tradicionalista e co neo-liberalismo global que disolverían a rexión como marco para a acción pública. Isto implica unha conxunción de creación de institucións, política cultural e desenvolvemento económico. De novo, isto tivo máis éxito en Cataluña, pero o limitado uso do catalán na vida empresarial demostra os límites desta estratexia. Simplificariamos demasiado se se describise Cataluña como unha rexión en auxe e Galicia como un fracaso. Ambas as dúas enfróntanse ó mesmo desafío ó construír un modelo de desenvolvemento, e as dúas teñen os seus méritos e debilidades ó observalas desde unha perspectiva europea. O que demostran, sen embargo, é que as rexións non son simplemente entidades políticas, suxeitas a un único modelo global de desenvolvemento, senón que son posibles estratexias e recursos mobilizadores sociais e culturais diferentes.

M. K.

77. Cataluña ten unha cobertura tecnolóxica (porcentaxe de importacións cubertas por exportacións) dun 20-30 por cento, comparado co 50 por cento de Italia e o 70 por cento de Alemaña e Francia. O gasto en Investigación e Desenvolvemento en 1990 foi do 0,67 por cento do PNB, comparado cunha media na OCDE do 2,45 por cento. *Vid.* Parellada, M. e García, G. *Op. cit.*, 1997.

O internacional na prensa galega

Marta G. Cabrera
Marta Núñez-Corbalán
Xulio Ríos

O internacional interesa, o internacional é noticia, e numerosos acontecementos que se producen alén do noso espacio físico inmediato acaparan a atención dunha opinión pública que percibe cada día máis e mellor que nada do que acontece ó seu redor merece indiferencia porque, dun xeito ou doutro, acabará por afectarlle. O feito exterior, percibido como afastado e distante hai poucos anos, anega agora a nosa vida cotiá, impregnando todas aquelas facetas nas que o cidadán participa ou está interesado (deportes, cultura, espectáculos, etc.). O internacional deixa de ser aquel espacio reservado para especialistas, obxecto de atención para un reducido número de observadores, para adentrarse en círculos cada vez máis amplos e nos que o exterior se configura como un eixo fundamental para proxectarse vitalmente. Cada vez máis persoas e sectores son conscientes desta implicación do internacional nas súas vidas.

A forte presencia do internacional na información e na vida cotiá non é un fenómeno inducido ou forzado senón que constitúe unha mostra inequívoca das novas tendencias que caracterizan a evolución da sociedade internacional na fin do milenio e unha necesidade insoslaiable da sociedade galega actual por unha dobre razón. Dunha banda, a participación de Galicia en foros supranacionais (fundamentalmente a Unión Europea e institucións afins), feito derivado da integración de España nas Comunidades, conleva a programación e desenvolvemento de proxectos e a xestión de intereses comúns, convertendo numerosos aspectos do inicial e aparentemente exterior (entendido como algo que sucede fóra das nosas fronteiras) en algo próximo, non tanxencial, senón que afecta medularmente, en fin, á satisfacción dos nosos intereses inmediatos.

Por outra banda, necesidades inmediatas da nosa comunidade (mellora das nosas infraestructuras, poñamos por caso) ou a vitalidade de sectores tradicionais da nosa economía (pesca ou agro, determinados sectores industriais, etc.) vense condicionados ou afectados por debates e acordos que se deducen en foros de decisión situados ben lonxe de Santiago de Compostela e mesmo de Madrid. Galicia, ademais, pode asumir e de feito asume responsabilidades exteriores, ó presidir e liderar foros de ámbito supranacional (Comisión do Arco Atlántico, Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, etc.) nos que debe actuar como motor de iniciativas que favorezan esa área xeopolítica natural da que formamos parte e que hoxe galvaniza unha morea de enerxías que proxectadas adecuadamente poden favorecer o progreso e o futuro da nosa sociedade.

Así mesmo, o contexto internacional actual está condicionado por un proceso de grande envergadura histórica (vivimos unha época de transición, unha nova inflexión dos tempos) que fai da complexa globalización (de mercados e mercadorías, de pensamento e de información) unha tendencia controvertida, mesmo enigmática ás veces, pero imparable. Na "aldea global" é cada vez máis perceptible o feito de que, en maior ou menor medida, todo acaba por afectarnos a todos. Dese proceso derívase a necesidade inmediata do esforzo internacionalizador de colectividades e sectores, grandes e/ou pequenos, non soamente para evitar o seu declive e anegamento ou para universalizar unha determinada cultura, senón tamén para subsistir economicamente e progresar. A apertura ó exterior xa non é unha simple consigna político-electoral, unha mensaxe desprovista de contido, unha mera insinuación, nin tan sequera unha opción; senón unha necesidade imperiosa para subsistir e gañarmos o futuro.

Nese contexto, a demanda de información internacional non pode ser considerada unha moda ou unha corrente conxuntural, senón unha esixencia, un imperativo dos novos tempos. Necesitamos estar máis e mellor informados para conducirnos adecuadamente polo mundo, para estar ó día e poder discutir dos problemas que nos afectan, para acordar ou establecer alianzas con outros; e esa información debe ser peneirada en función dos intereses estratéxicos da nosa comunidade.

O feito exterior está pasando a desempeñar un elemento central na proxección de numerosas actividades humanas. Tamén o xornalismo, como producto das condicións culturais, sociais e políticas dun país e dunha época, debe facer por adaptarse a esta nova situación. Cumprir coa obriga de informar satisfactoriamente hoxe esixe ós medios de comunicación establecer un novo equilibrio de xeito que, dunha banda se atenda a esa nova circunstancia de incorporar as grandes noticias internacionais, moitas veces impostas pola capacidade difusora dos medios non escritos (televisión, especialmente) e doutra a atender ó local,

requerimento primario da nosa cidadanía, sen que tampouco a atención ó internacional sirva de coartada para desviar ou distraer a atención sobre un entorno próximo, non sempre exento de conflictividade.

En Galicia a prensa conta cunha longa tradición de atención ó local. A maior parte dos diarios responde en orixe a esa configuración, que xorde dunha profunda e intensa ligazón a unha determinada cidade, con excepcional e escasa proxección para o conxunto do territorio da nosa Comunidade Autónoma. Quizais, gran parte da razón que motivou a multiplicación das edicións do único diario de proxección autonómica real foi a necesidade de satisfacer en maior medida esa atención ó local, proporcionar máis información sobre os feitos que resultan máis próximos a calquera cidadán, como vía idónea, senón única, para facilitar e asegurar un proceso de expansión. O feito local está moi presente na prensa galega e, en xeral, en todos os medios de comunicación da nosa Terra.

Esa tendencia debe ser equilibrada agora coa apertura de espacios xenerosos para abordar a información internacional, non soamente desde aquela perspectiva que informa sobre o que acontece no mundo da mesma maneira que o fan todos os diarios, senón facilitando aquela información que interesa e debe importar ós lectores e á sociedade galega, que mantén con determinados lugares do mundo unha relación privilexiada, ben sexa a nivel económico, político, social e cultural, ben sexa real ou potencial. O novo equilibrio entre o local e o internacional debe medirse tamén a partir do ensanchamento desa intersección que liga a un e a outro espacio a través do interese concreto da nosa cidadanía. Cada vez son máis os asuntos que fan depender a conxugación de intereses locais de evolucións e actores internacionais.

Apostar polo internacional debe significar esforzarse por comprender o mundo desde aquí, por incrementar naturalmente a sensibilidade da nosa sociedade arredor destes temas, pero non dun xeito uniformizador senón enfatizando tamén aquela identidade cultural e histórica, aquela clave que nos relaciona cos feitos como comunidade. A adaptación ó medio non soamente se aprecia hoxe no tratamento da información local, senón que pode e debe visualizarse na elección do tema, na forma de tratamento e de aproximación, na intensidade con que se aborda, na análise de feitos e sucesos internacionais que nos afectan ou poden afectar de xeito particular.

¿Responde a prensa galega a esta nova situación? ¿Pasa desapercibida a información internacional debido quizais a un peso abafante da información local? ¿Advírtense cambios de tendencia que permiten ser optimistas e concluír a existencia dunha maior atención ó exterior? ¿En que medida o tratamento da información internacional está pensada e elaborada en función dos intereses estratéxicos de Galicia? ¿Non existirá

un seguidismo involuntario de axencias e escasa información sobre a realidade de países cos que Galicia mantén relacións económicas, culturais e comerciais de grande importancia e que a nosa sociedade descoñece? ¿En que medida necesitamos e podemos abrir camiño a unha información internacional que teña en conta as variables de maior interese para Galicia? ¿Como combinar equilibradamente ese fomento da atención ó exterior e o inocultable interese social pola información local? ¿Ata que punto son conciliables e mesmo en que medida ese apego excluínte condiciona as nosas expectativas...?

ASPECTOS XENÉRICOS DO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN INTERNACIONAL NA PRENSA GALEGA

Como non podía ser doutro xeito, a prensa analizada presenta en boa medida sinais de identidade, circunstancias e características que a asimilan á maior parte da prensa habitualmente definida como "rexional", así como a comunmente entendida como do Estado, e mesmo nalgún caso, podiamos dicir, que do mundo. A prensa galega non é unha testemuña muda e insensible á profunda renovación que globalmente afecta ó universo da comunicación e procura incorporar as novas tendencias e adaptarse á nova situación que está a emerxer. Nesa contextualización que advirte a existencia dun certo debate, dunha preocupación pola modernización, por non quedarse atrás e por ofrecer ó lector un medio á altura dos tempos en que vivimos, o tratamento da información internacional non pode estar ausente pois, en boa medida, é neste dominio onde mellor se aprecia unha parte tanxible e moi significativa dese cambio e constitúe polo tanto unha sección a potenciar.

Pero ¿de que situación partimos? Como elementos salientables destacariamos os seguintes:

1. *Medrou a presencia da información internacional na prensa galega*

Sen dúbida é así. Desde o punto de vista cuantitativo é bastante apreciable aínda que para comprendelo cabalmente debemos tomar en consideración non soamente a propia sección de internacional, moitas veces inalterable en canto a número de páxinas, senón todas as demais, especialmente economía, marítima, Galicia, etcétera. O maior protagonismo internacional, consecuencia dunha maior implicación exterior de numerosos actores locais e da influencia do internacional entre nós, reflíctese igualmente nunha maior consideración ou dignificación desta sección da información tanto entre os equipos directivos dos medios, os propios profesionais e, evidentemente, os lectores. En todo caso, parece evidente que estamos ante un proceso non rematado aín-

da e que debe experimentar saltos cualitativos de certa significación nos próximos anos.

Partindo desa apreciación xeral, cómpre significar tamén que existen grandes desequilibrios e diferencias segundo se trate dun ou doutro medio (mentres algúns como *El Progreso* ou *El Ideal Gallego* reducen ás veces a unha única páxina a información propiamente internacional, outros como *La Voz de Galicia* poden chegar ata seis ou sete páxinas, aproximándose gradualmente a este espacio como habitual). Por regra xeral, os medios que dedican pouca atención á sección internacional, tampouco incorporan moitas noticias relacionadas con esta temática nas demais seccións do xornal.

Cómpre ter en conta neste sentido que existe un único diario de vocación autenticamente galega e con distribución garantida e efectiva en toda Galicia. Os demais xornais presentan unha faciana nitidamente local, se ben algúns con proxeccións territoriais á nivel da Comunidade que non callaron aínda suficientemente (*Faro de Vigo*, *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, esencialmente).

A importancia da atención ó local en Galicia é moi grande e por iso mesmo aínda cando esa vocación galega é manifesta, coexiste con diferentes edicións de ámbito local para dar satisfacción ás demandas e expectativas existentes neste sentido. Pero no seu conxunto cabe sinalar que a información internacional (e/ou transnacional) gañou terreo efectivo nos xornais, se ben non sempre atopa unha correspondencia equilibrada na dimensión estructural interna dos medios que deben acomodar o seu cadro de persoal a eses novos procesos que en moitos casos se vencellan con carácter prioritario á propia viabilidade última ou ó saneamento económico do proxecto empresarial.

Segundo se desprende da nosa investigación, a principal razón desta maior presencia e maior atención ó internacional, radica non tanto nunha interiorización do cambio (que se traduciría no reforzamento das estructuras internas do xornal, na potenciación dos responsables desta sección e do traballo en equipo) como pola forza da noticia exterior que en todos os medios acada un protagonismo destacado, ó que non pode substraerse ningún medio informativo, con independencia do seu ámbito, orixe ou proxección.

A pregunta formulada ó panel de medios (integrado por profesionais en activo dos diferentes xornais obxecto do noso estudio) para que ofrecesen unha puntuación nunha escala de 1 a 5 que situase a posición que ocuparía a importancia da información internacional para o seu xornal, as respostas máis optimistas (e excepcionais) lévannos ó 3, pero a inmensa maioría coincide en atribuír unha posición inferior (2), amosando con nitidez o espacio que falta aínda por percorrer para equilibrar a

importancia e transcendencia global do feito internacional e o seu reflexo nos medios. A mesma pregunta formulada ó panel de expertos coincide unanimemente no diagnóstico (2).

O panel de expertos consultados coincide unanimemente á súa vez á hora de sinalar que a incidencia en Galicia dos asuntos internacionais é pouco valorada como un asunto de importancia para a elaboración do xornal. A opinión nos medios é menos unánime se ben contrastando as declaracións coa situación real dos xornais podemos observar cómo a ausencia de infraestructuras específicas denota unha incapacidade operativa manifesta para abordar con sentido do rigor e un mínimo de continuidade esta problemática.

Cómpre salientar en todo caso que unha excepción a esta norma está moi dignamente representada por algúns suplementos de Pesca/Mar que constitúen un magnífico exemplo das posibilidades que brinda unha elaboración informativa vocacionada para informar e orientar con sentido de país. Os aspectos exteriores son obxecto de constante atención na medida en que o futuro da nosa pesca e da nosa flota depende en boa medida de variables que fluctúan alén das nosas fronteiras e precisamos actuar nese marco irrenunciablemente. Con independencia das carencias globais que puidesen existir neste sentido, a existencia de seccións diarias nesta materia (*La Voz de Galicia, Atlántico Diario, Faro de Vigo, El Ideal Gallego*) ou suplementos informativos que son elaborados desde aquí (mesmo revirando a información servida por axencias) representan unha proposta a cultivar e imitar. Sería conveniente en todo caso avaliar a oportunidade de abrir algúns horizontes e incorporar ás súas colaboracións a de especialistas en dereito marítimo, moi necesarios para comprender a dimensión e repercusións de moitos dos conflictos nos que se envolve a pesca galega, e tamén á opinión de expertos do veciño Portugal.

Finalmente, cómpre significar a ausencia da Administración pública e outras institucións galegas á hora de xerar informacións de proxección internacional. Tanto o panel de expertos como de medios atribúen un nivel escaso ou moi escaso á producción informativa deste ámbito. A maior parte das contadas noticias facilitadas polos gabinetes de comunicación dos diferentes departamentos teñen escaso peso e moi relativa proxección política e por iso mesmo resultan pouco destacadas. Informacións de reunións, de viaxes, de contactos e visitas, etc., constitúen a maior parte dos seus contidos.

Se nos referimos ó ámbito municipalista, a tónica vén sendo a que se podía esperar, habida conta de que, por exemplo, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) non conta con unha Comisión de Acción Exterior propia, a pesar de que os irmanamentos, as políticas

de cooperación e solidariedade, etc. son contidos cada vez máis presentes na acción pública local. Individualmente considerados, tampouco os concellos grandes acompañan o actual proceso creando Oficinas Municipais de Relacións Exteriores que proxecten adecuadamente iniciativas como as desenvolvidas polo Eixo Atlántico ou a implicación en programas comunitarios de diversa natureza (medio ambiental, turística, etc.).

Sería interesante propiciar mecanismos que facilitasen a confluencia dos intereses institucionais e informativos para facer comprender máis e mellor á nosa sociedade o sentido e a importancia do intercambio e a cooperación internacional. Os medios de comunicación non soamente deberían explicitar certo acompañamento e acoplarse informativamente senón que, partindo desa visión ás veces confluínte pero máis ampla e sen renunciar a ningunha capacidade crítica, podían aportar aproximacións previas (reportaxes sobre a situación dun determinado país ou rexión, sobre os vínculos existentes entre as respectivas sociedades, entrevistas a dirixentes políticos, etc.) e diseminadas entre as diferentes seccións do xornal (sociedade, cultura, economía, suplementos, dominicais, etc.) de xeito que todos poidamos comprender mellor o sentido último de calquera iniciativa institucional. Deste xeito contribuiriamos ademais a evitar esa case sempre falsa impresión social da inutilidade de certas iniciativas que unicamente serven para viaxar, pero que non aportan resultados concretos.

2. *Moi escasa utilización de correspondentes e xeneralizado recurso ás axencias*

Unicamente un medio dos analizados (*La Voz de Galicia*) dispón de correspondentes efectivos e permanentes en determinadas prazas (Bruxelas, Nova York, Londres, Xerusalén). Cabe sinalar igualmente a redución experimentada neste sentido ó eliminar a corresponsalía existente na capital rusa. É a mellor das plataformas con que conta a prensa escrita en Galicia e, aínda así, evidencia con claridade as súas limitacións. Inclusive partindo da asunción de que por razóns económicas ou do tipo que sexa, non é posible ampliar o plantel actual abrindo outras corresponsalías, si procedería avaliar en qué medida as áreas xeográficas definidas son as máis idóneas desde o punto de vista informativo xeral e en función das prioridades informativas de Galicia.

Bótase en falla en todo caso a inexistencia de corresponsalía permanente en Portugal, ben sexa en Porto ou en Lisboa. Ningún medio galego foi quen de abordar con rigor, seriedade e vontade de permanencia, a superación desta lagoa que, por exemplo, o *Jornal de Noticias*, de Porto, ten cuberta hai seis anos na nosa Terra, informando desde Santiago de Compostela, non soamente do que acontece en Galicia senón en todo o Estado. No caso galego, os diversos intentos realizados que-

daron reducidos a meros esforzos conxunturais, mentres que o diálogo entre as dúas comunidades, o intercambio económico e empresarial, avanza a pasos axigantados, quedando reducido o espacio informativo a proxectos que escapan do ámbito diario (revista *Eco* e outros).

O mesmo medio destaca no recurso de enviados especiais para cubrir determinados acontecementos e conflictos internacionais, amosando, con notable diferencia ós restantes medios, unha maior capacidade de reacción. Ademais, pode incrementar o seu potencial sumando recursos que poden estar á súa disposición ó participar de proxectos empresariais (aínda que non moi consolidados) de ámbito estatal (*Diario 16*).

Precisamente, un dos mecanismos de maior operatividade para facilitar a extensión (ou inauguración no seu caso) da rede de correspondentes consiste na potenciación de acordos de colaboración e intercambio con outros diarios, establecidos en ámbitos xeográficos de certo interese. Evidentemente, para a prensa "rexional" e ademais periférica, non sempre resultará doado acadar este obxectivo en condicións óptimas, pero cabe pensar que en determinadas áreas como América Latina, de incuestionable interese informativo para un medio galego e mesmo en Portugal, poderían concretarse vías de aproximación que culminasen feliz e proveitosamente para todos.

Un instrumento importante para avanzar neste camiño consiste na habilitación dunha liña de traballo (non necesariamente máis cargos e xefaturas) no organigrama directivo das empresas informativas para atender e potenciar as relacións exteriores da empresa, diferenciado, claro está, das relacións públicas internas. A existencia de vínculos históricos e culturais moi relevantes pode facilitar neste caso a consecución de acordos de cooperación, salvagardando o natural equilibrio de custos, con medios inicialmente máis reacios por estar situados nunha escala diferente e proporcional á súa dimensión.

Sería importante habilitar mecanismos que nos permitisen acceder a axencias relacionadas con aquelas informacións procedentes de áreas de certa importancia estratéxica para recoller de primeira man outros puntos de vista, outras visións e posicionamentos a respecto de problemas de carácter global, que poden facilitar unha mellor comprensión e entendemento. Dispoñer de acceso a axencias dalgúns países de América Latina polos que Galicia aposta (Brasil, Arxentina, Cuba, etc.), países donde nos xogamos importantes investimentos e sobre os que cómpre proxectar unha relación sólida e fundamentada, permitiríanos presentar unha información distinta e quizais máis adaptada ós nosos intereses.

Outro tanto podemos dicir dalgúns países africanos (Libia, Marrocos, Namibia, etc.) e mesmo de Asia (a China, Taiwán), buscando fórmulas que permitan unha utilización compartida por parte de todos os medios

e, chegado o caso, con apoio da Administración galega, configurando unha rede que nos permita centrar máis o enfoque da nosa atención. Cómpre sinalar ademais que o custo destas axencias non é por regra xeral moi elevado e a súa contratación, compartida ou non, mesmo a través dunha iniciativa impulsada desde a propia Administración, pode ser moi asequible mesmo para os medios con menos recursos económicos.

Outra vía complementaria consiste no establecemento de acordos con medios de prensa de similar nivel de determinados países para o intercambio de información e de experiencias. Presenta como avantaxe engadida o fomento da cooperación, abrindo horizontes mutuos de proxección de incalculable valor. Se partimos de identificar ós medios de comunicación como un referente social de primeira magnitude, o establecemento de fórmulas de cooperación entre medios de distintos países pode facilitar o estreitamento de lazos entre os diferentes pobos e os seus segmentos. Compartir información, compartir colaboradores e analistas, intercambiar experiencias de xestión, son contidos de enorme importancia pero nada comparado co investimento estratéxico que pode supoñer abrir fiestras en países afastados para dar a coñecer Galicia e as súas potencialidades.

3. *A forte presencia de noticias e informacións mediatizadas ou procedentes de Estados Unidos*

A prensa galega dificilmente pode evitar esta situación, tan característica de toda a prensa e demais medios de comunicación mundiais. Por forza, faise eco de canto suceso transforman en noticia as poderosas axencias informativas estadounidenses a través das súas grandes cadeas de televisión. Case automaticamente, como un acto reflexo que non precisa maior reflexión, axencias e prensa escrita de todo o mundo séntense na obriga de recoller aquilo que o medio audiovisual transforma en atención instantánea e subseguinte demanda informativa inmediata do público. Esa demanda tamén conta e moito á hora de confeccionar o xornal.

Cómpre sinalar en todo caso que a colonización informativa estadounidense non obedece a un plan maquiavélico destinado a abducir o resto do mundo, nin tampouco a un especial servilismo dos profesionais dos medios de comunicación que dalgún xeito perciben a inevitabilidade ou a obriga de informar sobre determinados acontecementos que non poden ignorar porque forma parte dese capitulo da "demanda pública", senón a algo máis plausible como o inmenso volume de información producido polas grandes empresas mediáticas dese país que anega literalmente as redaccións dos xornais, emisoras de radio e cadeas de televisión de todo o mundo. Os maiores medios con que contan os seus servicios e axencias fan que resulte especialmente difícil competir con eles.

A ninguén estraña entón que, por exemplo, mesmo na prensa galega, poida chegar a seguirse con maior interese e dedicación as eleccións en Estados Unidos ou un escándalo Clinton-Lewinski, do que unhas eleccións en Portugal ou o transcendental debate a propósito da rexionalización no veciño país e que para Galicia tamén era especialmente importante; e iso explicaría tamén por qué para a inmensa maioría dos galegos a identidade do Presidente de Portugal ou a natureza dos debates políticos no país veciño e irmán sexan grandes descoñecidos para o noso público, inclusive para aquel obxectivamente interesado.

Pero esoutros sectores, cada vez máis amplos, máis formados e máis activos, probablemente agradecerían unha certa "localización do internacional", é dicir, que se aborden con atención e profesionalidade aqueles problemas que teñen a súa orixe en contextos exteriores de especial interese para Galicia.

4. *Escasa utilización de Internet, tanto para obter información como para divulgala*

A rede non é inimiga da prensa escrita. Sen embargo, a pesar diso, advírtense con certa frecuencia, temores, perspectivas de confrontación e, como pouco, unha concepción competitiva que minusvalora ou ignora as posibles complementariedades que poden establecerse. En boa medida, a orixe destas desconfianzas poden situarse na novidade dun medio que irrompe con forza en sectores cada vez máis amplos da nosa sociedade e en especial naqueles máis dinámicos; na ausencia dunha reflexión contextualizadora do marco de coexistencia/competencia que establece este novo recurso que presenta as vantaxes do seu reducido custo, fácil acceso, amplo volume de información e a interactividade; nas carencias cognoscitivas, en suma, que proliferan aínda nalgunhas redaccións acerca do perfil, significado e características básicas da rede.

A rede brinda oportunidades inmensas para acceder a multitude de información de forma case instantánea. Conecta xornais, centros universitarios, de investigación, etc., todo un abano de posibilidades case sen límite que se presenta como unha das maiores virtudes da rede. Pero esa oferta, en moitos casos excesiva e case sempre confusa, pode constituír aínda un atranco importante para que navegar pola rede se convirta nunha operación relativamente fácil e proveitosa. A prensa escrita non debería ignorar nin ocultar as opcións que brinda a rede e cando se trata de ofrecer información internacional que ás veces inclúe biografías, mapas, documentación, etc., non sobraría incorporar un apartado específico sobre a rede onde se signifiquen aqueles enderezos que poden resultar especialmente útiles e complementarios para un lector interesado en profundizar.

O servicio de documentación de calquera xornal é un ámbito que se pode beneficiar longamente dos recursos instalados na rede na medida en que poida sistematizalos en función das aplicacións máis usuais. Renunciar a este capital inmenso é absurdo e toda orientación neste sentido facilitada por un xornal será ben acollida por ese lector que en caso contrario deberá proceder a unha búsqueda, cada vez máis laboriosa, debido ó propio crecemento da rede. Os marcos de colaboración entre empresas mediáticas e centros de investigación próximos poden facilitar a prestación deste servicio con importantes garantías e aforro de recursos.

A aplicación das novas tecnoloxías ó proceso de elaboración dos xornais non está suficientemente desenvolvido en Galicia. A instalación dos xornais en versión dixital constitúe unha necesidade de primeira orde. Os medos a experimentar unha baixa nas vendas por causa da instalación do xornal na rede non se confirmaron en ningún caso e moi pola contra cabe constatar sempre un elevado nivel de visitas á versión dixital.

5. *Unha feble cultura internacional na maior parte das redaccións*

Dificilmente podería resultar doutro xeito habida conta das características descritas anteriormente. Non quere isto dicir que os profesionais dos medios vivan de costas ó feito internacional. Nin moito menos. Individualmente considerados, todos eles saben ben que resulta imposible vivir a actualidade sen facelo mirando ó exterior e perciben cómo nos últimos anos todo vai a máis en relación á información internacional. Outra cousa é que instalados na profesión se dispoña das oportunidades necesarias para desenvolver a curiosidade, o interese e perseverar nunha especialización que resulta difícil desde o momento mesmo de acceder á facultade de xornalismo.

En efecto, a cultura internacional das redaccións é feble non soamente por imperativos estructurais das propias empresas informativas e o xogo imposto pola escala de prioridades do momento senón tamén porque desde a experiencia educativa a especialización en información internacional presenta lagoas importantes dificilmente salvables a non ser con experiencia, formación e oportunidades para ambas. Un capítulo como a aprendizaxe de idiomas, por exemplo, debe ser resolto polo alumno cos seus propios medios sen que desde o plan de estudios se habiliten respostas adecuadas.

CARACTERÍSTICAS DO TRATAMENTO DA INFORMACIÓN INTERNACIONAL NA PRENSA GALEGA

No período obxecto do presente estudio, entre marzo e setembro de 1999, púidose abordar a análise da información internacional en dúas situacións ben distintas, tanto pola súa dimensión como pola súa transcendencia. En efecto, a guerra por Cósovo, un feito internacional de primeira magnitude, achegounos a unha situación excepcional e permitiunos calibrar o nivel de resposta e de adaptación da prensa galega a unha crise internacional de gran proxección, mentres que nun período subseguinte puidemos observar as grandes liñas de comportamento nunha situación caracterizada por esa normalidade informativa internacional na que tamén proliferan cada vez máis conflictos armados, se ben de menor intensidade.

1. *A información en tempo de guerra*

A información dunha guerra ou dun conflicto armado de grande envergadura constitúe un feito internacional de enorme transcendencia. A información da guerra é diferente á habitual en primeiro lugar, por referirse a unha guerra e, en segundo lugar, porque as dificultades para desenvolver un labor informativo normal nese contexto son maiores na medida en que se restrinxe a entrada de xornalistas á zona do conflicto, orixinando non poucos problemas para satisfacer as demandas informativas con un mínimo de garantías de solvencia e de independencia, evitando converterse en meras correas de transmisión (como afirma Manuel Leguineche) das consignas emanadas dos Cuarteis Xerais militares para asegurarse o apoio e a comprensión da opinión pública coa guerra e os seus obxectivos.

Os problemas máis significativos detectados na análise do tipo de información facilitada polos medios de prensa en Galicia arredor deste conflicto, poderiamos resumilos nos seguintes:

1.1. *A contextualización da información*

O da contextualización é un dos máis graves problemas da información internacional que ofrece a prensa galega na etapa analizada sen atopar en ningún medio unha resposta totalmente satisfactoria a esta carencia. Prima en todo tempo e situación un apego excesivo á realidade diaria, unha preocupación particularmente intensa por contar todo o que pasa, por recoller todo o rebumbio de noticias que emerxen arredor do conflicto para intentar ofrecer unha información ampla, capaz de competir en dimensión cuantitativa con calquera outro medio, por exemplo de ámbito estatal. Mesmo nos momentos iniciais do conflicto

foron poucos os informes globais sobre a crise que aportasen as claves de diversa natureza que podían axudar ó lector a comprender un conflicto de por si enormemente complexo e así percibido pola propia opinión pública.

Sen entrar agora a valorar as carencias da prensa do Estado, se ben presenta en moitos aspectos lagoas semellantes á nosa, importa destacar que a primacía da obxectividade semella estar incorporada como valor supremo nas redaccións dos nosos xornais. Esa obxectividade, entendida como presentación dos feitos sen máis porque se entende que é a mellor maneira de expoñer os problemas, *a priori* sen tomar partido, peca necesariamente da elaboración, indispensable no mundo actual, dun xornalismo explicativo e interpretativo no que á par dos feitos se favoreza a comprensión e o entendemento por parte do lector dunha realidade labiríntica por forza.

Esa obxectividade a que nos referimos vén máis definida polas carencias que polas virtudes. Debe ser entendida non tanto como radiografía exacta do estado dun conflicto senón como ausencia de marco referencial que aporte as claves que favorezan a comprensión do lector. Ademais, o sentido normal da obxectividade queda sempre en cuestión na medida en que observamos cómo a prensa galega, sen asumilo expresamente en ningún editorial, toma claro partido pola comprensión da guerra, asume a lóxica da Alianza Atlántica e o Grupo de Contacto e se aliña claramente coa posición do goberno español. Evidentemente, esa é unha posición lexítima e sempre respectable pero que se debería expresar con tanta nitidez como rotundidade nun editorial específico que, polo demais, non acostuma ser habitual na prensa galega pero que en casos como o comentado sería procedente para que o lector sexa consciente e coñecedor, sen necesidade de deducilo polos propios medios, de cál é a postura do medio que está a mercar.

A descontextualización, por exemplo, converte en datos practicamente inservibles as informacións sobre número de baixas materiais e humanas en ambos bandos na medida en que se descoñece se son ou non representativas; ou suscita desconfianzas cando se recollen asepticamente opinións de diferentes actores sen contrastar as súas afirmacións coa realidade, se a falsea ou a recorta, co que a información se transforma ás veces nun elemento de confusión e non de clarificación, involucrando ós medios na estratexia da guerra de cifras, natural entre as partes en conflicto.

A carencia de especialistas é o atranco fundamental que deben sortear os medios de comunicación galegos para franquear ese reto marcado pola necesidade de prestar máis información (cubrir un maior número de páxinas, etc.), de volcar o conxunto do xornal na atención desa noticia (internacional) sobre a que xira todo o protagonismo informativo, reforzando os equipos de redactores con medios humanos ben

intencionados pero que non contan coa especialización necesaria. Voluntarismo e profesionalización non sempre se levan ben á hora de competir cuns telexornais que tamén adican uns espacios temporais moi amplos á información da guerra.

1.2. *O problema das fontes informativas*

Trátase dun dos inconvenientes máis importantes á hora de informar sobre a guerra. Ningún medio galego contou con enviados especiais permanentes na zona e durante todo o conflicto, especie de vara máxica que lles permitiría a obtencion dunha informacion máis directa e o acceso a fontes máis amplas e plurais. Nese contexto global de mediatización da información a través dos portavoces e departamentos de propaganda da OTAN, naturalmente parte interesada e moi preocupada por garantir a uniformidade das mensaxes, e de absoluta carencia de consulta de medios de comunicación serbios de distintas tendencias, a nosa información resulta, en primeiro lugar, pobre, reducida, sesgada; e, en segundo lugar, uniforme, sen espacio para dar acollida a diferentes versións e posturas.

Desde a guerra de Vietnam, probablemente a derradeira en que os xornalistas, ás veces pagando como prezo a propia vida, podían circular e informar libremente, sen estar sometidos ó control do mando militar, a lección foi aprendida. Aqueles corresponsais de guerra contribuíron de maneira moi importante a crear un sentimento crítico na opinión pública americana, facendo da información o principal aliado dos inimigos do exército estadounidense. Desde entón, todos saben que a información é un capítulo importantísimo en toda contenda e que non pode quedar sen control. Evidentemente, neste contexto, cómpre sempre relativizar as informacións facilitadas non soamente pola propia Alianza senón tamén por aqueles medios que informan desde a zona de conflicto con limitacións e restriccións impostas polo Alto Mando.

Esa ausencia de liberdade a penas foi obxecto de análise e/ou comentario durante todo o conflicto e sen dúbida constitúe un elemento que a opinión pública debería coñecer, pois predomina a idea de que sempre estamos hoxe mellor informados ca nunca. E non sempre é así e mesmo en situación de conflicto armado podemos chegar á conclusión contraria (lembremos as manipulacións informativas durante a Guerra do Golfo, mesmo chegando a utilizar imaxes trucadas). Advírteo algún artigo de Opinión (a firma de Rosa Paíno, en *La Voz de Galicia*) cando asegura que "la información que llega tanto de Belgrado como de las capitales aliadas es tan sesgada que dificilmente los árboles dejan ver el bosque. La guerra de propaganda parece tan letal como la de las bombas y siembra la confusión sobre aquel que quiera saber lo que realmente está ocurriendo".

Pero por riba dese problema global e que polo mesmo afecta a todos os medios sen exclusións, cómpre observar que a través da información ofrecida polos medios galegos resulta imposible achegarnos ás diferentes sensibilidades e posicionamentos existentes no seo da propia sociedade iugoslava a propósito da guerra, reducidos na maior parte dos casos a testemuños illados e de dubidosa representatividade. Ademais os medios galegos non contan con mecanismos establecidos e consolidados de intercambio con outros medios que lle permitan ampliar a cobertura informativa e ofrecer maior pluralidade noutros dominios, especialmente en materia de expertos e especialistas.

Non dispor de correspondentes ou enviados especiais limita enormemente as posibilidades informativas e obriga a adentrarse por sendas esvaradizas. Así, algúns medios recababan a opinión de cidadáns iugoslavos ou albaneses residentes en Galicia elevando o seu punto de vista a unha cuestionable cualificación ou representatividade dificilmente atribuíble, non soamente por razón da súa profesión senón sobre todo porque, como recoñecían eles mesmos, vivían prudentemente distanciados dunha política como a balcánica, de por si tradicionalmente enrevesada e que desde o exterior resulta difícil de seguir.

Este recurso, complementado coa recollida de opinións de galegos que residen ou residiron en Belgrado cumpre unha función idéntica que permite encher páxinas de información relacionadas co conflicto pero que pouco poden axudar a unha mellor comprensión do mesmo se non aportan puntos de vista cualificados ou representativos. Son medios en todo caso cos que se pretende suplir a inexistencia de correspondentes ou enviados especiais na zona e conducen á sobrevaloración de opinións sempre respectables pero informativamente cuestionables.

Os medios de prensa sen embargo deberían de evitar caer nesa estratexia na que a información resulta claramente seducida pola propaganda e garantir certa independencia e capacidade de manobra para responder ás demandas dun lectorado plural que esixe coñecer a situación real e non a imaxinaria, deducida en función das necesidades dos laboratorios estratéxicos dos gobernos ou das alianzas militares, formarse en definitva a súa propia opinión e actuar en consecuencia. Non sentirse manipulado é unha sa necesidade humana que os medios poden contribuír a afortalar en momentos como este.

1.3. *A asimilación acrítica*

A prensa galega incorpórase sen conflictividade nin identidade propia a todo o vocabulario presente no conflicto e que é compartido pola práctica totalidade dos medios de comunicación obedecendo unha consigna clara: conseguir a simplificación necesaria para que o groso da opi-

nión pública poida identificar as partes e, con independencia das posicións que defendan, de qué lado debe estar a maioría. O uso dunha interesada linguaxe vai facilitando a realización desa tarefa. Así acontece, por exemplo, coa caracterización de Slobodan Milosevic como un poderoso político iugoslavo, como caudillo nacionalista, como dictador, sempre á marxe da súa condición de Presidente, mal que ben, elixido democraticamente polos seus cidadáns en reiteradas confrontacións electorais. Outro tanto sucede co diferente tratamento dado ó lider moderado albanocosovar, Ibrahim Rugova, antes e despois da súa entrevista con Milosevic, habilmente difundida por este a todo o mundo nunha manobra que desconcertaba ó cuartel da Alianza. Outra mostra salientable pode ser o tratamento da UÇK como unha guerrilla (movemento armado con certas connotacións románticas) e non coma un grupo terrorista que pretende a destrucción do Estado, é dicir, que recorre ó emprego ilegal da violencia para obter unha finalidade política.

A estes patróns de conducta que se poden observar case uniformemente na prensa galega, na estatal e moi probablemente tamén na europea e internacional, habería que sumar a proliferación de eufemismos tan exitosos como os "danos colaterais", incorporados de inmediato á linguaxe periodística para evitar mencionar a morte de civís. Mesmo o peregrino esforzo por disimular a existencia dunha guerra pura e dura utilizando eufemismos como "operacións armadas" e expresións similares (campaña da OTAN, intervención, crise, etc.) que contribuían a dulcificar un feito dramático ante unhas opinións publicas por principio amantes da paz e da non violencia.

Acostúmase, por último, un diferente tratamento (en canto a inclusión, selección, xerarquización e distribución) de temas nos xornais deixando translucir unha certa intencionalidade do medio, favorecendo o tratamento das informacións positivas para o campo aliado, outorgándolles un lugar de privilexio e minimizando aqueloutras que as contradín ou que poden inducir ó lector a unha posición máis distante e menos comprometida coa causa que se defende.

1.4. *O enriquecemento do espacio de opinión*

Respecto da opinión, as empresas, aínda sen efectuar pronunciamentos explícitos, apoiaron a acción aliada tal como se desprende dos numerosos artigos de redactores que van nesa dirección e igualmente pola selección de colaboradores que, con contadas excepcións, apuntan na mesma liña. Por outra banda, no que atinxe ó abano de firmas e colaboracións cómpre establecer diferencias en canto ó esforzo de cada un dos medios que se ben está caracterizado por unha maïor presencia de artigos relacionados co asunto, algúns de colaboradores asiduos e

outros non, presenta no caso do diario coruñés *La Voz de Galicia*, un panorama significativamente distinto e seguido a gran distancia polos demais. Como novidade a descatar, esa presencia diaria dun analista especializado, incorporado ademais con exclusividade.

Pero aínda así cómpre indicar que o abano podería ser moito máis amplo, máis plural e diverso, e ademais de incorporar voces de aquí, sempre resultaría interesante ofrecer o contrapunto de analistas doutras latitudes que evitarían probablemente reiteración de argumentos permitindo facerse cunha visión máis completa dos puntos de vista suscitados pola guerra. Polo demais, constátase un recurso xeneralizado ós textos servidos por axencias que con independencia da validez dos seus contidos, debilita a calidade do esforzo editorial.

Unha mención específica merecen as viñetas dos debuxantes das diferentes cabeceiras que en numerosos casos aportaron a súa diferente sensibilidade, a modo de versión irónica e crítica, por veces caústica, sobre o sentido da guerra.

1.5. *A presencia do sensacionalismo*

O sensacionalismo é outra das constantes practicamente en todos os medios de prensa analizados. Os titulares chamativos, os enunciados alarmistas son especialmente queridos, mesmo que ás veces non garden coherencia interna cos textos. Así un día asegurase que o conflicto se estende a toda a rexión dos Balcáns (simplemente por existir pequenos roces entre tropas da OTAN e as federais ou puntuais invasións do espacio aéreo macedonio); outro dáse conta da apertura de campos de concentración para utilizar ós albanocosovares como escudos humanos ou para ser executados, sempre sen confirmación ningunha (outros medios falan simplemente da existencia de sospeitas). Os titulares son implacables e revelan unha indisimulable inclinación ó alarmismo, sen deterse a confirmar nin a valorar a magnitude do impacto na opinión pública.

Outro tanto pasa coas cifras. As diferencias en canto ó número de refuxiados ou de falecidos baralladas por un ou outro medio e mesmo en diferentes apartados dun mesmo xornal e nun mesmo día, provoca unha enorme confusión. As diferencias alcanzan a máis de cen mil persoas, restando fiabilidade á información e cuestionando a coherencia dos propios medios. Non se trata dun problema menor pois estas cifras se utilizan durante todo o conflicto como argumento para evidenciar a magnitude da catástrofe humanitaria e xustificar a imperatividade da intervención aliada.

2. *O internacional en condicións de normalidade informativa*

Evidentemente, o tratamento da información internacional en condicións de normalidade, é dicir, en ausencia dun acontecemento grave e persistente no tempo, resulta sensiblemente diferente á situación tratada anteriormente e marca mellor a pauta da preocupación existente nas redaccións das distintas cabeceiras arredor desta problemática e do nivel de atención que se lle presta. Sen embargo debemos ter en conta que non se poden establecer fronteiras nin observar as dúas situacións como compartimentos estancos nin moito menos.

2.1. *Un espacio para a información internacional*

Todos os xornais estudiados conteñen no seu interior un espacio propio e diferenciado dedicado ó internacional, aínda que esa sección pode ter, e de feito ten, denominacions diferentes segundo o xornal (Internacional, Mundo, Extranjero, etc.) e a súa situación no periódico varíe (unhas veces a seguir de "Opinión" e maiormente despois de "Galicia" e "España" e mesmo ás portas dos "Deportes"). *A priori*, a secuencia previsible de seccións, en función da importancia atribuída á información local, sería: Local, Galicia, España, Mundo, pero cada cabeceira impón o seu propio ritmo e esquema. En ningún caso a información internacional é a primeira páxina coa que nos atopamos ó pasar a portada (a dúas ou a tres). Quen mais se aproxima é o diario *El Correo Gallego* que leva esta sección á paxina cinco. Nos peores casos lévanse os temas internacionais ás noticias de última hora, mesturadas a xeito de *potpourri* con outras de natureza diversa (sucesos, curiosidades, por exemplo) e mesmo complementando as esquelas do día.

Non se renuncia pois á presencia do internacional nin moito menos se ben é certo que dependendo da vocación do xornal o espacio que se lle dedica é distinto. O espacio dedicado acada unha media global de dúas páxinas e media, ascendendo a cinco-seis no xornal que máis espacio dedica á sección de Internacional (*La Voz de Galicia*) e seguido de *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, *Faro de Vigo* e *La Región* con tres, e *El Progreso* e *El Ideal Gallego* con unha. Naturalmente, en situación de conflicto esa reserva media pode chegar a dobrarse nalgúns deles de forma proporcional, ó igual que acontece cando xorde un conflicto internacional de certa proxección que esixe unha atención máis sosegada obrigando a efectuar ampliacións de espacio máis limitadas. Pero existen, tamén neste aspecto, diferencias moi importantes entre uns e outros.

Quérese dicir con isto que abordar a noticia é unha preocupación constante de todos os medios de prensa, procurando abarcala en toda a súa dimensión. Se esa noticia é internacional repercute inmediatamente no tamaño da sección e na habilitación de recursos por parte

dos medios para cubrila con maior extensión e profusión, volvendo á situación habitual unha vez a noticia perde interese. Existe unha relación directa entre a consignación dunha noticia internacional en portada e o seu destaque nas páxinas interiores. É un feito positivo esa presencia, cada vez máis habitual, en portada dalgún acontecemento exterior, ben sexa directamente, con titular e fotografía, ou simplemente no sumario do día, se ben cómpre sinalar que na maior parte dos xornais a ausencia do internacional en portada é notoria e pola contra nalgúns, os que máis atención prestan a esta temática, constátase o feito inverso: neles, en maior ou menor medida, o internacional é noticia de portada con certa asiduidade.

Se comparamos, por outra banda, a dimensión espacial do internacional con outras seccións importantes como "economía", observamos que é practicamente similar, mesmo nalgunhas ocasións cun saldo favorable para a primeira. A maiores cómpre sinalar que, en maior ou menor medida, todos os xornais galegos recollen unha presencia dos aspectos relacionados co exterior nas diferentes seccións (Galicia, sociedade, cultura, economía, etc.) podendo atopar nelas informacións "transnacionais" ou novas que atinxen directamente á presencia ou ás relacións de Galicia co mundo.

2.2. *A información*

En todas as seccións de información internacional analizadas se procura dar o maior número de noticias posible nun espacio con evidentes limitacións e, na maior parte dos casos, breve. Constitúe todo un reto diario acomodar en dúas páxinas, por exemplo, ilustracións e información relativa ós feitos máis salientables da xornada no mundo nun momento en que son tantos os acontecementos a destacar. A algúns lévaos directamente a tirar a toalla, ós menos, sen embargo, a poñer a proba a súa profesionalidade, algunhas veces con resultados loables e pouco recoñecidos. Ese feito da diversidade, esa preocupación por recoller e resumir o máis importante do acontecer no mundo é algo salientable e constitúe sen dúbida un esforzo a valorar pero que sen embargo obriga en numerosas ocasións a efectuar un tratamento moi abreviado, case telegráfico, das noticias que se recollen.

En efecto, case todo se pode dicir con menos palabras das que habitualmente utilizamos, mesmo ás veces se agradece unha exposición de síntese e equilibrada, pero resumir adecuadamente en poucas palabras un feito ou noticia sen contar con persoal especializado para iso pode deturpar seriamente a información e deteriorala. Primar o criterio de ofertar gran cantidade de titulares, con moitas noticias breves, probablemente permitirá ó lector coller pólos pelos a información, pero precisará acudir

a outros medios se precisa informarse adecuadamente. E, naturalmente, non mercará ese xornal pola información internacional que facilita.

Na conciencia das redaccións está asentada a convicción de que salvo cando o internacional é noticia de alcance e de primeira, esta sección interesa a unha exigua minoría que por regra habitual simultanea a lectura dun xornal galego con outro estatal ou outros. A preocupación informativa fundamental é dunha banda o local-comarcal e a sección de Galicia, é dicir, o que habitualmente non reflicten as grandes cadeas de televisión e onde se pode aportar un comentario informativo de propia colleita (por esa especialización acreditada). É aí onde se centran as prioridades esenciais. Pero esa exigua minoría progrede a pasos axigantados, tanto da man das novas tendencias internacionais, como tamén da implicación de cada vez máis sectores sociais en dinámicas que interiorizan a exterior como unha variable esencial da súa actividade (desde organizacións non gobernamentais a empresas).

Desde o punto de vista xeopolítico a atención informativa, por término medio, céntrase nun 65 por cento en Europa e en xeral funciona coa mirada posta no mundo euro-atlántico (con especial relevancia para Estados Unidos), ocupando Sudamérica un segundo lugar seguido de Asia e en último lugar trátanse os aspectos relacionados con África. Malia esa importante dimensión informativa europea non existe unha sección específica para Europa que implicaría ademais unha seria aposta estratéxica e mesmo revelaría unha concepción de todo o que afecta a Europa como algo propio, máis próximo, case interno e con implicacións moi diferentes ás derivadas de calquera outro asunto estranxeiro. Pero evidentemente se o espacio dedicado ó mundo é de por si exiguo, fragmentalo debilitaría aínda máis a forza da atención ós aspectos exteriores.

Unicamente podería gañar entidade cunha nova concepción que agrupase en "Europa" non soamente a información política da Unión e dos países integrantes dela, senón tamén dos aspectos que relacionan a Galicia con Europa, quizais prescindindo do propiamente económico, e involucrándose nunha estratexia informativa de maior calado en relación a Portugal e a aqueles países ou rexións (Arco Atlántico) cos que Galicia mantén un determinado nivel de intercambio.

O seguimento da información europea desborda a propia sección de internacional, na medida en que unicamente recalan nesta sección as grandes cuestións da actualidade política supranacional relacionadas co proceso de integración no ámbito estrictamente político ou do acontecer nos países membros (procesos electorais, negociacións de paz, etc.) en idéntico nivel. Existe outro amplo e diverso capítulo de información que ten que ver con Europa e que se residencia noutras seccións do xornal (economía, fundamentalmente, pero tamén sociedade, cultura, Galicia, España, etc.).

A Europa comunitaria, globalmente, está moi presente na información ofrecida pola prensa galega; tamén o están algúns países europeos extracomunitarios (Rusia) por imperativos de estricta actualidade, na medida en que numerosas convulsións sacoden o seu peculiar proceso de transición, aínda sen rematar dez anos despois da caída do muro de Berlín. Sen embargo cabe, *a priori*, destacar dúas carencias: en primeiro lugar, son escasas as informacións relativas a aqueles países que formarán parte do inminente proceso de ampliación da Unión (Polonia, Chequia, Hungría, Chipre, Estonia e Eslovenia). Son países tremendamente descoñecidos e dos que nada ou practicamente nada coñecen os lectores galegos. Daquela, cando ingresen, serán uns perfectos descoñecidos na "familia".

En segundo lugar, existe unha Europa na que Galicia participa de forma activa, na que Galicia pode proxectar a súa personalidade en excelentes condicións, unha Europa na que urxe integrar mecanismos que favorezan a participación da sociedade civil, unha Europa certamente que non dispón hoxe de grandes orzamentos para dar resposta ás necesidades de Galicia pero na que si importa desenvolver unha presencia política continuada e repleta de iniciativas, unha Europa, a das rexións, a do Arco Atlántico, que está practicamente ausente da información que facilitan os nosos medios.

No ámbito da información transnacional e mesmo con implicacións claras no que atinxe ó seu involucramento en estratexias de acción exterior, o esquecemento do mundo da emigración galega, da quinta provincia, é demasiado evidente. Informativamente, e non só, sociedade galega e emigración viven de costas. O voto da emigración pode chegar a decidir o signo político dun goberno e abanear unha maioría absoluta a nivel autonómico e a nivel municipal e, sen embargo, localizada fóra das nosas fronteiras naturais e xeográficas, situada no exterior, case podemos sabelo todo do que acontece nun determinado país, pero practicamente nada do que acontece coa emigración galega nese concreto país, coa excepción de casos puntuais de certo protagonismo individual (deportivo, político ou económico). Cómo integrar informativamente a esa emigración exterior constitúe un reto e unha materia pendente dos nosos medios de prensa. Iniciativas como a do xornal compostelán *El Correo Gallego* destacan pola súa soidade.

2.3. *A presentación*

En canto ó coidado estético e ó atractivo da sección de internacional (facilidade para distinguir esta sección das demais que conforman o xornal, preocupación por salientar as noticias en titulares, maquetación e estructuración, creación de subseccións para destacar os temas de maior importancia e actualidade, coidado na ilustración da noticia, acompañamento gráfico mediante ilustracións ou fotos a cor, etc.) habería que dis-

tinguir un primeiro grupo constituído, nesta mesma orde, por: *La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, e *El Ideal Gallego*. Neles, a sección non pasa desapercibida. Nos demais a calidade, definida a partir dos mesmos parámetros, é bastante menor e mesmo sería recomendable unha mellora substancial e urxente.

2.4. *A presencia do galego*

Respecto do uso do galego a presencia é practicamente nula nesta sección, a excepción, claro está, do xornal *O Correo Galego*. Unicamente na sección de "Opinión" ou en "Cartas ó director" podemos atopar colaboracións en galego ou cartas no noso idioma que se refiren a conflictos ou á actualidade internacional en xeral. Tamén é excepcional a presencia do galego nas análises incorporadas na propia sección. Parece como se aquí o galego non procedese (vai ben en "cultura", algo menos en "Galicia") porque se trata dun tema relacionado co estranxeiro. É un coto practicamente vedado e as preferencias dos xornais, ás veces con imposicións innegociables, decántase polo non uso do galego. Pero inclusive tampouco é usado cando se abordan temas relacionados co exterior e a acción de Galicia no mundo. *A priori*, entre todos os medios consultados, formalmente, ninguén descarta o uso do galego na sección.

AS PRINCIPAIS CARENCIAS

1. *A información desde aquí*

Debemos apostar pola mellora da calidade da información pero debemos definir os nosos intereses informativos específicos no ámbito exterior. Cabe entrar a discutir se un xornal é un espacio idóneo para incorporar estes puntos de vista ou se deberían ser obxecto de materiais ou de publicacións diferentes. Pero non cabe a menor dúbida de que polo seu nivel de difusión e accesibilidade social, a prensa diaria escrita desempeña un papel esencial no fomento de determinados hábitos, que non se contradí nin compite coa función que efectivamente poden desempeñar outras publicacións que deben abordar esta materia máis centrada na análise. A complementariedade é evidente.

Esa reflexión non pode realizarse sen ter en conta a necesidade de avaliar a conveniencia de efectuar unha maior implicación nos intereses exteriores de Galicia. Non se trata de estratexias políticas de signo partidario e mesmo institucional, senón dunha aposta estratéxica que parte da premisa de que boa parte do noso futuro pasa inescusablemente por establecer unha relación favorable co exterior. E esa demanda esixe comprender o mundo e o que nel acontece e viralo cara a nós.

Nese sentido, sería especialmente interesante que desde os medios de comunicación se fomentase a idea da necesidade de establecer unha "Alianza por Galicia no eido exterior", de xeito que esa definición dos intereses exteriores de Galicia sexa resultado do consenso entre as principais forzas políticas e sociais e non unha área máis de confrontación, habitualmente devaluada polo feito de reducir o debate político ó sentido de determinadas viaxes institucionais. Con independencia de que un determinado goberno o faga mellor ou peor, o sentido de continuidade da acción exterior debe prevalecer en todo caso pois moitas destas actuacións darán os seus froitos ó cabo de varios anos e esixen certa perseverancia. Por iso cómpre diferenciar o ámbito da xestión do relativo á definición das liñas estratéxicas que deben formar parte dese paquete de "asuntos de estado" nos que o nivel de coincidencia entre as forzas políticas e sociais debe ser o máis amplo posible e pode selo.

A realidade encárgase xa de colocar este asunto sobre a mesa. En efecto, como resultado das recentes eleccións locais, resulta indispensable, por exemplo, que as políticas en relación a Portugal dos Concellos do Eixo Atlántico, a maioría gobernados por forzas políticas diferentes da que ostenta o goberno autónomo, sexan consensuadas nos grandes temas para facelas máis efectivas e para evitar discrepancias absurdas que a todos poden prexudicar.

2. *O problema das fontes*

Cómpre abordar con xenerosidade o problema das fontes de información. Carecer de correspondentes e contar con fontes limitadas, na maior parte dos casos sen vencellos directos con determinadas áreas que teñen certo interese para Galicia (América latina, por exemplo), dificulta enormemente o labor de realizar un traballo informativo serio, rigoroso e adaptado ás nosas necesidades. Hai xornais nos que o caos de fontes leva a identificar como enviados ou correspondentes do propio xornal a enviados especiais de axencias, orixinando confusión que se acrecenta cando non son identificados e se mergullan baixo a denominación dunha axencia concreta ou simplemente de "axencias". O lector ten dereito a coñecer o autor e a fonte da noticia e a saber se efectivamente informa desde o lugar do suceso ou non. Non se trata de avaliar a información pois non existe unha relación directa absoluta entre a súa calidade e a presencia no lugar dos feitos, senón de evitar equívocos que poden conducir a engano.

Hai sen embargo iniciativas simples como a "revista de prensa" que abriría certos horizontes. Ningún medio en Galicia a acolle nas súas páxinas. O habitual é que se refira a medios de prensa doutros países. Non é algo menor. Pola contra, amosa un san cosmopolitismo, explicita

un talante de apertura e dá conta de que seguimos o que acontece ó noso redor e que temos certa capacidade de observación e de análise. Por outra banda, en determinados casos, unha revista de prensa ben orientada pode enriquecer o xornal "anticipándose" a certas noticias, algunhas con repercusións sociais importantes. Pensemos por exemplo, na Lei de Emerxencia Pesqueira aprobada recentemente por Arxentina e que afecta a parte da nosa flota. Sabemos das cousas cando pasan e polo tanto cando máis difícil resulta viralas ó noso favor. Sen embargo, unha lectura asidua de certos diarios arxentinos permitiríanos detectar con antelación ese problema e dar o correspondente aviso de alarma.

3. *O tratamento de Portugal*

A prensa escrita non acompaña suficientemente o *boom* experimentado nas relacións galego-portuguesas dos últimos anos. O mundo da información permanece indiferente a un fenómeno que reduce basicamente ó económico, sen incorporar a dimensión informativa que pode activar e facilitar o coñecemento e o intercambio mutuo entre as respectivas sociedades. Portugal é contemplado case como un país europeo máis, outro membro da Unión sen cualificación engadida e unicamente é referenciado e obxecto de atención cando está implicado en asuntos europeos ou é referente en actos nos que a Xunta de Galicia ó implica directamente.

Creceu a información cultural (partiamos practicamente de cero) pero o nivel de información e de intercambio, mesmo no ámbito estrictamente periodístico podería ser infinitamente maior. Cumpriría establecer acordos de xornal a xornal, intercambiar colaboradores e informacións, sistematizar encontros periódicos para avaliar e afrontar problemas comúns, facilitar o mutuo coñecemento da respectiva prensa en cada país, abrir xanelas, en definitiva, para o mutuo coñecemento. Esa pode e debe ser a mellor baza, a máis sólida, para, en parello, incorporar máis información de actualidade sobre Portugal, tanto sobre aspectos da vida política, económica ou social, como tamén sobre aqueles elementos informativos de maior proxección e nos que Portugal desempeña un papel especialmente activo. Pensemos, por exemplo, nos acontecementos vividos en Timor-Leste, seguidos con grande interese informativo no país veciño, e como a penas ese feito tivo repercusión en Galicia, a non ser pola presencia de cidadáns portugueses, máis ou menos significados, na nosa Terra para sensibilizar a nosa opinión pública. O tratamento do problema, amplo nalgúns casos, careceu dese elemento engadido.

Sen dúbida, poderíanse incorporar outros elementos que mellorarían substancialmente a nosa información. Pensemos, por exemplo, na utilización compartida dun enviado especial ou en cánto gañarían os

lectores galegos coas aportacións portuguesas en materia de contextualización do conflicto. Un bo exemplo desas inmensas posibilidades o constitúe o Canal Lusofonía do diario dixital Vieiros (http://www.vieiros.com).

4. *O uso da rede*

Internet brinda numerosas posibilidades que non están a ser aproveitadas. Urxe que todos os diarios galegos se acheguen e difundan o seu medio a través da rede, pero tamén nos cómpre a exploración das diferentes opcións que nos proporciona para mellorar e ampliar as oportunidades informativas. Tal e como xa se sinalou, posibilitar o diálogo cos lectores, fomentar a interactividade e o uso da rede a partir da asunción de certa complementariedade, etc., son aspectos ós que cómpre prestar unha mellor atención, sen medos nin complexos, convencidos de que a hipotética rivalidade debe obviarse a partir da potenciación daqueles elementos ou variables que contribúen ó mutuo reforzamento e proxección. A rede non quita lectores senón que potencia a información.

5. *Dignificación da información e da sección internacional*

Globalmente, importa que ás cuestións relacionadas co exterior se lles outorgue a importancia debida tanto para abordalas da maneira adecuada como para facilitar esa aprehensión e toma de conciencia máis activa por parte do lector acerca da súa transcendencia. O cambio de mentalidade non se producirá a través da simple suma de máis noticias do exterior, senón da comprensión das súas implicacións, sexa maior ou menor o número de noticias aparecidas no propio medio.

Para que esa dignificación proceda e se afiance, é aconsellable prestar atención ó seguimento de determinadas orientacións que poden contribuír á positiva modificación do actual estado de cousas. Entre elas, podemos citar as seguintes:

— Manter unha certa regularidade na presencia da información internacional e no seu tratamento na respectiva sección. Coidar aspectos como os titulares, a utilización ou non da cor, manter unha certa uniformidade e coherencia co número de páxinas que se lle dedican, atender a calidade das fotografías que acompañan a información.

— Establecer uns criterios para a selección das noticias ou dos temas de análise que se pretenden abordar. O volume actual de información que chega polos teletipos das axencias acostuma a ser inmenso e polo tanto requírese certo labor de discriminación, imposible de realizar axeitadamente se non actuamos con determinados criterios. A este respecto,

o menos recomendable é o de dar o que dan todos, ou o de dar o que establece a televisión. Evidentemente, non se poden evitar determinados temas, pero cómpre incorporar elementos diferenciadores. Entre eses criterios, parece lóxico e natural que se inclúa certa axuda para adquirir un coñecemento maior do noso medio máis inmediato.

Unha mínima observación dos informativos dos diferentes medios audiovisuais conclúe que o televidente discrimina perfectamente e acostuma optar por aquel que se aparta do montón e que informa do mesmo pero con identidade propia e que, ademais, incorpora noticias que outros non acostuman a dar. Nese sentido, esa selección e eses criterios deben permitir un seguimento regular da información e habilitar un espacio suficiente para que as noticias sexan tratadas coa lonxitude adecuada. A información internacional pode e debe crecer pero non de xeito indiscriminado. Cómpre valorar a súa importancia, sempre relativizando dous contextos (o mundo e Galicia) e importa tamén saber anticiparse e estar en disposición de prever acontecementos que chegarán a ser noticia.

— Inclusión de gráficas ou esquemas que contextualicen a noticia, dando conta do escenario xeográfico que nos permita localizar a súa situación, aportando a contextualización histórico-política máis recente, introducindo a variable xeopolítica, etcétera. Son instrumentos que aportan vivacidade á información e permiten ó lector captar rapidamente a dimensión e entidade dunha información determinada. Tamén constitúen instrumentos que facilitan unha maior atención do lector, se o xornal está interesado en destacar esta información.

— Inclusión dun espacio reservado para editorial do xornal de xeito que cando a actualidade así o requira poida abordar unha reflexión sobre algún problema internacional. Un medio moderno debe identificarse e esa identificación non soamente se verifica a través da "mancheta" do seu organigrama, senón coa plasmación de determinados puntos de vista e posicionamentos que habitualmente son coñecidos pero non están expresados con claridade e acostuman navegar por un mar de ambigüidades.

— A análise de expertos e especialistas debe ser incorporada na propia sección, moi especialmente cando se refire a un tema que tamén se trata informativamente. É un complemento indispensable que se debe potenciar non soamente en número senón tamén en cualidade e en destaque polo propio medio de prensa.

— Unha maior utilización da entrevista como recurso idóneo para dar a coñecer a opinión dos protagonistas da noticia, para reflectir os seus puntos de vista de maneira máis accesible e clara, evitando os rodeos que ás veces se producen cando se requiren opinións escritas para acadar o mesmo obxectivo.

— Utilización de análises socio-económicas nas crónicas informativas, de xeito que poidamos configurar pouco a pouco esa realidade contextualizadora dunha determinada situación ou crise e contar cos elementos mínimos e indispensables para facernos unha idea máis aproximada do calado do asunto que se trate. Esta cuestión é especialmente importante cando se trata dun conflicto ou problema de certa envergadura informativa e que previamente non foi tratado no medio. Así se evitarían gran parte dos desconcertos e confusións.

— Mellorar a identificación dos autores da noticia, especialmente para diferenciar o que é información de axencias, pura e dura, do que é elaboración feita por un laborioso redactor que vive frecuentemente no anonimato. A rotulación das axencias e dos autores das informacións debe coidarse e non prestarse a engano nin a confusión. Resulta absurdo, por exemplo, identificar a un corresponsal dunha axencia como do propio medio. Somos o que somos e temos o que temos.

— Unha última reflexión debería abordarse polos medios que máis atención prestan á información internacional en xeral e europea en particular. Trátase da oportunidade ou conveniencia de abrir unha sección diferenciada para a política europea (non exclusivamente comunitaria senón máis ben continental, ata os Urais) e distinta da sección internacional. É absurdo discutir sobre este asunto cando as páxinas que se dedican a "Mundo" son dúas, pero non cando o promedio é de seis e mesmo pode pasar delas. Evidentemente, presenta vantaxes e inconvenientes, pero podía ser un reto perfectamente asumible para *La Voz de Galicia*, mesmo tomando en consideración a distribución dos seus actuais correspondentes.

Todas estas observacións, en maior ou menor medida, son tomadas en conta xa por algúns xornais, pero falla a regularidade, a sistematización, principios que deberían ser sagrados e que esixen como contrapartida, a dotación de medios persoais e materiais suficientes nas respectivas redacións, eludindo claro está moitas das precariedades actuais. Importa pular pola especialización das persoas responsables do tratamento da información internacional e tamén de todas aquelas doutras seccións que incorporan o exterior no seu ámbito informativo (economistas internacionais, coñecedores da acción exterior de Galicia, etc.).

CONCLUSIÓNS

1. *Investir no internacional*

A información internacional debe ser contemplada polas empresas e as redaccións cunha perspectiva distinta, asumindo internamente esa condición renovada que lle vén atribuída tanto polo proceso de globa-

lización en curso, como por esa tendencia a unha maior presencia do feito internacional desde o punto de vista informativo. Se o local constitúe en efecto, un elemento diferenciador da prensa periférica que non pode ser obviado baixo ningún concepto (neste sentido nin hai carencias nin as modificacións rexistradas nos últimos tempos se orientan no sentido de reducir a súa importancia), non pode verificarse sobre a base dun desatendemento do internacional. O lector esixe información e sen o internacional será incompleta.

Para unha elaboración adecuada precisamos formar e especializar os nosos profesionais. Non se pode cubrir esta sección de calquera xeito, nin tampouco reforzala ocasionalmente pero con reiteración acudindo sen máis a redactores doutras áreas que quizais descoñezan mesmo o punto exacto xeográfico do tema que están a tratar. O que se precisan son especialistas, persoal capacitado con tempo de rodaxe soamente accesible en condicións dunha mínima estabilidade laboral. Deste xeito poderemos imaxinar unha mellora da calidade da informacion e do rigor.

2. *Un periodismo atento ás necesidades estratéxicas exteriores de Galicia*

Debemos afrontar a elaboración da información internacional non pensando soamente en contar o que acontece no mundo senón en enriquecer esa información coa súa vertebración orientada á satisfacción das necesidades globais ou sectoriais da nosa sociedade. Informar mellor significa mellorar a cualidade pero tamén atender as necesidades informativas xeradas desde aquí. Iso debe obrigarnos a considerar nunha determinada magnitude un enfoque particular que privilexie elementos xenuinos que gocen de acreditado arraigo na nosa estructura de necesidades: Non deixarse levar polas inercias, senón equilibrar as demandas informativas globais que nos obrigan a estar onde están outros para estar á altura con aquelas específicas que a outros interesan menos. A localización do internacional sintetiza esa idea de informar desde aquí, atendendo ás nosas prioridades e fomentando tamén respostas desde aquí ós problemas exteriores.

3. *Intercambio con outros medios*

As relacións exteriores dos medios son un capítulo menor nas preocupacións das direccións. E sen embargo na actualidade preséntanse grandes oportunidades neste sentido que poderían redundar nunha mellora significativa da nosa relación co exterior. Con independencia dos intercambios de medio a medio, interesa favorecer desde a Administración, os colexios de xornalistas, o medio universitario, etcétera, iniciativas que permitan o troco de experiencias entre profesionais de cabeceiras situadas en lugares que revistan certo interese estratéxico para Galicia.

4. *Apostar polo uso do galego*

Nas enquisas efectuadas a diversos responsables dos medios, ninguén descarta a utilización do galego nesta sección. Pero poucos apostan en serio polo seu uso. Desde a perspectiva dalgúns expertos consultados, diferénciase vontade e realidade. O certo é que a realidade desmente aquela aseveración e salvo en contados casos, o galego está ausente da sección. Abrir espacios ó uso normal do galego no ámbito da información especializada contribuirá ó proceso global de normalización lingüística en Galicia.

5. *Analistas propios*

É inimaxinable hoxendía abordar a información internacional sen equipos de analistas. Cómpre apoiar as iniciativas que xorden en Galicia neste sentido, tanto desde os medios universitarios como das entidades que emanan da propia sociedade civil. A Facultade de Ciencias Políticas pode contribuír de maneira importante mediante a formación de politólogos e o traballo de investigadores, ben a título individual, ben organizados en equipos sólidos e estables, son punto de referencia indispensable. Por outra banda, cómpre vencellar a Galicia a aqueles profesionais que desenvolven o seu labor en instancias internacionais para que tamén na súa actividade pensen en clave de país e colaboren cos medios.

En suma, non podemos darnos por satisfeitos co nivel da información internacional ofrecido pola prensa galega e urxe incorporala a esa dinámica de interiorización do factor exterior como un factor clave de proxección dos seus intereses e dos de Galicia.

M. G. C.
M. N.-C.
X. R.

Irlanda e as novas formas da vida internacional

Fernando Pérez-Barreiro Nolla

Irlanda é un asunto que estaba no cerne das preocupacións intelectuais e das afeccións estéticas de Plácido Castro. Digo un asunto e debería dicir un mundo: unha realidade xeográfica e histórica e tamén unha ricaz paisaxe do imaxinario. O político, o literario, o fantástico e o real mestúranse no que evoca ese nome. E mesturadas ían todas esas perspectivas na Irlanda que coñeceu o Plácido e da que el e outros da súa xeración galeguista se ocuparon con agarimo e esperanza. A "irmanciña adourada que pasáche-lo mar" era unha irmá celta asoballada e un tecido anímico de anceios de redención. Non sempre ía o entusiasmo acompañado do coñecemento e da crítica entre os galeguistas daquela xeración nin doutras. Aí levaba o Plácido unha gran vantaxe; no coñecemento sobre todo, que no caso del era directo. A sensibilidade que informa as súas fotografías de escenas irlandesas é a do celtismo da época, como, por suposto, a das súas traduccións e adaptacións de Yeats. A simpatía que sentía pola causa do nacionalismo irlandés é evidente; pero o entendemento do imperialismo británico que adquirira na súa perspicaz observación desde perto da vida política inglesa é moito máis claro e moito máis sutil e matizado que a versión simplificada que corría e corre aínda polo mundo. Eu querería seguir ese exemplo de empatía temperada pola análise para achegarnos ós problemas de Irlanda, que son tamén problemas da Gran Bretaña, de Europa e do mundo, como se vai vendo cada vez máis claro.

O texto deste artigo corresponde á conferencia pronunciada o 25 de xaneiro de 2000 na Primeira Conferencia Anual Plácido Castro de Río, organizada polo IGADI e o Concello de Vilagarcía.

Hoxe quero falar das novidades en Irlanda. Pero a historia, á que tantas veces xe lle bota a culpa dos terribles problemas da Illa, está sempre presente, e non me parece que se poida esquecer. Acaban de aparecer trazos que poden ser presaxios de novas configuracións da política internacional e nacional. Pero tamén é verdade que o problema do nacionalismo irlandés é un dos que parecen ter mudado menos nos seus termos esenciais, non só neste século que acabamos de deixar ás costas senón desde o século anterior, o XIX, no que naceron tantas cousas e ideas que aínda están vivas. Cando lemos a prensa da fin da era victoriana poucas cousas estarán máis preto dos problemas de hoxe que os grandes debates sobre o Home Rule e as dificultades de Gladstone, e as súas relacións con Parnell, por exemplo. A proximidade aumenta cando imos chegando ós tempos inmediatamente anteriores e seguintes á Guerra do 14, coa renovación dos malfadados proxectos de leis de Home Rule polo goberno liberal de Asquith, o adiamento da lei xa aprobada, por mor da Guerra e, despois desta, o nacemento do Sinn Féin, a Rebelión da Pascua de 1916, o Estado Libre, a Guerra Civil e, sobre todo a Partición da Illa e o nacemento do Ulster moderno, que vai ser realmente a novidade no século XX.

Ata ese punto da historia chegaron as observacións capitais de Plácido Castro del Río, e aínda que acompañou a evolución dos acontecementos ata moito máis tarde, esa foi a situación que determinou as súas análises. O que me parece que valería a pena facer hoxe é ver o que mudou entre os tempos de Plácido Castro e os nosos tempos. O que hai de novo a pesar de tanto que é sempre o mesmo.

Diferencias de enfoque para nós, galegos; diferencias nos protagonistas e diferencias no aparello institucional e no marco internacional.

A PERSPECTIVA

A primeira diferencia de que vou falar é de enfoque e perspectiva. No decenio de 1920 e aínda no de 1930, o problema colocábase no marco do Imperio, era un problema imperial coa colonia máis próxima, máis problemática e máis paradoxal. A independencia da República de Eire foi a segunda, despois da dos Estados Unidos de América, e precedeu á gran descolonización que tería que esperar ata despois da Segunda Guerra Mundial. Foi moi radical, ademais, na rapidez con que o primeiro Presidente, Cosgrave, e sobre todo de Valera depois da victoria do seu partido en 1932, fóronse desprendendo das limitacións da condición de Dominio dentro da Commonwealth, que tiña gaño o Estado Libre de Irlanda no Tratado de 1922. Hoxe, e aínda que no discurso central do nacionalismo e especialmente na súa versión ultramarina, nos Estados Uni-

dos de América, se siga mantendo con respecto a Irlanda do Norte tal perspectiva imperial, non me parece que se poida formular o problema xa neses termos. E certamente nos últimos acontecementos do proceso de paz, desde o Acordo Anglo-Irlandés de 1985 ata estes días, o abandono explícito desa perspectiva foi un dos factores máis importantes para o proceso de paz. O problema volve a unha base de relacións entre comunidades que compartillan un territorio. Se queremos falar en termos de nacionalismo, o Goberno británico defróntase en Irlanda do Norte con dous nacionalismos: un católico —ou de cultura e tradición católicas— e outro protestante —ou de cultura e tradición protestantes—. Nesa situación preséntase a posibilidade dun novo tipo de relacións internacionais, interrexionais e mesmo intermunicipais, con criterios novos e diferentes, dos que falaremos máis adiante.

Aquí teño que falar de algo que sempre me chamou a atención no discurso galeguista sobre o nacionalismo irlandés. E ten que ver con esa perspectiva imperial vixente durante tanto tempo. O principal argumento para ter suxeita a Irlanda era desde ese punto de vista estratéxico, o dunha estratexia forxada no grande enfrontamento, no século XVI, de dous imperios: o español e o británico. A lealdade de Irlanda á Inglaterra protestante era máis que dubidosa. A historia de complicidade coas potencias católicas daba motivo para temer un ataque polas costas contra a Gran Bretaña. No século XVII Irlanda foi o último reducto da oposición, primeiro á Commonwealth de Cromwell e despois ó restablecemento do protestantismo constitucional por Guillermo de Oranxe. Nos dous casos houbo levantamentos católicos de gran violencia, e no segundo está a orixe da mitoloxía unionista do Ulster. No século XVIII, curiosamente, sería a Francia revolucionaria, e non a católica, a que apoiaría a insurxencia irlandesa (de católicos e protestantes xuntos desta vez). Pero sempre está aí o temor á puñalada polas costas.

Nese proceso, a simpatía de España ía a Irlanda, naturalmente, por motivos relixiosos e imperiais. Eu encontro ecos automáticos e sen crítica desa actitude na simpatía do galeguismo, que neste caso aceptou sen moita crítica a ideoloxía imperial española. O compoñente relixioso, fanático moitas veces, do nacionalismo irlandés na época da pre-independencia e despois da independencia, non parece terlle chamado a atención ós galeguistas, moitos deles agnósticos ou non especialmente devotos. Pensemos, por exemplo, na mobilización oficial e popular de apoio a Franco en 1936. É certo que houbo irlandeses nas Brigadas Internacionais, pero tiveron que saír moi caladiños, e ás veces contra a vontade dos seus sindicatos, os que eran sindicalistas, e non despedidos a bombo e platillos como os Camisas Azuis do xeneral O'Duffy que desembarcaron en Ferrol, e que, por certo, volveron a Irlanda sen pena nin gloria despois de algúns incidentes pouco gloriosos e pouco edificantes.

OS PROTAGONISTAS

Plácido Castro del Río recoñecería sen dificultade tres dos protagonistas do conflicto: o Goberno británico, o Goberno da República de Irlanda e o Sinn Féin. Notaría algunhas mudanzas nos tres. En Londres, sorprenderíalle, seguramente, o desinterese polo aspecto territorial da cuestión, incluso no Partido Conservador. Nos seus tempos, o Partido Liberal, do que era simpatizante, defendía, desde os tempos de Gladstone, a autonomía parlamentaria de Irlanda, o Home Rule. Os Tories, en cambio, eran refractarios a esa autonomía e, cando a viron próxima, apoiaron decididamente ós partidarios de manter a unión, protestantes na maioría e concentrados no Ulster, no nordeste da Illa. Hoxe reina en Westminster unanimidade no tratamento do problema irlandés. E unánime ou pouco menos é tamén a indiferencia da opinión pública ante o problema. Goberno e opinión coinciden na necesidade de afastarse co menor dano posible desa explosiva situación. Encontraría tamén mudado ó Sinn Féin. Non vou levalos aquí polo tortuoso camiño da evolución do Sinn Féin e o seu papel na política da República e do Norte desde que Arthur Griffith o fundara en 1908 —iso sería contar a historia da illa de Irlanda no século XX—, pero vou salientar unha mudanza que aconteceu en 1969-1970 e que trouxo á tona o nome dos "Provisionais", que é hoxe tan familiar para quen lea a prensa. A cuestión discutida entón foi a do non recoñecemento dos parlamentos de Dublín e de Belfast, que ata entón era política oficial dese Partido, que vivía do irredentismo e da loita por unha Irlanda unida. Para eles, as institucións soberanas de Dublín e as autónomas de Belfast eran resultado da aceptación do Tratado e a partición da Illa que deran lugar á Guerra Civil de 1922-23. Os que a finais do decenio de 1960 querían recoñecer practicamente esas institucións e participar na vida política do Norte e do Sur, eran, en xeral, de inspiración marxista, e tomaron o nome de Sinn Féin Oficial. Os que estaban en contra e querían concentrarse na loita contra a presencia británica nos seis condados do Norte, chamáronse o Sinn Féin Provisional. Os Oficiais acabaron converténdose no Partido dos Traballadores e a Esquerda Democrática, na política de Dublín. Os Provisionais son o Sinn Féin actual, e o adxectivo úsase sobre todo para a rama correspondente do Exército Republicano Irlandés (o IRA). Naturalmente, o non recoñecemento perdeu vixencia no proceso de paz, e dous dirixentes do Sinn Féin chegaron a ministros do Executivo de Belfast. Claro está que é un Executivo reformado, moi diferente do da vella autonomía, exclusivamente unionista, pero aínda así trátase dun organismo autónomo que segue formando parte do Reino Unido. E hai deputados do Sinn Féin no Parlamento de Westminster, aínda que teñan problemas para ocupar os seus escanos por recusarse a xurar lealdade á Raíña.

Non se prestaba moita atención nos tempos de Plácido Castro del Río ós Unionistas, que aparecían só como apéndice e pretexto para a ocupación británica. Paréceme a min, sen embargo, que desde unha perspectiva nacionalista xenérica merecen máis atención. Non quero defender a súa hexemonía, brutal ás veces, nos tempos en que gobernaban eles sós coa autonomía do Parlamento do Stormont. Iso foi o que provocou o movemento dos dereitos civís en 1968, do que xurdiu toda esa turbulencia que segue ata hoxe. Pero non todo é violencia nin fanatismo nos protestantes do Ulster. Hai unha lexítima defensa dunha identidade ameazada. E iso non pode deixar indiferente a quen defenda o multiculturalismo e a tolerancia. Os Unionistas están fragmentados politicamente. O partido máis forte e representativo é o UUP, Partido Unionista do Ulster, liderado hoxe por David Trimble. Máis extremista é o DUP, Partido Unionista Democrático, de Ian Paisley. E máis recentes son o Partido Unionista do Reino Unido, o Partido Unionista Progresista e o Partido Democrático do Ulster. As diversas forzas paramilitares lealistas varían nas súas relacións con algúns destes partidos. Convén ter presente que o principal partido, o Partido Unionista do Ulster, non está vencellado a ningunha forza paramilitar.

Hai outros partidos que non existían antes do período de disturbios deste últimos trinta anos. O Partido da Alianza pódese agrupar cos unionistas, xa que defende a continuación do vencello constitucional coa Gran Bretaña, pero distínguese por ser interconfesional. Fundouse en 1970, non ten moitos afiliados e o seu líder, John Alderdice, foi nomeado Presidente da Asamblea do Ulster resultante dos Acordos do Vernes Santo no recente proceso de paz. No medio das reivindicacións dos dereitos civís da minoría católica, arredor de 1970, co descrédito do vello Partido Nacionalista no Ulster e o desexo de criar unha nova forma de nacionalismo sen a violencia do IRA, apareceu o SDLP, o Partido Laborista Socialdemócrata. O primeiro líder foi Gerry Fitt, pero a personalidade mais destacada e creativa, que o sucedeu en 1979, é John Hume. Hume apareceu como dirixente nas primeiras marchas dos dereitos civís na fin do decenio de 1960. Hoxe, Premio Nobel da Paz, con David Trimble, é, sen dúbida, o principal autor intelectual das novas institucións que se están poñendo a proba. Ten grande influencia en Dublín, na Comisión Europea e nos Estados Unidos, sobre todo a través do "clan" dos Kennedy. Jean Kennedy Smith era a Embaixadora dos Estados Unidos en Dublín nos momentos decisivos das negociacións destes últimos anos. A Coalición das Mulleres, aínda que con menos votos, participou tamén nas negociacións do proceso de paz. Mantén una interconfesionalidade difícil e admirable. Non ten líder oficial, pero as persoeiras máis destacadas son Monica McWilliams, católica, e Pearl Sagar, protestante. E, por último, os que tal vez non se poidan

chamar protagonistas, pero que tiveron infllluencia decisiva na conformación das novas estructuras: a Unión Europea e os Estados Unidos de América. Sobre todo a primeira, se falamos de novidades. Porque a presencia e actuación dos Estados Unidos de América na política irlandesa desde o século XIX é un factor xa tradicional.

AS INSTITUCIÓNS

Para falar das novas institucións temos que partir, verdadeiramente, do Tratado Anglo-Irlandés de 1985, aínda que os precedentes estaban xa nos Acordos de Sunningdale de 1973. A Asemblea e o Executivo que se crearon en Sunningdale non duraron máis que poucos meses e foron torpedeados en maio de 1974 pola folga do Consello Obreiro do Ulster. Faltaba nesas institucións de poder compartillado o Sinn Féin (o elemento nacionalista que entraba nelas era o SDLP). Para que o Sinn Féin fose incorporado era precisa polo menos unha tregua e, a poder ser, unha paz. Iso foi o que fixo o chamado Proceso de Paz, que comeza timidamente coa declaración de Downing Street o 15 de decembro de 1993 e a declaración de tregua do IRA en agosto do ano seguinte. Segue unha serie de xestos e medidas conciliatorias e, en decembro de 1994, celébrase o primeiro encontro entre funcionarios británicos e dirixentes de Sinn Féin. En 1995 publícase o documento-marco conxunto de John Major e o novo Taoiseach, John Bruton. Ese mesmo ano aparece presidindo o organismo Internacional de Retirada de Armas un amigo de confianza do Presidente Clinton, o Senador George Mitchell, que había de ter un papel tan importante no proceso. Con interrupcións, crises, levantamento da tregua, a explosión da bomba de Canary Wharf e todo o demais, o proceso estaba en marcha. Non vou describilo con detalles, pero culminou no Acordo do Vernes Santo e no novo Tratado Británico-Irlandés.

Temos, pois, un deseño de institucións, debido seguramente, como hoxe se vai vendo cada vez máis ás ideas de John Hume e ós intereses dos Estados Unidos e da Unión Europea. E, en paralelo, un proceso de paz no que se procura "traguer ao rego" ó Sinn Féin. E tamén ás forzas paramilitares lealistas.

As institucións están establecidas. En cambio, o proceso de paz non está rematado, ó meu ver, nin o estará mentres non se complete a retirada das armas dos paramilitares.

As institucións son, como xa dixen ó falar das formulacións de John Hume e o SDLP, moi orientadas cara ó futuro. Téñense cualificado de "posmodernas". Pero, calquera que sexa a forma e a intención do acordado, o proceso mesmo, o chegar a acordar algo, vén de motivos que son diferentes para uns e outros dos protagonistas, e que chegaron a madurecer máis ou menos ó mesmo tempo.

Do lado británico, para falar en termos un pouco bruscos tal vez, a falta de interese e a vontade de desfacerse dun problema incómodo. Non hai opinión pública que pida o mantemento da presencia no Ulster. O nome oficial do Partido Conservador era ata hai pouco o de Partido Conservador e Unionista. Pero para decatarse do que leva andado desde os tempos en que era Primeiro Ministro Bonar Law, identificado ata o miolo co Ulster, bastoume oír dicir en 1990 a un Ministro para Irlanda do Norte do gabinete conservador, Peter Brooke, no seu distrito electoral, que a Gran Bretaña non tiña xa ningún interese egoísta nin estratéxico no Ulster e que aceptaría a unificación deste coa República de Irlanda, se consentise niso a poboación. Hai tamén o elemento relixioso. Bonar Law era fillo de presbiterianos escoceses, e manter o fortín protestante do Norte nunha illa de militancia católica era una idea popular na Inglaterra protestante, e con certeza no Partido Conservador, na primeira metade do século XX. Hoxe a secularización espallouse e non é ese tema que desperte emoción ningunha na Gran Bretaña. Mesmo empeza a coincidir máis coa República, cada día menos católica desde a prosperidade do "Tigre Celta" e a revelación de escándalos sexuais do clero. A outra cara da medalla son os Unionistas, que non poden menos de sentirse traizoados. E velaí outro factor da aceptación dun proceso de paz. Hai Unionistas como David Trimble que están dispostos a salvar o que se poida. Os anos de dominio directo desde Londres, privados do seu Parlamento de Stormont e do goberno autónomo que tiveron ata 1972, deixáronos á mercede dun Goberno, que sempre quixeron que os respaldase, pero no que non teñen confianza e que senten que non ten simpatía ningunha pola súa identidade, a súa relixión e os seus intereses no senso máis amplo. Aínda que o Executivo e o Parlamento que se lles ofreceu nos acordos e que agora teñen non é o que tiñan antes de 1972, para eles sós, senón que ten que ser compartillado, polo menos é autónomo. E, como tantos outros descontentos do poder central aprecian as vantaxes desta autonomía, que lle parece o máis que poden conseguir nestas circunstancias.

Nas comunidades católicas, minoritarias ata agora no Ulster, pero camiño de chegar a ser maioritarias se o proceso demográfico segue por onde vai, paréceme a min que a clave é o cansazo. Cansazo, en gran parte, co IRA, que se xustificou sempre como defensor desas comunidades, e non lle faltou razón, pero que vai revelando tendencia a un abuso de poder que fai que moitos se sintan trabados por esa forza, máis que protexidos. O IRA asumiu funcións de mantemento da orde nos barrios católicos, cunha idea da orde que a calquera que a vexa desde fóra e non sexa tradicionalista ferreño parécelle dunha moral católica atrasada e pouco humanitaria. A necesidade de dar mostras de "respecto" ós elementos locais do IRA ou do Sinn Féin pode ser moi opresiva. As

ameazas de morte, se non saen do país, ós mozos acusados de andar no mundo das drogas, que levaron ó exilio a bastantes dos ameazados, e a intolerancia e represión de actitudes antisociais" (que poden ir desde ter fillos de solteira ou de pai "inimigo" ata asistir a un soldado británico ou a un protestante ferido), son exemplo desa deturpación do poder. Máis dun católico ten que soñar cun futuro sen guerra e sen o IRA, no que poida vivir a súa vida. Claro está que tanto ou máis están cansados os católicos da violencia dos paramilitares protestantes.

O proprio IRA, ou polo menos un sector del, decatouse tamén, seguramente, de que se tiña chegado a esa situación que tanto se dá nas insurxencias prolongadas, en que non se pode xa perder, pero tampouco gañar de todo. É enton cando máis se acentúa a dexeneración da violencia en terrorismo e fachenda. Nese punto, e cando hai perspectivas de triunfo actuando pola vía "política", un sector da lideranza, neste caso o de Gerry Adams e Martin Mac Guinness, toma posicións impensables antes e impopulares entre boa parte dos militantes. Así se explica a fin do abstencionismo e o recoñecemento polo Sinn Féin hai seis anos da lexitimade do Goberno de Dublín, que ata entón era oficialmente un traidor por aceptar de feito a Partición e non estar loitando pola recuperación dos seis condados do Norte.

Os do SDLP son un partido, como os da Alliance, non unha comunidade. O seu interese no proceso de paz non precisa de xustificación. É a realización do seu programa. O seu nacionalismo, sen as adherencias emocionais e históricas, de gloria e martirio, do Sinn Féin, non ten nada que perder pola vía que agora se emprende.

Outro elemento que contribuíu ó proceso foi a inversión das condicións económicas do Norte e do Sur. Belfast foi un gran centro industrial, cando a industria pesada contaba. Os estaleiros de Harland and Wolf fixeron o Titanic; eran unha lenda e un modelo no mundo da construcción naval, como os do Clyde. A República, en cambio, só era modelo de miseria agrícola. Hoxe, a crise económica mundial, co desprazamento da industria pesada a outros países, e o aproveitamento por Irlanda das axudas da Unión Europea, puxeron á República de Irlanda, como a Portugal, entre os primeros países de Europa en termos de crecemento e aumento da prosperidade. "O Tigre Celta". Non sabemos en qué parará, e convén lembrarse dos tigres precursores, os asiáticos, e as dubidosas bases da súa prosperidade.

As novas institucións, consagradas no Acordo do Vernes Santo e no novo Tratado, que xa non é "Anglo-Irlandés" como o de 1985, senón "Britanico-Irlandés", son, en primeiro lugar a Asemblea e o Executivo de Irlanda do Norte —cuestión constitucional e interna, comparable en principio á das outras autonomías—, e despois as "internacionais" —o

Consello Ministerial Norte-Sur, o Consello Británico-Irlandés, e a Conferencia Intergobernamental Británico-Irlandesa— máis os chamados organismos de aplicación. As ideas que as inspiran son, como xa dixen varias veces, as de John Hume, tan próximo sempre ó modo de pensar de Bruxelas. Quen estea un pouco familiarizado coa linguaxe comunitaria atopará de seguida expresións e razoamentos de estilo comunitario.

Hai dúas expresións que se utilizan para estes textos do SDLP e que pode que non sexan moi felices, pero que serven para caracterizar o novo enfoque das estructuras: son "consociacionalismo", na esfera interior, e "intergobernamentalismo" na exterior.

Vou falar da "consociación" primeiro, ou sexa da solución constitucional que se lle deu ó poder autónomico de Irlanda do Norte.

"Consociación" vén sendo outra maneira de chamar á doutrina de compartillar o poder, o *power sharing* de que tanto se fala. Xustifícase, segundo os seus partidarios, no caso de comunidades divididas suxeitas a unha autoridade común. Cando conviven nun país grupos enfrontados ata o punto de non coincidir en case nada e ter valores e proxectos de futuro tan diferentes que acaban por provocar enfrontamentos armados nos que se di que cada grupo loita pola supervivencia, estamos nunha situación que no título dun libro sobre as orixes dos disturbios dos trinta anos últimos no Ulster se chamou: "gobernar sen consentimento". Esa era a situación en Irlanda do Norte baixo o Goberno autónomo do Stormont. Unha gran parte da poboación —arredor do corenta por cento— sentíase oprimida, allea ó sistema, discriminada e desprotexida. Non hai que esquecer que estes últimos trinta anos de disturbios comezaron coa axitación a favor dos dereitos civís, e que o IRA só entrou en acción algo máis adiante e despois dunha crise interna. E non embargantes o sistema era democrático, en termos electorais, igual ó do Reino Unido. Pero o sistema de maioría simple en cada distrito para elixir deputado, co resto dos votos perdidos, que aínda é o preferido en Inglaterra, daba lugar en Irlanda ó perpetuo dominio dos Unionistas. O sistema electoral para a nova Asemblea é o proporcional, na variante do chamado "voto único transferible", que asegura unha representación máis xusta das minorías. Pero a "consociación" vai máis lonxe diso, xa que garante a presencia das minorías no Executivo, e na toma de decisións, cun sistema de maiorías ponderadas e distribuídas (distribuída quere dicir a maioría de unionistas e maioría de nacionalistas, por separado; e ponderada o 60 por cento dos votos de cada partido). Ese sistema aplícase á designación do Primeiro e Vice Primeiro Ministro, e a unha serie de decisións que se indican concretamente. Ademais, poden ser necesarias esas maiorías distribuídas para calquera outro asunto que sinalen 30 dos 180 deputados da Asemblea. Para a elección dos dez ministros séguese o sistema d'Hondt sobre a base dos escanos de cada partido na Asemblea.

Pero non é só isto. Hai outro aspecto que eu quero salientar porque ten máis que ver coas perspectivas de futuro destes arranxos. É o seguinte: todos parecen estar de acordo en que os gobernos de coalición que resultan do sistema proporcional son menos "fortes" que os que resultan dun bipartidismo que lle dea fortes maiorías parlamentarias ó goberno. E pódese pensar que unha situación de sociedade tan dividida e con comunidades tan enfrontadas como a da Irlanda do Norte precisa dun goberno forte. Vai ser moi interesante ver cómo se contrapesan a lexitimidade que dá o ter representación de todas as comunidades no executivo e a necesidade de tomar decisións para o conxunto da poboación. Moitas das medidas que fan falta non teñen moito que ver, seguramente, coas divisións sociais, pero vai ser inevitable que se negocien neses termos. ¿Cal vai ser a unidade dun Gabinete no que se senta como Ministro de Educación Martin McGuinness, vello comandante do IRA, ou sexa "terrorista" arrepentido para os seus colegas ministeriais, entre os que hai dous lugartenentes do reverendo Ian Paisley como Ministros de Desenvolvemento Rexional e de Desenvolvemento Social?

Nunha perspectiva máis ampla, pódese pensar que a forza do Estado perdeu importancia non só nos Estados nacionais senón tamén nestes novos e autonómicos. Que os problemas poden ser resolvidos pola sociedade civil ou por entidades non gobernamentais. Entón, é máis importante a presencia case simbólica e lexitimadora das comunidades enfrontadas nun goberno que cobre como unha cúpula entidades decisorias a outros niveis. Esta forma de pensar, que imos encontrar noutros particulares do meu tema desta noite, paréceme que encerra riscos considerables. É moi sospeitoso o entusiasmo por desfacerse do Estado, e cómpre escrutar con moita atención e coidado quén son os entusiastas e por qué están tan entusiasmados. Algúns estarano por optimismo e porque a crítica do Estado foi tema clásico de moitas variedades do progresismo. Pero iso non bastaría, nin bastou nunca. O poder non vai desaparecer nin diminuír coa diminución do Estado. Hai que ver, pois, ónde están os novos centros de poder, seguramente máis opacos nesta nova Europa e novo mundo que se está configurando. Levou moitos séculos democratizar ata certo punto o Estado, e vai haber que loitar bastante para democratizar os novos poderes.

Iso na esfera interna e constitucional de cómo vai ser o goberno de Belfast. A outra grande idea de Hume e os seus inspiradores europeos é a da "intergobernamentabilidade" da solución.

Iso é o que máis distingue esta autonomía das outras. En Escocia e no País de Gales a autonomía foi concedida por Lei do Parlamento da Gran Bretaña. Foi un asunto interno, de organización do Estado. No caso de Irlanda do Norte, xa houbera unha autonomía así, máis vella que ningunha, desde 1920 ata 1972. Xa vimos por qué deixou de fun-

cionar. A que chegou agora é resultado de arranxos e tratados entre dous Estados independentes: o Reino Unido e a República de Irlanda. Dun certo xeito, eles garanten as novas institucións.

Nos tratados recoñécense varios puntos importantísimos, que eliminan os principais atrancos "históricos" do problema. A República de Irlanda abandona a reivindicación do Ulster como parte irredenta do territorio nacional, para o que houbo que emendar a Constitución de 1937. O Reino Unido recoñece o dereito á autodeterminación do pobo de Irlanda do Norte, no senso de que cando a maioría decida deixar de ser parte do Reino Unido, non se oporá a adoptar a lexislación. Recoñecen tamén os dous Estados que, polo de agora, a maioría do pobo de Irlanda do Norte quere seguir sendo parte do Reino Unido, e que, por conseguinte, así o seguirá sendo, e esa situación só pode mudar por medios electorais e pacíficos.

Sobre esas bases, créanse as institucións intergobernamentais.

O Consello Ministerial Norte-Sur estudia e adopta medidas, en asuntos de interese común. O importante é que esas medidas se poden aplicar separadamente por unha e outra xurisdicción, ou en toda a illa de Irlanda polos organismos de aplicación que se creen. Isto último é verdadeiramente novo, en termos internacionais: unha soberanía conxunta aplicada por organismos competentes no territorio de dous estados diferentes. Pode ir acompañado no futuro dun Foro Interparlamentario e un Foro Cívico.

O Consello Británico-Irlandés é o que antes se ía chamar "Consello das Illas". Vén sendo un cumio das autonomías para harmonizar todas as relacións entre elas. Están representados nel os Gobernos do Reino Unido e de Irlanda do Norte, as autoridades autónomas de Escocia, o País de Gales e Irlanda do Norte e, aínda que non son autónomas, a Illa de Man e as Illas Anglo-Normandas, que teñen un réxime administrativo especial. É, sobre todo, un organismo deliberante, que funcionará por consenso e as súas decisións non obrigarán nada máis que ó estado ou autonomía que as acepte. Pénsase que fomentará tamén acordos bilaterais ou multilaterais entre os membros.

A CONFERENCIA INTERGOBERNAMENTAL BRITÁNICO-IRLANDESA

Trátase doutro organismo deliberante e de cooperación, en principio. Reúnese a nivel de xefes de goberno ou de ministros e asesores. Tal vez o aspecto máis importante sexa o de que pode servir —e isto recoñécese expresamente— para que o Goberno da República de Irlanda presente opinións e propostas en asuntos que afectan a Irlanda do Norte pero que non foron transferidos ó goberno autónomo, é dicir, que seguen sendo da competencia do Secretario de Estado para Irlanda

do Norte no goberno británico. É máis un sinal do interese especial que se lle recoñece ó Goberno de Dublín nos asuntos do norte.

Os organismos de aplicación iranse creando para as esferas de cooperación que vaia decidindo o Consello Ministerial Norte-Sur. Está claro que teñen un papel integrador e preparador, sen dúbida, da futura unidade da illa. A dimensión europea vai ser moi importante aquí xa que boa parte dos catrocentos millóns de libras de fondos europeos vai ir a proxectos dese xénero. Houbo gran resistencia en Bruxelas a levar eses fondos polos canles dos gobernos, e prefiriuse que vaian a nivel máis básico. Os organismos de aplicación van ter aí un papel importante, seguramente.

Todas estas institucións responden a unha matriz de conceptos que son os que as fan, en opinión de algúns, "posmodernas". En primeiro lugar, a desconfianza e a falta de interese polo Estado nacional moderno. E, ó mesmo tempo, o entusiasmo por estructuras supraestatais —como a Unión Europea— ou subestatais, como as entidades autónomas. Bastante vencellado a iso vai a perda de interese polo territorio como elemento da soberanía, da identidade e de reivindicacións irredentistas. O territorio —e ata a paisaxe— estivo sempre no primeiro plano das ideas e as imaxes do nacionalismo. No caso de Irlanda, a Illa impuxo sempre un marco xeográfico que parecía abondar para constituír a nación fronte á illa veciña, tan próxima, si, pero tan diferente. No discurso posmoderno, que é o de John Hume e o SDLP, o territorio dilúese, por unha parte, na aceptación dunha dimensión extraterritorial —a da Unión Europea— e, por outra, na rexionalización da propia illa. Primeiro pensouse nas vantaxes que tería para Irlanda, Norte e Sur, actuar como unha rexión nunha Europa rexionalizada, pero agora comézase a pensar nun concepto máis flexible e menos xeográfico, máis funcional, das rexións, no que a propia República de Irlanda podería dividirse en varias rexións, con intereses distintos, e algunhas delas agrupadas seguindo outros criterios. Por exemplo, as rexións marítimas poderían actuar como unha soa, e vencellarse tal vez con outras rexións marítimas de Europa, especialmente coas do Atlántico. Os catro distritos do Noroeste (Donegal, Derry, Strabane e Limavady) xa cooperan entre si en moitos aspectos, aínda que están dun e do outro lado da fronteira entre o Ulster e a República. Un aspecto interesante, e do que non se fala moito, desta cuestión do territorio é que sempre se admitiu que a Illa de Irlanda tiña que ter unha expresión política unitaria. Iso está no cerne do nacionalismo clásico. Pero se se tivese realizado, ou se fose a realizar agora, e quedase dentro desa unidade unha sociedade tan diferenciada como é a dos protestantes do Ulster, habería un forte argumento nacionalista para defender a autonomía desa parte da Illa. Cabería pensar nunha autonomía como a que tivo o Stormont, pero dentro da República e non dentro do Reino Unido. Impensable ata hai pouco tempo; pero, co distanciamento do goberno e da so-

ciedade británica dos intereses do Norte de Irlanda, ¿quen sabe se non poderían ir as cousas por ese camiño ou outro semellante?

Na esfera das relacións internacionais clásicas tería que irse abrindo camiño para a presencia e a actuación destas outras entidades e a defesa de intereses que ata agora se delegaba no goberno central. Iría aparecendo así esa Europa que algunhas veces se chama "medieval", coa intención de que o termo sexa eloxioso e non asuste.

Vou partir desta metáfora para facer algunhas observacións finais.

Toda esta "posmodernidade" das solucións que se apuntan en Irlanda non deben pecharnos os ollos á crítica. Aínda que algúns, como Soja, falen dun "posmodernismo de resistencia", a operación posmoderna preséntase ás veces como desarme da resistencia contra unha evolución na que aparecen ameazados valores e ideais humanos que nos parece que vale a pena defender. "Moderno", que antes era un termo eloxioso, vai sendo unha expresión para desprestixiar moitos valores de progreso en diferentes terreos.

A Europa medieval de verdade non foi, nin moito menos, un modelo de convivencia, e a aparición do Estado "moderno" foi un paso adiante. Loitouse moitos séculos por converter ese Estado que naceu como un apéndice do Príncipe, do Monarca absoluto, nunha entidade na que se puidesen conxugar moitos intereses diverxentes. Costou moito e non se conseguiu de todo ese proceso, que é o da democracia. Non vaiamos soltar agora todo pola borda, ou, como din os anglosaxóns, deixar ir o bebé coa auga do baño, para acabar tendo que reinventar o Estado.

Convén ter claro tamén o que é a paz. A paz non é a ausencia de conflicto. Conflicto vaino haber sempre, e ten que habelo. A paz é poder resolver conflictos sen acudir ás armas.

Cando falamos das novas institucións de Irlanda facémolo con esperanza, con moita esperanza de paz. Case calquera solución é preferible ó horror que padeceron as dúas Irlandas, cada unha no seu tempo. Case calquera, digo, porque hai algunhas que poden espallar as sementes de novos enfrontamentos. Sempre está aí ese fondo de conflicto armado, que ás veces parece outro mundo, que pouco ten que ver coa supraestructura dos deseños constitucionais e políticos. Sempre é así na política, pero en Irlanda vese con maior claridade. Na data en que falo —25 de xaneiro do ano 2000— a supervivencia desas institucións recén creadas é moi precaria e depende de se os próximos días o IRA vai entregar ou non as súas armas.

Cómpre pois analizar cos ollos sempre abertos esta evolución. Nesas novas estructuras internacionais non vai desaparecer o poder. Vai facerse máis opaco, menos recoñecible, máis difícil de controlar que o do Estado.

E aí temos todos unha tarefa: analizar o mundo novo, ver cántas das chatas do vello seguen existindo nel, procurar solucións humanas e xustas. Unha tarefa para os que me escoitan e poidan sentirse animados a ela, para o IGADI (que por algo é instituto de análise) e tamén para os concellos, como o de Vilagarcía que propiciou esta ocasión, porque nos concellos estase preto da vida real, e canto veña a potencialos e a darlles presencia no mundo máis amplo, é moi importante.

Nese labor estaremos seguindo, estou seguro, a loita polos valores de humanismo, tolerancia e universalidade que encarnou Plácido Castro, a quen hoxe rendimos homenaxe.

F. P.-B. N.

Ideoloxía e literatura en Terry Eagleton

Jorge Sacido Romero

Para Laura

> "No individual life, not even Jean Baudrillad's, can survive entirely bereft of meaning, and a society which took this nihilistic road would simply be nurturing massive social disruption".
>
> Terry Eagleton, "Ideological Strategies", en *Ideology: An Introduction*, 1991, p. 39.

I. A PERTINENCIA DO DEBATE TEÓRICO SOBRE A IDEOLOXÍA

Terry Eagleton (Salford, 1943) é posiblemente o crítico marxista inglés máis importante do último cuarto de século. Obras como *Criticism and Ideology* (1976), *Literary Theory: An Introduction* (1983), *The Ideology of the Aesthetic* (1990) ou *Ideology: An Introduction* (1991) avalan cumpridamente esta valoración. O campo de estudio deste autor ou "obreiro cultural" é amplo e comprende, en fases consecutivas da súa producción, tres áreas de interese principais: crítica literaria, teoría literaria e teoría e crítica cultural. Unha das peocupacións fundamentais recorrentes ó longo destas tres fases é a cuestión da ideoloxía. Nas obras dos anos 90 sobre todo, Eagleton insiste na necesidade perentoria na nosa época de tratar teoricamente esta complexa e esvaradiza cuestión fronte, por unha banda, ós ataques dos conservadores (que interesadamente a ven como algo superado) e, pola outra, ó abandono da progresía posmoderna (que na súa abdicación inconsciente e insolidaria contribúe a perpetuar o imperio do capital). O empeño de Eagleton en estudiar e falar desta cuestión é basicamente similar ó doutras propostas teóricas dos seus predecesores ou dos seus contemporáneos: "un intento de explicar por qué homes e mu-

lleres teñen certas visións" de cómo é a realidade, visións que moitas veces racionalizan, naturalizan e lexitiman a súa propia opresión e dominación[1]. Para Eagleton o esclarecemento de "qué é" e "cómo funciona" a ideoloxía contribuiría a unha praxe autenticamente emancipadora, que, como marxista, constitúe o seu *telos* primordial. Na introducción a unha antoloxía dos ensaios máis revelantes que desde Marx se escribiron sobre o tema, Eagleton declara: "Hai algúns para os que un coñecemento preciso é algo vital, simplemente porque precisan cambiar a súa situación urxentemente; e hai outros (entre os que están os críticos posmodernos) que se poden permitir a súa indeterminación cognitiva"[2]. Tratar teoricamente a cuestión da ideoloxía é algo que se impón pola razón simple e evidente de que a opresión existe e a ideoloxía ten moito que ver con esta situación inxusta e alienante: "O estudio da ideoloxía é, entre outras cousas, unha investigación dos modos en que a xente pode chegar a investir na súa propia infelicidade"[3]. A pesar de que moitos intelectuais posmodernos anunciaran a súa defunción (xunto coa da historia, a da filosofía e a da modernidade), moitas ideoloxías permanecen hoxe máis virulentas e coactivas que nunca. Poderiamos dicir que este silencio sobre a cuestión dos valores, ideas e crenzas que rexen a nosa conducta e a nosa forma de ver o mundo funciona como (paradoxalmente pola súa procedencia supostamente radical) un elemento da superestructura que lexitima e enmascara o funcionamento da vida económica na nosa época de capitalismo avanzado, época que xustifica a súa dinámica apelando simplemente "ó interese individual e ó hedonismo consumista", fronte a unha anterior de capitalismo clásico onde aínda había necesidade de invocar o "valor moral" para xustificarse[4]. Falar do "fin da ideoloxía" remata, en fin, por ser unha operación ideolóxica: unha "racionalización", unha explicación dun modo de pensar e actuar que está substraída á verdade

1. Eagleton, Terry. *Ideology.* Longman, Londres, 1994, p. 15.

2. *Ibidem*, p. 17. En *Ideology: An Introduction* (1991) Eagleton di: "O pensamento, poderiamos dicir, é a un tempo cognitivo e creativo: no acto de entender as súas condicións reais, un grupo ou clase oprimidos comezan nese mesmo instante a forxar as formas de conciencia que han contribuír a cambialas" p. 94. Eagleton expón de xeito monográfico os comezos, erros, limitacións e posibilidades do posmodernismo en *The Illusions of Postmodernism,* Blackwell, Oxford, 1996. No seu intento desenfreado de anular toda idea de "totalidade" como opresora por definición e de proclamar a un tempo as bondades da indeterminación e da indicibilidade, o posmodernismo frustra a posibilidade de acción emancipadora por parte dos grupos oprimidos para os que certa idea de totalidade é crucial, como afirma en *The Illusions of Postmodernism,* Slackwell, Londres, 1996, p. 9: "Desde vello considérase que [a totalidade] existe para aqueles grupos que precisan urxentemente dar sentido ás súas condicións de opresión para poder comezar a cambialas. Hai persoas que para seren libres e felices necesitan entender o xeito en que a súa situación específica está conectada cun contexto máis amplo, do que extraen a lóxica que determina o seu destino".

3. Eagleton, Terry. *Ideology: An Introduction.* Verso, Londres, 1991, p. XIII. Temos a sorte de contar na nosa lingua cunha obra seria sobre o tema: Sampedro Ojea, Francisco. *Ideoloxía e distorsión: Ensaio sobre o imaxinario ideolóxico.* Xerais, Vigo, 1997.

4. Eagleton, Terry. *Op. cit.,* 1994, p. 18.

dos motivos reais destes actos e ideas, motivos que puideron non ser nin loxicamente coherentes, nin eticamente aceptables. Anunciar o final da ideoloxía equivale a renunciar á posibilidade de cambio social, de materializar o potencial emancipador que en ámbitos distintos da realidade social puidesen incidir no curso da historia. Eagleton denuncia a parcialidade de visións como a do sociólogo francés Jean Baudrillard segundo a cal vivimos nunha sociedade sen significados e sen valores, sen posibilidade xa de acceso á realidade por estar esta filtrada e servida polos medios de comunicación como simulacro á conciencia aplanada do televidente, que non reacciona máis que comsumindo compulsivamente *snacks* ou exercendo a súa "liberdade individual" mercando cousas na teletenda ou no centro comercial. A ideoloxía, di Baudrillad, é xa inefectiva: non queda cota suficiente de conciencia ou subxectividade na que operar, e a maquinaria do capital funciona soa, sen resistencia por parte dunha conciencia (a da xente) da que quedou borrada todo trazo de capacidade crítica. A apocalíptica visión de Baudrillard é falsa por parcial xa que, segundo Eagleton, "repite o error 'culturalista' de tomar a televisión, o supermercado, o 'estilo de vida' e a publicidade como definitorios da experiencia do capitalismo tardío, sen falar para nada doutras actividades como estudiar a Biblia, traballar nun centro de atención a mulleres violadas, formar parte dun exército territorial e ensinar ós nenos a falar galés"[5]. A visión nihilista (no seu senso negativo) dun mundo de autómatas consumistas está desmentida na práctica da vida social xa que unha mesma persoa pode estar política ou moralmente comprometida sen que iso signifique que non vexa a televisión ou que non compre no supermercado: entre ser un televidente e ser *só* un televidente hai un abismo. No capitalismo o modo de vida vacío de significado convive co compromiso político, moral ou afectivo, compromiso no que reside a posibilidade de cambio ou mesmo a súa efectuación (o caso do movemento feminista é para Eagleton o máis evidente[6]).

5. Eagleton, Terry. *Op. cit.*, 1991, p. 39.

6. En *The Function of Criticism: From* The Spectator *to Post-Structuralism* (1984) Eagleton di que o feminismo é o único exemplo de "esfera pública" existente hoxe en día, un espacio de mediación efectiva entre o privado e o político. "Esfera pública" é un termo que Eagleton toma de Habermas "*Strukturwandel der Öffentlichkeit*, 1962) transformándoo: se a idea que o autor alemán ten da "esfera pública" é a dun espacio discursivo de acción comunicativa guiada por un modelo ilustrado de racionalidade desinteresada, Eagleton inclúe nel as problemáticas do desexo e do poder fundamentais para o movemento feminista. En *Walter Benjamin or Towards a Revolutionary Criticism* (1981) Eagleton eleva a crítica feminista á categoría de paradigma que aúna todas as tarefas que el sinala para o crítico marxista: desmantelamento dos conceptos dominantes de "literatura", transformación dos aparatos culturais, interese pola linguaxe e polo "inconsciente" dos textos literarios, etc. A tarefa primordial do crítico marxista sería a de "participar activamente e axudar a dirixir a emancipación cultural das masas", p. 97. Para unha lectura crítica dos posicionamentos de Jürgen Hermas ver: "From the Polis to Postmodernism", en *The Ideology of the Aesthetic*, 1990, pp. 401-17.

A evaporación do concepto de ideoloxía na obra de moitos autores posmodernos e postestructuralistas parte da participación destes pensadores na tradición "irracionalista" iniciada por Schopenhauer, Nietzsche e mesmo Freud segundo a cal a conciencia é inherentemente falsa, unha ilusión, unha mentira, unha distorsión necesaria para non ver a realidade tal e como é: caos, pura continxencia, inefable complexidade na que ninguén pode estar absolutamente seguro de nada. A actitude posmoderna cae así na debilidade dun relativismo nihilista no que o concepto de verdade está sistematicamente baixo sospeita como algo monolóxico e autoritario. A crítica con ánimo emancipador dunha ideoloxía convértese así para o pormoderno nunha tarefa imposible e deslexitimada: se a forza dominadora da ideoloxía radica na súa capacidade para falsear a realidade, o seu desmantelamento requiriría que o crítico se situase nunha posición de verdade, algo imposible pois verdade e conciencia son inherentemente falsas, son ilusións[7]. En resumo: toda actividade mental do ser humano falsea unha realidade que non pode nin quere coñecer; a crítica dunha ilusión é inútil pois o crítico está irremediablemente situado nunha posición de ilusión sen poder saír dela ou caendo desesperadamente nun abismo sen fin.

Eagleton ataca estas premisas detectando nelas dous erros de base: 1) ideoloxía e falsidade non son o mesmo e 2) a crítica efectiva dun sistema dominante de crenzas, ideas ou valores e o seu reflexo nos productos culturais non pasa por arrogarse unha posición externa ós mesmos, senón que é posible realizala desde dentro do sistema ou cultura.

Se ideoloxía e falsidade fosen o mesmo, algo falso sería sempre ideolóxico e algo ideolóxico sería necesariamente falso, e isto claramente non é así. Incluso máis: un discurso ideolóxico dominante pode conter moitos xuízos que son verdade desde o punto de vista empírico (verificables, constatables) sen que tales perdan a súa forza ideolóxica, a súa contribución á perpetuación de relacións de dominación. Moitas veces non se trata tanto do que un xuízo di senón do que fai: a falsidade pode non ser de natureza epistemolóxica senón performativa, o epistemoloxicamente verdadeiro pode ser empregado con finalidades ideolóxicas. Para ilustrar esta idea Eagleton dá o seguinte exemplo hipotético en *Ideology: An Introduction*, obra de 1991: "un racista que cre que os asiáticos en Gran Bretaña superarán en número ós brancos en 1995 pode perfectamente non abandonar a súa actitude racista se se lle demostrase que esta previ-

7. A ecuación "verdade" igual a "ilusión" ten a súa fonte principal no famoso escrito de Nietzsche titulado "Da verdade e da mentira no seu sentido extra-moral" ("Über Wahrheit und Lüge im aussermoralischen Sinne") de 1873. Os posmodernos toman esta definición de verdade como elemento constitutivo da súa visión e actitude ante a realidade, obviando o feito de que posiblemente o mesmo Nietzsche abandonara este concepto de verdade e adoptara outro moi distinto a partir de *Máis alá do ben e do mal* (1886). Tal e como argumenta cumpridamente Maudmarie Clark ó longo do seu *Nietzsche on Truth and Philosphy* (1990).

sión é falsa empiricamente, xa que a proposición é seguramente máis un apoio para o seu racismo que a razón do mesmo. Se a afirmación é refutada el podería simplemente modificala, ou reemprazala con outra, verdadeira ou falsa"[8]. Así, calquera valor, xuízo ou crenza pode chegar a ser utilizado con fins ideoloxizantes pero non ten por qué desempeñar esta función sempre e en todo lugar: hai ideas operativas nunha determinada sociedade que non son ideolóxicas[9]. Por outra banda, Eagleton apunta cómo moitas veces a ideoloxía nin sequera radica no que fan as palabras senón no que fan as persoas: eu ben podo ver a falsidade e o carácter discriminatorio do racismo pero isto non vale de nada se, por poñer o exemplo que dá Eagleton, "nun parque me sento nun banco que poña 'Só brancos'; mediante o acto de sentarme, apoio e perpetúo a ideoloxía racista. A ideoloxía, por poñelo deste xeito, está no banco, non na miña cabeza"[10]. Eu podo reproducir a ideoloxía dominante na práctica do meu consumismo fetichista, por exemplo, aínda que entenda e asuma como verdadeira a crítica que Marx fai no *Capital*[11].

Polo tanto, a ideoloxía pode ser unha ilusión, unha falsidade detectable para nós que, sen embargo, siga indefectiblemente a estructurar as prácticas sociais que perpetúan a explotación, a alienación, a discriminación, a inxustiza: en definitiva, a dominación. Eagleton defende, como tradicionalmente defenden as propostas máis complexas e artelladas do marxismo, a posibilidade da crítica emancipadora desde dentro do sistema dominante: a "crítica inmanente". O problema co que se atopa o autor inglés, sen embargo, é o das limitacións das grandes reformulacións que desde Marx se fixeron deste concepto, a saber: Lukács e Althusser. En

8. Eagleton, Terry. *Op. cit.*, 1991, p. 23.

9. Eagleton critica a Foucault neste punto por manter que non hai valores e crenzas que non estean conectadas co poder, facendo de conceptos como "poder", "política" e "ideoloxía" algo tan omnipresente como Deus, anulando así o valor significante destes termos. Jorge Larrain, na súa discusión da conexión entre os seguidores postestructuralistas de Althusser e a obra de Foucault, sinala que na súa defensa da contínxencia e variabilidade propia da realidade e no seu ataque de calquera empresa epistemolóxica como dogmática, caen na súa propia trampa pois postulan igualmente unha epistemoloxía ó postular a contínxencia e variabilidade da realidade. *Vid.* Larrain, Jorge. "Ideology and its Revisions in Contemporary Marxism", en *The Strurture of Modern Ideology: Critical Perspectives on Social and Politica Theory,* editado por Neol O'Sullivan, Edward Elgar, Aldershot, 1989, pp. 98-106. Larrain ofrece neste artigo, un lúcido resumo das tensións que se dan nas distintas definicións do concepto de ideoloxía na tradición marxista, e localiza a orixe destas tensións nas ambigüidades presentes na obra de Marx e de Engels. Cabe sinalar que a obra de Larrain. *The Concept of Ideology* (Hutchison, Londres, 1979) é destacada por Eagleton na pequena nota bibliográfica ó final de *Ideology: An Introduction* (1991) como unha introducción ó concepto de ideoloxía difícil de superar; non hai dúbida de que Larrain é unha influencia fundamental na perspectiva que Eagleton ten sobre o tema.

10. Eagleton, Terry. *Op. cit.*, 1991, p. 40.

11. En conexión con esta última idea, Eagleton destaca dúas obras: Peter Sloterdijk. *Critique of Cynical Reason.* Verso, Londres, 1988; e Slavoj Zizek. *The Sublime Object of Ideology.* Verso, Londres, 1989.

Historia e conciencia social (1922) Lukács establece que o dogma do marxismo ortodoxo segundo o cal a producción mental (as concepcións, valores, crenzas, ideas que conforman a conciencia social ou ideoloxía) é un reflexo directo daquilo que a determina (a producción material) é só parcialmente válido[12]. A conciencia da clase social dos dominados, o proletariado, non reproduce simplemente a ideoloxía da clase dominante (estado de "falsa conciencia" no que non recoñece a súa situación) senón que contén a posibilidade de cambiar a súa situación converténdose nun suxeito social que amplíe ó máximo a súa conciencia de clase, contribúa efectivamente ó progreso histórico e transforme a sociedade. Verdade e falsidade en relación coa ideoloxía están determinadas historicamente e non teñen moito que ver coa súa correspondencia ou non coa realidade, senón máis ben coa potenciación ou limitación, respectivamente, da realización das capacidades humanas.

Eagleton destaca o acerto da reformulación lukacsiana da "falsa conciencia" como aquela que nunha determinada época histórica é incapaz de ir máis alá do límite marcado polas condicións sociais nas que se dá: "A ideoloxía burguesa é falsa non tanto porque distorsiona, invirte ou nega o mundo material (máis ó contrario: reflícteo con bastante precisión) senón porque é incapaz de sobrepasar certos límites estructurais da sociedade burguesa en si mesma"[13]. A verdade estaría, pola contra, nas mans das forzas progresistas xa que estas acadan unha visión moito máis completa do funcionamento da sociedade en cada fase histórica: da "totalidade" da realidade social. O coñecemento desta totalidade e da súa situación de explotación por parte do proletariado faría posible a transformación da sociedade, imposible para a ideoloxía burguesa pois sofre e reflicte no seu funcionamento a fragmentación e reificación propia de todos os ámbitos da vida na sociedade capitalista. A conciencia do proletariado, "a última conciencia de clase na historia da humanidade"[14], sería así a manifestación da nova cota de despregamento do espírito hegeliano na historia, despregamento que acadaría a súa culmi-

12. Tese defendida por Marx e Engels no seu ataque ó idealismo de Bauer, Stirner e Feuerbach pola súa inocencia e infantilismo por crer que cambiando o modo de pensar da xente se transformarían as condicións materiais da súa existencia, mentres que Marx e Engels defenden a validez da operación contraria como modo de cambiar a sociedade e mellorar as condicións de vida da xente. Karl Marx e Friedrich Engels, "Preface" and I, 1, sect. 4, *en The German Ideology*, Prometheus, Nova York, 1998, pp. 29-30 e 41-43. Esta edición contén tamén o texto clásico sobre a relación base-superestructura: Karl Marx, "Introduction to the Critique of Political Economy", pp. 1-23.

13. *Vid.* Edgleton, Terry. *Op. cit.*, 1991, p. 104. Algo presente na crítica que Marx fai da obra de economistas burgueses como Smith ou Ricardo: valorando positivamente os achádegos teóricos destes autores detecta, sen embargo, a presencia dentro do discurso do efecto limitador das condicións sociais ante as que a súa empresa intelectual se prega sen poder superalas.

14. Lukács, Georg. "Class Consciousness" en Eagleton, Terry. *Op. cit.*, 1994, p. 48.

nación na sociedade emancipada despois da revolución dun proletariado ideoloxicamente maduro (a obra de Lukács é unha relectura de Marx á luz de Hegel). En resumo, segundo Lukács, verdade e falsidade non se corresponden con aquilo que é obxectivamente verificable ou non, senón con aquilo que fai avanzar ou estancar a historia, respectivamente. Para Eagleton a obra de Lukács constitúe un paso adiante necesario para un pensamento marxista que no principio do século XX *grosso modo* se atopaba varado nun asfixiante determinismo economicista. Sen embargo, a pesar de destacar aportacións importantes como a redefinición do concepto de "falsa conciencia", o que Eagleton non pode aceptar de Lukács é a súa concepción excesivamente pura e unificada de "conciencia de clase" xunto coa definición de clase social como un "suxeito" homoxéneo e perfilado, trasunto colectivo do suxeito individual do humanismo e dotado como el de atributos como unidade, conciencia, autonomía, etc... Eagleton bota aquí man de autores como o seu benquerido Gramsci, ou máis recentes como Gareth Stedman Jones ou Nicos Poulantzas, para defender que a conciencia de clase dos oprimidos é máis unha complexa amálgama de elementos contradictorios que un conxunto homoxéneo e unificado de ideas, valores ou crenzas: "As clases sociais non manifestan ideoloxías do mesmo xeito que os individuos mostran un xeito particular de andar... A ideoloxía é un terreo de disputa e negociación, no que hai un tráfico continuo e denso: significados e valores son roubados, transformados, apropiados a través de diferentes clases e grupos, entregados, reposuídos, reconxugados"[15]. Sirva esta última afirmación como definición eagletoniana de ideoloxía. A ideoloxía dominante pode incorporar elementos da clase dos dominados, e viceversa: nun sistema fascista, por exemplo, o sector financeiro fai súas as ansiedades, crenzas e prexuízos da clase media-baixa por interese propio.

Se en Lukács o que se opoñía a "ideoloxía" era a "totalidade" acadada pola clase social do proletariado, en Althusser vai ser "teoría" ou "ciencia", a ciencia do materialismo histórico. Esta ciencia opera independentemente da conciencia de ningunha clase social e é quen de desvelar o funcionamento da ideoloxía, da que está radical e inconmensurablemente distanciada. Segundo Althusser a ideoloxía é, xunto co poder do estado, aquilo que ten como función reproducir as condicións de producción e as relacións de producción. Logra este cometido "interpelando" ós individuos para convertelos en suxeitos obedientes ó sistema, facendo que tales suxeitos pensen que a súa submisión é algo libremente elixido. A ideoloxía que produce suxeitos non ten a súa orixe en algo subxectivo (conciencia individual ou colectiva), senón que é algo obxectivo, externo á

15. Eagleton, Terry. *Op. cit.*, 1991, p. 101.

conciencia, producido por aparatos materiais: os "Aparatos Ideolóxicos do Estado", unha pluralidade de institucións como as igrexas, as escolas, a familia, os partidos políticos, os sindicatos, os medios de comunicación e, por último, as institucións culturais (Literatura, Artes, deportes, etc.)[16]. Althusser bota man da psicanálise lacaniana e do seu concepto de *méconnaissance* ("descoñecemento") para explicar o xeito en que a interpelación ten lugar. No seu famoso ensaio "O estadio do espello como formador da función do eu" de 1949, Jacques Lacan sinala que, a unha idade de entre 6 e 18 meses, o bebé identifícase coa súa imaxe no espello, un acontecemento que lle causa unha gran felicidade polo carácter unificado da imaxe que el contrapón ó seu estado de descoordinación motriz. Esta identificación imaxinaria (no senso de "imaxe") é un "descoñecemento" pois a imaxe especular non é el mesmo[17]. Eagleton resume así a transposición que Althusser fai desta idea de Lacan: "De xeito similar, na esfera ideolóxica o suxeito humano transcende o seu verdadeiro estado de difuminación e descentramento e atopa unha imaxe de si mesmo consoladoramende coherente reflectida no 'espello' do discurso ideolóxico dominante. Armado con este eu imaxinario, que para Lacan implica unha 'alienación' do suxeito, pode entón ser capaz de actuar de xeito socialmente apropiado"[18]. Para Eagleton, Althusser ofrece un modelo demasiado uniforme e unificado tanto de suxeito (individuo) como de Suxeito (conxunto de significantes ideolóxicos dominantes) que non se corresponden cos máis elusivos e fragmentarios modelos de Lacan ós que se pretenden igualar. Por unha banda, o suxeito interpelado de Althusser é só igualable ó *ego* de Lacan, non ó suxeito concibido por este último como fenda entre a conciencia, centro de reflexión e acción, e o desexo inconsciente, que anula esta estabilidade revelando a súa precariedade. Dedúcese da proposta althusseriana un suxeito funcional como peza nun mecanismo, sen dar conta da profunda e crucial dinámica do desexo que o constitúe. De igual modo, Eagleton apunta que os Aparatos Ideolóxicos equivalen ó Superego freudiano, instancia censora indentificable e descritible, e non ó Outro lacaniano, o terreo da linguaxe e do inconsciente, moito máis esvaradizo. Eagleton conclúe: "O modelo de Althusser é demasiado monista, pasa por alto os modos discrepantes e contradictorios nos que os suxeitos poden ser abordados ideoloxicamente... por discursos

16. Texto central de Althusser é "Ideoloxía e Aparatos Ideolóxicos do Estado", "Ideology and Ideological State Apparatuses", en *Lenin and Philosphy*. New Left Books, Londres 1971. Eagleton fai unha nutrida selección de pasaxes deste texto en *Ideology*, op. cit., 1994, pp. 89-111.

17. Lacan, Jacques. "The Mirror Stage as Formative of the Function of the I as Revealed in Psychoanalytic Experience", en *Écrits: A Selection*, trans. Alan Sheridan, Norton, Nova York, 1977, pp. 1-7.

18. Eagleton, Terry. *Op. cit*, 1991, p. 142.

19. *Ibidem*, p. 145.

que non forman unha obvia unidade cohesionada"[19]. A relación do suxeito co poder, se nos guiamos por Althusser, revélase como estable e equilibrada debido á satisfacción imaxinaria do primeiro (que se cre autónomo e libre) e á omnipotencia e omnipresencia do segundo (igual que en Foucault). Politicamente, tal perspectiva conleva unha posición estoica ante o poder e unha actitude pesimista ante as posibilidades de emancipación ou de revolución[20].

II. A RELACIÓN ENTRE LITERATURA E IDEOLOXÍA

O *modus operandi* do discurso eagletoniano é dialéctico: con profunda sutileza analiza o seu obxecto para revelar as súas limitacións, os seus erros, os factores históricos que inciden na súa producción, e tamén os seus logros e as posibilidades que abren. El desenvolve un pensamento que é "tradicionalmente coñecido como hábito dialéctico da mente"[21]. En relación coa cuestión da ideoloxía, Eagleton practica este método coas obras teóricas ou críticas que falan do seu funcionamento ou que proclaman o seu final, como vimos anteriormente. Nunha fase máis temprana da súa producción (anos 70 e primeira metade dos 80) Eagleton centra os seus esforzos máis na literatura, interesándose, entre outros aspectos, pola súa relación particular coa ideoloxía. A obra *Criticism and Ideology: A Study in Marxist Literary*, Verso, Londres, 1976, é a exposición máis sistemática que o autor inglés fai sobre este tema específico. Comeza esta obra cunha valoración do seu mestre e mentor en Cambridge, Raymond Williams, para quen "cultura" (da que a literatura é o elemento principal) sería o oposto a "ideoloxía" como repositorio dos valores e significados necesarios para a tarefa emancipadora nunha sociedade dominada polo capital. Desprovisto da experiencia colectiva dunha tradición marxista inglesa inexistente, Williams apropíase dos elementos antiburgueses da tradición romántica inglesa precariamente presentes na corrente crítica do

20. Jorge Larrain apunta que a proposta de Althusser antráncase nas seguintes antinomias: 1) se a ideoloxía comprende o todo da sociedade, ¿como podería opoñérselle a "ciencia", a "teoría"?, e 2) se a ideoloxía logra a submisión imaxinariamente libre dos suxeitos interpelados, ¿como se podería criticar? Estas antinomias fan que Althusser acabe por abandonar a oposición ciencia/ideoloxía para admitir que a ideoloxía, ademais de suxeitos obedientes, produce tamén "suxeitos militantes". *Vid.* Larrain, Jorge. *Op. cit.*, 1989, p. 95. O texto no que Althusser fala dos "suxeitos militantes" é: "Nota sobre los Aparatos Ideológicos del Estado", en *Nuevos Escritos*, trad. A. R. Qui, Laia, Barcelona, 1978. Larrain cita a seguinte pasaxe de "Teses sobre Feuerbach" na que Marx advirte xa sobre o carácter reduccionista do determinismo social na constitución do suxeito: "A doutrina materialista de que os homes son productos das circunstancias e da educación, e que, polo tanto, homes distintos son productos doutras circunstancias e de distinta educación, esquece que son os homes os que cambian as circunstancias..." (Marx en Larrain 1989, 97. Karl Marx, "Theses on Feuerbach", en Karl Marx and Friedrich Engels, *The German Ideology*, Prometheus, Nova York, 1998, pp. 572-3).

21. Eagleton, Terry. *Op. cit.* 1996, p. 25.

"humanismo liberal" representada polo movemento *Scrutiny* liderado por F. R. Leavis. Ideais como o de "tradición", "comunidade", "organismo", "totalidade" e "continuidade" son inxertados por Williams con intención revitalizadora no proxecto transformador dun "socialismo humanista" parello nos anos 50 e 60 ó discurso político do laborismo. O esforzo titánico de Williams resulta nunha dotación ós movementos "radicais" e "progresistas" desta época de ideais morais que son paradoxalmente reaccionarios. Nun xesto basicamente romántico, Williams defende que a extensión da "cultura" a todas as capas da sociedade é o medio para a súa eventual emancipación. A súa idea de revolución non é a dun acontecemento rachador, senón a dun proceso gradual (*long revolution*) que concluirá cando o pobo participe nesa cultura común na que realizar completamente a súa humanidade. Para Eagleton este posicionamento implica unha visión simplista da ideoloxía como visión da realidade imposta desde arriba pola clase dominante, e tamén un idealismo que se afasta do mundo material para resolver no plano cultural ou estético as diferencias de clase. Aínda que Williams ve e insite no feito de que a literatura é unha práctica material, é incapaz de ir máis alá debido ó seu idealismo humanista para construír un modelo de análise estética materialista suficientemente complexa e sistemática que revele os modos de relación entre literatura e ideoloxía.

Eagleton colle o relevo en 1976 en *Criticims and Ideology*. No capítulo 3 deste libro, "Towards a Science of the Text", Eagleton describe a relación da literatura coa ideoloxía non como unha expresión dunha ideoloxía preexistente, senón máis ben como unha "producción". Para explicar esta relación bota man da analoxía "texto dramático-producción teatral": a representación dun drama non é a materialización ou concretización dun texto previo senón unha relación de traballo (*labour*) na que os compoñentes da compañía transforman cos instrumentos teatrais á súa disposición a materia prima do texto, sendo texto e producción cousas inconmensurablemente distintas. Claro que o texto dramático é en si mesmo unha producción do obxecto (realidade histórica e ideoloxía presente nesa realidade). O texto dramático presenta as relacións co obxecto no modo en que el as concibe: a producción teatral reinterpreta a concepción que o texto ten do seu obxecto podendo "alertarnos sobre a ignorancia e incompresión do texto, sobre modos de sentido insinuados pero suprimidos polo texto mesmo"[22]. Acontece o mesmo co texto literario: non só reproduce senón que tamén transforma as representacións que unha sociedade nunha determinada época histórica fai de si mesma (isto é, ideoloxía). Unha crucial peculiaridade do texto literario é a súa carencia dun referente real directo: non se pode dicir que unha novela, por exemplo, reflicta unhas condicións históricas reais do xeito en que pretende facer a historiografía. O texto litera-

22. Eagleton, Terry. *Op. cit.*, 1976, p. 68.

rio, ó ser producido, produce o seu obxecto ou "pseudo-real" (temas, argumentos, personaxes, situacións) con aparencia concreta mediante os medios de producción á súa disposición (xéneros, formas, convencións, etc...). Este "pseudo-real" non é un referente externo senón que forma parte interna do texto mesmo; aínda que de xeito máis indirecto, distanciado e complexo o texto se refira en última instancia á historia. A producción dun texto difire da producción dunha tea, por exemplo, no feito de que no primeiro o productor, o modo de producción e o producto están fundidos, interactúan e son indisociables, mentres que no segundo non: "Un tear mecánico, para empezar, non é alterado polos seus productos [...] do mesmo xeito que unha convención literaria é transformada polo que produce textualmente. O texto parece que se produce a si mesmo no senso de que, dentro do seu espacio, productor, modo de producción e producto semellan colindantes e indisociables"[23]. O texto non se refire a situacións reais concretas senón a representacións pre-existentes destas situacións, a modos nos que a sociedade nunha determinada época histórica entende e dá significado á súa experiencia: "O Londres imaxinario de *Bleak House* [de Dickens] existe como o producto dun proceso de representación que significa, non 'a Inglaterra victoriana' en si, senón certos modos que a Inglaterra victoriana ten de darse significado a si mesma"[24].

Resumindo, o texto non é unha copia da realidade, pero tampouco é ese obxecto unificado e autotélico que pretendía o formalismo ou a Nova Crítica. O texto literario é, en contraste coa presencia muda dunha tea ou dun televisor, "base" e "superestructura" a un tempo: por unha banda, é producto material dun modo de producción particular (o literario) relacionado co modo xeral de producción dunha determinada formación social e, pola outra, espacio no que conviven a ideoloxía dominante ou xeral (efecto do modo de producción xeral), a ideoloxía estética (rexión da ideoloxía xeral xunto con outras como a relixiosa ou a ética, da que a literatura é unha subdivisión), a ideoloxía autorial (que pode reproducir ou contradicir a ideoloxía xeral en graos distintos) e a ideoloxía creada polo propio texto (que, de igual modo, pode reproducir ou contradicir as tres anteriores en graos distintos)[25]. O texto non está substraído ós conflictos ideolóxicos presentes nunha sociedade, non é ese espacio transcendente arredado do ámbito socio-histórico defendido polos románticos e reproducido polos seus epígonos da Nova Crítica: a resolución estética dos conflictos ideolóxicos por parte do texto literario é sempre unha operación fallida. A concepción do texto e da experiencia de lectura como espontáneos,

23. *Ibidem*, p. 73.
24. *Ibidem*, p. 77.
25. Para definición de cada unha estas estructuras constitutivas da literatura como "práctica", así como para un esquema das súas interrelacións *vid.*: "Categories for a Materialist Criticism", en *Criticism and Ideology*, pp. 45-63.

sensuais, naturais, fonte moral e afectiva para individuos e comunidades fronte ó abstracto e artificial mundo económico e social (histórico) debe ser desmontada polo crítico materialista, xa que é a súa tarefa poñer en evidencia o carácter material e artificial da obra literaria, o feito de que é un producto[26]. O labor do crítico materialista é o de ver cómo a producción ideolóxica levada a cabo polo texto determina estes conflictos: se os resolve nun nivel acaba producíndoos noutro ou noutros de xeito inconsciente[27]. Eagleton privilexia o texto literario como obxecto de estudio para entender o funcionamento da ideoloxía nunha sociedade, fronte á historiografía e á filosofía que teñen unha perpectiva máis limitada, por estar a primeira atada ó concreto histórico, e por manter a segunda un distanciamento abstracto. A función do crítico literario é revelar a dinámica ideolóxica producida no pseudo-real do texto, porque a literatura "é o modo máis revelador que posuímos de acceso experencial á ideoloxía. É sobre todo na literatura onde observamos dun xeito peculiarmente complexo, coherente, intenso e inmediato o funcionamento da ideoloxía na experiencia viva das sociedades de clases"[28].

J. S. R.

26. Walter Benjamin e Antonio Gramsci son referencias particularmente relevantes para Eagleton neste punto: 1) Benjamin pola súa crítica desmitificadora da ideoloxía estética do "símbolo" romántico que pretende anular a diferencia entre a materialidade do signo e o seu significado nun instante de fusión totalizadora na que os conflictos reais atoparían idealmente a súa solución, que el contrapón á "alegoría" do drama tráxico alemán do século XVII (*Trauerspiel*) na que o abismo que separa a materialidade do signo e o seu significado é revelado abertamente na carnalidade e artificiosidade escritural do discurso literario. *Vid.* "The Baroque Allegory", "Walter Benjamin", en *Walter Benjamin or Towards a Revolutionary Criticism*, pp. 3-24. 2) Gramsci fala da aparición, no momento en que a burguesía se converte en clase dominante, de "intelectuais orgánicos" que teñen como función a construcción dunha esfera ideolóxica que o crudo utilitarismo industrialista é incapaz por si mesmo de crear. Estarían, pois, ó servicio da clase dominante capitalista como un grupo "dirixente" encargado de lexitimar o poder creando e potenciando a esfera dunha cultura común na que as diferencias sociais quedarían idealmente harmonizadas e borradas. Como argumenta Eagleton, en Inglaterra a literatura é a división privilexiada da cultura que cumpre tal función unificadora dotando á sociedade fragmentada do capitalismo dun cemento comunitario en substitución da relixión, ferida de morte para tales efectos a partir da época victoriana. *Vid. Criticism and Ideology*, pp. 102-3, e o célebre "The Rise of English" en *Literary Theory: An Introduction*, pp. 17-53. Para unha longa discusión da función ideolóxica da categoría do "estético" no discurso teórico dunha nutrida lista de autores europeos desde Alexander Baumgarten hasta Jürgen Habermas, *vid. The Ideology of the Aesthetic*, 1990.

27. Eagleton considera que a proposta de Pierre Macherey en *Théorie de la production littéraire* (1966) de que as contradicciónes formais ou semánticas presentes nun texto son síntoma e producto do enmascaramento ideolóxico de contradicciónes históricas reais é, aínda que valiosa, excesivamente reduccionista: por unha banda, hai máis dun só modo de relación entre texto e ideoloxía, mentres que pola outra existen textos formalmente ou semanticamente unificados que sen embargo amosan conflictos ideolóxicos.

O feito de que o texto é cego ou inconsciente dos conflictos, das contradicciónes que contén fai que o crítico teña como función desvelalos, darlle a coñecer ó texto mesmo o que ignora sobre si mesmo.

28. Eagleton, Terry. *Op. cit.*, 1976, p. 10.

O significado da casa para a sociedade rural galega

Santiago Fernández Rocha

Cando tentamos aproximarnos á sociedade rural galega con ánimo de desvelar a súa realidade, de súpeto topámonos cun compoñente da súa estructura que semella ser referente obrigado para unha axeitada comprensión de moitos dos comportamentos históricos e presentes da devandita sociedade. Estoume a referir á casa patrucial.

Esta foi, en primeiro lugar, unha entidade física formada por unha variedade de edificacións e outros vagantíos como as eiras, concentrados todos eles ó redor da casa vivenda. Forman tamén parte da mesma: útiles, animais e unha variedade de terreos de desigual magnitude e calidade espallados, na súa maioría, polo contorno parroquial. Esta entidade material será transmitida polo patrucio case que na súa totalidade a un fillo, xeralmente, primoxénito e varón.

Pero desta unidade física que acabo de describir emerxerá —nunha gran parte da Galicia rural— unha comunidade humana característica: a familia troncal, formada xeralmente por tres xeracións: o patrucio e a súa dona, o primoxénito e a súa dona e os netos dos patrucios; a eles podíanse unir outras persoas solteiras directamente emparentadas co cabeza da casa.

De ambas as dúas realidades —física e humana— xurdirá unha simbiose que rematará callando nun proxecto vital singular —non de raíz intelectual, senón algo máis humilde e intuitivo, froito fundamentalmente da dimensión sensitiva e volitiva do ser galego— capaz de transcender os seus moradores para facelos, á súa vez, partícipes dun destino común no que todos os membros contribuirán a perpetualo e engrandecelo.

Esta simbiose chamada casa patrucial, foise organizando desde unha estructura de poder moi ríxida. Nela o patrucio exercía como figura dominante, encarnando a idiosincrasia herdada dos seus devanceiros, dos que recibía a lexitimidade necesaria para —como nos di Raúl Iturra— "desenvolvelo doble papel de representala casa ante o mundo exterior a ela e o de manter a autoridade no seu interior"[1]. Esta concentración de autoridade na figura do patrucio acada o seu maior recoñecemento no feito de vir unxida pola tradición da casa, xerándose unhas relacións de subordinación na comunidade familiar que serán o xerme do desenvolvemento de conductas dabondo submisas e dependentes, para logo converterse —potenciadas por outros poderes externos á casa— nun factor dinámico característico da estructura do carácter social do mundo rural galego.

Dito isto, quero significar que en cada membro desas familias que conformaron e dalgún modo seguen a conformar esas entidades singulares das que estamos a falar, non fun quen de albiscar un sentimento de identidade verdadeiramente de seu, autónomo e independente da propia casa. Máis ben semellaba como que a singularidade de cada membro lle viñese recoñecida en base á casa da que formaba parte. Así, os que nacemos nese mundo rural, sabemos de certo que decote se identificaba e séguese a identificar —aínda que cada vez con menos forza— a cada parroquiano polo nome da casa á que pertencía, e raramente como individuo illado, con vontade propia e proxecto autónomo; xa que este non existía como tal, mellor dito, existía nun segundo plano; escurecido pola forza da casa, e sempre, subordinado a esa mesma entidade que o acubillaba. A este respecto, Carmelo Lisón Tolosana dinos que no mundo rural tradicional —predominante en Galicia ó longo da historia— "a casa define ó individuo", así a pregunta "¿quen é?" queda substituída na conversa diaria por "¿de que casa é?" [2]. Polo devandito, podemos afirmar que esta institución sempre abrangueu a persoa para rematar converténdose en algo máis ca un nosoutros; producíndose o que o mesmo Carmelo Lisón chama: "a casificación da persoa"[3]. Desta forma, cada suxeito viña ser o froito dunha simbiose, que tiña as súas raiceiras nun pasado que anegaba de zume a todo o corpo familiar e do que resultaba unha entidade singular con nome de seu, polo que era recoñecido cada labrego. A casa, en defintiva, foi historicamente a gran fornecedora de pasado e de seguridade a todos os seus membros, deulles sentido e orientación, amplo significado ás súas vidas; pois nesta entidade patrucial ía quedar selada a súa pegada existencial como continuadora da tarefa histórica dos seus devanceiros. Foi, xa que logo, o grande elemento propulsor e aglutinador das enerxías colectivas de todos os seus membros, en aras de perpe-

1. Iturra, Raúl. *Antropología económica de la Galicia rural*, 1988, p. 103.
2. Lisón Tolosana, Carmelo. *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*, 1974, p. 92.
3. *Ibidem*, p. 91.

tuala e facela grande; pois o grao da súa fortaleza era directamente proporcional ó recoñecemento social de cada membro da comunidade familiar e desde logo, do seu grao de autoestima. Como consecuencia de todo o devandito, a morte era sempre esperada polos patrucios, non como unha realidade desacougante, senón como algo que cumpría esperar a carón dos seus con serenidade de espírito. Esta dignísima actitude ante a morte, coido que non vén a reflectir outra cousa que a plasmación dunha fonda solidaridade interxeracional nacida dun proxecto común que se vai tecendo no tempo: a casa.

1. A DECADENCIA DA CASA

Hoxe, non embargante, coa paulatina entrada do mercado e outros axentes modernizadores na Galicia rural a partir da década dos sesenta, a situación mudou substancialmente. Unha aceleración do proceso migratorio na búsqueda de maiores niveis de benestar, xunto cunha progresiva apertura ó mercado da actividade agraria, trouxo consigo unha importante merma da poboación rural; ó tempo que se producía unha forte especialización e dinamismo da economía campesiña. Princípiase desta forma unha paseniña e irreversible erosión de todo o entramado tradicional no que a casa semellaba ser o cerne fundamental. Estes feitos farán emerxer do vello escenario novos actores, co fin de representar claras escenas de individuación que irán rachando coas ríxidas regras tradicionais que anegaban este universo rural e lle impedían progresar.

Así, esta entidade tradicional chamada casa patrucial, afectada nos seus fundamentos polas demandas da modernidade, vai paseniñamente esmorecendo; asemade, os seus derradeiros moradores principian agora a sentir con desacougo a morte; non só dunha forma de vivir, senón tamén dun pasado que vai deixando de fornecer o futuro e xa, feblemente, latexa morriñento entre as paredes da casa. A súa pegada de seguro que pronto deixará definitivamente de transcender nun mencer distinto que se albisca no horizonte. Unha vella cultura levantada desde unha sentida soidade popular non parece capaz de se estirar máis no tempo, polo que un tras doutro, os seus derradeiros herdeiros van pechando as portas para sempre, camiño do cimeterio. A este respecto Lisón Tolosana comenta: "... os petrucios consumen horas ó redor da cociña con especulacións protofilosóficas sobor da anterga cooperación e altruismo e o actual egoismo e individualismo que destrúe non só as casas, senón a enteira comunidade. O moderno desorde invadiu a aldea destronando un peculiar axioma cultural: o paradigma casal, un modo de ser e pensar, un peculiar ethos do Norte peninsular"[4]. Coa

4. *Ibidem*, p. 97.

casa, pois, un mundo homoxéneo, soerguido só desde as camadas populares, desaparece; tentando agora abrollar polo abrente un novo mundo de cidadáns, máis liberados das ataduras do pasado; pero eivados aínda polas consecuencias dunha historia dabondo tenebrosa.

2. A CASA E O ESPÍRITO COMUNITARIO NA GALICIA RURAL

Como nos amosan centos de traballos e a propia experiencia —froito de vivir longo tempo na Galicia rural— sempre foi habitual neste espacio un forte espírito comunitario e solidario: as mallas, as colleitas, as segas, a esfolla, os velorios, as roldas, as sociedades gandeiras, os arranxos dos camiños parroquiais... son mostras dabondo significativas. Pero non é menos certo que estes aconteceres colectivos, endexamais levaron o xerme dunha nova estructura societaria que tentara transcender o papel que desempeñaba a casa. Máis ben, este espírito comunitario xermolaba da necesidade de afortalar as dúas entidades básicas que fornecían o mundo material e espiritual dos labregos; ó tempo que potenciaba a cohesión veciñal. Estoume referindo á casa e á parroquia. Axudábanse todos, tiñan todos a necesidade dunha man veciña; pero sempre partindo dunha ou doutra entidade —segundo do que se tratase— como elementos aglutinadores das tarefas colectivas. Esta necesidade de axuda e de colaboración, en aparente contraste coas constantes manifestacións de envexa e desconfianza que agromaban a cotío —froito da baixa autoestima— converteranse nos factores principais da construcción dun permanente equilibrio inestable das relacións veciñais, que coido cómpre ter en conta como característica salientable desta sociedade.

Todo o devandito faime pensar cada vez con máis forza que un dos elementos que frustou o desenvolvemento do cooperativismo no eido rural —entendido este como un movemento que demandaba unha integración de parcelas e explotacións— veu máis ben empurrado pola forza e o significado que a casa tivo como soporte físico, pero sobre de todo psíquico, que en razón dos galegos como entes illados e plenamente autónomos; como se quixo dar a entender desde moitos sectores. A casa —da que estamos a falar— non tiña capacidade de transcenderse a si mesma nunha entidade superior se non era por medio dos seus moradores, e estes, necesitábana en plenitude como medio de seguridade e identidade.

Tamén é certo —como amosa Gonzalo Fernández[5]— que de forma serodia as Cooperativas de Explotación Comunitaria foron postas en marcha con éxito dabondo dentro do cooperativismo ourensán; pero

5. Fernández, Gonzalo. *El cambio agrario en Galicia*, 1985, p. 67.

este feito —como nos di o devandito autor— non nega o substancial da miña argumentación polas razóns seguintes:

> —Nunha primeira fase, As Cooperativas de Explotación Comunitarias non transfiren a propiedade das terras dunhas explotacións a outras, senón que *transfiren só a súa utilización.*
>
> —Este tipo de *cooperativas fornécese fundamentalmente das terras dos emigrantes,* que tendían en moitas ocasións a converterse en eidos abandonados e improductivos, cos conseguintes efectos sobre o volume da producción agraria.

Xa que logo, para solucionar este problema e sentar as bases da modernización agraria, amosou este cooperativismo unha extraordinaria eficacia. Coido pois que as dúas fasquías subliñadas son dabondo determinantes para que puidesen xermolar e logo consolidarse estes movementos comunitarios.

En definitiva, podemos concluír que o espírito comunitario que a cotío agromaba neste mundo rural, nacía fundamentalmente das necesidades que tiña a propia casa da colaboración de brazos externos ó núcleo familiar, para así, garantir o seu medre e conservación nun espacio ata hai pouco tempo orfo dos recursos técnicos axeitados. Ó tempo que turraba por esta cooperación, coutaba tamén calquera proxecto integrador que pulara mesmo polo desenvolvemento de organizacións comunitarias que tentasen transcender o propio ser da devandita institución, xa que esta entidade estaba convertida na principal fornecedora da seguridade e, xunto coa parroquia, da identidade do mundo labrego.

3. A CASA E A MODERNIDADE

Téñense feito feixes de consideracións sobre o atraso socio-económico de Galicia, na maioría, téndese a manifestar que foron os factores externos máis ca os internos os causantes do seu subdesenvolvemento. Esta afirmación goza, sen dúbida, dunha parte non pequena de razón, aínda que eu non sería quen de precisar a súa magnitude.

Do que non me queda ningunha dúbida é de que Galicia foi fundamentalmente un espacio agrario que acadou unha enorme estabilidade, ó tempo que exerceu e segue a exercer —nas súas provincias interiores principalmente— un gran poder de influencia sobre os seus núcleos urbanos. O contrario do devandito aconteceu no noso entorno europeo; neste espacio, os núcleos urbanos lideraron as súas áreas de influencia na dirección dunha decidida e progresiva modernización. En Galicia, non embargante, o mundo agrario tradicional librou unha dura e conti-

nuada pelexa contra ese corpo esóxeno que coñecemos co nome de modernidade, en base posiblemente, a que as necesidades e valores dominantes na sociedade rural galega —excesivamente illada, inmadura e dependente— non viñan axustarse ás demandas que acubillaba a modernidade. Esta actitude será aproveitada polos poderes reaccionarios asentados en Galicia para consolidar os seus dominios e contribuír á frustración do seu desenvolvemento endóxeno.

Este predominio do mundo rural sobre o urbano ó longo da historia é o que pode explicar —ó meu entender— a afirmación do profesor Villares cando afirma que un dos elementos definidores do noso pretérito é o seu ritmo lento e parsimonioso no proceso de cambio[6]. Certamente que neste forte predominio da Galicia rural sobre a urbana tivo moito que ver a prematura frustración da súa normal evolución endóxena; sen modelos de seu que lle desen luz e seguridade, sentimento de orgullo en definitiva, para poder acometer con decisión a súa difícil andaina polos camiños do tempo. A partir desta etapa histórica —como demostra Xosé Manuel Beiras[7]— todo tende a volver máis tenebroso e o medo empezou aniñando nas almas dun pobo que ficaría silandeiro e coutado no seu normal desenvolvemento. Gañado desde aquela pola inseguridade, a súa conducta sería a de irse entregando ás forzas externas sen a penas resistencia, co fin de conquerir unha mínima seguridade, aínda a costa de perder a esperanza e a liberdade. Vivir de costas ó futuro e demasiado preocupado de non perder o pasado —importante fornecedor da seguridade e orientación— semella que foi o seu normal proceder histórico e a razón fundamental da lenta penetración da modernidade neste espacio galaico.

Ante esta situación de debilidade e desamparo; a casa irá emerxendo como unha construcción fundamental, capaz de dar resposta ás necesidades máis perentorias da inmensa maioría dos galegos. Unha construcción a medida para poder seguir resistindo as consecuencias das fortes adversidades dunha longa historia de invernía. Pero asemade, dada a especial configuración que foi emerxendo desta entidade singular —como tentei deixar claro ó longo deste traballo— tamén contribuirá a coutar o normal desenvolvemento individual dos seus membros; xa que me quedan poucas dúbidas no senso de poder afirmar que as xentes de Galicia rural nunca tiveron auténtica consciencia do seu eu como algo autónomo, senón en simbiose có entorno vital no que vivían, e no que a casa era elemento esencial. Unha mostra da feble individuación e como consecuencia, da forte subordinación á casa

6. Villares, Ramón. *Os trazos xerais da historia de Galicia.* Cadernos do Seminario de Sargadelos, A Coruña, 1995.

7. Beiras, Xosé Manuel. *El atraso económico de Galicia*, Vigo, 1982.

como un todo dominador, amósanola Lisón Tolosana no seguinte parágrafo: "É obvio que os sentimentos románticos do herdeiro pospóñense ante unha dote considerablemente maior. O pai quere que case a súa filla nunha casa determinada; a decisión tomouna, claro está, non en virtude dos sentimentos da persoa, senón tomando como criterio a economía e o presitixio da casa"[8]. En consecuencia, estamos a falar de persoas arraigadas nun todo estructurado no que a vida acadaba unha ampla significación e onde a casa exercía de auténtica corda de seguridade para estas xentes, permitíndolles desenvolver a súa existencia sen grandes desacougos íntimos.

Isto non quere dicir que cada membro desta sociedade rural non sentise o seu ser como algo propio, senón que precisamente por sentilo, tomaba clara conciencia da súa febleza, da súa radical soidade; e en vez de transcendela de maneira activa, desde a afirmación da súa singularidade, facíao de forma pasiva; diluíndo o substancial da súa individualidade nun ente de orde superior capaz de lle dar solución á esencial debilidade sentida.

Por todo o devandito, non semella fácil que destas entidades socioeconómicas —tal como viñeron conformándose ó longo da historia— puidesen emerxer auténticos individuos, no senso que este termo acada na modernidade. Este feito, xunto á ausencia doutros axentes modernizadores ata ben entrada a década dos sesenta, potenciará unha sociedade excesivamente homoxénea, cerrada sobre si mesma; que será determinante no seu conxunto, mesmo para a frustración do desenvolvemento da propia dimensión racional —principal facultade intelectual que ten o ser humano "...de lle dar a coñecer a realidade, de lle traer cognoscitivamente a realidade a dentro de si, alongando a esfera persoal lonxe dos seus propios limites..."— como dicía Ramón Piñeiro[9]—. Este feito transcendental vai participar xunto con outros —interrelacionados entre si— no afastamento de Galicia da modernidade, xa que esta non vai ser quen de tomar nas súas mans o protagonismo histórico que demandaban os novos tempos para construír o seu futuro desde as súas propias potencialidades. Un espacio, en definitiva, no que por distintas razóns non foi posible o desenvolvemento dun importante núcleo de individuos, carecerá tamén do instrumento esencial para poder crer en si mesmo, e desde esa forte autoestima, mudar de orientación o seu rumbo histórico.

Dito isto, temos que ter presente que o individuo, e xa que logo a razón, foron os grandes protagonistas na construcción da modernidade europea, as grandes forzas modernizadoras. Principiará así, desde este

8. Lisón Tolosana, Carmelo. *Op. cit.*, p. 89.
9. Piñeiro, Ramón. *Filosofía da saudade*, 1989, p. 31.

novo referente racional como alicerce esencial, o abrollar dun singular período, caracterizado polo dominio das ideas sobre a realidade, para deste xeito, transformar a esta en base ós novos conceptos forxados desde a propia facultade intelectual. Na medida en que esta concepción da historia ía tomando corpo e o ser humano acadando maior seguridade e orientación en base ó novo referente, a tradición íase tamén esmorecendo como criterio orientador do lento camiñar do home europeo cara ó futuro. Este, artellado agora desde o mesmo cerne da dimensión racional en forma de grandes proxectos ideolóxicos, converterase non só na luz do presente, senón tamén, do propio pasado. Daquela, presente e pasado ficaban instrumentalizados en función do futuro; xa que nel agachábase o desexado paraíso que semellaba posible acadar a través da razón e da acción humana, da praxe en definitiva. Neste intre as ideas parecían capaces de facerse mundo, de encarnarse en realidade palpable. Desta forma os europeos toman conciencia de que o mañá non tiña por qué ser o froito de continxencias casuais, senón dunha deliberada decisión humana.

En Galicia, non embargante, o individuo e conseguintemente a razón, foron os grandes ausentes. A realidade semella que existía só para ser sentida, anhelada unhas veces e sufrida outras, pero nunca para ser interpretada e reconstruída idealmente, para logo, ser transformada segundo os criterios da razón.

En consecuencia, os galegos vivimos historicamente coa sensación da inseguridade encistada nas noas almas. Unha das razóns fundamentais da persistenencia desta característica foi sen dúbida a falla dun axeitado núcleo de individuos e por ende, dun desenvolvemento da nosa dimensión intelectual acorde coas esixencias da modernidade, capaz, en definitiva, de mobilizar a nosa vontade na dirección que tomou o resto de Europa; e como dixo Ralf Dahrendorf: "a inseguridade endexamais desencadea movementos hacia o progreso, senón, hacia a submisión"[10].

4. A CASA E A EMIGRACIÓN

Como vimos pondo de manifesto ó longo deste traballo, os galegos vivimos demasiado tempo determinados pola forza da inseguridade, posiblemente orixinada polo que Xosé M. Beiras chamou "a frustración social prematura"[11]. Esta consubstancial característica paréceme fundamental para entender o medo endémico ó cambio, o terror ante a incerteza que tan claramente se reflicte na íntima relación da sociedade tradicional galega co pasado. Este chegou a ocupar o seu presente con

10. Dahrendof, Ralph, en *El País*, 28-XII-95, p. 13.
11. Beiras, Xosé Manuel. *Op. cit.*, p. 33.

tanta intensidade, que case non deixou espacio para asentarse ó futuro. Así, a forza da tradición —proxectada fundamentalmente desde a casa e a parroquia— irá penetrando de tal maneira nas súas vidas, que rematará convertida, non só en factor esencial da súa seguridade no presente; senón tamén, na absoluta conformadora do seu futuro; facendo deste un tempo previsible. Desta forma, o pretérito asolagado de usos e costumes, convertíase nun elemento facilitador da relativa seguridade vital dos galegos no presente, e nunca supuña un forte atranco contra o que loitar. Será pois esta obsesión pola seguridade a que abonará o terreo para que con tanta facilidade prendese nesta Terra o devandito medo endémico ó cambio que a realidade demandaba e ó non producirse, permitiu que seguisen a perpetuarse as históricas relacións de dependencia que —como xa dixemos— principiaban a experimentarse nas ríxidas relacións da propia casa; para ser logo característica de seu no proceder desta sociedade ó longo dos últimos séculos.

Todas estas razóns coido que dilatan as causas que poden explicar a nula predisposición dos galegos á revolución, xa que esta se revolve contra as estructuras antergas que tentan frustrar o desenvolvemento das camadas emerxentes, ausentes en Galicia. Non embargante, estas estructuras —da que a casa é alicerce fundamental— foron para o galego facilitadoras do seu ben fundamental: a seguridade. Antes emigrar que levantarse contra a situación establecida.

É desta forma como a emigración vén a converterse na alternativa á necesaria transformación endóxena que esixía a situación de atraso en que vivía esta Terra. Así, milleiros e milleiros de almas desherdadas, desde a certeza de que ás súas vidas sempre lles quedaría a derradeira posibilidade de volver a acubillarse nos eidos maternos, ían abandonando a Terra na búsqueda de novos horizontes.

Esta nova situación tan distinta e tan distante das vellas estructuras rurais, inevitablemente producirá en moitas destas xentes unha desacougante sensación de soidade, de illamento, de anguria en definitiva; tentando ser compensada cunha singular relación co traballo e cos demais galegos na emigración.

Todos fomos coñecedores de centos de testemuñas nas que se relataba a extaordinaria laboriosidade da maioría dos galegos na diáspora. Pero esta intensa e en moitos casos frenética actividade, non facía máis que pór de manifesto unha relación compulsiva co traballo, que viña a exercer de mecanismo compensador e mesmo de factor terapéutico. Deste xeito, veríase conscientemente diminuída a extremada sensación de inseguridade e anguria enrraizadas no mesmo cerne do sentimento dunhas almas, na súa maioría, incapacitadas psicoloxicamente para vivir cun certo equilibrio emocional unha nova e distinta situación, na que estaban ausentes os vellos vínculos que durante un longo tempo fornece-

ran a estas febles xentes de seguridade e orientación. Asemade, esta intensa relación co traballo ía tamén encamiñada a acadar nun curto espacio de tempo, os recursos económicos necesarios para volver a acubillarse nos eidos natais; fondamente cobizados desde a soidade emigrante, e nos que a casa seguía a ter unha forza salientable. Unha proba disto eran as remesas de diñeiro chegado desde a emigración para que a casa patrucial puidese facerse en propiedade coas terras traballadas en arrendo, potenciando desta forma o seu medre e consolidación.

Pero esta actividade intensa e mesmo compulsiva da que estamos a falar, non parecía suficiente para transcender o forte sentimento de desamparo nò que vivían os emigrantes galegos. Así, unha parte non pequena das súas enerxías adicáronas desde o primeiro momento a intensificar as relacións cos demais compatriotas, co obxecto de crear centos de sociedades galegas espalladas por todo o mundo. Estas novas entidades asociativas irán logo emerxendo, co fin de ateigar o fondo vacío deixado pola ausencia das antergas estructuras. Desta forma, trataban de darlle resposta a todo un singular universo cultural apousado no abismal de cada emigrante, que, desde a soidade da nova situación, rebrotará cargado dun fondo sentimento de lembranza; para paseniñamente, irse transfundindo nas novas entidades; liberadas agora das fortes rixideces impostas polos vellos lares, fortemente enraizados na Terra-Nai. Foise así creando unha segunda patria afastada da patrucial, pero anegada dunha sentida galeguidade que abrollaba en plenitude das desacougadas almas de milleiros de galegos; sedentos, na súa maioría, de satisfacer as xenuínas necesidades humanas que antes se fornecían das vellas entidades devanceiras, das que a casa —como xa dixemos— semellaba ter importancia vertebral na conformación da personalidade destas xentes.

De todo o exposto sobre a emigración, quero rematar salientando ese desacougo íntimo do que estivemos a falar; producto da ruptura traumática con todo un contexto significativo que ademais de manter o individuo arraigado, proporcionáballe seguridade e fondo sentido á súa vida. Este fenómeno de desacougo será o punto de inflexión necesario para que moitos galegos na diáspora se volvan cara a si mesmos e esculcando no seu ser mancado por esa ruptura que supuxo a distancia, vaian paseniñamente desvelando o anceio da Terra-Nai; portador dunha realidade máis fonda, onde se acubillaba o primeiro e fundamental significado do seu ser. Esta toma de conciencia, este desvelamento da realidade da Terra encarnada nun tupido universo de significacións sociohistóricas que como un magma informe durmía escondido no fondal da alma de cada emigrante, será ó cabo o principio guía e dinamizador do gran movemento de comuñón coa Terra que se produciu na Galicia emigrante. Este feito substanciarase logo na creación de centos de institucións galegas na diáspora; noutras tantas escolas e centros culturais

na propia Terra e en definitiva na apaixonada potenciación de toda unha singular cultura que ata ese intre vivía enclaustrada case fundamentalmente nos límites do espacio galego. Ó tempo que isto se producía, principiaba tamén a emerxer, froito desta auto-reflexión, un novo ser galego; máis consciente de si mesmo e capaz de recrear antergos significados para ir construíndo un renovado sentido de identidade que marcará o norte á vida de moitos emigrantes. Foi desta forma como o movemento migratorio, partindo dunha galeguidade clausurada na tradición, contribuirá desde a autonomía individual e colectiva e desde o contacto con outras realidades culturais, a dar singular forma e fecundar con zume novo a esta galeguidade. Deste xeito, a nosa cultura quedaría aberta ó mundo das grandes significacións universais e, ó liberarse da cerrazón histórica que padecía, converteuse tamén en parte activa do destino común da Humanidade.

A MODO DE CONCLUSIÓN

Por todo o devandito ata o de aquí, podemos afirmar para concluír que a casa foi unha das creacións históricas máis sentidas e fecundas da alma galega. Encarnou e transmitiu ós seus herdeiros todo un universo significativo de normas, valores, costumes e tradicións; posibilitando unha clara orientación á vida das nosas xentes. O tempo respondeu ata o límite das posibilidades ás elementais necesidades materiais dos seus membros; converténdose así nunha auténtica realidade simbiótica; capaz de facer emerxer todo un proxecto colectivo xerador da auténtica identidade dos seus moradores. Asemade, simbolizou como ningunha outra institución a cerrazón histórica na que viviu Galicia; xa que en definitiva, foi o seu producto e a súa razón de ser. Chegado o tempo, foi tamén capaz de abrirse sen estridencias a unha nova realidade que esixía maior grao de dinamismo e de flexibilidade, aínda consciente de que a devandita apertura sería a derradeira razón da súa morte.

S. F. R.

DOCUMENTOS

Dous textos sobre o canibalismo

Xavier Queipo

Hai algo máis dun ano, residindo eu en Bruxelas, chegou ó meu coñecemento o descubrimento de cadáveres humanos nos conxeladores dun restaurante libanés da capital europea. A policía xudiciaria relatou no seu informe que os corpos, torados para o consumo —quixen supoñer que involuntario dos clientes do restaurante— xa foran consumidos nas súas dúas terceiras partes e estaban prontos para formar parte de estufados e churrascos varios. A primeira reacción foi de noxo e estrañamento, pero, xa logo, pasei a reflexionar sobre a persistencia destes comportamentos nas sociedades tecnoloxizadas onde nos tocou vivir. Pensei no atavismo do comportamento e en que de seguro existía unha razón —verdadeira ou asumida como verdadeira— para tal comportamento.

Recentemente, un amigo deses que teño espallados pólo mundo envioume noticia dun novo caso de canibalismo, acontecido na Illa de Papúa-Nova Guinea. Agradecinllo de bo grado, pois veu constatar que esta práctica persiste nas sociedades rurais, de aldeas espalladas e conflictos tribais, da para nós afastada Oceanía.

Non vou entrar na discusión das razóns (ou senrazóns) do desenvolvemento desta práctica alimenticia, entre outras cousas porque non son un especialista e hoxe, desgraciadamente, só se escoita a voz dos especialistas, o que de seguro fai perder o enfoque da vida e do espacio onde habitamos como un sistema máis universal.

O obxecto desta comunicación é, simplemente, o de dar conta de textos pouco coñecidos nos que se relata a práctica do canibalismo en lugares tan afastados entre si como a Badía de Guanabará e o país do Tibet. Poderíanse aportar casos innúmeros de prácticas caníbales pasadas e presentes, reais ou ficticias[1], pero centrareime nestas páxinas en dúas

1. Joseph Conrad tivo poblemas para publicar en folletín *Blackwood's Magazine* a súa novela *Falk* por causa das escenas de canibalismo que relata.

probas documentais que chegaron ás miñas mans e que considero de particular interese.

A primeira destas contribucións documentais é un capítulo incluído na obra de André Thevet *Les singularités de la France antarticque*[2]. Publicadas por primeira vez en 1557, as *singularités* constitúen sen ningunha dúbida una obra clave na literatura de viaxes do Renacemento. A partir desta obra consagrada na súa maior parte ós Indios caníbales da badía de Río de Xaneiro ábrese en Francia una tradición continua que culminará máis tarde, no século dos filósofos, no mito do bo salvaxe. En 1555, o franciscano André Thevet acompaña ó Brasil a Nicolas Durand de Villegagnon, encargado polo almirante de Coligny de establecer unha colonia na badía de Río de Xaneiro. É ocasión para el de redactar, nun estilo sorprendentemente alerta, una relación vívida e colorista de todo o que observa.

Dálle unha importancia extrema ás crenzas do que chama "as Américas", censa a fauna e a flora do Novo Mundo, rexistra sen a mínima estupefacción as fases máis violentas do ritual antropófago e relata cunha extrema precisión as máis sinxelas actividades da sociedade *tupinamba*, desde a elaboración do *cahouïn* (cervexa de millo ou de mandioca) e dos cigarros de *petún* ata os preparativos da guerra e da caza.

As *singularités* son posibles gracias á colaboración dun helenista, Marthurin Héret, que ofrece en filigrana da cultura indíxena as lembranzas de Homero, de Virxilio ou de Plutarco, sen as que un home cultivado do Renacemento sería incapaz de percibir a realidade insólita que se lle ofrecía. Amazonas e comedores de homes traspóñense así con facilidade dun continente ó outro, tendo en conta que a Idade de Ouro encontra nestas remotas paraxes unha floración mítica e tardía.

A obra non é soamente un dos primeiros monumentos etnográficos do xénero, senón tamén unha testemuña singular da alianza entre a visión humanista do mundo e a xeografía das grandes descubertas.

A segunda referencia bibliográfica é un extracto do *Journal of Friar William of Rubruck*[3], versión inglesa do texto latino que relata a viaxe cara ó País dos Tártaros que entre 1253 e 1255 realizou o frade Rubruck, enviado pola corte de Luís IX de Francia. A narrativa desta viaxe, de máis de oito mil quilómetros, é certamente un dos rexistros de viaxe máis interesantes e detallados da súa época. Historicamente é tan importante ou máis que o relato de Marco Polo, aínda que por diversas razóns teña acadado unha menor relevancia. Tan importante foi que o propio Roger Bacon se entrevistou en varias ocasións con Rubruck para interesarse polas súas aventuras e descubertas, que finalmente incluíu na súa famosa *Opus majus*. O feito que se relata, o de comer os propios pais, non é exclusivo do Tibet, senón que era

2. Thevet, André. *Les singularités de la France antarticque (Le Brésil des Cannibales au XVI siècle)*. La Découverte/Maspero, París, 1983.

3. Rubruck, William of. "Travel records of the World", incluído no volume recopilatorio *Contemporaries of Marco Polo*, Dorset Press, Nova York, 1989.

práctica común, por exemplo, nas Illas Marquesas[4], onde "en tempos de fame os homes comían as súas esposas, os seus fillos e os seus pais".

O tema é de importancia capital para a comprensión da nosa cultura occidental e, por exemplo, o rito da comuñón dos católicos, que logo da transubstanciación non deixa de ser unha cerimonia caníbal, onde se consome o corpo do fillo do Deus no que se cre para limpar o corpo de malas ideas, para se protexer do maligno, e para se purificar física e espiritualmente. Na literatura occidental hai textos abundantes nos que se amosa o canibalismo como práctica habitual, por exemplo, entre as xentes do mar, na era das grandes navegacións e descubertas, e sería bo refrescar a memoria e non deixar de citar a Melville en *Benito Cereno*, en *Moby Dick* ou en *Typee* ou ó propio Conrad en *Falk*.

X. Q.

CAPÍTULO XVII DE *LES SINGULARITÉS DE LA FRANCE ANTARTICQUE*. *CÓMO ESTES BÁRBAROS MATAN ÓS SEUS INIMIGOS QUE COLLERON NA GUERRA E OS DEVORAN*

Despois de ter explicado cómo os salvaxes de toda América levan os seus inimigos prisioneiros ata os seus aloxamentos e tugurios, non resta senón describir cómo os tratan na fin do xogo. Eles actúan do seguinte xeito. O prisioneiro levado ó país dos seus captores, un ou dous, máis ben de máis que de menos, será excepcionalmente tratado durante catro ou cinco días, logo daráselle unha femia, por ventura a filla do que o fixo prisioneiro, para satisfacelo plenamente nas súas necesidades de cama e doutras; ademais é fornecido das mellores viandas que se poidan encontrar, procurando facelo engordar como un capón ata o momento da súa morte. Neste período é facilmente recoñecible por un colar feito de fío de algodón no que enfían certos froitos arredondados ou ósos de peixe ou doutros animais, feitos no xeito de rosarios, que colocan no pescozo do seu prisioneiro. E cando queren gardalo catro ou cinco lúas, colócanlle un número parello de rosarios, e vanos retirando a medida que as lúas van expirando, continuando xusto ata o último, e cando xa non queda ningún, mátano. Algúns, no lugar destes rosarios, métenlle tantos pequenos colares no pescozo como lúas van vivir. Ademais aquí poderedes notar que os salvaxes non contan senón ata cinco, e non teñen en consideración nin as horas do día, nin aínda os días, nin os meses, nin os anos, e contan exclusivamente por lúas. Tal xeito de contar foi antigamente ordenado por Solón ós

4. Ellis, William. *Polynesian Researches during a Residence of Nearly Eight Years in the Society of Sandwich Islands*. Ed. Henry G. Bohn, Londres, tomo III, p. 314, 1853.

Atenienses, a saber, observar os días polo curso da lúa. Se deste prisioneiro e da femia que lle foi entregada proveñen certos nenos no tempo no que están xuntos, alimentaranos un certo tempo e despois os comerán tamén, lembrando que son fillos dos seus inimigos. Cando o prisioneiro estea ben mantido e cebado, matarano, estimando isto unha grande honra. E para a solemnidade de tal masacre, chamarán polos seus amigos máis afastados para asistir e para comer a súa parte.

O día da masacre, deitarano no leito, ben cargado de ferros (os cristiáns ensináronlles o uso), cantando día e noite cancións do tipo: *Os Margageas os nosos amigos son xente de ben, fortes e poderosos na guerra, eles capturaron e comeron gran cantidade dos nosos inimigos, así me comeran eles calquera día, cando lles praza; mais eu, matei e devorei parentes e amigos de aquel que me ten prisioneiro*, con palabras moi parecidas. Por iso podedes saber que non fan caso da morte, menos aínda do que se puidese pensar. Noutro tempo (por pracer) platiquei con eses prisioneiros, homes agraciados e poderosos, demandándolles se non sentían calquera sorte de preocupación polo feito de poder ser daquel xeito masacrados dun día para outro; ó que me respondían con risas e bromas: "Os nosos amigos han vingarnos", e moitos outras expresións, amosando a súa gran dureza e seguridade. E se nós falabamos de querelos rescatar das mans dos seus inimigos, tomábano todo como unha broma.

No que respecta ás mulleres e ás rapazas que capturan na guerra, permanecen prisioneiras algún tempo como os homes, e son atadas de igual xeito, agás que non se lles proporciona marido. Téñenas como cativas, pero coa liberdade de se mover dun lado a outro; facéndoas traballar nos xardíns e dedicarse á pesca de ostras.

Volvamos á masacre. O captor do prisioneiro, como xa dixemos, invitará a todos os seus amigos para comer parte do seu botín, cun *cahouïn* moi forte, que é unha bebida feita de millo mesturado con certas raíces. Neste día solemne, todos aqueles que asisten adornaranse de plumas de cores diversas ou se tinguirán todo o corpo. Particularmente o responsable da matanza levará os mellores adornos que poida. E cantos máis vexa o prisioneiro facer os preparativos para a súa morte, máis signos de felicidade mostrará. Daquela será conducido, ben atado e asegurado con cordas de algodón, á praza pública, acompañado de dez ou doce mil salvaxes do país, os seus inimigos, e alí será masacrado coma un porco logo de varias cerimonias.

Morto o prisioneiro, a muller que lle fora asignada fará un pequeno dó. Estando o corpo en anacos, extráenlle o sangue co que lavan os seus mozos para facelos máis duros, mostrándolles que, cando se fagan adultos coma eles, han facer o mesmo cos seus inimigos. Fanlles pensar tamén que o mesmo farán os seus inimigos se os collesen prisioneiros na guerra. Este corpo, así posto en pezas e cociñado ó seu modo será distribuído entre todos eles, sexa cal sexa o seu número, dándolle a cadaquén o seu cacho. No que respecta ás entrañas, son as mulleres as que as comen, e a cabeza resérvana para cravala no extremo dun pao sobre as súas vivendas, en signo de triunfo e de victoria; e moi especialmente teñen pracer en facelo

coas dos portugueses. Os caníbales e aqueles da costa do Marañón son aínda máis crueis cós españois, facéndoos morrer máis cruelmente sen comparanza, e logo os devoran.

Non se encontra na historia de ningunha nación tanto que sexa bárbara, como que teña utilizado unha barbarie tan excesiva, agás o que se conta na Guerra dos Xudeus os que, cando os romanos chegaran a Xerusalén, a fame, logo de ter comido todo o que tiñan, levaba ás nais a matar os seus fillos e devoralos. Tamén os antropófagos, que son pobos da Escitia, viven da carne humana como estes.

O que perpetra a antedita masacre, pouco despois retírase para a súa casa e permanece deitado no seu leito, sen comer nin beber, durante toda a xornada; e aínda se absterá durante varios días, e non porá o pé na terra ata pasados tres días. Se quixese ir a calquera parte, fará que o leven, coa louca idea de que, se así non fixer, haille acontecer calquera desgracia ou mesmo a morte. Pouco despois fará cunha pequena coitela, feita dos dentes dunha fera chamada *agoutin*, varias incisións e fendas no seu corpo, o seu peito e outras partes, talmente que vai aparecer todo picado. E a razón, segundo puiden alcanzar dalgúns informantes, é que o fai por pracer, reputando como unha gran gloria para el a morte perpetrada na persoa do seu inimigo. E como eu quixese demostrarlle a crueldade de tal comportamento, indignado, respóndeme moi ben, dicindo que é unha gran vergoña que nós perdoemos ós nosos inimigos cando os collemos na guerra e que é mellor facelos morrer, co fin de que lles sexa subtraída a ocasión de facer a guerra novamente. Vexamos de qué discreción se goberna este pobre pobo brutal. Direi tamén que as rapazas utilizan esas mesmas incisións por espacio de tres días consecutivos logo de ter a primeira menstruación, ata chegar nalgunhas ocasións a estar ben doentes. Eses mesmos días abstéñense de certos alimentos, non saíndo en absoluto nin poñendo pé na terra, como xa se dixera dos homes, sentadas exclusivamente sobre certas pedras dispostas para a ocasión.

ANDRÉ THEVET

CAPÍTULO XXVIII DE *JOURNAL OF FRIAR WILLIAM OF RUBRUCK*. *DE VARIAS NACIÓNS E DE CERTA XENTE QUE COME ÓS SEUS PROPIOS PAIS*

Estes Xugures, que viven entre os cristiáns e os sarracenos, entre as súas disputas, terán chegado á conclusión de que existe un único Deus. Habitaban en certas cidades, que logo foron sometidas por Chinghis Khan, que lle deu a súa filla para que casase co seu rei. Tamén a cidade de Caracorum é, en certo xeito, nos seus dominios, así como lles é próximo todo o país do Preste Xan

e do seu irmán Unc; xa que eles habitan certos pastos cara ó Norte, mentres que os xugures viven entre as montañas cara ó Sur.

Acontece que dese xeito os Moals adoptaron a súa escrita. E son os mellores escribas e case todos os Nestorios coñecen a súa escrita. Do lado deles, entre as montañas do Leste, está a nación de Tangut, que son as xentes máis intrépidas, e aínda unha vez colleron cativo a Chinghis Kahn na batalla. Pero unha vez que fixeron as paces, soltárono e logo el someteunos.

Esta xente de Tangut ten bois do tipo ox de gran forza, con caudas como cabalos, e con moita lanuxe nas costas e no ventre. Teñen as pernas moito máis curtas que outros ox, pero son moito máis fortes. Eses bois arrastran as enormes casas dos Moals. Os seus cornos son delgados, longos, dereitos e tan afiados que os propios donos teñen que lles cortar os cabos. As vacas non deixarán que as muxan agás se eles lles cantan ou lles asubían. Teñen estes bois ox o carácter dos touros e se ven a un home vestido de vermello, corren cara a el inmediatamente para matalo.

A carón deles está a xente do Tibet, homes que teñen o costume de comer as carcasas dos seus propios pais; e sen outro respecto non teñen outro sepulcro para eles que as súas propias cuncas. Sen embargo, hai tempo que deixaron esta práctica que resultaba abominable e odiosa a todas as outras nacións que entraban en contacto con eles. Pero aínda hoxe fan delicadas copas cos cranios dos seus pais, de xeito que cando beben por elas, ademais do goce e dos praceres da bebida, poden chamar polos seus pais para lembralos. Isto foime referido por alguén que o viu[5].

WILLIAM OF RUBRUCK

5. Unha segunda noticia do canibalismo dos tibetanos e do seu costume de fabricar copas cos cranios dos seus pais está en *O xornal do frade Odorico de Udine*. Dí así: "É a máis grande e a máis alta honra para un fillo bailar diante do cadáver do seu pai. Daquela o fillo toma a cabeza do seu pai e primeiro a cociña e come a carne e fai co cranio unha copa para beber, da que tanto el como toda a súa familia beben con gran solemnidade e ledicia, en lembranza do seu pai morto".

LIBROS

SECCIÓN A CARGO DE:
LITERATURA: **DOLORES VILAVEDRA.** HISTORIA: **XAVIER CASTRO.** CIENCIA: **MANUEL RODRÍGUEZ. GUSTAVO A. GARRIDO.** FILOSOFÍA: **CARLOS FERNÁNDEZ.** LINGÜÍSTICA: **HENRIQUE MONTEAGUDO.** CIENCIAS SOCIAIS: **XAN BOUZADA.** POLÍTICA E DEREITO: **ÁLVARO X. LÓPEZ MIRA.** ECONOMÍA: **XOAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA.**

Pensa nao

● ANXO ANGUEIRA. *Pensa nao.* Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1999.

Existen momentos e aconteceres históricos que poderían ter dado orixe a numerosas e importantes obras literarias, pero que, por múltiples circunstancias, non sempre doadas de explicar, foron esquecidos ou silenciados durante longos períodos de tempo. Isto acontece coa temática da Guerra Civil dentro da nosa literatura; un motivo moi pouco glosado polos literatos galegos que a viviron en primeira liña, quer como protagonistas quer como testemuñas, se exceptuamos os casos de Ramón Valenzuela coas novelas *Non agardei por ninguén* (1957) e *Era tempo de apandar* (1980), Silvio Santiago con *O silencio redimido* (1976), Antón Alonso Ríos con *O siñor Afranio ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979), Ricardo Carvalho Calero con *Scórpio* (1987), Antonio Fernández Pérez con *Terra coutada* (1990) e Francisco Fernández del Riego con *O cego de Pumardedón* (1992). Como vemos, trátase dun escaso número de títulos que non reflicte o impacto e a fenda que a contenda bélica causou na sociedade galega de aquén e alén mar. Pois ben, habería que agardar ás xeracións seguintes, aquelas que naceron durante a guerra ou na posguerra e viviron as consecuencias daquela desfeita, para que este corpus de textos medrase considerablemente. Deste xeito, nas dúas últimas décadas destacan as novelas de Carlos Casares, Xavier Alcalá, Fernández Ferreiro, Fernández Naval, Manuel Rivas, Manuel Guede, Méndez Ferrín e Anxo Franco.

A este último grupo temos que lle sumar un novo título, *Pensa nao*, a primeira novela de Anxo Angueira (Manselle-Dodro, 1961), que chegaba ás nosas mans cos últimos lumes de 1999 e viña de ser galardoada co XVIº Premio Xerais, un dos máis veteranos e mellor dotados de cantos laurean obras literarias galegas, que conta cun xurado formado por lectores alleos á creación e ó estudio científico da literatura. Únense así o libro e o seu autor a esa restra de homenaxes coas que se pretende recuperar a memoria dos anos da República

e da Guerra Civil e das persoas que protagonizaron esa amarga etapa da nosa recente historia, os mortos e exiliados a consecuencia do levantamento militar fascista de xullo de 1936. Esas homenaxes, alén da creación literaria, como arriba comentei, chegaron tamén desde o eido do ensaio con edicións de autores marxinados ou esquecidos ata o momento presente, como Florencio Delgado Gurriarán e Manuel García Barros; congresos e xornadas, entre os que destacaron "Sesenta anos despois" e "Guerra Civil (1936-1939 e Literatura Galega"; versións fílmicas, como *A lingua das bolboretas* e, sobre todo, a dedicación do Día das Letras Galegas en 1999 a Roberto Blanco Torres.

En *Pensa nao* constrúe Anxo Angueira unha novela estructurada en sete capítulos que transcorren entre o 24 de San Martiño do 35 e os últimos días de xullo do 36, cando xa se adiviñaba a inevitabilidade da guerra e chegara o tempo da fuxida. Cada un deses capítulos divídeos nun número variable de episodios cos que consegue focalizar a acción nun ou noutro personaxe sen chegar a caer nun fragmentarismo entorpecedor e sen se desviar do fío narrativo. Para a fixación das coordenadas temporais recorre o autor ás faenas agrícolas: "o sementeiro", "a restreba", "o maio", "a rega do millo" e tamén á correspondencia epistolar, coa que aparece un narrador secundario, a nai de María, que cre cartearse co fillo emigrado en América e que libera ó narrador principal dun peso excesivo.

De entre as moitas cualidades da obra, hai que salientar o protagonismo colectivo de toda unha aldea, Sernanselle. Este espacio, xa anunciado en *Bágoas de facer illas* (1997), é o trasunto literario do Manselle natal do autor e os seus habitantes, os protagonistas da novela. A diferencia de *O valo de Manselle*, no que a experiencia vivida do traballo conxunto de todos os veciños era o motivo central, para enfiar *Pensa nao* Angueira ten que botar man de lembranzas dos vellos, de cartas dos emigrantes e tamén dunha substanciosa documentación que o aproxime a aquel momento histórico. Consegue así inserir na obra institucións como o Seminario de Estudos Galegos e a Editorial Nós, ademais de persoeiros como Bouza-Brey e Fernández del Riego, sen provocar que as devanditas presencias renxan dentro do argumento. Por encima deste ou daquel personaxe destacado, o propio autor ten afirmado que pretendeu ofrecer "unha perspectiva contracanónica da aldea", bastante afastada do ruralismo e do folclorismo co que foi tratado o mundo rural galego. Deste xeito, dignifica a vida dos paisanos e fainos partícipes dunha importantísima renovación das formas de producción agropecuaria que non chegou a callar: a colectivización do traballo, a mecanización, a mellora xenética dos cultivos e dos animais, a chegada dos fertilizantes químicos ou a transformación de materias primas, nomeadamente o leite. Boa parte destas mudanzas fanse seguindo as directrices do xenetista vasco Cruz Gallástegui Unamuno, que foi un dos principais fornecedores do ideario agropecuario do Partido Galeguista, ademais de director da Misión Biolóxica de Salcedo e Pontevedra e promotor da Granxa Biolóxica da Coruña. Estamos, pois, ante unha etapa de fondos cambios favorecidos polas remesas de diñeiro procedentes da emigración, uns emigrantes retornados que teñen fe cega no futuro do seu país, como podemos adiviñar nestes fragmentos dun diálogo entre Roiz Bustelo e Camoiras:

> –Decidín, Camoiras, decidín. Era xa hora de romper, romper de vez con todo aquilo. Penseino moitas veces. Medramos alí, Camoiras. Alí aprendemos. Bos Aires foino todo. Pero agora o negocio empezábaseme a representar coma unha hedra distante que ano a ano minguaba e ía desapertando no corazón co seu abrazo mortizo. [...]
>
> –Fixeche ben. Ao mellor un ano destes tamén eu vendo.
>
> –Quen sabe. O capital alí estábache ben seguro e rendedoiro, qué che vou explicar eu a ti, pero xa levamos en Galicia máis de quince anos. [...] As cousas non están claras pero sonche dos que profesan unha fe cega no noso país e na República. Esta casa, Sernanselle, a nosa Unión, o noso triángulo, irmán Camoiras, a Sociedade de Agricultores...
>
> –¿E que vas facer aquí con tanta millonada?, ¿repartila entre os que berran viva o comunismo? [...]
>
> –Sabes que a nosa Unión medra, a xente está contenta... Hai que turrar para riba. Hai que comezar co envasado do leite, como eu vin que fan en Flandria e Holanda. [...]
>
> –E así tódolos socios. Hai que facer queixos e manteigas de calidade pero rendedoiros economicamente. ¿Que tira a xentiña cunha ducia de bolos e queixos que levamos aos domingos a Santiago ou a Vilagarcía? (pp. 16-17)

Tamén se afasta Anxo Angueira do ruralismo e do costumismo no tratamento da paisaxe. Trátase dun espacio de transición entre o monte e o mar, a braña onde o río Ulla deixa de ser tal para converterse no mar da Arousa, unha comarca na que as montañas abandonan as formas suaves do val para orixinar as empinadas ladeiras da Barbanza. Ese mar e ese monte, agresivos e lesivos na vida cotiá dos veciños de Sernanselle, serven, curiosamente, de liberación e fuxida final de catro dos personaxes protagonistas.

Doutra banda, o autor consegue dosificar a intriga ó longo da novela; se ben nos primeiros capítulos observamos algúns enfrontamentos verbais entre os membros da Unión de Productores de Leite e os socios da Cooperativa Católica, ambas as dúas asociacións de ideoloxía contraposta, a crispación vai en aumento segundo avanza a narración ata chegar ás agresións físicas e a que os cativos da aldea berren proclamas en favor dunha ou doutra organización. Sen dúbida, esta intriga chega ó seu momento culminante co estoupido da guerra, nomeadamente na narración do asasinato de Camoiras, na fuxida da familia de Roiz Bustelo e na persecución de Xacobe de Dominga.

Pensa nao é tamén un monumento etnográfico, xa que a través das súas páxinas coñecemos en profundidade traballos, costumes e tradicións hoxe abandonadas ou moi cambiadas con respecto a aquel tempo. Achéganos á destilación da augardente polo método tradicional do cañeiro que ía co seu alambique de casa en casa; ás leis dos enxamios cando abandonan o seu cortizo; ó mundo dos canteiros e dos carreteiros; á sementeira, ó maio, á restreba, á rega do millo na seca, ós velorios, á compaña, etc. En todas estas actividades e costumes manéxase unha inxente cantidade de léxico que, de non ser por obras coma esta, ficaría relegado á memoria dos máis vellos e, pouco a pouco, iríase perdendo. Boa mostra da recuperación léxica que leva a cabo Anxo Angueira é o comezo do capítulo IV (p. 79), no que introduce un fragmento na verba dos arxinas. Ademais da riqueza léxica, outra das características lingüísticas da novela é a presencia dalgúns dialectalismos que afectan, fundamentalmente, á morfoloxía verbal ("ques" por "queres", "sa" por "saen", "chamano" por "chamaron", "can" por "caen", "vínono" por "vírono"). Se ben

todas estas variantes están documentadas en Dodro, ningunha delas serve para identificar a este concello fronte ás poboacións veciñas, polo que se poderían ter evitado e así non desandar o camiño, que tanto custou andar, da consecución dunha variante supradialectal para a nosa lingua.

En definitiva, estamos diante dunha novela que eleva o mundo rural galego á categoría de protagonista directo dun tempo de grandes esperanzas fanadas, a Segunda República. Unha novela na que o autor, moi ó estilo ferrineano, deixa ben clara a superioridade moral dos vencidos sobre os vencedores.

XABIER CAMPOS VILLAR

Unha comedia de Oscar Wilde

● OSCAR WILDE. *Ernest. Comedia frívola para xente seria.* Traductor e editor: Miguel Pérez Romero. Biblioteca-Arquivo teatral "Francisco Pillado Mayor", A Coruña, 1999.

Esta versión bilingüe da que se considera a mellor comedia de Oscar Wilde vén precedida dunha introducción de Antonio Raúl de Toro Santos e dunhas notas preliminares de Miguel Pérez Romero, o traductor e editor da obra. Remata o volume un apéndice no que se recolle unha crítica da representación da obra dirixida por Pérez Romero en 1982, así como un pequeno comentario de Manuel F. Vieites a propósito da obra.

A breve introducción do profesor de Toro achéganos á biografía de Oscar Wilde, unha figura na que destacaba o seu comportamento social extravagante e artificioso. As notas preliminares que ofrece Pérez Romero achégannos ás súas inquedanzas como traductor desta obra, á que xa se enfrontara en 1982 para unha montaxe da Escola Dramática Galega dirixida por el mesmo. Para o traductor, tanto naquela primeira ocasión como nesta, quedaron problemas sen resolver, como é o caso do título, para o que non existe en galego un nome que, como Ernest, poida facer referencia ó mesmo tempo a un nome de persoa e a un adxectivo ("earnest") co significado de "formal". Con todo, pódese dicir que nos atopamos ante unha traducción moi coidada e na que se bota de ver a familiaridade do traductor coa mesma. As notas do traductor, nas que fai referencia ós actores e actrices que sentaron precedente para as representacións desta obra, son tamén moi axeitadas e precisas.

Para o crítico Eric Bentley, *The Importance of Being Earnest* non é tanto unha variante do drama doméstico como da farsa, un xénero que dificilmente se adapta a fins serios. O seu ton, caracterización e argumento son tan propios da farsa que nun primeiro momento moi poucos se preocuparon de buscarlle un contido serio á obra. A conclusión xeral da crítica da época fora que Wilde

adornara con agudeza e enxeño o que resultaba ser unha comedia insulsa. Agora ben, o mesmo Wilde declarou que o home que despreza a superficialidade é superficial el mesmo e a obra que nos ocupa está conectada con esta idea. Como di o título, a obra trata o tema da "earnestness", a solemnidade victoriana, unha seriedade falsa que implica a hipocrisía e a ausencia de ironía. Para Wilde, esta solemnidade é inferior á actitude irónica cara á vida que é considerada superficial. Wilde caracterizou *The Importance of Being Earnest* como unha comedia frívola para xente seria, é dicir, unha comedia á que os serios non prestarán atención e que os entendidos considerarán superficial. Pois o certo é que os temas que trata a obra son moi variados en entre eles poderiamos citar os seguintes: a morte, o papel do diñeiro no matrimonio, o concepto do que é ter estilo, a relación entre a ideoloxía e a economía, a beleza e a verdade, a psicoloxía da filantropía, a decadencia da aristocracia, a moral decimonónica e o sistema de clases. A obra está inzada de alusións humorísticas que atacan a sociedade de clase alta, como cando Chasuble menciona un "sermón da caridade a beneficio da Asociación para a Prevención do Descontento das Clases Altas" (p. 103). Para Wilde non hai un argumento serio nin personaxes cribles, e os ditos enxeñosos non son tanto un respiro cómico como serio.

Wilde era consciente de que estaba escribindo un novo tipo de comedia, unha "comedia de farsa", "admirable polo estilo pero difícil de escribir", como lle dixo ó seu amigo Lord Alfred Douglas. Wilde conseguiu transcender o xénero da farsa e deleitar a súa audiencia contemporánea, ó mesmo tempo que desconcertou a algúns dos seus admiradores, como Shaw, que a atopou "sen corazón". E aínda Mary McCarthy iría máis lonxe no seu xuízo ó caracterizar a obra como un "idilio feroz" no que "a depravación é o heroe e único personaxe".

Desde a mentira dos cogombros desaparecidos ó azoramento polos bautizos, as cerimonias da vida social son criticadas sistematicamente. A morte, a vida, os compromisos, o matrimonio, o celibato, a fidelidade, todo recibe o mesmo tratamento crítico. Para esta obra, Wilde construíu un estilo verbal cómico que caracteriza a todos os personaxes, cheo de xogos de palabras que se entretecen continuamente, e que a traducción soubo respectar en todo momento. Wilde acostumaba a crear as súas obras a partir do diálogo. Aquí consegue subordinar o argumento ó diálogo de forma tan efectiva que un se dá conta de que aínda que sucedese calquera cousa, os personaxes non perderían o seu equilibrio.

Wilde conseguiu crear nesta farsa un espello no que a súa audiencia contemporánea se puidese contemplar e ver un reflexo desconcertante ou unha inversión de si mesma. Neste sentido, o contraste entre o estilo (cómico) e o tema (serio) é fundamental. Para conseguir o efecto completo é crucial que nas representacións os personaxes actúen con completa seriedade: cada unha das frases, por moi grotesca ou absurda que sexa, debe ser dita con convicción. Sirva como exemplo cando Algernon di: "Custa moito traballo non facer nada. Pero non lle poño reparos ó traballo cando non ten un obxectivo concreto" (p. 79).

Joseph Bristow ten dito que *Earnest* é unha obra codificada, con un subtexto de alusións á homosexualidade que poderían ser recoñecidas só por ini-

ciados, alusións centradas en Ernest e na súa vida de enganos. A obra é unha crítica do absurdo de todas as formas e convencións dun grupo social que Wilde coñecía moi ben e do que el mesmo formou parte. *Earnest* destaca pola mestría con que está construída a trama e Pérez Romero fai un bo traballo de traducción ó respectar ó máximo o texto orixinal, de xeito que a versión galega conserva esa axilidade e elegancia da linguaxe que emprega Wilde. É hora, polo tanto, de darlle benvida a esta iniciativa de verquer ó galego unha obra sobranceira do teatro inglés, e que xa ocupa un lugar propio na historia da escena galega desde a súa representación hai xa case vinte anos.

MARÍA FRANCISCA LLANTADA DÍAZ

Alonso Montero, mestre subversivo, ou por qué calou o Suso

● ROSARIO ÁLVAREZ / DOLORES VILAVEDRA (Coord.). *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero.* 2 tomos. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1999.

— Suso, ¿queres máis caldo?
E Suso non contestaba.

Non contestaba porque non quería máis e a súa negativa implicaba a autodenuncia como falante de galego diante daquelas mociñas xeitosas e "urbanitas". Se cadra foi esta historia, tantas veces referida por Xesús Alonso Montero, un dos comezos da concienciación que marcaría o camiño futuro do mestre: a defensa e reivindicación da lingua e da cultura galegas. Un dos exemplos máis salientables, por ser de referencia e por polémico, foi a publicación, do *Informe —dramático— sobre la lengua gallega* (1973), obra que espertou gran controversia entre a poboación. De certo, a controversia en Alonso é unha característica de seu e como tal vai ir aparecendo ó longo da súa traxectoria en todo tipo de manifestacións orais e escritas. O *Informe* ofrecía unha visión pesimista da situación social da lingua, e alertaba do perigo de morte inminente que corría o galego de non cumprirse unha serie de condicións naquel momento imposibles. Vintesete anos despois da lóbrega predicción temos que lamentar que o profesor non estivese radicalmente descamiñado, porque sen ser unha morte efectiva, a lingua galega —logo do proceso de institucionalización e normalización a partir dos 80— non acadou o pulo agardado. Coa creación da CRTVG a alarma volvería saltar: o modelo oral da lingua autóctona que lle empezaba a chegar á poboación a través da radio e da televisión públicas tiña moi pouco que ver co galego. Alonso Montero reacciona de inmediato e propón solucións, entre as cales hai que destacar o famoso *máster de galego na aldea.*

A teima do profesor segue sendo na actualidade unha preocupación xeneralizada como se pon de manifesto a través dos varios artigos desta homenaxe vencellados ó tema e que logo comentaremos. A obra aparece estructurada en dous volumes, inmensos e espléndidos, que abofé deberon ocasionar non poucas fatigas ás coordinadoras, R. Álvarez e D. Vilavedra. O primeiro tomo reúne as contribucións referentes ás seccións de Lingua, e Historia, Cultura e Sociedade, xunto coa súa bibliografía e un apartado titulado "Semblanzas e Creación" no que os seus amigos ofrecen unha visión persoal de acontecementos compartidos. As coordinadoras conseguiron que a homenaxe fose proporcional ó interese e á valía do profesor, autor dunha obra extensa e en boa parte imposible de recoller. Como acontecía cos vellos mestres, a transmisión da palabra emotiva e comprometida, a oralidade, tíñalles máis urxencia cá palabra escrita; das súas conferencias, das súas cumpridas presentacións e das súas clases a penas quedan os famosos esquemas tantas veces escritos nos encerados, algúns recollidos en *Política e cultura en Galicia 1977* (1978) ou en *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...* (1981), etc. Aínda así o seu labor escrito é enorme, e diso dan boa conta os libros, artigos, discursos académicos e innumerables prólogos, que aparecen recollidos, con precisión de reloxeiro, por Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, posiblemente a única persoa capaz de abordar tal marea. Os máis dos 50 artigos que compoñen a parte de lingua distribúense entre investigación sociolingüística, edición de textos medievais, historia da lingua, dialectoloxía e gramática (cun importante acopio de estudios sobre diversos aspectos do verbo, tanto diacrónicos como sincrónicos). O segundo tomo, con 109 colaboracións, está dedicado integramente á literatura. Os estudios de poesía (maioritarios) ofrecen un percorrido a través das diferentes épocas: desde a medieval á actualidade. Amais da poesía, os outros artigos que forman parte deste volume artéllanse principalmente en torno á narrativa, o teatro, a crítica literaria e a literatura da emigración.

Reincidindo na preocupación de Alonso Montero no tocante á supervivencia do galego aparece a contribución de X. Antón L. Dobao, que recupera e actualiza o debate sobre o galego oral ó que antes aludiamos. Dobao advirte que efectivamente se foi instalando un modelo oral non adecuado que corre o perigo de "diluí-lo sistema fonolóxico do galego e equiparalo substancialmente ó castelán"(p. 365). Tamén María Parga insiste na importancia da atención á oralidade e estudia neste plano as interferencias na lingua galega do léxico castelán. Aínda que as súas conclusións son positivas no que fai a un maior uso de termos galegos nas xeracións máis novas, a autora subliña que este feito non debe agachar a desgaleguización que se está a producir noutros eidos. Neste senso o artigo de X. L. Regueira revela a preocupante existencia dun modelo estable e ben valorado socialmente que acuña como "o novo galego urbano". Sinala cómo os usuarios desta variedade tenden a un vocabulario purista pero desenvolvido dentro da estructura léxica e a base fónica do castelán, colocan sistematicamente mal os pronomes átonos na frase, etc. E o máis alarmante, "é a variedade empregada por bastantes persoas comprometidas coa normalización social da lingua galega e coas ideas galeguistas" (p. 869). Ante tal situación Carme Hermida apela á responsabilidade dos medios de comunicación de ma-

sas e fai unha proposta de modelo básico en sete puntos (p. 505), poñendo o acento na adecuación ó sistema e á norma, único xeito de manter a identidade da lingua. Xesús Rábade, sen embargo, consciente da falta de vitalidade do galego de hoxe para resistir, "tal como se presenta o seu organismo de deteriorado, coidamos que abandonalo na indixencia indefinida é estar colaborando ás exequias do cadáver" (p. 830), fai un chamamento á actuación da política institucional. Para el son os altos responsables da Xunta de Galicia os que teñen que promover solucións efectivas ó deterioro colectivo do país. Pola contra, Fernando F. Ramallo dá unha visión positiva ó afirmar que a lingua máis utilizada pola maioría dos funcionarios —especialmente nas zonas rurais e nas vilas— é o galego. A importancia histórica da lingua maniféstase tamén no apartado de "Cultura e Sociedade". Así, por poñer só un exemplo, Gonzalo Anaya sitúa a marxinación das tres linguas hispánicas (galego, éuscaro e catalán) como un estrago máis dentro do secular atraso que para todo o Estado supuxo o triunfo da triloxía ideal da monarquía española —relixiosa, política e lingüística— dos Reis Católicos, levada ós últimos extremos pola dictadura franquista, fronte a unha visión da España multicultural de cristiáns, xudeus e árabes convivindo pacificamente e intercambiando productos, linguas e saberes.

E se na defensa da lingua, a figura do profesor aparece sempre como un referente atento e comprometido, no terreo literario non é menor o seu esforzo por volver á orixe, á esencia, para dar conta dunha tradición, a miúdo esquecida ou encerellada nos fondos das bibliotecas da Fundación Penzol ou da Real Academia Galega. Delas rescatou figuras descoñecidas ou desprazadas dunha cultura desterrada, como desterrado estivo el mesmo en Montilla (Córdoba) no curso 1975-1976, cando a dictadura "esmorecía para sempre". Este rescatar do silencio e da poeira levouno a atopar textos inéditos, poetas practicamente descoñecidos ou que a penas figuraban cun nome nas monografías ó uso, como Roberto Blanco Torres. E aínda a poñer en cuestión as relacións entre lingua, literatura e nación nos seus traballos sobre a alofonía, e singularmente sobre os poemas galegos de Carles Riba e García Lorca. Pero, sen dúbida, a pegada máis relevante de Alonso Montero nos estudios literarios veu ó fío da súa lectura crítica marxista, unha lectura —revisada e mesmo rexeitada pola crítica coetánea e posterior— que ía a par do desenvolvemento da poesía socialrealista e dunha narrativa comprometida coa realidade. A súa tese sobre Curros e, sobre todo, o libro *Realismo e conciencia crítica en la literatura gallega* (1968) converteuse nun manual importante e polémico para a crítica galega. Seguindo esta liña Elisardo López engade nova información a un tema do repertorio de Alonso, os dous procesos a Curros; Claudio R. Fer aborda os escritos de combate de Lorenzo Varela e aparece tamén unha visión orixinal da asunción das vangardas nas literaturas dos pobres, de Basilio Losada. O seu interese pola literatura popular, relacionada coas vindicacións da súa xeración —especialmente desde unha perspectiva marxista— levárono a estudiar a oralidade e as producción tradicionais. Seguindo este camiño, con metodoloxía renovada, achegan colaboracións de interese Ana Acuña, cun traballo sobre a poesía máxico-ritual, Domingo Blanco co seu estudio dos refráns como texto literario, J. L. Forneiro, Carme Lamela e Manuel Quintáns. Outra das vías abertas polo profesor son os traba-

llos sobre a censura, a emigración e o exilio, que tanto marcaron a literatura galega contemporánea. Seguen este liña os artigos de Daniel Asorey, X. L. Axeitos, Xosé María Dobarro, María Xesús Lama ou Arximiro Villar.

Neste tipo de publicacións o apartado de "Semblanzas" é tanto —ou máis— interesante cás propias colaboracións científicas. Nel os amigos amosan, desde o seu recordo, diferentes facetas vitais da figura do profesor. Así, Isaac Díaz Pardo e Ricart Salvat rememoran o Congreso da Paz celebrado en Moscova en 1962; Borobó fala do enfrontamento de Alonso Montero con Galaxia e da soidade persoal; e no que cadran a maioría dos seus amigos é en subliñar o seu compromiso ético, a infatigable combativa intelectual e a capacidade oratoria (cómpre non esquecer que non só percorreu toda a xeografía galega disertando sobre literatura, lingua e cultura galegas, senón tamén reivindicando a importancia da palabra oral). Sen embargo, García-Sabell prefire facer un *retrato psicolóxico* do seu controvertido e apaixonado temperamento, e di:

> Eu non sei se nalgunha sazón o noso festexado fixo versos. Pero o que para min non ten dúbida é que o seu tempero é lírico, radicalmente lírico. Insisto: o que incita a Xesús Alonso Montero, o seu punto de partida é a sacudida emotiva. Daí as imprevisibles arroutadas, as saídas de tono, as súas carraxes. É a monarquía do inesperado do sorprendente, que endexamais será entendido se non acudimos á esfera visceral, ó que semella non ter fundamento" (p. 135).

E facer, fíxoos; aí están os *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito medieval*, nos que rexouba en boca de María das Falas (Alonso Montero, pois, travestido en soldadeira) ou a través de Airas Nunes sobre a corrupción e a inxustiza. Áinda que Alonso afirma que non se ten por poeta na entrevista transcrita no volume I, séntese identificado coa visión crítica e retranqueira daqueles escritores. Así o xustifica: "Os poemas son satíricos porque fago na poesía o mesmo ca na prosa. Eu estou en controversia, non sei se con todo pero si con case todo" (p. 140). Para abundar no seu perfil como creador, pode ser moi útil ler o artigo de Xosé Manuel Salgado.

A intensa vida intelectual e docente de Alonso Montero tivo importantes consecuencias no conxunto da cultura galega ó abrir múltiples rodeiras polas que transitaron (e transitan) os seus discípulos, e ó alentar a razón crítica, como queda patente en boa parte das colaboracións destes dous volumes. A homenaxe amosa en conxunto unha preocupación real ante a situación actual da cultura do país da que se fan análises rigorosas desde liñas de investigación actuais. Ó noso entender constitúe unha excelente oportunidade de poñerse ó día nas novas lecturas críticas que han posibilitar unha percepción diferente da cultura galega, contribuíndo así a consolidar o camiño do galego que, malia tantos atrancos, xa é longo e importante.

Se fose agora cando o Suso tivese que contestarlle á súa nai, non dubidamos da súa resposta. Sen pensalo sequera, diría NON.

SABELA LABRAÑA BARRERO

Diccionario elemental inglés-galego/galego-inglés

● BENIGNO F. SALGADO. *Diccionario elemental inglés-galego/galego-inglés.* Edicións Xerais, Vigo, 1999.

Con gran ledicia recibimos os profesores de todos os niveis educativos que nos dedicamos ó ensino do inglés a publicación deste traballo. É evidente que contar con bos materiais de referencia e consulta coma este diccionario resulta case imprescindible para un ensino e aprendizaxe do inglés con bos resultados. Esta necesidade ponse aínda máis claramente de manifesto no noso contexto, no que non existe unha elevada cantidade de enciclopedias, gramáticas, glosarios e diccionarios bilingües que estean concibidos para a aprendizaxe do inglés e que teñan o galego como lingua vehicular ou de referencia.

Sen dúbida ningunha, este diccionario elemental vén cubrir unha lagoa importante, e por iso todos os profesores e alumnos de inglés nos imos beneficiar da súa comercialización. O obxectivo principal deste diccionario é o de axudar a aprender inglés a un nivel elemental; por esta razón está dirixido especialmente ós alumnos de primaria e secundaria. Contén un total de 12.000 entradas, 6.000 principais e outras 6.000 secundarias, en iguais proporcións para o galego e o inglés. En principio seleccionáronse palabras que se consideraban básicas no idioma, así como frases sinxelas. Na parte inglesa a selección de entradas foi feita tomando como base cinco diccionarios monolingües ingleses de carácter escolar de finais dos 80. Na parte galega a listaxe de entradas é debedora principal do *Diccionario básico da lingua galega* de Xerais, se ben para equiparar o número de entradas da parte inglesa se utilizou a guía de referencia española e portuguesa da editora Ernst Klefft, lingüista de nacionalidade alemana que é autora dunha colección de guías do alemán como lingua de chegada na que utiliza o sistema dos vocabularios básicos ou elementais.

Este diccionario contén en realidade dous pequenos glosarios monolingües complementarios. A primeira parte presenta as entradas inglesas coas súas correspondentes traduccións ó galego. A segunda rexistra as palabras galegas e as traduccións ó inglés. Entre estas dúas seccións intercaláronse unha serie de apéndices de material bilingüe que poden ser de axuda para a adquisición de léxico pertencente a determinadas áreas temáticas e gramaticais (pesos e medidas, abreviacións, nomes de homes e mulleres, nomes de países e as súas xentes, adxectivos comúns cos seus correspondentes antónimos, verbos irregulares, preposicións) e campos semánticos concretos (árbores, baño, cociña, corpo, espacio, roupa, paisaxe, oficina, rúa, sala de estar, restaurante, cuarto, etc.). Aínda que na maioría das veces a información que se facilita nestes apéndices é moi útil e exacta, en ocasións detéctanse pequenos despistes como o da traducción da abreviatura *B.C.* (p. 181) como *despois de Cristo*, cando é sabido que é equivalente a todo o contrario, e di-

cir, *before Christ*, "antes de Cristo". Ás veces bótanse en falla máis exemplos como na sección das preposicións (p. 190), xa que esta é una das áreas da lingua inglesa que entraña máis dificultade para o estudiante medio de inglés. Ademais dos apéndices, inclúese así mesmo xusto ó principio do diccionario unha táboa de valores fonéticos que resulta moi esclarecedora e que está moi ben presentada desde un punto de vista didáctico.

Noutra orde de cousas, é importante sinalar que se ben a norma británica está máis representada, feito que non chama a atención xa que esta é a tendencia xeral no noso país en todos os materias didácticos centrados no ensino do inglés, nalgúns casos tamén se dá cabida á norma ortográfica americana, como é o caso dos verbos irregulares, onde atopamos formas das dúas variantes (*forbade/forbad, knelt/kneeled, dreamt/dreamed*). En canto á normativa galega adoptada, o autor no seu prólogo declara que na fase de corrección do diccionario se suprimiran todas as formas que non se correspondían coa ortografía da normativa oficial (*abó, baranda, barrer, reventar, valeirar, volvoreta*), así como variantes fonéticas dialectais (*cuadro, misturar, ogallá, precio,* etc.).

A información que proporciona este diccionario sobre cada termo seleccionado é sumamente completa. Comeza por palabras guía para facilitar a busca, seguidas da entrada ou lema principal coas correspondentes alternativas ortográficas e, en moitas ocasións, inclúense entradas secundarias que abranguen locucións, expresións idiomáticas, construccións sintácticas, etc. Así mesmo, ofrécese información morfolóxica de cada entrada de forma moi detallada, indicándose a parte da oración á que pertence, traduccións e acepcións posibles, etiquetas de nivel ou rexistro (arcaico, coloquial, culto, familiar, vulgar), etiquetas de uso e indicadores semánticos (uso xeográfico ou figurado das palabras e acepcións).

En liñas xerais pódese afirmar que se trata dunha edición moi coidada e elaborada. Advírtense, sen embargo, algúns erros de *spelling* ou ortografía que moi ben se poderían corrixir en edicións sucesivas: **bred* no canto de *bread* (p. 257), **nocking at the door* no canto de *knocking at the door* (p. 328), *to be* **knockded out* no canto de *to be knocked out* (p. 344), **hasband* no canto de *husband* (p. 356), *This jumper does not* **suits me* no canto de *This jersey does not suit me* (p. 357), *I really* **can's stand him* no canto de *I really can't stand him* (p. 376), **weiw* no canto de *in view of* (p. 379). Nalgúns casos a información gramatical proporcionada non é exacta. Dise, por exemplo, que *doing* (p. 39) é o participio de pasado de *do* cando en realidade pode ser o participio de presente ou a forma de xerundio, mais nunca forma de pasado. Algo similar ocorre co participio de pasado de *lie* co significado de *mentir* que é *lain* e non **layn* tal como se nos indica (p. 81). Na páxina 90 habería que advertir que o comparativo de *naughty* pode ser *naughtier* ou *more naughty* xa que se trata de un adxectivo de dúas sílabas que remata en *-y*; neste caso e noutros semellantes unicamente se recolle a primeira forma.

As traduccións propostas das entradas principais e secundarias son case sempre acertadas. Discrépase do autor, por exemplo, na traducción de *gran-*

des superficies comerciais como *supermarkets* cando sería mellor utilizar *shopping centres* ou *department stores* (p. 361); o equivalente a *traballar de profesora* (p. 368) sería *to work as a teacher* máis que *to work as a lecturer* xa que esta última implica que o labor docente se está a realizar nun centro superior mentres que a primeira forma é máis neutra.

A pesar destes erros ou carencias considero que é un traballo ben organizado, realizado cunha gran rigorosidade e cun alto sentido pedagóxico, aspecto digno de consideración sobre todo se se ten en conta o tipo de público a quen vai dirixido. Nesta énfase pedagóxica chama a atención a propia presentación do diccionario; pásase nunha primeira parte dun ton de expresión moi natural e nada especializado, con referencias directas ós escolares, a unha segunda moito máis técnica e, eu diría, filolóxica, onde se presentan e xustifican os principios e criterios seguidos na elaboración deste diccionario. Parece como se o autor se esquecese de que os seus destinatarios son os estudiantes de primaria e secundaria, que precisan de explicacións sinxelas e prácticas. Convirían, pois, nun futuro puír estas diferencias de expresión co fin de acadar unha maior unidade e non provocar confusión ó posible lector.

Xa para rematar non me queda máis que felicitar a Benigno F. Salgado polo traballo en si e tamén por ser quizais pioneiro nunha liña de investigación que moi ben nun futuro puidese cristalizar noutros materiais de consulta, e incluso nun diccionario inglés/galego, galego/inglés moito máis avanzado e completo, necesidade que cada día que pasa se fai máis urxente.

IGNACIO M. PALACIOS MARTÍNEZ

A fe notarial nunha linguaxe xurídica propia

● VICTORINO GUTIÉRREZ ALLER. *Formulario notarial.* Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro, 1998.

A restitución para o galego do seu status pretérito de idioma vehicular de uso normal no eido da Xustiza devén hoxe un obxectivo político que non admite máis demoras. Obxectivo político no sentido máis amplo posible, por suposto, e restitución do seu status porque, conforme está constatado, na documentación medieval galega —que é a segunda máis abondosa de España, tras da catalana e por diante da castelá—, cómpre ter o referente histórico dese estadio lingüístico aínda non superado e nin sequera igualado hoxendía. O libro do notario Gutiérrez Aller aquí reseñado constitúe, desde esta perspectiva histórica, unha valiosa aportación para a reposición da nosa lingua na producción documental da Xustiza. E constitúe, tamén, algo máis que unha simple versión en lingua galega dos formularios notariais ó uso xa tan estendidos en castelán, dado que pola súa concepción, os seus contidos e mesmo o tratamento destes

pódese afirmar que se está diante dunha fonte documental de raíz plenamente galega, e non só escrita en galego, de enorme interese, xa que logo, para a conformación da nosa moderna cultura xurídica como país.

A obra está estructurada en seis capítulos, ós que se engade un glosario galego-castelán que recolle algunhas das formas e sintagmas de expresión xurídica de maior uso. Destes seis capítulos hai tres que conforman o corpus notarial máis estricto, por seren aqueles onde os textos que se amosan teñen unha aplicación máis pechada ó ámbito específico do exercicio da profesión notarial. Nesta liña, o capítulo I, "Parte Preliminar", o máis breve de todo o conxunto, ofrece sete modelos de encabezamento de documentos notariais, atendendo a diversas circunstancias: xeral, fóra da propia localidade, substituíndo a outro notario, etc. No capítulo III, que xenericamente se titula "Actas", inclúense desde Actas de Presencia a Actas de Protesto, pasando polas usuais Actas de Protocolización de diversos tipos de documentos, Actas de Notoriedade, etc. O último destes tres capítulos referidos pola súa aplicación máis exclusivamente notarial é o V, que versa sobre "Testemuños" e no que, ademais dos Testemuños propiamente ditos, tamén se integran fórmulas narrativas de Lexitimacións e Pés de Copia e, así mesmo, unha Nota de Matriz. Como é doado de ver, o contido destes capítulos I, III e V fai deles unha parte esencial de calquera formulario destas características porque son de universal e frecuente aplicación nas oficinas notariais. Débese facer notar, en todo caso, que precisamente a especialización das fórmulas narrativas neles incluídas, así como a súa exclusiva utilización en documentos carimbados por notario colexiado, confire a estes tres capítulos —de reducida extensión, por outro lado, con respecto á totalidade das preto de trescentas páxinas que ten a obra— un valor terminal e estricto, limitado ó que o título do manual en esencia enuncia, *Formulario notarial.*

Xa os restantes capítulos, sen embargo, aínda cumprindo exquisitamente ese mesmo nobre propósito de servir de facho para alumear o camiño da reformulación —en termos históricos— dunha lingua notarial propia, trascéndeno porque a súa virtualidade de emprego permite debuxar un horizonte de aplicación moito máis amplo e atópico. Hai que sinalar que polas súas propiedades, en efecto, estes capítulos, alén de seren un remedio posiblemente eficaz, se ben non suficientemente ensaiado, contra o unilingüismo castelán de uso tópico en documentos notariais, as fórmulas maxistrais preparadas na meirande parte deste *Formulario notarial,* teñen outros valores propedéuticos máis xenéricos, convertendo a tales capítulos a virtude do seu case infindo alcance en práctica panacea para a redacción en lingua galega de documentos xurídicos en xeral, e non só notariais *strictu senso.* É xustamente nesta dilatada dimensión onde corresponde saudar de maneira moi esperanzada a aparición deste volume, como formulario xurídico de alcance universal a prol do desenvolvemento dun moderno idioma galego de xorne xurídico.

¿Por que limitar, por conseguinte, a difusión deste *Formulario notarial* tan só ó, por máis que importantísimo, exclusivo e limitado ámbito notarial e non estendelo a outras aplicacións? Tómese, a título exemplificativo do que se quere sobrancear na devandita interrogación, o capítulo IV, "Escrituras", verdadeiro cerne da obra pola súa significada extensión e funcionalidade. Baixo este

xenérico epígrafe encérranse moldes de documentos notariais, principalmente, pero tamén modelos de redacción de documentos xurídicos que poden ser de grande utilidade para calquera profesional, tanto presente como futuro. Cómpre salientar a virtude deste e doutros capítulos onde se atopan facilmente, nunha coidada prosa notarial, fórmulas de redacción que deben ser tamén empregadas, e con profusión, na elaboración de documentos de natureza privada, tantas veces asinados entre particulares sen intervención de fedatario público. Os numerosos modelos de contratos de compravenda, por exemplo, fornecidos por Gutiérrez Aller con distintos obxectos e cláusulas, son de uso notarial, mais tamén se empregan, e moi a miúdo, fóra das notarías. Outro tanto cabe dicir dos diversos modelos de contratos de arrendamento, tanto urbano como rústico, que se inclúen no mesmo capítulo IV, entre os que cabe subliñar a incorporación da fórmula xurídica do arrendamento financeiro con opción de compra, máis coñecido polo anglicismo *leasing*, de enorme proxección no tráfico mercantil actual. Á vista do exposto, en tanto que continente de valiosos exemplos prácticos de documentación xurídica, o emprego e aplicación deste *Formulario notarial* debe facerse axiña extensivo, como antes se apuntou, a todos os operadores xurídicos, presentes e futuros.

Queda sinalado, pois, o aproveitamento deste volume nos gabinetes xurídicos, pero o mesmo se pode predicar do seu valor nos despachos de economistas, así como de directivos financeiros, empresariais, bancarios, etc. Como obra modélica que é, dito sexa en máis dun sentido, tamén debería estar presente nas oficinas xudiciais e en moitos negociados da Administración pública, órganos productores todos eles de textos xurídicos. A súa utilidade faina tamén exemplar para a aprendizaxe en todos os centros universitarios onde se formen os futuros operadores xurídicos, xa que os formularios constitúen verdadeiros baleirados de casos prácticos onde o estudiante pode ver e comprender moitas institucións e figuras legais. Collendo como mostra outro apartado deste mesmo capítulo troncal IV, "Escrituras", as fórmulas redactadas como modelo de escrituras de constitución e estatutos das Sociedades Anónimas, de Responsabilidade Limitada, Colectiva, Comanditaria e Cooperativa Limitada, proporcionan os *exempla* necesarios non só para a súa efectiva aplicación práctica, senón tamén, en fase previa de formación, na que precisamente se define a lingua de instalación dos futuros xuristas, a fin de acadaren unha aprendizaxe significativa de instrumentos básicos do Dereito Mercantil. Finalmente, e sen pechar a relación doutros posibles profesionais que se poderían beneficiar como usuarios deste volume, a ductilidade deste *Formulario notarial*, que ve a luz nunha etapa histórica deficitaria en textos xurídicos prácticos en lingua galega, faina, desde outra perspectiva, obra de grande utilidade tamén nos estudios filolóxicos e traductolóxicos para a análise dos textos que participan deste tecnolecto. É evidente, en consecuencia, a reivindicación do interese público e multidisciplinar que se debe atribuír a esta publicación.

Sirva canto antecede de igual cualificación para os capítulos II e III, que tratan respectivamente de "Intervencións" e "Actas". O primeiro destes capítulos recolle diversas posibilidades de mediación e actuación en dereito, en nome propio, por medio de representación legal —dun fillo menor de idade, do titor, etc.—, con representación voluntaria, acreditando poder ou sen

el, e, por último, en representación orgánica de diversas institucións e organismos —Estado, Comunidade Autónoma, Provincia, Concello, sociedades, asociacións, corporacións, parroquias e entidades relixiosas—. No capítulo III, ademais de Actas de Presencia, de Notificación, de Requirimento e outras de frecuente aparición nas intervencións públicas notariais, áchanse Actas de Notoriedade, de Protocolización e de Protesto, documentos todos eles sen eficacia ó careceren de sinatura de fedatario público notarial, mais tamén moi ilustrativos e valiosos como guía aproximativa ós requisitos e formalidades que han reunir, por exemplo, distintas declaracións de herdeiros ou protocolizacións de testamentos outorgados baixo diversas circunstancias e opcións. Así, verbigracia, tomando por modelo o corpo do escrito recollido no apartado 6.2.1.2, tal como se fose un documento real aínda que desprovisto de datos persoais e circunstancias concretas, vanse expoñendo as esixencias formais e fácticas que rexen para a protocolización notarial do outorgamento dun testamento cerrado con testemuñas voluntarias: comparecencia e identificación do testador, descrición precisa do sobre onde se conteñen as disposicións testamentarias, cerrado e lacrado con selos, concorrencia e intervención das testemuñas, etc. É dicir, por medio dos modelos presentados, o *Formulario notarial* pode ilustrar o coñecemento desta e doutras actuacións xurídicas dun xeito case empírico e, por iso mesmo, moi didáctico.

Dedica Gutiérrez Aller o capítulo VI e derradeiro do volume ó Dereito Civil Galego, materia na que o autor é especialista recoñecido. Ofrécense aquí fórmulas narrativas de diversas institucións propias da nosa máis tradicional cultura xurídica, cristalizadas recentemente en formulacións legais de aquilatado dereito consuetudinario. Neste capítulo inclúense, entre outros, contratos tan singulares como o de arrendamento de lugar acasarado, de vigor renovado no noso tempo polo seu interese para regulamentar as novas relacións contractuais qua están a xurdir na revitalización laboral do agro galego baixo o cooperativismo e outros sistemas de explotación agropecuaria. Formalizado por medio deste contrato, o arrendamento, cunha duración mínima de cinco anos, ten por obxecto un lugar acasarado que constitúe unha "unidade orgánica de explotación", segundo se indica no *Formulario notarial*, na que se poden integrar todos os bens, tanto inmobles —casa de labor, eira, hórreo, palleira, prado...— como mobles —semoventes, maquinaria, apeiros— vencellados a unha explotación agrícola. De igual maneira, con idéntico interese, preséntase documentación xurídica de grande utilidade para a formalización de contratos de parcería —con distribución dos rendementos agrícolas, pecuarios ou forestais entre cedente e parceiro—, vitalicio —típica figura de relación contractual *do ut fagas*, isto é, *o meu capital polos teus coidados deica a morte*— ou o contrato de constitución de compañía familiar galega, orientado cara ó reagrupamento de propiedades para a súa mellor explotación e convivencia. Tamén se inclúen neste mesmo capítulo fórmulas de disposicións *mortis causa* tan xenuínas como o testamento mancomunado, feito por ambos cónxuxes de consuno, así como outras disposicións testamentarias e partillas nidiamente galegas que complementan os modelos característicos do dereito civil común ofrecidos nos apartados cinco e seis do capítulo IV do libro.

Débese recoñecer, xa que logo, a aparición do *Formulario notarial* de

Gutiérrez Aller como un fito destacado no camiño da normalización lingüística emprendido no noso país trala promulgación da Constitución de 1978. A edición da obra, feita a cargo do Centro Ramón Piñeiro, coa vitola do agradecemento explícito á Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, que tan destacado papel vén desenvolvendo en favor da restitución do estatus da lingua galega como vehículo de expresión xurídica, así como tamén ó Colexio de Notarios da Coruña, xunto coa personalidade do seu autor, acreditado paladín do noso idioma e prestixioso xurista, serían xa circunstancias sobradas para recibila como unha significada iniciativa de acción normalizadora. Agora ben, non son soamente estas razóns, senón, como quedou exposto nas liñas antecedentes, outras máis intrínsecas as que fan deste volume un suceso extraordinario que merece unha pausada e ponderada valoración. Poucas publicacións poderían situarse á beira desta en parellos niveis de utilidade e ductilidade para normalizar o emprego do galego no sacralizadamente castelanizado terreo da Xustiza, con maiúscula.

Aínda admitindo na actualidade a existencia dun ordenamento xurídico que poida ser conceptuado de posibilista, mesmo de potencialmente normalizador —*de iure*, xa que desde logo non *de facto*—, na práctica cotiá as actuacións xurídicas, nomeadamente as propias do dereito privado, están a documentarse case na súa totalidade en castelán. Os exemplos de uso da lingua galega na prosa xurídica, moi honorables e meritorios de seu, son lamentablemente a excepción da norma imperante de uso monolingüe en castelán. Isto é, a regulación legal resulta necesaria, pero tamén manifestamente insuficiente por si soa para deter a inercia histórica dun uso monolítico do castelán no eido da Xustiza. É por iso mesmo polo que a publicación e cumprida difusión desta obra reúne o valor engadido de alentar novas expectativas lingüísticas nas comunicacións notariais, forenses, profesionais e docentes. A situación galega, vintedous anos despois da promulgación da Constitución, segue a ser precaria de máis en instrumentos, materiais e recursos lingüísticos como para circunscribir arestora este *Formulario notarial* ó ámbito de uso que no propio título se enuncia. En tanto non vaian aparecendo publicacións que enchan as enormes lagoas, océanos cumpriría dicir sen hipérbole, que hoxendía ten aínda o galego para rehabilitarse en ámbitos de uso trascendentes para unha mudanza de hábitos sociolingüísticos, é imprescindible reivindicar o valor notorio, alén de notarial, que ten esta obra para se converter tanto nun proveitoso *vademecum* para profesionais como nun útil manual de aprendizaxe para estudiantes, e, en fin, como excelente compilación dun corpus de textos xurídicos fundamental para o estudio dun tecnolecto en fase de paseniña elaboración lingüística.

"—¿Vostede entende o galego, señor notario? ¿Pódolle falar en galego?". Con estas preguntas comeza o conto "Unha historia de amor", do que tamén é autor o notario Victorino Gutiérrez Aller. Contos á parte, con este seu *Formulario notarial* non dá a calada por resposta.

XOSÉ L. JANEIRO ESPIÑEIRA

Diccionario Pla de Literatura

■ JOSEP PLA. *Diccionari Pla de Literatura*. Edición de Valentí Puig. Editorial Destino, Barcelona, 2000.

Josep Pla, hoxe, está considerado o máis importante prosista en lingua catalana do século XX. Con todo, fóra dos círculos máis ou menos letrados, o escritor empurdanés é máis estimado como un xornalista máis ou menos áxil, como un articulista ou como un autor de guías de turismo ben escritas, que como un verdadeiro escritor. Cando máis, como un humorista un pouco arbitrario, que o era: humorista e arbitrario. Esa é a verdade. Mais Pla, á parte de ser un grande escritor, con moitos altibaixos, pois difícil é dixerir os 46 volumes das súas obras completas, sen contar os "peritextos", por usar a terminoloxía de Gennette. Quere dicir, os apuntes, a correspondencia, etc., que foron aparecendo desde a morte do escritor hai agora 19 anos.

Case que cadrando co aniversario da súa morte, un 23 de abril, o día de Sant Jordi, patrón de Cataluña e día do libro, a editorial Destino, a mesma que patrocinou a súa obra completa, acaba de dar ó prelo o que pode ser considerado o último libro de Josep Pla: *Diccionari Pla de Literatura* (DiPlaLit). Un groso volume de 940 páxinas nun formato de 24,5x23 cm, composto por 623 entradas. Entradas que van desde a frase ata a 10 ou 12 páxinas dedicadas a un tema ou a un escritor determinado, como é o caso de Espriu, Riba ou outros.

Dixemos, o último libro de Josep Pla. Evidentemente, non é un libro preparado por Pla. Non se trata dun inédito. É un libro "montado" por Valentí Puig, escritor e novelista que fora gañador dun Josep Pla de Narrativa cun libro sobre o escritor de Palafrugell. Puig, en tarefa de titán, leu os 46 volumes das obras completas do escritor e seleccionou todas aquelas partes en que se falaba de escritores ou de temas relacionados coa literatura. Montounos e así se confeccionou este diccionario. Un diccionario onde aparecen termos literarios e escritores, mais onde o lector achará outros termos que poden parecerlle estraños, ou cando menos curiosos, máis que unha vez lidos verá que acaen perfectamente no interior deste diccionario. Se, por exemplo, non é estraño, hoxe, achar nun diccionario de literatura termos como "xornalismo", "profesionalismo", "autenticidade", "enraizamento", "compromiso", ou outros da mesma índole, si pode resultar raro topar con entradas como "perfume", "luna", "parellas", "verán", "fonte", "complexión" ou "envexa". Entradas que máis que curiosas son pertinentes, sobre todo se moitas delas se relacionan coa obra de Pla.

Mais o diccionario serve, sobre todo, para conformar unha teoría planiana da literatura. O traballo do "montador" non foi unilateral, e así veremos como ás veces Pla se contradí, pero case sempre pensa o mesmo sobre as mesmas cousas. En todas as entradas de escritores, sempre valora o mesmo:

a linguaxe, o realismo, a prosa por riba da poesía, o memorialismo por riba da novela, a fidelidade á lingua, o enraizamento nun tempo, nun país. Nunha palabra: co compromiso. Porque para Pla o "compromiso do escritor, como escritor, prodúcese diante da realidade que o arrodea, diante da lingua que manexa, a través da expresividade mínima que cabe esperar nun escritor". Ás veces parecería estar lendo certas páxinas de Lukács, outras de Sartre, mais sábese que o gran mestre de Pla nisto da literatura foi o italiano De Sanctis, do que, como avisa Valentí Puig no prólogo, plaxiou, ou reproduciu, moitas páxinas cando falou dun ou outro escritor italiano como Machiavelli ou Leopardi, cambiando ás veces un ou outro adxectivo. Para Pla, o plaxio, como para Isidore Ducasse, é un dos grandes avances da humanidade, e así considera que os mellores textos de Stendhal son aqueles que se basean noutros textos, de autor coñecido ou descoñecido: as *Crónicas italianas* ou *As memorias dun turista.*

Para o escritor catalán o importante nun escritor é a adxectivación. "O adxectivo debe ser, en primeiro lugar, intelixible e claro, e despois, se é posible, preciso [...]. O gran problema da literatura: a adxectivación". Se os adxectivos deben de ser intelixibles, claros e precisos, comprenderase axiña que a poesía moderna non entre dentro dos intereses de Pla "non soporta a Apollinaire, e o que escribe sobre os poetas cataláns modernos, incluído Riba, demostra que non entende, ou non quere entender, a poesía moderna", e así, na entrada dedicada ó "Alcorán" escribe que o gran problema para a poesía moderna é a "linguaxe pechada, hermética, afastada, masturbada, falsamente señorial, refinada e trobadoresca". Pode o lector galego aplicar estes adxectivos, claros e intelixibles, e precisos, á maioría da poesía galega actual. Porque, cando fala de literatura en xeral, e da literatura catalana en particular, parece que Pla está a falar de nós, é dicir, da literatura, da poesía galega. Por exemplo, ó falar da guerra de normativas que se desencadeou na primeira década do século en Cartaluña ata que se aprobou a de Pompeu Fabra, di: "Dentro de poucos anos todo isto [a forza de normativas] será esquecido e os que se lembren considerarano unha maneira como outra de perder o tempo, cousa relativamente grave nun país que hai tantos anos que o perde". Mais non queremos dicir que o que pasou en Cataluña se repita en Galicia. As cousas son diferentes. Porque sempre hai que dicir onde se desenvolven as vidas e as persoas, como subliñaba Pla, a respecto da novela. Ou mellor dito, da anécdota, xa que para Pla a anécdota é o máis importante na novela, e da literatura en xeral, pois a curiosidade é o sal da vida. Na anécdota cómpre afirmar a precisión xeográfica e esta contra as "persoas que afirman que a vaguidade, a imprecisión neste punto [a precisión xeográfica en literatura], o feito de que nunca se sabe se estamos en Polonia ou Matadepera, ¡fai universal! É o puro cretinismo". Cretinismo sería pensar que estas palabras están dedicadas a escritores galegos e non a narradores cataláns. Como estas outras, da mesma entrada "anécdota": "Os literatos deste país son máis propensos ós fantasmas inventados que ás figuras de carne e óso. Non escriben nin biografías, nin retratos nin crítica". Se non escriben nin biografías, nin retratos, nin crítica, nin memorias, é porque os literatos, cataláns, que non galegos, non saben que "É falso que a literatura dun país a fagan só

os literatos profesionais. A literatura dun país fana todos aqueles que teñen algunha cousa a dicir, e que a din. Todos no sentido literal: un político, un enxeñeiro, un científico, un artista, un cidadán calquera [...]. A forma máis xenérica desta actividade son as memorias, os recordos, as reminiscencias".

Se a literatura a conforman miles de textos escritos por miles de persoas diferentes, que non teñen por qué ser poetas ou novelistas, o que si debe o escritor, sexa quen for, é estar arraigado nun lugar e nun tempo, pois a literatura é a descrición dun lugar e duns homes nun tempo determinado. Ou para dicilo coas palabras que Pla toma do italiano De Sanctis: "a literatura é o reflexo dunha sociedade determinada nun determinado momento". O que non quere dicir que o escritor sexa un espello na beira do camiño (Stendhal, tan admirado por Pla, sobre todo o Stendhal viaxeiro), senón un home que vai polo camiño. De aí que "nunca me agradaron —agás os grandes clásicos de diversos países— as producións literarias internacionais e universalistas, a peste que se abateu sobre esta época a base de dar a entender que todos os países son iguais, intercambiables e idénticos, que todas as persoas e as psicoloxías son iguais, as mesmas [...]. Intentemos coñecer un pouco o noso país". Pois o descoñecemento do propio país pode levar, como afirma Pla, a que unha literatura como a catalana, ¿só a catalana?, non cumpra con certos requisitos, como chegar ó lector; e que, ademais, "unha das súas características máis curiosas é a cantidade de escritores de vangarda que contén. É a literatura europea que ten máis". Desta última afirmación non estaría eu tan seguro. Ora ben, tal vez isto, o da cantidade de escritores de vangarda, sexa debido a que non é posible que exista unha lingua e unha literatura cando non hai un país detrás. Non é que o afirme o escritor catalán, mais se se pregunta se é posible que existan literaturas e linguas sen país detrás, pode que sexa certo que existan, mais unha literatura e unha lingua para "literatos", para "letraferidos", de aí, a cantidade de escritores de vangarda. Digo eu. Pla, nun momento determinado, carga contra a novela. Véxase a entrada dedicada a esta. Contra a literatura de imaxinación, pois non pode "haber un estilo baseado nunha visión eufemística da vida: o que dura é a nudez psicolóxica". De aí os seus grandes mestres, as súas paixóns: os moralistas franceses: Montaigne, Chauteabriand, Chamfort, Vaunegargues, Saint-Simon, Joubert, Fénelon, Rousseau, etc.: "fixeron unha literatura para espíritos infantís, senón para homes feitos". Mais, con todo, non renega da novela, e se ben non gosta de Balzac, se nun momento determinado di que Stendhal, como novelista, se lle vai das mans, se non gosta de Dostoievski como narrador —si de Tolstoi— o seu gran novelista é Marcel Proust, como os seus grandes autores teatrais son Aristófanes, Shakespeare e Molière e os seus filósofos, sobre todo, Platón e Nietszche. Polo resto, tamén lle agrada Joyce "realista, poético e fabuloso", o Gide do *Journal*, quen, segundo Riba, influíu moito en Pla, o Jules Renard do *Diario*, Goethe, Homero, Maquiavelo, Julio Camba, Baroja, ¡Azorín!, Leopardi, Samuel Johnson, Salvador Espriu, que puido ser o mellor prosista da lingua catalana, Poe, Shaw, Chesterton, Simenon, Verlaine, Josep Carner, algún Riba, etc. Mais cando entra na literatura moderna, Pla non é nin tan lúcido nin tan "xeneroso". Así, á parte de non entender, ou non querer entender, a poesía moderna, as súas opinións sobre Rimbaud, Nabokov ou Borges son demasiado arbitrarias como para poder ser tidas en conta. Cu-

riosamente, non é tan arbitrario con Sartre e aborrece profundamente a Camus. Verbo dos escritores galegos, as súas opinións están inscritas na *Viaxe por Galicia* publicada por Galaxia e a ela nos remitimos. Só dous autores, Cunqueiro e Rosalía. De escritores nacidos en Galicia, á parte de Camba, fala de Fernández Flórez, que non acaba de facerlle "tilín", Cela, a quen admira, e Torrente Ballester, do que non gosta en demasía do seu *La Saga/fuga de J. B.*

Unha das entradas máis intresantes deste *Diccionari* é a dedicada ó bilingüismo. Non reproduciremos todo o que di, mais eis algunhas das súas opinións: "O bilingüismo pode ser eficaz na contabilidade ou nun relatorio administrativo. En literatura, concretamente en poesía, é inconcibible se se pretende facer algo que exista realmente. O bilingüismo é un feito contrario á limitación inexorable da intelixencia e da sensibilidade humanas, a negación da unidade fatídica do individuo. O individuo, cada individuo por si propio, non é un organismo en dispersión, senón un organismo fixado, limitado e concretado por unha consecuencia individual e precisa formada por un ancestralismo ineludibles"; en polémica co poeta e xornalista Enrique Badosa afirma: "nacido en Cataluña, que é unha bisbarra batida por todos os ventos lingüísticos, sendo un home fronteirizo e, por tanto, capaz a través da miña lingua materna de ter un certo acceso a todas as linguas latinas, un acceso que ó producirse a través dunha lingua non modificada polas academias é dunha utilidade portentosa, xa comprenderá o señor Badosa que sería moi pausible para min chegar a ser un escritor bilingüe. Mais iso é imposible. Hai moita diferencia entre saber unha lingua e coñecela [...]. O bilingüismo é unha traxedia. Unha traxedia indescritible". Iso afirma un escritor que tivo que escribir en español durante moitos anos para poder gañar o pan de cada día. Un escritor que era auténtico, no sentido que lle dá á palabra neste diccionario: "Autenticidade é chamar ás cousas polo seu nome. Un escritor que, sabendo o que opina sobre autenticidade e compromiso non podía deixar de estar contra "a arte pola arte": "facer a arte pola arte sempre me fixo o mesmo sinistro efecto que oír cantar un canario na casa onde hai un defunto a piques de enterrar..."

Interese engadido teñen as súas opinións sobre literatura e escritores cataláns. Pla, como os outros membros da súa "xeración" —Salvat Papasseit, Josep Maria de Sagarra, Espriu, a quen el inclúe dentro da súa xeración, Carles Soldevila, etc.—, reacciona contra o *noucentisme* e o seu ideólogo, Eugeni d'Ors. Para o autor del *Quadern Gris d'Ors*, que intentara pór unha pouca de orde no catalán e na literatura catalana, acaba por converter esta nun xogo de elites, e ó idioma nun *volapuk* que non serve para crear obras útiles. Por outra banda, interesante é a súa división da literatura catalana por xeracións, as reivindicacións de Joaquim Ruyra, Victor Catalá e algún que outro escritor menor que intentou escribir nunha lingua intelixible. As súas opinións sobre o teatro catalán son aínda de actualidade, as que emite sobre os seus compañeiros de xeración, os anti-noucentistes son case sempre favorables, por non dicir que enteiramente, agás a de Sagarra, que se ben goza cos seus artigos, con algunha da súa poesía, coa súa novela *Vida privada*, non entende cómo é capaz de escribir o teatro que fai, ben que foi o único autor dramático capaz de encher os teatros. Lúcidas son as súas opinións sobre a *Renaixença* e a interpretación que fai do poema "A la pàtria" de Bonaven-

tura Aribau, inicio do Rexurdimento catalán do século XIX, no que ve, simplemente un canto ó seu patrón e máis nada. Por último, a súa interpretación do ruralismo, contra o que se ergueron os noucentistas, é aínda de actualidade, e non só en Cataluña.

Un *Diccionario* intelixente, útil, divertido, arbitrario, informativo. Un diccionario que continúa a mostrar un escritor preocupado por ser, como os seus mestres franceses, aínda que el en conxunto prefira a literatura inglesa (polo que é estraño non encontrar o nome de Samuel Pepys), un escritor moral. Porque sendo un escritor moral, se é un escritor útil a un país; e esa era a maior preocupación de Josep Pla. Cómpre agradecer a Valentí Puig este último libro de Josep Pla. Un libro utilísimo —¿podiamos afirmar que como a maioría do escritor catalán?—, tal vez necesario para acabar coas reticencias cara a un escritor non sempre ben valorado, ou valorado fóra da literatura. Un escritor máis preocupado, como o seu mestre Chamfort, pola honra que pola gloria.

X. G. G.

O novo papel do medios públicos na sociedade do coñecemento e a comunicación

■ Miquel De Moragas e Emili Prado. *La televisió pública a l'era digital.* Pòrtic, Barcelona, 1999.

O panorama televisivo está sufrindo unha profunda transformación na Sociedade do Coñecemento e da Comunicación. Moi poucos cuestionan a existencia dun servicio público de televisión no ámbito europeo e, en xeral, no escenario mundial, pero case todos critican o modelo dos últimos anos. Este é o motivo polo que no cambio de século se organizaron numerosos foros de debate e se promoveron investigacións para ofrecer alternativas de futuro para a televisión na era dixital.

Un dos traballos máis serios realizados nos últimos anos acaba de publicarse en catalán. O texto que aparece en libro é froito dun estudio de políticas de comunicación comparadas que realizou un equipo de profesores e doutorandos baixo a coordinación do catalán Miquel de Moragas e do galego Emili Prado. A obra defende a vixencia do servicio público de televisión, aínda que critica con dureza o modelo actual e solicita unha profunda reforma.

As conclusións do estudio coinciden cunha opinión que desperta unanimidades nos ámbitos políticos e profesionais da comunicación. En todos os foros se escoitan voces que reclaman un cambio que adapte o modelo de televisión pública ós cambios dos últimos anos, nos que se consolidou a televisión priva-

da, apareceron as chamadas plataformas dixitais e multiplicáronse as canles temáticas. Trátase, segundo as aportacións recollidas neste libro, dunha necesidade moi urxente.

Con todo, o tempo pasa sen que ninguén sexa capaz de elaborar propostas concretas que acaden un amplo consenso social para saír da actual encrucillada. E a indefinición do modelo que caracteriza o actual panorama prexudica notablemente a televisión pública, que no novo escenario dixital debe garantir o acceso universal, contribuír cun equilibrio fronte ós novos oligopolios do hipersector da comunicación, actuar como motor do sistema público de información, producir a información socialmente necesaria e intervir como motor dos procesos de converxencia entre o sector da comunicación e outros sectores, como a cultura, a educación ou a saúde, entre outros.

A pesar dos escasos éxitos para definir o modelo nos últimos anos, este interesante libro pode estimular de novo o debate xa que aporta datos que as autoridades políticas deben estudiar antes de tomar as decisións que lles competen en materia de Comunicación. É dicir, as autoridades políticas dispoñen dunha precisa guía a ter en conta no seu traballo e a sociedade dispón dun completo estudio sobre os modelos de televisión pública, con propostas que deben terse en conta no futuro.

POLÍTICAS REXIONAIS

As Comunidades autónomas teñen un papel importante na definición de políticas de comunicación para intervir na sociedade mundializada. Estas actuacións deben prestar especial atención ó audiovisual, segundo boa parte dos expertos. Así se recolle en boa parte dos relatorios presentados no II Congreso Internacional celebrado en Salamanca no ano 1996 e que agora acaban de aparecer publicadas nun volume titulado *Comunicación audiovisual y desarrollo de las regiones* (Universidad Pontificia de Salamanca, 2000). Este libro tamén contén interesantes estudios sobre o panorama da televisión logo da desregulación e da chegada das tecnoloxías actuais.

O panorama de novidades dos últimos meses non só destacou pola publicación de relatorios de congresos celebrados nos anos pasados. Tamén abundaron as previsións sobre o futuro do panorama mediático. Un destes libros, *Predicciones* (Taurus, 2000), contén trinta e unha opinións de outras tantas grandes figuras do século XX nas que prognostican os descubrimentos e cambios que se producirán no século XXI. Trátase dunha lista de premios Nobel, autores de *best-sellers* e prestixiosos científicos que expoñen puntos de vista sobre o que desexan que pase e sobre o que pode acontecer. Non hai grandes propostas, pero si algunhas ideas que nos animan á reflexión por vir de quen veñen.

Quen tamén emite hipóteses sobre o futuro é Jean Baudrillard no seu libro *Pantalla total* (Anagrama, 2000). Baudrillard analiza os acontecementos de actualidade vistos polos medios de comunicación e faino mediante opinións extravagantes, o que sempre estimula á reflexión sobre o que está a pasar e sobre as tendencias do espectáculo mediático nos vindeiros anos.

XOSÉ LOPEZ

IMAXE

SECCIÓN A CARGO DE **XOSÉ LUÍS CABO**

Arde amor

Director: Raúl Veiga.

Guión: Raúl Veiga.

Fotografía: Juan Carlos Gómez.

Montaxe: Guillermo Represa.

Produción: Fenda Filmes (subvencionada pola Dirección Xeral de Cultura e Medios de Comunicación da Xunta de Galicia e polo I.C.A.A.-Ministerio de Cultura), coa colaboración da Televisión de Galicia e da Dirección Xeral de Política Lingüística.

Intérpretes: Sergi López (Luís), Rosana Pastor (Modia), Chete Lera (Ranxel), María Bouzas (Rosa), Miguel Pernas (Lucio), Isabel Vallejo (camareira), Paco Lodeiro (encargado), Manuela Varela (moza adolescente), Rubén Tosar (mozo adolescente), Pedro Salgado (acordeonista), Gonzalo Vázquez "Zalo" (artista do lume), Mariana Fernández (camareira turismo rural).

De entrada, resulta sorprendente o que vén de acontecer nos últimos meses con este filme. Semella que a meirande parte da exigua comunidade crítica galega vén de acordar que estamos fronte á consolidación dun verdadeiro cineasta. Cando menos, así se deduce das diversas crónicas e mais dos artigos publicados en distintos medios escritos desde a súa estrea comercial (logo dunha serie de pre-estreas en festivais e mostras cinematográficas), que tivo lugar o pasado mes de febreiro.

Aínda máis: estamos, polo visto, fronte a un *autor* cinematográfico, cunhas constantes temáticas e estilísticas definidas (malia ser esta a súa segunda longametraxe como director), que xirarían, por unha banda, en torno ó amor, os seus límites, os seus riscos, o seu comezo e remate ou a súa imposibilidade. É dicir, o territorio do melodrama de vocación intimista. Todo o cal iría servido, por outro lado, desde unha ollada persoal, a partir dun rigoroso traballo previo co guión, unha sólida estructura fílmica e un determinado concepto da montaxe, distanciado por completo dos acelerados e axitados modos imperantes (suponse que no cinema estadounidense).

Polo demais, e para apontoar esa presunta unanimidade crítica "local", non se dubidou en facer mención de xeito recorrente ós premios que a fita recolleu ou está a recoller nalgúns festivais, seica de creto, internacionais: na Worldfest Flaggstaff de Arizona (na categoría *low-budget*, isto é, de baixo orzamento —123 millóns de pesetas, neste caso—) e na XX Mostra de Valencia Cinema do Mediterráneo (premio á mellor actriz a Rosana Pastor) do pasado ano, ou no Bare Bones Film Festival 2000 de Oklahoma (premio do xurado á mellor película estranxeira), do ano en curso. Tampouco se pasou por alto o feito de ser a película non só dun cineasta de aquí, senón un proxecto pensado, escrito, producido, realizado e exhibido (alomenos no noso país) en galego; o cal, ben que de indiscutible importancia no que atinxe ó ámbito da comercialización, non somos quen de relacionar coas intrínsecas cualidades fílmicas que *Arde amor* poda albergar ó longo da súa metraxe.

A todo isto, tamén a pequena industria cinematográfica autóctona amosou o seu apoio á obra: seis nominacións ós premios AGAPI (á mellor película, dirección, guión orixinal, actriz, montaxe e dirección de producción), das que saíu con tres galardóns (guión orixinal, montaxe e dirección de producción)[1].

Todo o cal resulta sorprendente, diciamos, porque, infortunadamente —e sempre ó noso ver—, con este *Arde amor* o seu director non fai máis que reincidir cunha inexplicable contumacia e alarmante miopía nas eivas que tiñan caracterizado a súa traxectoria como guionista e director ata o momento de encarar este filme. Neste sentido, estamos fronte a unha mostra exemplar verbo das fixacións que caracterizan a escritura e posta en escena fílmicas de Veiga, postas xa de manifesto en títulos como *Continental* (no que asinaba un guión claramente desestructurado que facía derivar á fita —malia os esforzos do seu director, X. Villaverde— cara a unha sucesión de *set pieces*) ou *A metade da vida*, a súa anterior longametraxe como director, na que daba renda solta á súa querencia pola frase ampulosa, o ton pseudo-simbólico e a trama confusa, co agravante dun labor de dirección marcado pola morosidade narrativa (a non trabucar co cinema de diálogo á europea) e o voluntarismo.

Pois ben, aínda que corrixindo sequera parcialmente desta volta algunhas cuestións vencelladas coa posta en escena (tamén é certo que o orzamento foi maior, circunstancia que repercute directamente no acabado), semella evidente que Veiga profundou abertamente nas discutibles constantes do seu peculiar ideario cinematográfico, estructurando (ou así) o seu novo proxecto a partir dun argumento *denso*, enchido de connotacións psicanalíticas, que desenvolve peripecias paralelas e está trufado de diálogos/monólogos ben grandilocuentes, ben poéticos (supostamente) ou ben lapidarios segundo as *necesidades*.

Lembremos, moi brevemente, o itinerario proposto: nárrase, por unha banda, o progresivo achegamento entre Luís (Sergi López) e Modia (Rosana

1. Do —claramente— desmandado (por non dicir irrisorio) *show* anual organizado pola Asociación Galega de Productoras Independentes habería moito que falar, comezando pola súa pertinencia: cabe expor a qué vén esta pretenciosa imitación doutros certames inseridos nunhas industrias —e tradicións— audiovisuais que, máis ou menos potentes, nada teñen que ver coa galega. Un exemplo clarificador: nesta última edición dos Premios Agapi tan só dous filmes (*Fisterra* e, precisamente, *Arde amor*) competiron polo —supónse— máximo galadón, o da mellor longametraxe galega; daquela, se non era vaca era boi.

Pastor) logo do seu reencontro, propiciado polo suicidio de Lucio (Miguel Pernas) e Rosa (María Bouzas), parella coa que compartiran algo máis que unha amizade no pasado: nun principio, tanto Luís e Rosa como Lucio e Modia estiveran vencellados sentimentalmente. Cando os futuros suicidas (xa se sabe, o romanticismo negro) se xunguiran na súa nova relación, ningún dos seus antigos compañeiros sentimentais respectivos fora quen de superalo doadamente. Luís optara pola lonxanía nun van intento de esquecer a Rosa, mentres que Modia ficara en Galicia tentando reconstruír a súa vida proseguindo co seu traballo (traductora de alemán), consolada pola presencia de Ranxel (Chete Lera) —e aquí a outra banda—, antigo amigo de todos eles e secretamente namorado desde antigo de Modia. En definitiva, tres persoas acosadas pola soidade: Luís e Modia, *viúvos* sentimentais dos seus antigos amantes; Ranxel, co seu amor non correspondido por Modia. O xurdimento dunha complicidade crecente entre Modia e Luís (que ha dar paso ó comezo dunha historia de amor entre eles) vai provocar o progresivo esvaramento de Ranxel por unha perigosa espiral de sentimentos, impotencia e ciumes que ha ter unha fin tráxica.

A partir de aquí, Veiga procurará a creación dunha *atmosfera* axeitada a cada situación, introducirá algunha figura pretendidamente simbólica (neste caso, un acordeonista) puntuando determinados planos da metraxe e desenvolverá un traballo de planificación manifestamente significante sobre os rostros dos protagonistas. Para redondear o asunto, o director bota man dunha serie de contrastadas referencias cinéfilas. Preténdese, polo demais, un percorrido de longo alcance: "Aínda que recoñezo que están Goethe e Klaist e mesmo o Ferrín de *Arraianos*, en realidade o que está de fondo no meu filme é unha reflexión sobre o romanticismo e sobre a súa presencia banalizada na sociedade actual como mito do amor-paixón que en versión, digamos *pop*, sería o amor Hollywood. Neste sentido *Arde amor* sitúase despois diso. A pregunta sería: toda esa construción ideoloxica e vital que foi o amor-paixón occidental ¿como a vemos desde hoxe? Eu fago un pouco a crítica de todo ese sistema de afectos"[2]. Case nada.

O filme ábrese coas imaxes dunha fita caseira en Super 8 sobre a que desfilan os créditos iniciais. Eran tempos mellores; todos os protagonistas xuntos, felices aínda. En fin, o simbolismo do Super 8: a pureza inicial, a condición fantasmática da imaxe cinematográfica... En todo caso, tamén o cine galego pode ser moderno (ou posmoderno) como o que máis e incorporar esas texturas. Iso e o que faga falla: a modulación *artística*, a construcción non lineal e mais a rede referencial de rigor.

Ata aquí nada que obxectar. Outra cousa é analizar a resultante de tan refinado enunciado. Porque daquela é cando descubrimos, unha vez máis, que co sofisticado hai que ter coidado, non vaia ser que non pasemos do provinciano, do arremedo badoco, da advocación máis babeca. ¿E que advocación se invoca aquí? Pois, se de cinema moderno (ou posmoderno) se trata, ningunha mellor que a de Alfred Hitchcock, máxime se andamos metidos nun

2. Declaracións recollidas en *A Nosa Terra*, 10-II-2000, p. 25.

relato marcado por un escuro e determinante pasado (que progresivamente se nos desvelará), tinxido pola melancolía e impulsado por unha paixón —a de Ranxel— que ha desembocar no delirio. Daquela, qué mellor referente que o vertixinoso e espiral de Scottie/James Stewart á procura dunha Madeleine/Kim Novak xurdida de entre os mortos. Pero ollo, que estamos fronte a un filme galego, europeo e independente: os personaxes teñen que falar, transmitir, rachar coa súa incomunicación (aínda que sexa mediante teléfonos sen fíos, móbiles ou contestadores automáticos, é o signo dos tempos), reflexionar en voz alta, desenvolver a súa complexa psicoloxía ou soltar meditadas sentencias á mínima oportunidade (Ranxel: "Morremos, de tanto esquecer"; Modia: "Sentir que ardes pero non te queimas" ou "eu non che teño a culpa se ti non sabes vivir o que sentes"), berrar —á fin— os seus ocultos sentimentos ("Modia, espera... tódalas camas nas que durmo están frías") e facer a alegación final ("Quero que a morte teña os teus ollos [...]. Vivir, iso é fantástico, pero xa non teño entradas para a función"). Neste plan. Definitivamente, o Veiga filólogo impúxose de novo e de longo ó Veiga cineasta.

De maneira que *Arde amor* apunta a moitas cousas para non atinar en ningunha. Da improbable síntese entre Hitchcock (as calugas en primeiro plano, a profusión de reencadres), a verborrea de inspiración francesa (con oscilacións entre a retórica e a poética), o melodrama intimista (as cartas, as fotografías: a ausencia) e mais a oportuna marca (pos)moderna antes mentada, só podía saír o que saíu: un producto cinematográfico invertebrado, fláccido e —o que é peor— pedante. Porque de pouco vale salferir o filme de encadres presuntamente complexos se logo a meirande parte das secuencias se resolven coa rutinaria dinámica do plano-contraplano; tampouco axudan moito as redundantes peculiaridades dos personaxes (a man ortopédica na luva de Ranxel; a querencia de Modia —mámoa, sepulcro— polos románticos alemáns...) mergulladas nunha historia que se pretende rica na súa trabazón pero que non dubida en recorrer ás máis sobadas convencións (valla como exemplo a inevitable bebedeira de Luís e Ranxel na que se din as *verdades* para logo rematar cunha estúpida pelexa). Do mesmo xeito, difícil é avinzar o romanticismo desatado coa asepsia fotográfica (eses interiores tan postos) e escenográfica (ese coche sempre tan branquiño; esas roupas sempre tan limpas e repasadiñas —poderiamos deducir o plano de rodaxe polo vestiario—; esa cabana de caza impoluta...), por moita música de piano e corda que se lle bote ó tema.

No medio de todo isto, pouco podían facer os intérpretes para evitar o naufraxio, abocados a loitar, ó cabo, contra o estereotipo: o sarcasmo co que se protexe Ranxel, o misterio que envolve a Modia, a sensibilidade e introversión de Luís. Nin sequera as apertas, esas enfáticas apertas ideadas como asideiros dos personaxes para fuxir dos duros-momentos-en-soidade, serven de táboa de salvación para a proposta. Tampouco neste aspecto o director mellorou os seus anteriores traballos. A distancia do espectador respecto dunhas encarnacións que nunca acaba de crer devén insalvable.

Ó remate, a sutura para a espiral de sentimentos e acontecementos. O peche circular, perfecto. Retornan as imaxes virxes, evocadoras, daqueles marabillosos anos conxelados na lembranza.

Poida que sexa cinema persoal, de autor e todo iso. De feito, e como sinalabamos ó comezo deste escrito, así foi acollido pola meirande parte dos cronistas no noso país (non é este o momento para reflexionar verbo da urxente necesidade de contarmos no eido cinematográfico cunha práctica crítica independente e normalizada)[3]. Sexa como for, a quen isto asina *Arde amor* recórdalle moito, agora en formato profesional, a nosa anémica producción dos anos setenta: aquela que semellaba realizada para goce dos catro amigos que compartían as túas teimas e aplaudían, cómplices, os teus acenos fílmicos. De cómo rematou aquilo xa temos todos noticia. Sobre a viabilidade comercial disto, é dicir, sobre a existencia dun público que se recoñeza nestes ignotos ardores reservados para iniciados —por se non fosen poucas as dificultades para acceder ós actuais circuítos de exhibición e producción—, só nos queda expresar a nosa máis profunda reserva.

XOSÉ NOGUEIRA

3. Cómpre sinalar, de todos xeitos, que o feito de utilizar a coartada dos premios colleitados polo filme por parte dun título feito en Galicia e por galegos (co difícil que resulta) para desbotar calquera análise negativa do mesmo, implica o esquecemento de dúas cuestións a ter en conta: a) A proliferación de festivais, xornadas, certames, semanas e demais eventos cinematográficos de todo tipo existentes actualmente ó longo e largo do mundo (o interesado pode comparar o seu número co de filmes realizados anualmente e tirar interesantes conclusións); e b) O feito de que películas facturadas en cinematografías moi febles económica e porcentualmente (a iraniana, belga ou dinamarquesa, por poñer tres exemplos en alza) veñan de ser recoñecidas nos palmarés dos festivais internacionais máis importantes —estes si— do mundo.

O REGO DA CULTURA

Sobre a nova alquimia. Unha reflexión acerca das novas tecnoloxías da cultura

1. As comparacións repugnan ó intelecto porque someten ó funil dun único criterio acontecementos, feitos ou opinións de ordes diversas, ás veces radicalmente diferentes. Pero teño tamén por comprobado que, sempre que se acollan con esta prevención, poden resultar ilustrativas e aínda esclarecedoras de certos aspectos da materia obxecto da comparación. Grandes intelectuais contemporáneos teñen sucumbido á seducción de establecer parangóns entre as que consideran as máis grandes revolucións na comunicación humana, os máis profundos puntos de inflexión na tecnoloxía da cultura: o libro e *a rede* (a cursiva quere resistirse —inutilmente—, a unha antonomasia gañada con creces nun brevísimo lapso de tempo).

Na verdade, aquel *ars artificialiter scribendi*, máxico alambique que destilaba ideas cunha rapidez insólita ata entón, e que valeu ó escuro Henne Gensfleisch —para a eternidade Gutenberg—, a fama de mestre de artes ocultas entre os honrados burgueses de Estrasburgo e Maguncia, tiña en común coa alquimia dixital de hoxe en día unha irresistible capacidade de atracción sobre os poderes fácticos do sistema social e económico conscientes en todo tempo, entón e agora, da inmensa influencia da que fornece a propagación e o control da información (ou da deformación). Cincocentos cincuenta anos despois de Gutenberg, a sociedade retoma unha nova alquimia, unha nova arte oculta, e creba, por primeira vez, os canons da interacción co soporte tradicional da cultura escrita, o libro —a *lectura*—, levemente modificada no accidental pero inalterable na súa esencia neses cincocentos cincuenta anos. En opinión de Armando Petrucci

> a situación na que nos atopamos actualmente parece caracterizada por fortes síntomas de disolución da "orde da lectura" propia da cultura escrita occidental tanto no tocante ó repertorio como no que se refire ós hábitos de utilización e conservación. A isto contribúe intensamente un sistema productivo que se comporta dun modo irracional, que tende a recoller o máximo proveito no mínimo tempo, sen prestar atención ás perspectivas futuras[1].

1. Petrucci, A. "Leer por leer: un porvenir para la lectura", en G. Cavallo, R. Cartier (dir.). *Historia de la lectura en el mundo occidental*. Taurus, Madrid, 1998, p. 547.

En efecto, alén de seren perfectamente aplicables á situación actual, as palabras de Petrucci apuntan a que toda tecnoloxía, aínda a máis inxenua e en aparencia inofensiva, nace e se desenvolve no seo dun determinado sistema productivo, e —máis implícita, máis explicitamente—, vai responder ás expectativas de tal sistema.

Permítasenos, *mutatis mutandis*, unha comparación. Na recente cultura da nosa vida cotiá, o bolígrafo provocou unha pequena revolución, unha alteración tecnolóxica discreta e máis ben íntima. Aquel trebello plástico, coa súa boliña móbil na punta e a barra de tinta que aínda dándolle a volta non se vertía e que tiña unha duración milagrosa, fixo desaparecer non só os tinteiros de pupitre, de grato recordo escolar para tanta xente, senón —o que persoalmente me resulta máis próximo no tempo—, a entrañable pizarra e mais o pizarrín. O intrigante das innovacións tecnolóxicas non son, na verdade, os feitos e consecuencias obxectivas que provocan, doadamente asumibles tanto no individual coma no colectivo na medida en que, en efecto, comportan melloras socioculturais. ¿Quen pode dubidar do definitivo impacto que o bolígrafo tivo sobre a técnica da escritura? ¿Quen pode imaxinar hoxe un mundo sen *bolis*? Ó cabo, na tecnoloxía, como na maior parte das actividades humanas, non existe solución de continuidade e ata as máis importantes revolucións tecnolóxicas recollen, modificándoa nalgún punto, a tradición anterior. Precisamente o calado social das innovacións depende da relevancia cualitativa desa modificación. Desta maneira, o mundo podería ter pasado sen bolígrafos —e rotuladores, e *rotrings*, e *markers*, e iluminadores, etc.—, pois que non existía de feito ningunha razón de *necesidade* no seu nacemento. Pero é que a bóla móbil, a barra cunha mínima cantidade de tinta que se distribúe moi ós poucos permitindo unha notable duración, a desaparición dos borranchos e goteirón inoportunos... foron innovacións tan importantes na historia evolutiva dos instrumentos físicos da escritura que de feito supuxeron a culminación dun proceso iniciado cun humilde anaco de pedra hai miles de anos, ó subsumir nunha ferramenta todas as potencialidades do útil ideal: total ergonomía, durabilidade, limpeza, facilidade de traslado, etc. Fiquen para o saudoso recordo as plumas e tinteiros escolares e as miñas pizarras coa súa esponxa colgando dun cordeliño.

Así mirada, toda innovación se amosa ós ollos da época na que acontece como o natural, e ata certo punto *necesario*, resultado dunha determinada evolución. Pero, lonxe da asepsia técnica (unha cousa é o tubo catódico e outra a televisión; unha cousa é a teoría da fisión atómica e outra Hiroshima), a tecnoloxía non é neutra, pois, como toda acción humana, se suxeita á unha inevitable *recepción* colectiva, cabendo sempre —entre multiplicidade de eventuais e máis ou menos perversos efectos—, a posibilidade dun engrosamento interesado da súa transcendencia social. A escasos setenta e cinco anos de que en Maguncia o noso mestre de artes ocultas imprimise por primeira vez en Occidente un libro con tipos móbiles (non ten nada de casual que fose unha Biblia), François Lambert, de Aviñón, nos seus *Commentarii de prophetia, eruditione et linguis* (Estrasburgo, 1526) afirmaba que "Foi Deus quen inspirou o descubrimento dese invento, a *ars*

calcographica, por unha razón: para que servira para difundir a verdade no noso século". ¿Cal era a "verdade" de Lambert?: A Reforma de Lutero, movemento sociorrelixioso de capital importancia na historia da humanidade, que —como non é un segredo para ninguén—, foi considerablemente catapultado pola inmensa potencialidade de difusión das ideas que a impresión e distribución *simultánea* de centos de exemplares propiciaba. As 95 teses que o 31 de outubro de 1517 Martín Lutero cravou nas portas do castelo de Wittenberg chegaron en catro semanas ós últimos recantos da Cristiandade occidental. O propio Lutero gustaba de loar nos brindes o invento de maese Gutenberg: "A imprenta é o máis alto e excelso regalo mediante o cal Deus dá pulo á causa dos Evanxeos; é a última labarada denantes da extinción total". Pero, intervencións divinas á parte, podemos postular (de novo a asepsia da técnica), que a modificación introducida no proceso evolutivo dos soportes da cultura e da comunicación (isto é, a posibilidade de utilizar tipos móbiles e reutilizables para a impresión) foi de impacto tal que trastornou os cimentos da civilización de Occidente. Non hai, por tanto, solución de continuidade no pensamento, na ciencia, na tecnoloxía, e é moi complexo determinarmos, aínda historicamente, causas e efectos, e suxeitalos a categorías éticas. Na perspectiva histórica resulta indiscutiblemente positivo, por exemplo, o efecto coadxuvante que a tipografía tivo na favorable difusión das linguas nacionais, nunha época na que —fronte ó latín—, estas estaban desenvolvéndose claramente como vehículos da cultura[2]. Pero ¿foi culpa do invento de Gutenberg e da súa enorme capacidade de difusión da información, a terrible caza de bruxas desencadeada en Alemaña trala aparición en 1487 do *Malleus Maleficarum* de Jakob Sprenger, especie de manual de identificación de feiticeiras? ¿Tería existido algunha vez a necesidade de compilar o "coñecemento perigoso" para o sistema (para *un* sistema) nese monumento da intolerancia e a represión intelectual que a Igrexa católica denominou *Index Librorum Prohibitorum*?

2. Inserida, como proceso, nunha dinámica semellante á que veño de describir, a eclosión mundial das novas tecnoloxías —expresión xenérica, case eufemística, que en liñas xerais agocha os hoxe máis erosionados vocábulos *multimedia* e, sobre todo, *Internet*— abre, é certo, incógnitas de progresión moi difícil de determinar. Agora ben, reducida ós seus termos estrictamente tecnolóxicos, como o libro ou, máis modestamente, o bolígrafo, a rede e as extraordinarias potencialidades da transmisión dixital do coñecemento non son en si mesmas boas nin malas. Nin neutras. A falta de perspectiva histórica, non é doado especificar en qué medida a escalada —por mellor dicir a expansión invasiva—, da *World Wide Web* e as súas

2. Aínda que a relación non é completa pois faltan algúns títulos menores, nos cento cincuenta anos subseguintes á Biblia de Maguncia (1452-55) publícanse as primeiras "artes" ou gramáticas dos principais romances nacionais. A *Gramática de la lengua castellana* de Antonio de Nebrija imprímese en Salamanca, 1492; as *Prose della volgar lingua* de Pietro Bembo en Venecia, 1525; Fernão de Oliveira dá o prelo a *Grammatica da lingoagem portuguesa* en 1536 e a *Défence et illustration de la langue françoise* de J. Du Bellay publícase en 1549.

posibilidades de negocio teñen contribuído ó recente, e polo momento aparentemente imparable, progreso de globalización económica mundial, pero parece innegable que existe unha relación xenética curiosamente coincidente no cronolóxico en ambos os dous procesos. Lembro, aínda sobrecollido, ó executivo dun gran grupo editorial internacional que, nunha recente xuntanza de editores universitarios, dirixiunos unha inflamada invectiva sobre a absoluta urxencia de o noso colectivo tomar o tren da rede antes de condenarnos *ad eternum* ó máis absoluto ostracismo. Malia o tinte apocalíptico da filípica do meu executivo, un diagnóstico social sincrónico revela claramente que cada vez nos encamiñamos con meirande insistencia cara a esa dirección. É evidente a teimosía dos todopoderosos *mass-media* en que só os individuos que participen directamente da nova alquimia do *bit* parecen ter dereito a unha existencia feliz e comprensiva do seu medio nun planeta ciberdirixido.

¿Que factores serán os que determinen a partir de agora esta evolución? Visto o crecemento autenticamente exponencial do escenario tecnolóxico mundial nos últimos anos, é un interrogante ó que resulta verdadeiramente arriscado responder, pero paréceme máis que oportuno propoñer como elemento fundamental de reflexión a relación de dependencia entre a incorporación á rede e o tecido tecnolóxico preexistente. España está na cola da Unión Europea en cibercompras: do 63, o 46 ou o 56 por cento de poboación que afirma ter comprado algunha vez directamente facendo *clic* no monitor do seu ordenador en Francia, Gran Bretaña ou Portugal respectivamente[3], chegamos ó modesto 26 por centos de España, por debaixo en volume total de cibernegocio de Suíza ou Bélxica (países sete e catro veces menos poboados que España). Acaso, xa que logo, constatacións desta índole teñan unha relación máis profunda co noso propio tecido social que co desenvolvemento técnico en si da rede, retraemento tal vez interpretable no contexto máis xeral dun país na cola (outra vez na cola) da Unión no que fai a innovación tecnolóxica medida en número de patentes por mil habitantes[4].

En calquera caso, sexa cal for a progresión futura das novas tecnoloxías da comunicación e a súa influencia social, todo estado de cambio ideolóxico, tecnolóxico ou *tecno-ideolóxico*, xera inmediatamente unha contracorrente, un *state of opinion* negativo. Sincronicamente, a alerta contra a *aceptación necesaria* da rede e as novas tecnoloxías é cada vez maior e esténdese a máis sectores de actividade. Por citar o que me é máis próximo, nunhas palabras perfectamente axustadas á influencia das novas tecnoloxías no mundo editorial, o director executivo da Federación de Gremios de Editores de España declaraba non hai moito:

> O problema non son as tecnoloxías senón os intereses e os voceiros deses intereses que agochados tralas novas tecnoloxías e as novas formas de comercio que, por certo, xuridicamente, son as de sempre, as da vella *lex mercatoria*, empéñanse en querer matar xa o libro, xa os comerciantes e productores do libro; e xa as veces pénsase que o que realmente se busca

3. Enquisa realizada sobre unha mostra de 6.651 internautas, *El País*, 9-IV-2000.
4. Véxase de novo *El País*, 1-IV-2000.

> é asasinar ó autor, ó creador, para ¡por fin! acadar o tan desexado mundo feliz onde a creación e mailo pensamento, a independencia, sempre dolorosa, desaparezan[5].

Completamente de acordo. Estou cada vez máis convencido de que ese tan cacarexado debate entre libro impreso/libro dixital asenta en si mesmo nunha dialéctica superflua, ou, cando menos, artificial e interesada: non podo, nin quero, sospeitar un mundo no que a comunicación se reduza ó *chat*, do mesmo xeito que non podo imaxinar levar á praia, ou ós pés dun carballo no verán, un *rocket book* por moi rápida e limpamente que o teña "baixado" da rede e sofisticado e cómodo que sexa o seu dispositivo lector. O libro, tal como o coñecemos ata agora, é un producto *demasiado* perfecto, culminación na súa estructura dun complexo e longuísimo proceso histórico, como para que estea chamado a ser totalmente substituído por outro artefacto que, na fin de contas, serve para o mesmo. De igual maneira, a Web, a edición dixital e os seus estándares (a propia *web* en canto interface gráfica, Java, as linguaxes sgml e html, o formato pdf, etc.) supoñen indubidablemente a culminación de anos de desenvolvementos técnicos e hoxe resultaría dunha absoluta candidez discutir que estean contribuíndo directamente á emerxencia dun novo paradigma de interacción cos tradicionais soportes da cultura. Pero as expectativas e o clima social xerados ó seu redor son simplemente excesivos, e sei de seres humanos que, do mesmo xeito que non saen de viaxe en Semana Santa nin lavan o coche a fin de semana, son felices sen saber qué é un CD-ROM ou manexarse co correo electrónico. Se van poder seguir sorteando a presión da nova alquimia, ou por cánto tempo máis van poder facelo, é algo imposible de contestar; pero, alén de macrointereses financeiros, globalización e índices de dominación económica internacional, sobre os que obviamente non teño ningún control, non vexo ningunha razón para enfatizarmos máis o valor social, xa non digamos histórico, de Bill Gates que o de Torricelli, Thomas A. Edison ou Marconi. Na miña condición de profesional da edición preciso diaria e inescusablemente do contacto coa rede e cos soportes dixitais e teño perfectamente claro que non se pode concibir xa un mundo sen os ordenadores e o universo babilónico que se atopa tralos seus monitores. Pero —apelo á miña cautelosa comparación inicial—, tampouco podo imaxinarme a min mesmo con sete anos sen *pizarra* e *pizarrín*. Asumirmos necesariamente a condición de cidadáns *analóxicos* ou *dixitais*, conforme predica a radical tautoloxía dun dos gurús da nova cultura, o director do Media Lab do Massachusetts Institute of Technology Nicholas Negroponte, é unha cuestión subxectiva que depende de moitos factores e avaliacións individuais. Despois de todo, quizais exista aínda outra alternativa: ser só un cidadán que vive consonte o seu tempo pero non acepta etiquetas. E ver qué pasa.

JUAN L. BLANCO VALDÉS

5. Declaracións de Antonio María Ávila, Director executivo da FGEE. Primeiro comunicado de maio. Lista de distribución da Confederación Española de Gremios e Asociacións de Editores *cegal@libreros.org*, 2-VI-2000.

Cara a Santiago

É sabido que na Idade Media a peregrinación a Santiago de Compostela gozaba de gran popularidade. Tamén é considerable o coñecemento sobre a área de influencia deste fenómeno relixioso, que foi en épocas—xunta coa viaxe a Xerusalén— a romaxe máis importante da cristiandade. As principais rutas son unha restra de igrexas, hospitais e capelas, consagradas ó santo do que de maneira milagrosa se atoparon os restos mortais a comezos do século IX, na fin do mundo coñecido daquela.

Menos sabido é, hoxe en día, o traxecto exacto dos camiños pequenos que levaban os peregrinos penitentes, movidos polo desexo de absolución, de todos os recunchos do Vello Continente ás rutas principais cara ó sepulcro do Apóstolo. Desde a perspectiva dun centroeuropeo medieval, a viaxe pasaba por tan custosa e arriscada que mesmo se tiña en consideración como penitencia de crimes capitais como o homicidio. A "condena" da peregrinación a Santiago tiña, asemade, o efecto secundario de ter a certeza de que o delincuente se ía achar, durante uns meses, fóra do país.

Mentres que a viaxe xacobea gozou en partes de Francia e na Península Ibérica dunha continuidade case ininterrompida, en Alemaña, pola contra, non foi ata hai pouco que se volveu ir recuperando esa vella tradición. Neste contexto non se debe pasar por alto o impulso que está a recibir o Camiño de Santiago por aspectos turísticos.

Como reacción fronte a este interese renacido iniciouse no distrito administrativo de Tréveris-Saarburgo —no triángulo fronteirizo onde se tocan Francia, Luxemburgo e Alemaña— un proxecto que pretende reconstruír, habilitar e fornecer con indicadores o antigo traxecto dun anaco do Camiño de Santiago entre Tréveris, unha das cidades catedralicias alemanas máis importantes na Idade Media, e a capital lorenesa de Metz. O obxectivo é ofrecer a posibilidade de moverse polo vello Camiño —nesta zona coincide nalgúns treitos con vieiros da época romana— sobre unha distancia de cincuenta quilómetros en total, alí onde a urbanización actual e a consideración de factores turísticos o permitan. A ruta será sinalizada con vieiras estilizadas de cerámica amarela, incrustadas en pedras.

Se a viaxe a Santiago de Compostela, no Medievo, ofrecía ó cristián crente a oportunidade de aliviar a alma pecadora, a reconstrucción do vello camiño de peregrinos entre Tréveris e Metz ten un trasfondo máis motivado polo mundo profano, brindando, de xeito moi pragmático, axuda directa a varias persoas. Apoiado polo Instituto Federal do Traballo, o Estado de Renania-Palatinado, con medios reservados para a renovación urbanística dos orzamentos dos concellos concernidos e, finalmente, tamén con fondos da Unión Europea, o proxecto é realizado por unha institución chamada *Bürgerservice* (servicio ó cidadán), recoñecida de utilidade pública e coa finalidade de formar e dar traballo a desempregados de longa duración e a outros grupos de persoas difíciles de colocar no mercado laboral. Esta organización desenvolve proxectos que contribúen á cualificación dos traba-

lladores contratados —no do Camiño trátase, por exemplo, actualmente de doce mozos parados—, coa idea de (re)integrar os afectados, máis adiante, no mercado laboral convencional dos ámbitos de xardinería, paisaxismo, construcción e turismo. Con todo, tamén se aspira a garantir a inclusión destes esforzos no contexto máis amplo das políticas rexionais de mellora estructural, por exemplo nos sectores do turismo e do paisaxismo. O obxectivo a longo prazo consiste en acadar unha viabilidade económica autónoma, seguindo a ofrecer a posibilidade de cualificarse a traballadores que polo tempo que levan no desemprego teñen maiores dificultades de resultaren atractivos nun mercado en continuo cambio.

Tamén a colaboración que se desexa establecer coa poboación dos diferentes lugares que se atopan á beira do Camiño pretende conseguir varias cousas: por unha banda debería promover a identificación dos habitantes dos lugares co proxecto, por outra, fomentar a aceptación e a integración social dos traballadores implicados. E, xa que logo, o concepto só pode funcionar se a vella ruta dos peregrinos se acompaña dunha rede de pousadas e posibilidades de aloxamento adecuadas.

Sendo a peregrinación a Santiago un fenómeno paneuropeo desde os seus inicios, os promotores do proxecto treverense-saarburgués buscan a súa integración nun contexto europeo moderno. Así, xa lograron establecer relacións de cooperación en España coa Asociación de Desarrollo de Navarra (Pamplona) e coa Fundación para o Desenvolvemento da Comarca da Fonsagrada. Tamén atoparon apoio no Gran-Ducado de Luxemburgo e estase xestionando a colaboración con entidades francesas.

Quédanos por expresar a esperanza de que este proxecto dunha renovación rexional do Camiño de Santiago acade o éxito que merece, pois trátase neste caso, en contraste con outras concepcións de dimensión europea que non superan o carácter virtual, dunha iniciativa que se fundamenta en tradicións comúns á Europa enteira que, malia dispoñer dunha presencia e un raizame históricos, decote se ven relegadas a un segundo plano.

FLORIAN GLÄSER

ÍNDICE DE COLABORADORES

VICTORIA ÁLVAREZ RUIZ DE OJEDA. Licenciada en Filoloxía Hispánica. Realizou a súa memoria de licenciatura sobre a *Lingua de Rosalía de Castro* (1986) e na actualidade prepara a tese de doutoramento sobre a historia da Real Academia Galega. Responsable de varias edicións dos clásicos (Rosalía de Castro, Lamas Carvajal, Blanco Amor), é autora do libro *Unha lectura de A esmorga.*.

MARTA G. CABRERA. Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela, sendo a súa especialidade os estudios internacionais. Investigadora do IGADI desde 1998, centra o seu campo de análise no mundo árabe contemporáneo.

SANTIAGO FERNÁNDEZ ROCHA. Mestre, especializado en Ciencias Sociais e Lingua Galega, exerce no concello de Cee. Escribiu, en *El Progreso* de Lugo e *La Voz de Galicia*, algunhas reflexións sobre a sociedade, cultura e relacións de poder no mundo rural galego. Colaborador nun programa de opinión de Radio Lugo.

MICHAEL KEATING. Catedrático de Ciencias Políticas e Estudios Rexionais, Universidade de Aberdeen (Escocia) e Instituto Universitario Europeo (Florencia). Impartiu docencia en Escocia, Inglaterra, Francia, Italia, Noruega e España. Entre as súas obras destaca *Nacións contra o Estado. O nacionalismo de Cataluña Quebec e Escocia.*

MARTA NÚÑEZ-CORBALÁN. Licenciada en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela. Colaboradora do IGADI, os nacionalismos e a acción exterior de Galicia son os seus principais campos de estudio.

FERNANDO PÉREZ-BARREIRO NOLLA. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e en Lingua e Literatura Chinesa pola Polytechnic of Central London. Foi redactor do servicio exterior da BBC e do-

cente nas universidades de Westminster e Thames Valley. É funcionario internacional. En *Grial* publicou "Acenos naúfragos: lendo a Manoel Antonio" e "De Inglaterra", e "Vaticinio do teatro galego" no libro *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo.* Traductor ó galego de *Macbeth* e autor do libro *Flores e leña: narracións chinesas contemporáneas,* recibiu en 1985 o Premio Nacional de Traducción pola versión galega de *Alicia no país das marabillas,* realizada en colaboración con Teresa Barro.

XULIO RÍOS. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Director do Instituto Galego de Análise e Documentación Intemacional (IGADI) e colaborador habitual de *La Voz de Galicia* e do xornal *El Mundo.* Autor de varias obras de termática internacional. Proximamente publicará *Cinzas dun século.*

MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ. Catedrático de Filosofia no Instituto San Tomé de Freixeiro de Vigo. Membro do Consello de Redacción de *Grial,* onde publicou os artigos: "O misterio de conocer. A propósito da libertade contemplativa", "Risco e o pensamento filosófico", O nazismo non é un humanismo", e senllas entrevistas con Jorge Wagensberg (en colaboración con Gustavo Garrido) e Guillermo de la Dehesa. É autor, en colaboración con F. Javier Pérez Carrasco, do libro *A filosofía, outra historia.*

JORGE SACIDO ROMERO. Profesor asociado de literatura inglesa (Departamento de Filoloxía Inglesa) na universidade de Santiago de Compostela. Publicou artigos sobre teoría literaria e estudios críticos sobre autores ingleses, interesándose especialmente en Joseph Conrad.

MANUEL F. VIEITES. Profesor de Educación Secundaria no Instituto Politécnico de Vigo e asociado na Universidade de Vigo. Pertence ós Consellos de Redacción da *Revista Galega de Teatro* e da *Revista Galega de Educación.* Membro de Nova Escola Galega, forma parte da Comisión Técnica de Teatro do Consello da Cultura Galega e da Xunta Directiva da Asociación de Directores de Escena de España.

DARÍO VILLANUEVA. Catedrático de Teoría da Literatura e rector da Universidade de Santiago de Compostela. En 1895 foi secretario executivo do "Congreso internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo". Publicou, entre outros, os libros *Estructura y tiempo reducido en la novela; El polen de ideas* e *Theories of literary Realism.*

Apoio mutuo

O incendio das oficinas da revista *Lápiz* o pasado 25 de xaneiro constituíu, para o mundo da arte contemporánea e para o sector das revistas culturais, unha seria advertencia. Tres entidades culturais: a Fundación Arte y Derecho, a Asociación de Revistas Culturales de España (ARCE) e o Círculo de Bellas Artes acordaron recoller a proposta espontánea dos creadores visuais asociados a VEGAP, que doaron obra orixinal para a súa exhibición e venda, co propósito de relanzar *Lápiz*, e organizaron a exposición que tivo lugar o 27 e 28 de marzo no Círculo de Bellas Artes de Madrid.

As revistas culturais cumpren un labor social de gran relevancia como medio para proxectar o arriscado, o menos obvio, o imprescindible no ámbito da creación e a xeración de pensamento crítico. Sucesos como o que afectou a unha destas revistas amósannos e deben facernos conscientes da contorna de fraxilidade na que, non obstante, se desenvolven este tipo de iniciativas.

Os que compartimos unha mesma idea da importancia que os creadores e a cultura teñen para artellar e afortalar unha sociedade plural e democrática, non só gozamos dunha relación de interdependencia senón que tamén manifestamos a nosa vontade de traballar nun marco de comprensión e apoio mutuo. É por iso que a actitude solidaria dos creadores respecto da revista *Lápiz* levounos ás institucións que servimos de canle para a súa iniciativa, a deixar público testemuño da importancia deste xesto.

Asociación de Revistas Culturales de España

fundación arte y derecho

CIRCULO DE BELLAS ARTES
Marqués de Casa Riera, 2.

Encrucillada

Revista galega de pensamento cristián

LETRAS GALEGAS

Manuel Murguía
XESÚS PORTAS FERRO

A confesión colectiva
DOMICIANO FERNÁNDEZ
XOSÉ ANTÓN MIGUÉLEZ
ALFONSO BLANCO TORRADO

Na morte de Nicanor Rielo
ENGRACIA VIDAL
FREI XOSÉ GÓMEZ
FELIPE ARIAS VILAS

CRÓNICAS DA ACTUALIDADE
Cultura
Política
Relixión

Número 117
Marzo-abril
2000

SE QUERES PARA-LA PENA DE MORTE, EMPEZA DESCOLGANDO O TELÉFONO.

902 119 133

Se queres facer algo en contra da PENA DE MORTE, chámanos ou envíanos este cupón. Recibirás información

Nome:

Enderezo:

C.P.: Poboación:

Amnistía Internacional
Sección Española

C/ Fernando VI, 8-1º Izda.
28004 Madrid
Tel.: 902 119 133
amnistia.internacional@a-i.es
www.a-i.es

por que te agochas?



XURDO SÁNCHEZ

Non hai de qué

O que querías saber, como o querías saber

SUBSCRÍBETE A TEMPOS CHAMANDO Ó TELÉFONO 981-557119

REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE

AV Monografías
Abaco
Academia
ADE Teatro
Afers Internacionals
Africa América Latina
Ajoblanco
Álbum.
Archipiélago
Archivos de la Filmoteca
Arquitectura Viva
Arte y Parte
Atlántica Internacional
L'Avenç
La Balsa de la Medusa
Bitzoc
La Caña
CD Compact
El Ciervo
Cinevídeo 20
Clarín
Claves de Razón Práctica

CLIJ
El Croquis
Cuadernos de Alzate
Cuadernos Hispanoamericanos
Cuadernos de Jazz
Cuadernos del Lazarillo
Debats
Delibros
Dirigido
Ecología Política
ER, Revista de Filosofía
Experimenta
Foto-Vídeo
Gaia

Generació
GRIAL
Guadalimar
Guaraguao
Historia, Antropología y Fuentes Orales
Historia Social
Insula
Jakin
Lápiz
Lateral
Leer
Letra Internacional

Leviatán
Litoral
Lletra de Canvi
Matador
Ni hablar
Nickel Odeon
Nueva Revista
Opera Actual
La Página
Papeles de la FIM
El Paseante
Política Exterior
Por la Danza
Primer Acto
Quaderns d'Arquitectura

Quimera
Raíces
Reales Sitios
Reseña
RevistAtlántica de Poesía
Revista de Occidente
Ritmo
Scherzo
El Siglo que viene
Síntesis
Sistema
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
Utopías/Nuestra Bandera
Veintiuno
El Viejo Topo
Viridiana
Voice
Zona Abierta


A cultura pasa por aquí



ARCE
Asociación de Revistas Culturales de España

Exposición, informacion, venda e subscricións:

Hortaleza, 75. 28004 Madrid
Teléf: (91) 308 60 66
Fax: (91) 319 92 67
http://www.arce.es
e-mail: arce@infornet.es

ASOCIACIÓN DE AMIGOS CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Neste primeiro aniversario da constitución da Asociación de Amigos do Centro Galego de Arte Contemporánea queremos dá-las gracias a tódalas empresas que, cunha auténtica vocación de mecenado, impulsaron un proxecto de compromiso co CGAC e a arte contemporánea en Galicia.

Invitamos a novas empresas e a particulares a colaborar con nós. Infórmese no Centro Galego de Arte Contemporánea, rúa Valle Inclán, s/n, 15704 Santiago de Compostela, tel. (981) 54 65 88, fax. (981) 54 66 25.

SOCIOS PROTECTORES

ANTONIO PERNAS, S.A.
ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES, S.A.
BANCO PASTOR
CAIXA PONTEVEDRA
CAIXAVIGO
CARAMELO
CASTROMIL, S.A.
CORPORACIÓN NOROESTE, S.A.
DRAGADOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
EL CORREO GALLEGO
FERROATLÁNTICA, S.L.
FUNDACIÓN CAIXA GALICIA
FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA
IBERDROLA, S.A.
JOSÉ MALVAR CONSTRUCCIONES, S.A.
TELEVÉS, S.A.
UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA, S.A.
RENFE VIAJEROS REGIONALES
ROBERTO VERINO DIFUSIÓN, S.A.

SOCIOS DE MÉRITO

GRIAL
ARTE Y PARTE
ALVA GRÁFICA, S. L.
ATLÁNTICO DIARIO
ECO, REVISTA DEL EJE ATLÁNTICO
EDICIONES ANTIQUARIA S.A.
EL PERIÓDICO DEL ARTE
EL PUNTO DE LAS ARTES
LA VOZ DE GALICIA
LA REGIÓN
LITONOR, S.A.L.
NINFA E RIVEIRO DESEÑO
PUNTO NORTE
REVISTA DE MUSEOLOGÍA
REVISTART
SIGNUM DESEÑO
TRIBUNA DE ACTUALIDAD

Fotografía: HISAO SUZUKI

AMIGOS DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

A revista *Grial* apareceu por vez primeira en 1951, pero unha suspensión administrativa obrigouna a un prolongado silencio de máis de dez años. Reapareceu en 1963 e desde entón non deixou de se publicar. O espírito universal que lle imprimiron os seus fundadores, servir de canle responsable da actividade cultural galega e facer de ponte para a incorporación da cultura universal a Galicia, segue a ser o mesmo que preside a elaboración da revista na actualidade. Despois de todo, esta publicación leva o nome dunha fermosa lenda que é patrimonio cultural de toda Europa, pero que está tamén presente na historia e na arte galegas. En *Grial* aparecen, xa que logo, traballos que obedecen ó dobre propósito de informar sobre a realidade de Galicia ó propio tempo que se informa e reflexiona sobre os máis diversos aspectos da cultura universal.

GRIAL

***Para enviar a:* EDITORIAL GALAXIA, S.A.**
RECONQUISTA, 1 - 36201 VIGO (Pontevedra)
Enderezo electrónico: galaxia@editorialgalaxia.es
Páxina Web:
http://www.editorialgalaxia.es/grial/index.htm

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Apelidos e nome ou razón social.....

.....

Profesión.....

Enderezo.....

Localidade.....C.I.F.....

C.P.....Teléfono.....Fax.....

Enderezo electrónico .....

Data: Sinatura:

FORMA DE PAGO

A factura da subscrición emitirase no mes de marzo de cada ano polos 4 números

Contrarreembolso ☐

Domicil. bancaria ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐

TARIFA (en pesetas) subscrición (4 números)
España.....4.500 ptas.
Estranxeiro....8.000 ptas.

PEDIMENTO DE NÚMEROS ATRASADOS

Rógolles que envíen os números atrasados que sinalo cunha cruz, ó prezo de 1.125 pesetas cada número:

135☐ 136☐ 137☐ 138☐ 139☐
140☐ 141☐ 142☐ 143☐ 144☐

Outros números.....

9 770017 418006 00146